



CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA

7

2005

XUNTA DE GALICIA

Edita Xunta de Galicia
Secretaría Xeral de Política Lingüística
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretaría Xeral de Política Lingüística

MARÍA SOL LÓPEZ MARTÍNEZ

Coordinador científico do CIRP

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Director Técnico de Lingüística

GUILLERMO ROJO SÁNCHEZ

Estrada Santiago-Noia, Km.3. A Barcia. 15896 Santiago de Compostela.

Tfno. +34 981 542 684 Fax. +34 981 542 553

Enderezo electrónico paremias@cirp.es
<http://www.cirp.es>

Autor: Varios

Título: *Cadernos de Fraseoloxía Galega 7*

ISSN: 1698-7861 (Cadernos de Fraseoloxía Galega)

ISSN: 1698-787X (Biblioteca fraseolóxica do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)

ISBN: 84-453-2769-0 (Cadernos de Fraseoloxía Galega)

ISBN: 84-453-4151-0 (Caderno 7)

D.L: C-2668/2005

Imprime: euroGráficas pichel, sl



GENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA 7

2005

XUNTA DE GALICIA

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA

Director: Xesús Ferro Ruibal
Secretaria: María Álvarez de la Granja

CONSELLO CIENTÍFICO

María Álvarez de la Granja (Universidade de Santiago de Compostela)
Javier Calzacorta Elorza (Euskaltzaindia. Real Academia de la Lengua Vasca)
Maria Conca i Martínez (Universitat de València)
Xermán Conde Tarrío (Universidade de Santiago de Compostela)
Gloria Corpas Pastor (Universidad de Málaga)
Xosé María Gómez Clemente (Universidade de Vigo)
Luís González García (Universidade da Coruña)
M^a Isabel González Rey (Universidade de Santiago de Compostela)
Ángel Iglesias Ovejero (Université d'Orléans)
Joan Martí i Castell (Institut d'Estudis Catalans)
Carmen Mellado Blanco (Universidade de Santiago de Compostela)
Valerii Mokienko (Sankt-Peterbúrgskii Gosudárstvennii Universitet)
António Nogueira Santos (Portugal)
Fernando Varela Iglesias (Universität Wien)
Alberto Zuluaga Ospina (Universität Tübingen)

CONSELLO DE REDACCIÓN

Xesús Ferro Ruibal
Leopoldo Cañizo Durán
Ana García Lozano
Carme López Taboada
Ramón Anxo Martíns Seixo
Marta Rodríguez Añón
María do Rosario Soto Arias
Cristina Veiga Novoa

Cadernos de Fraseoloxía Galega, revista de investigación fraseolóxica, está redactada en lingua galega porque, en primeiro lugar, pretende estimular a recolla e investigación da fraseoloxía galega e da fraseoloxía universal en Galicia; pero tamén porque forma parte dun proxecto social de normalización da lingua propia de Galicia. Importantes fraseólogos de Europa e de América colaboran xenerosamente neste proxecto de ecoloxía lingüística publicando en galego traballos inéditos nesta revista, que chega xa gratuitamente á cincuenta dos máis importantes fraseólogos do mundo e, en intercambio, a tódalas bibliotecas universitarias de España e Portugal. Chegará tamén a tódalas outras bibliotecas universitarias que o soliciten en intercambio. Os números anteriores, xa esgotados, poden baixarse íntegramente en formato PDF da Rede en <http://www.cirp.es/cdn/index.html>.

Cadernos de Fraseoloxía Galega, revista de investigación fraseolóxica, está redactada en lingua gallega porque, en primer lugar, pretende estimular la recogida e investigación de la fraseología gallega y universal en Galicia; pero también porque forma parte de un proyecto social de normalización de la lengua propia de Galicia. Importantes fraseólogos de Europa y de América colaboran generosamente en este proyecto de ecología lingüística publicando en gallego trabajos inéditos en esta revista, que ya llega gratuitamente a cincuenta de los más importantes fraseólogos del mundo y, en intercambio, a todas las bibliotecas universitarias de España y Portugal. Llegará también a las demás bibliotecas universitarias que lo soliciten en intercambio. Los números anteriores, ya agotados, pueden descargarse íntegramente en formato PDF de Internet en <http://www.cirp.es/cdn/index.html>.

Cadernos de Fraseoloxía Galega, review of phraseological research, is edited in Galician language, firstly because it aims at promoting the collection and research of both Galician and universal phraseology in Galicia, but also because it is part of a social project of normalization of the autochthonous language of Galicia. Important European and American phraseologists generously contribute to this project of linguistic ecology by publishing unpublished works in Galician in this review, which is already received at no cost by fifty of the most important phraseologists in the world and, as an exchange, by all Spanish and Portuguese university libraries. It will also be received by those university libraries which apply for it in exchange. The previous numbers, already sold out, can be entirely downloaded on PDF format from the Internet at <http://www.cirp.es/cdn/index.html>.

Presentación

O número 7 de *Cadernos de Fraseoloxía Galega* conta con nove **estudos taxonómicos ou fraseográficos**: *Léxico-gramática das frases fixas do portugués europeo. Breve presentación*, de Jorge Baptista, Graça Fernandes e Anabela Correia; *O cliché e a fraseoloxía tópica española*, de Delfín Carbonell; *Unha vez máis sobre a correlación entre paremioloxía e fraseoloxía*, de Marina Kótova; *As locucións verbais nos dicionarios*, de Pedro Mogorrón; *Notas para unha análise comparativa das nocións de “restrición léxica” e “colocación”*, de Eva María Muñiz Álvarez; *Os ditos do “Diccionario de mejicanismos” de Santamaría*, de Herón Pérez; *Periplo pola fraseoloxía portuguesa: abordaxe lexicográfica*, de Guilhermina Jorge; *O “refrán meteorolóxico”: estudo, comparación con outras linguas (castelán e francés) e proposta de nova denominación*, de Pilar Río Corbacho e *“Wat mehr regelt en Gesett”. Versión baixo alemá da Constitución do Estado alemán de Bremen. Tradución de termos monoverbais, pluriverbais e colocacións da linguaxe xurídica a unha lingua non estandarizada*, de Jan Wirrer.

Seguen tres **glosarios** ou traballos de **comparación plurilingüe**: *Glosario de locucións adverbiais do galego medieval*, de María Álvarez de la Granja; *Castelán “a hecho”, galego “a eito”: dúas locucións de diferente fortuna*, de Luis González e *Fiando paremias (I): glosario paremiolóxico multilingüe galego, portugués, castelán, francés, italiano e inglés*, de Tomás Pereira Ginot.

CFG súmase á **homenaxe ó Quixote** coa *Interpretación textolingüística de fraseoloxismos quixotescos*, de Alberto Zuluaga. A **didáctica** está presente nas *Achegas da fraseoloxía á didáctica da lingua e a literatura*, de María Conca.

A sección de **recadativas** recolle o traballo de María Dolores Barbeito Lorenzo: *Frases feitas do Concello das Neves*.

A sección de **recensións** analiza un total de oito obras. Por unha banda: *Словарь русской фразеологии: Историко-этимологический справочник* (“Diccionario de fraseoloxía rusa: libro de referencias histórico-etimolóxicas”) (A. Birikh, V. Mokienko e L. Stepánova), *Redes (las palabras en su contexto). Diccionario combinatorio del español contemporáneo* (I. Bosque), *Fraseología y metáfora: aspectos tipológicos y cognitivos* (E. M. Iñesta e A. Pamies), *Diccionario temático de frases hechas* (S. Rodríguez) e *Diccionario fraseológico documentado del español actual. Locuciones y modismos españoles* (M. Seco, O. Andrés e G. Ramos). Asinan estas recensións, respectivamente, E. Guerbek, M. I. González Rey, P. Buján, C. Mellado e L. González. Tamén se comentan tres tipos de recolleita fraseolóxica: *Unha maré de palabras. Contribución ao léxico do Morrazo* (S. Castro e outros), *Historia dunha aldea galega. Coas mans encol do lume. Guntín da Caniza. Memorias* (M. Rodríguez Troncoso) e *Expresións populares da nosa comarca [Forcarei]* (X. Couceiro); asina esta recensión X. Ferro Ruibal.

Están representadas neste número as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña ou Vigo; a de Valencia e a de Alicante; do Algarve e de Faro (Portugal); de Bielefeld e de Tübingen (Alemaña), de S. Petersburgo (Rusia) e o Colegio de Michoacán (México). Colabora tamén D. Carbonell, fraseógrafo madrileño, e, naturalmente, os investigadores do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (Santiago de Compostela).

Na sección de **novas** anúnciase a celebración do *Congreso Internacional de Fraseoloxía e Paremioloxía* que terá lugar en Santiago de Compostela no ano 2006. Inclúense tamén tres notas breves sobre EUROPHRAS, *Paremia* e o último número de *Proverbium*. Finalmente, dáse conta dos libros e separatas recibidos na Redacción dos CFG ó longo deste ano. Esta revista agradece as colaboracións recibidas e mailas que xa se anuncian e agradece tamén a atención con que a reciben diferentes investigadores e Universidades de Europa e América. E, como os seis números anteriores xa están esgotados, informa que se poden baixar íntegros en formato PDF da nosa páxina na Rede <http://www.cirp.es/cdn/cfg/cfg.html>

As colaboracións para o vindeiro número deberán estar na Redacción antes do 30 de abril do 2006. Como a conversión de formatos entre diferentes procesadores de texto non sempre é doada, CFG solicítalles ós futuros colaboradores que se atean estritamente ás normas de estilo, que se inclúen ó final deste número.

O Consello de Redacción

Índice

ESTUDOS.....	11
ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María. <i>Glosario de locucións adverbiais do galego medieval</i>	13
BAPTISTA, Jorge, FERNANDES, Graça e CORREIA, Anabela. <i>Léxico-gramática das frases fixas do portugués europeo.</i> <i>Breve presentación</i>	41
CARBONELL BASSET, Delfín. <i>O clixé e a fraseoloxía tópica española</i>	55
CONCA, Maria. <i>Achegas da fraseoloxía á didáctica da lingua e a literatura</i>	75
GONZÁLEZ GARCÍA, Luis. <i>Castelán “a hecho”, galego “a eito”: dúas locucións de diferente fortuna</i>	91
JORGE, Guilhermina. <i>Periplo pola fraseoloxía portuguesa:</i> <i>abordaxe lexicográfica</i>	119
KÓTOVA, Marina. <i>Unha vez máis sobre a correlación entre paremioloxía e fraseoloxía</i>	135
MOGORRÓN HUERTA, Pedro. <i>As locucións verbais nos dicionarios</i>	149
MUÑIZ ÁLVAREZ, Eva María. <i>Notas para unha análise comparativa das nocións de “restrición léxica” e “colocación”</i>	177
PEREIRA GINET, Tomás. <i>Fiando paremias (I): glosario paremiolóxico multilingüe galego, portugués, castelán, francés, italiano e inglés</i>	191
PÉREZ MARTÍNEZ, Herón. <i>Os ditos do “Diccionario de mejicanismos” de Santamaría</i>	225
RÍO CORBACHO, Pilar. <i>O “refrán meteorolóxico”: estudo, comparación con outras linguas (castelán e francés) e proposta de nova denominación</i>	239
WIRNER, Jan. <i>“Wat mehr regelt en Gesett”. Versión baixoalemá da Constitución do Estado alemán de Bremen. Tradución de termos monoverbais, pluriverbais e colocacións da linguaxe xurídica a unha lingua non estandarizada</i>	261
ZULUAGA OSPINA, Alberto. <i>Interpretación textolingüística de fraseoloxismos quixotescos</i>	277

RECADÁDIVA.....	291
BARBEITO LORENZO, María Dolores. <i>Frases feitas do Concello das Neves</i>	293
RECENSIÓNS E BIBLIOGRAFÍA	303
BIRIKH, Alexander K., MOKIENKO, Valerii M., STEPÁNOVA, Liudmila I.- <i>Словарь русской фразеологии: Историко-этимологический справочник</i> (“Diccionario de fraseoloxía rusa: libro de referencias histórico-etimolóxicas”). Por Ekaterina Guerbek	305
BOSQUE MUÑOZ, Ignacio. <i>Redes (las palabras en su contexto). Diccionario combinatorio del español contemporáneo.</i> Por María Isabel González Rey	303
CASTRO OTERO, Salvador e outros. <i>Unha maré de palabras. Contribución ao léxico do Morrazo.</i> RODRÍGUEZ TRONCOSO, Manuel. <i>Historia dunha aldea galega. Coas mans encol do lume. Guntín da Caniza. Memorias.</i> COUCEIRO, Xosé. <i>Expresións populares da nosa comarca [Forcarei].</i> Por Xesús Ferro Ruibal	304
IÑESTA MENA, Eva María e PAMIES BERTRÁN, Antonio. <i>Fraseoloxía y metáfora: aspectos tipolóxicos y cognitivos.</i> Por Patricia Buján Otero	320
RODRÍGUEZ VIDA, Susana. <i>Diccionario temático de frases hechas.</i> Por Carmen Mellado Blanco	323
SECO, Manuel, ANDRÉS, Olimpia de e RAMOS Gabino. <i>Diccionario fraseolóxico documentado del español actual. Locuciones y modismos españoles.</i> Por Luis González García	330
NOVAS	335
<i>Congreso Internacional de Fraseoloxía e Paremioloxía</i>	337
<i>Europhras</i>	338
<i>Paremia</i>	338
<i>Proverbium 21</i>	339
<i>Libros e separatas recibidos na Redacción</i>	340

Estudos

Glosario de locucións adverbiais do galego medieval¹

María Álvarez de la Granja

Instituto da Lingua Galega-Universidade de Santiago de Compostela

Nos últimos tempos estase traballando no desenvolvemento de ferramentas informáticas que permiten un acceso moito máis doado e produtivo ao galego da Idade Media. Refírome, concretamente, ao *Tesouro medieval informatizado da lingua galega* (TMILG) e ao *Diccionario de dictionarios do galego medieval* (DDGM), actualmente en prensa. A partir deste último, e co auxilio do primeiro, elaboro un glosario das locucións adverbiais rexistradas polos autores de catorce vocabularios do galego medieval.

Palabras clave: fraseografía, locucións adverbiais, galego medieval.

There has lately been work on developing computing tools to allow a much easier and more productive access to Medieval Age Galician. I am referring particularly to the *Tesouro medieval informatizado da lingua galega* (TMILG) and to the *Diccionario de dictionarios do galego medieval* (DDGM), which is currently being printed. Based on the latter and with the help of the former, a glossary of adverbial idioms registered by the authors of fourteen vocabularies of medieval Galician has been made.

Key words: phraseography, adverbial idioms, medieval Galician.

1. A macroestrutura

1.1 O corpus e a selección

A maior parte dos glosarios do galego medieval dan entrada, ao carón de unidades monoverbais, a expresións pluriverbais fixas, almacenadas como un todo na memoria: locucións (preposicionais, verbais, adverbiais...), compostos sintagmáticos, fórmulas, refráns... O obxectivo deste traballo é agrupar e ordenar un subgrupo desas expresións,

¹ Este traballo realizouse no marco dos proxectos *Estudio contrastivo sociolingüístico e fraseolóxico entre o (baixo) alemán e o galego* (PGIDIT04PXIA20402PR), financiado pola Xunta de Galicia, e *Diccionario de dictionarios históricos galegos*, financiado polo Ministerio de Ciencia y Tecnología (BFF2000-0502) e a Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, a través dun convenio co Instituto da Lingua Galega.

María Álvarez de la Granja

as locucións adverbiais, para contribuír ao coñecemento do repertorio fraseolóxico do galego medieval. Así pois, ofrezco unha recompilación das locucións adverbiais recollidas nos glosarios abaixo indicados, os cales constitúen o corpus da primeira edición do *Dicionario de dicionarios do galego medieval* (DDGM), coordinado por E. X. González Seoane (ordeno os traballos polas referencias que empregarei no meu glosario)²:

ACS: *Léxico das actas do Concello de Santiago*, de Fernando Tato (inédito)³.

Amigo: Glosario que acompaña a edición de José Joaquim Nunes das *Cantigas d' Amigo dos trovadores galego-portugueses*.

CA: *Glossário do Cancioneiro da Ajuda* de Carolina Michaëlis de Vasconcelos.

CE: *Vocabulário Galego-Português*, extraído da edición crítica das “*Cantigas d' escarnho e mal-dizer*”, de Rodrigues Lapa.

CN: Glosario incluído na obra inédita de M. Carme Barreiro *A documentación notarial do concello de Noia* (séculos XIV-XVI). Lectura, edición e léxico.

Cronol.: *Sobre cronología do vocabulário galego-português*, de Ramón Lorenzo.

CSM: Glosario que acompaña a edición de Walter Mettmann das *Cantigas de Santa Maria* de Afonso X, elaborado a partir da edición de Martínez Salazar.

CT: *Vocabulario de la Crónica Troyana*, de Kelvin M. Parker.

HT: *Vocabulario clasificado de los folios gallegos de la Historia Troyana*, de Kelvin M. Parker.

LNAP: Glosario do *Libro de notas de Álvaro Pérez*, de Fernando Tato.

MS: *Léxico dos Miragres de Santiago*, de M. Carme Barreiro (inédito), elaborado a partir da edición de José Luis Pensado.

TC: Glosario de *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*, de Ramón Lorenzo, recollido no segundo volume da publicación.

Glosario que acompaña a edición de José Joaquim Nunes das *Cantigas d' Amor dos Trovadores galego-portugueses*.

Vocabulario de gallego medieval en documentos del s. XIII anteriores a 1275 (inédito), elaborado por M. de Miguel Clavé a partir dos textos editados por Martínez Salazar (*Documentos gallegos de los siglos XIII al XVI*)⁴.

O DDGM⁵, cuxa primeira edición, no momento de redactar este traballo, se atopa na fase final de elaboración, é un dicionario electrónico no que se pretenden reunir as diferentes

² Se non se indica nada, debe entenderse que edición e glosario pertencen ao mesmo autor. Exceptúase, polo seu diferente carácter, a *Cronología* de Ramón Lorenzo.

³ Véxanse as referencias completas na bibliografía final.

⁴ Non hai remisións a estas dúas últimas obras.

obras lexicográficas (publicadas e inéditas) que recollen o corpus léxico dos textos medievais galegos ou galego-portugueses. Este dicionario permite, entre outras moitas posibilidades, a localización das expresións pluriverbais recoñecidas dunha ou outra maneira polos autores dos glosarios e etiquetadas como tales polos creadores do DDGM. O meu traballo realizouse partindo da marcación manual previa á etiquetaxe en XML.

Dentro das unidades pluriverbais identificadas non só teñen cabida locucións e enunciados fraseolóxicos, senón tamén perífrases verbais, construcións con verbo de apoio (*dar resposta, fillar pousada...*), clixés, etc. De por parte, a súa presentación e tratamento nos diferentes glosarios é moi variable. Poden figurar como lemas, como sublemas ou mesmo en formato de exemplos; nalgúns casos ofrécese o significado, a categoría gramatical e un ou varios exemplos, mentres que outras veces só se dá conta da existencia da expresión. Caben, ademais, presentacións intermedias entre un e outro tipo de tratamento.

Tomando como punto de partida este heteroxéneo conxunto de expresións, a primeira tarefa consistiu na localización das locucións con carácter adverbial. Dado que na maior parte dos casos está ausente a marca categorial *adv* (deixando xa a un lado as que, ao meu parecer, son etiquetaxes incorrectas), vinme obrigada a facer unha peneira de todas as expresións complexas identificadas nos glosarios⁶. Insisto en que, á hora de presentar as locucións, só traballo coas recoñecidas nestes como unidades pluriverbais (dun ou outro tipo) e non realizo unha análise directa dos textos na procura doutras expresións non incluídas nos vocabularios.

Por outra banda, a maior parte das locucións introducidas recóllense, loxicamente, nos textos glosados que serviron de base para a elaboración das obras lexicográficas⁷. Porén, na medida en que nestas obras (ou cando menos nalgúns delas) tamén se fai referencia ao corpus léxico doutros textos medievais, unha porcentaxe pequena de locucións pode non estar rexistrada realmente nos textos glosados (si, por suposto, noutras obras medievais). Neste traballo non ofrezco regularmente indicación das distintas fontes nas que se recolle cada unha das expresións. Remito ao DDGM ou ao TMILG⁸ para a súa localización.

No que respecta á identificación das locucións adverbiais, empreguei en certos casos un criterio lato, pois dei cabida a expresións que funcionan como modalizadores do enunciado (*en forte ora* ou *sen todo mentir*). Tamén incluí cuantificadores que acompañan a verbos e/ou adxectivos (*a maravilla*), así como locucións (de carácter

⁵ Para coñecer máis datos sobre o DDGM (inspirado no *Diccionario de diccionarios* de Antón Santamarina) véxase E. González Seoane (en prensa).

⁶ Máis de 8.000, incluídas, iso si, repeticións e variantes dunha mesma expresión. Lémbrese que empreguei a etiquetaxe manual, dado que, no momento de elaboración do traballo, a ferramenta informática aínda non me permitía realizar buscas por lemas complexos.

⁷ Exceptúase a obra *Sobre cronología do vocabulario galego-português*, de Ramón Lorenzo, que non glosa un texto senón que emprega un corpus de referencia moi amplo na procura da documentación máis antiga do léxico galego-portugués.

⁸ *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILG)*, que se pode consultar na páxina web <http://corpus.cirp.es/tmilg>.

adverbial) con casas baleiras, que se caracterizan por ter no seu interior un oco, un baleiro que cómpre encher para que a expresión funcione no discurso: *de meu (teu...), desde X tempo a esta parte*.

De por parte, algunha locución aparece exemplificada cun fragmento no que a expresión vai seguida de complemento (do tipo de *a redor dela*). Aínda que adoito se interpreta que nestes usos estamos ante locucións preposicionais (*a redor de*) e non ante locucións adverbiais (ao considerar que a preposición forma parte da locución), ao meu entender, *de* non é máis có introdutor do complemento que restrinxe a extensión do núcleo adverbial. O que temos *sempre* é unha locución *adverbial* que, como tal, pode empregarse con ou sen complemento. Pola contra, se a expresión ten que combinarse necesariamente cun complemento para aparecer no discurso, considéroa locución preposicional e non a inclúo no glosario (*en lugar de, en razón de*)⁹.

Non introduzo tampouco conectadores lóxicos nin outras expresións que en moitos dicionarios (medievais e, no seu caso, modernos) se cualifican como adverbiais, pero que, ao meu entender, pese a seren invariables¹⁰, funcionan como adxectivos, normalmente como atributos ou predicativos: *en paz* ('tranquilo'), *en cos* ('vestido só con roupa interior'). Nótese, ademais, que é bastante frecuente que unha mesma expresión funcione como adxectiva e adverbial: *Et a jente de pee nõ avia conto* (MS, 102.10); *entraua enas lides de caualo et aas uezes de pee* (TC, 267.51). En casos como este último recollo a expresión e coméntoa exclusivamente en relación ao seu valor adverbial. Debo sinalar, porén, que non sempre é doada a caracterización funcional dunha unidade (tendo en conta, ademais, a escaseza de exemplos para moitas das locucións). Finalmente, tampouco dou entrada a expresións modais con *ment/mente* nos que este elemento se grafa separadamente (*çient ment, longada mente...*).

Como se pode deducir dos exemplos anteriores, introduzo expresións de carácter fixo, gardadas como un todo na memoria¹¹, sexan ou non idiomáticas, isto é, teñan ou non valor semántico literal. Con todo, cómpre subliñar tamén a dificultade de determinar o grao de fixación das construcións medievais. O certo é que non inclúo todas as expresións pluriverbais con valor circunstancial destacadas nos glosarios, posto que algunhas delas parecen ter carácter libre, aínda que poidan ser, iso si, expresións altamente frecuentes no discurso: *con lealdade, sen sanna*.

1.2. A ordenación

As locucións adverbiais ordénanse mediante palabras chave, as cales se dispoñen alfabeticamente:

CANDO: *de quando en quando*. De cando en cando.

⁹ Nótese que este é realmente o criterio que leva a considerar *sobre* unha preposición e *encima* un adverbio: *está encima da mesa/está encima* vs. *está sobre a mesa/*está sobre*. En coherencia co anteriormente exposto, considero que *encima de* non é unha locución preposicional, senón que a preposición *de* é simplemente o introdutor dos complementos do adverbio *encima*.

¹⁰ A invariabilidade é consecuencia lóxica da súa forma.

¹¹ Aínda que ese todo poida conter no seu interior unha casa baleira.

CANTO: *quanto mais*. Canto máis, sobre todo.

CARA: *de cara*. De cara, de fronte, presentando a cara ou a parte de diante.

As palabras chave son sempre constituíntes das locucións (presentadas na súa forma de cita). A escolla da palabra chave ordenadora de cada locución responde a un criterio categorial. A xerarquía categorial é a seguinte: substantivo, adxectivo, verbo, adverbio, pronome, preposición. Deste modo, se unha locución está constituída por unha preposición, un substantivo e un adxectivo, a palabra chave será o substantivo (*amor en a grand' amor*), se está constituída por unha preposición e un verbo a palabra ordenadora será o verbo (*falir en sen falir*)¹²... No caso de que nunha mesma expresión haxa varias palabras correspondentes á categoría ordenadora, escollerase como palabra chave aquela de entre elas que apareza en primeiro lugar na locución (a palabra chave da locución *de dia et de noyte* será *día*). Se as expresións conteñen algún participio, a palabra chave será o verbo correspondente, salvando que o dito participio funcione tamén como substantivo e poida identificarse como tal na expresión. Deste xeito, a palabra chave de *de corrudas* será *correr* e a palabra chave de *de feito* será *feito*. Como pode observarse, as palabras chave presentan sempre a forma moderna, agás no caso de que non exista un equivalente actual. Neste caso, a palabra chave coincidirá coa medieval modernizada na súa grafía. Finalmente, as diferentes locucións dispostas baixo unha mesma palabra chave ordénanse alfabeticamente entre si.

1.3. A lematización

Unifiquei as expresións que presentan diferentes variantes meramente gráficas, optando sempre pola grafía máis próxima á lingua moderna (así, por exemplo, *en dereito* e *en deryto* unificanse en *en dereito*). Se non existen variantes gráficas, presento a locución tal e como foi lematizada no glosario ou glosarios nos que se recolle¹³, pero debe terse en conta que os criterios de edición e / ou lematización son diferentes en cada obra (uns modernizan a grafía, outros respéctana escrupulosamente, outras fan só pequenas modificacións...).

De por parte, lematizo nunha mesma entrada, separadas por comas e ordenadas alfabeticamente, aquelas locucións adverbiais de idéntico significado que poden considerarse meras variantes (non-gráficas), e inclúo unha remisión no lugar que lles corresponde de acordo cos criterios de ordenación comentados. En principio, recollo só as variantes lematizadas nos glosarios. No entanto, ocasionalmente engadín algunha variante localizada nas citas empregadas para exemplificar a expresión, pero non recollida no lema ou sublema.

Separo mediante barras dúas ou máis formas dun *compoñente* da expresión que non poden (ou poden non) ser consideradas simples variantes gráficas (*per / por cima*).

¹² Non se respecta a xerarquía categorial en *de meu (teu...)* e *per min (ti...)*, expresións nas que a palabra chave é a preposición.

¹³ Exceptúase o glosario do *Libro de notas de Álvaro Pérez*. Dado que ao carón dos sublemas fraseolóxicos desta obra, totalmente modernizados, figuran sempre as expresións nas súas formas orixinais, selecciono estas últimas para a miña lematización.

Ademais, sitúo entre parénteses os elementos que teñen carácter opcional. Deste xeito, *por (toda) conta* equivale a *por conta* ou *por toda conta*.

2. A microestrutura

2.1. O significado

O significado ofrecido para cada locución coincide esencialmente co presentado nos vocabularios, aínda que non sempre manteño a redacción (téñase en conta, ademais, que en moitos casos a expresión aparece recollida en varias obras). De calquera xeito, analizo previamente os exemplos ofrecidos nos glosarios, e nos casos dubidosos, algúns outros, para verificar a interpretación asignada¹⁴. Se os glosarios non presentan significado ou se non estou de acordo co proporcionado por eles ofrezco a miña propia interpretación e indico en observación a ausencia ou a discrepancia. De tratarse dunha variación pequena, de matiz, non fago constar a existencia de modificación.

Por outra banda, cando a expresión medieval se conserva no galego moderno, presento a locución galega actual e, só se considero que é preciso para aclarar o significado, fágoa acompañar dunha paráfrase explicativa do seu significado. Finalmente, cando a combinatoria da locución é moi restrinxida, ofrezco o seu contorno lexicográfico a carón da definición e/ou equivalente actual: *a retalho*: 'polo miúdo, en pequenas cantidades [vender]'

2.2. Os exemplos

Por razóns de espazo non podo introducir exemplos para todas as locucións recollidas¹⁵. Daquela, só exemplifico ben para mostrar como se emprega unha expresión (onde se coloca, con que clases de palabras se combina...), ben para ilustrar unha definición dubidosa, ben para xustificar a diversidade de acepcións ofrecida. Os exemplos recóllense de acordo coa transcripción feita por cada autor (directamente no glosario, ou ben, se neste non se transcribe o exemplo —ou é pouco ilustrativo—, na edición da obra á que corresponde o dito glosario). Este feito xustifica que poida haber algunhas incoherencias nas normas de transcripción. As referencias numéricas aos textos manteñen tamén os distintos sistemas remisivos empregados en cada glosario¹⁶. O valor das marcas remisivas pode verse en § 1.1 (para as obras incluídas no DDGM) e na bibliografía final.

2.3. As observacións

Algunhas locucións van acompañadas de observacións. Nestas infórmase da existencia de discrepancias entre o valor semántico presentado nos glosarios e o ofrecido por min ou do feito de que os vocabularios non proporcionan significado, establécense vínculos entre expresións relacionadas semántica e formalmente, sinálanse usos frecuentes ou particulares das locucións, etc.

¹⁴ Acudo frecuentemente ao TMILG na busca de novos exemplos.

¹⁵ Remito ao DDGM ou a o TMILG para a localización de exemplos.

¹⁶ No entanto, utilizo o sistema de referencias do TMILG para aqueles exemplos (presentados nas observacións) pertencentes a obras diferentes ás glosadas polos dicionarios do DDGM.

Evidentemente, este traballo non reúne todas as locucións adverbiais (rexistradas) do galego medieval. Pero malia as deficiencias metodolóxicas e cuantitativas implícitas na súa forma de elaboración, coido que este pequeno glosario pode ser unha mostra da posibilidade de coñecer e ordenar, aínda que sexa parcialmente, o repertorio fraseolóxico da Idade Media. E pode ser tamén unha mostra da evidente e incuestionable utilidade do DDGM e do TMILG para a elaboración dun gran dicionario que reúna o léxico medieval galego e portugués.

3. O dicionario

ABASTAMENTO: *por mays abastamento*. Por máis abastamento, ademais, para maior insistencia, para maior seguridade, “*e porque esto seja certo e non venan en dulda outorgey esta carta ante este notario e testemoyas de juso scriptos y por mays abastamento firmey aqui meu nome*” (ACS, 5878). OBS. Tamén *por mayor abastança*.

Termo esencialmente xurídico-administrativo, recuperado para o galego actual.

ABASTANZA: *por mayor abastança*. Por máis abastanza, ademais, para maior insistencia, para maior seguridade, “*et porque esto he certo escripto aqui meu nome et por mayor abastança rrogey ao notario de juso scripto que a signase de seu signo*” (ACS, 649). OBS. Tamén *por mays abastamento*. Termo esencialmente xurídico-administrativo, recuperado para o galego actual.

ACARREO: *de acarreo*. A través de transporte por terra, especialmente mediante carro, “*porque a dita çidade se mantiina de acarreo*” (ACS, 2572). OBS. Tamén *de carreto*.

ACORDO: *de huu acordo, en hũu acordo*. De mutuo acordo.

ADIANTE: *a adeante*. Máis adiante, no futuro.

de, des + expresión con valor temporal + adeante. De + expresión con valor temporal + en diante, a partir de +

expresión con valor temporal. OBS. Expresións temporais sublematizadas (forma modernizada): *ali, aquel día, aquela hora, aquí, esa hora, i, hoxe*. Tamén con *endiante / endeante / en deant(e)*.

dend' adeante, ende adeante. De alí en diante, a partir dese momento.

des + expresión con valor temporal + adeante. V. *de + expresión con valor temporal + adeante*.

ende adeante. V. *dend' adeante*.

AL: *sen al*. Sen máis, simplemente, “*porend' orações / fezeron todos y sen al*” (CSM, 49.40). OBS. Tamén *sen outra cousa, sen outra ren*.

ALTO: *ẽno alto e baxo / baixo*. Por completo, na súa totalidade, “*desde aquí vos poño ẽno jur, señório e posesiõ da dita casa para que a posades tomar e entrar por vosa abtoridade propia para faser dela ẽno alto e baxo como de vosa cousa propia*” (LNAP, 1571).

AMOR:

a grand' amor. Moito, polos querereres [querer].

por lo / pol' amor de deus, por amor de deus. Por amor de Deus, por caridade.

ANTE: *d' ante, de ante*. Antes. OBS. Tamén *d' antes*.

ANTEMÁN: *d' antemaão*. De antemán.

ANTES: *d' antes*. Antes. OBS. Tamén *d' ante, de ante*.

ANTIGO: *de antigo*. Antigamente.

ANVIDOS. V. *de envidos*.

ASCUSO V. *a escuso.*

AVESO: *a avessas.* Ás avessas, ao revés, de forma contraria ao debido ou ao esperado.

BALDE:

de balde. En balde, de balde, inutilmente.
en balde. En balde, inutilmente.

BALDON: *a baldon.* Libremente, “*o leixou entrar a baldon / en ssa casa*” (CSM, 265.38).

BANDO: *a bando.* Con parcialidade, “*seredes ende quereiros de m̃ que julgaua ben querença et a bando*” (HT, 50.21). OBS. Non atopei máis exemplos que verifiquen o significado ofrecido.

BOAMENTE: *de bõamente, de bõa / boa mente.* De boa vontade.

BREVE: *en breve.* En breve, en pouco tempo.

CABALO: *de caualo.* A cabalo.

CABO:

a cabo, ao cabo, en cabo. Ao fin, finalmente.

a cabo de tempo. Ao cabo do tempo.

ao cabo. V. *a cabo*

cabo adelante / adelant. En adiante, no sucesivo.

cõmo de cabo. De novo, “*enviaron cõmo de cabo a greçia a dizer... que veesen sen mays tardar*” (CT, I 147.11).

de cabo. De novo, outra vez, “*Se enton de cabo non for rechantada, / nen un proveito non pod' end' aver*” (CE, 100.13). OBS. O significado ofrecido en CE para este exemplo é 'plenamente, totalmente'.

de cabo são. Emprégase como elemento ponderativo: moi, totalmente..., “*a ssa ospeda foi-lles / mui maa de cabo são*” (CSM, 157.8), “*u sse matar cuidavan, / ben assi de cabo são, fez que fossen ùus d' outros muit' amigos e pagados*” (CSM, 198.23).

en cabo. V. *a cabo.*

en meu [teu...] cabo. Só, unicamente, “*Dade-m' alvissara, Pedr' Agudo, / e cresca-vos ende gabo: / vossa molher á bon drudo, / que fode já en seu cabo*” (CE, 355.10). OBS. Nas CE o significado que se ofrece é 'plenamente, totalmente'. No entanto, noutros exemplos atopados no *TMILG en seu cabo* parece ter o valor de 'só', funcionando ben como adxectivo, ben como adverbio: “*Poys que se tornarõ os d'alende os portos, que erã muy grã gente, ficarõ os d' Espanna en seu cabo*” (TC, 742.47), “*it. deuo a Costança paes seys libras en seu cabo*” (GHCD¹⁷, 32/150). De todos os xeitos, o valor sinalado por min non parece tampouco demasiado axeitado para a cantiga (e, en todo caso, parece requirir que o relativo funcione como OD do verbo *foder* e non como SUX). O significado proposto probablemente evolucionaría a partir do valor literal 'no seu lado', que parece rexistrarse en exemplos coma este: “*et aos outros tres suas moradas lles avyam ja dadas acada hũ em seu cabo*” (XE¹⁸, II, 18/54). Deste emprego tamén resultaría o uso como conectador ('pola súa banda'): “*Et ella fezo aseu marido rrey Nynno que fezese açidade de Njnyue et em anchorla tanto, et fazerla tam grande et tam onrrada cõmo avedes oydo; et despoys que seu marido foy finado por ella fazer oseu em seu cabo donde [gaañase] pera sy algũ nome...*” (XE, IV, 26/160). Nótese que este valor está en consonancia co emprego tamén como conectador de *eno outro cabo* ('por outra banda'):

¹⁷ Galicia Histórica. Colección diplomática.

¹⁸ General Estoria. Versión gallega del siglo XIV.

“non ousaba contra dizer... mays **ẽno outro cabo**, ben coydaua ja para senpre que ende fosse posfaçado” (CT, I 343.7). Na gramática de Saco y Arce (1868) e no dicionario de Porto Rey (1900) rexístrase a expresión *a meu (teu...) cabo*, á que se lle dá o valor de 'só, sen compañía' e que se ilustra nesta última obra co seguinte refrán: *Onde cabe un carro cargado, bẽn cabe un home á seu cabo*. 'En donde un carro cargado cabe, un hombre a solas también cabe'. A expresión recóllese de novo no dicionario de Carré (1928-1931), como forma desaparecida.

CANDO: *de quando en quando*. De cando en cando.

CANTO: *quanto mais*. Canto máis, sobre todo.

CARA: *de cara*. De cara, de fronte, presentando a cara ou a parte de diante.

CARÓN: *a caron*. Mantendo contacto co corpo, “*As mãos da Santa Virgen / que tangeron acarón / Jhesu-Christo*” (CSM, 359.4). OBS. Existe tamén a grafía conxunta, como se pode observar no exemplo. Segundo comprobei no *TMILG*, en textos do XV rexístrase a expresión co valor actual ('ao lado').

CARRETO: *de carreto*. A través de transporte por terra, especialmente mediante carro, “*et por que a esta dita çidade viina todo o vinno de carreto por moytas et diversas portas*” (ACS, 3213). OBS. Tamén *de acarreo*.

CEDO: *de cedo*. Axiña, rapidamente.

CERTO:

de certo. De certo, con certeza.

en çerto. Con exactitude, con precisión [tirar].

CHAN: *de chão*. Emprégase como

elemento ponderativo: 1) Sinceramente, francamente, “*Quand' est' o judeu entendeu, / bẽes ali logo de chão / en Santa Maria creeu*” (CSM, 25.177). 2) Claramente, realmente, “*viu ben de chão / Pedro vïir a ssi un ome cão*” (CSM, 69.81). 3) Completamente, “[*E*] *pois aquesto lles disse, / fezo-sse logo crischão / e o templo que guardava / derribou todo de chão / e quebrantou as omages*” (CSM, 196.53). OBS. Cf. *de pran*, que funciona en maior medida como modalizador do enunciado.

CIENTE: *a ciente*. A propósito.

CIMA:

aa cima. Ao fin, finalmente. OBS. Noutros textos tamén se recolle co significado de 'encima'. Tamén *a cima, ena / na cima*.

a cima. 1) Enriba, encima. 2) Ao fin, finalmente, *Aqueste castelo ést[e] / eno reino de Geen, / e un alcaid' y avia / que o guardava mui ben; / mais de guarda-lo a cima / lle mengou muito o sen*” (CSM, 185.12). OBS. Nas CSM o significado que se ofrece para este exemplo é 'ata o fin'. No entanto, noutros textos *a cima* (o mesmo que *aa cima*, V. *supra*) parece funcionar co significado de 'ao fin, finalmente', e este valor é posible tamén para o fragmento das CSM. Tamén *aa cima, ena / na cima*.

ena / na cima. 1) Enriba, encima. 2) Ao fin, finalmente. OBS. Tamén *aa cima, a cima*.

per / por cima. Por riba (valor literal).

COMÚN: *do comuu*. Mutuamente, “*asi fuj tractado et outorgado do comuu*” (CT, II 169.24).

COMUNAL: *a comunal*. Regularmente, “*o que a Santa Maria praz, / esso fazia senpr' a comunál*” (CSM, 58.13). OBS. Non atopei máis

exemplos que verifiquen o significado ofrecido.

CONCELLO:

en concello. 1) En público, “*avia tã grã pesar et tã grã vergonça que nõ ousaua paresçer en cõçello*” (HT, 364.10). 2) Claramente, “*en conçoello virõ os jñfantes que aquel avia de herdar et que nõ perdiam y nada*” (HT, 55.7). OBS. O significado que se ofrece en HT, CA e CT é 'en público, publicamente'. No entanto, este significado non parece axeitado para o segundo exemplo. En CE o valor que se presenta é 'publicamente, francamente'.

per concello. Publicamente, “*deron-lle por consello / que a Santa Maria, / que este noss' espello, / de Tocha o levasse, / e esto per concello*” (CSM, 315.42).

CONCIENCIA: *en miña (tua...) conçiencia.* En conciencia, de acordo co que dita a conciencia, “*mandaron que o que el gastase e despendese enna dita reparaçõ que lle fose reçoebido en conta segundo que o el disese en sua conçiencia*” (ACS, 6856). OBS. Lematizado como *en conçiencia*.

CONFESIÓN: *en confisson.* En confesión, baixo o sacramento da confesión.

CONSELLO: *de cõsello.* Por consello, a través de consello ou recomendación, “*o qual así outorgarõ de nõ se errar de dito nõ de feyto nõ de cõsello os hñus ao outro e o outro a los outros*” (LNAP, 617). En LNAP non se ofrece significado para a expresión. Propoño a definición anterior despois da lectura de varios exemplos da locución recollidos no *TMILG*: “*et a traslado deste plaço renunço de rogado e de consello et a todas*

outras boas raçoas et deffenssoes que por min sobre esto podesse aver que me non valan se contra esto fose contrario” (CDMO¹⁹ III-1545/137). Entendo que o emisor fai a renuncia indicada aínda que sexa incitado ao contrario mediante rogo ou consello. No entanto, é posible que noutros exemplos (como no de LNAP) o emisor funcione como axente (do consello) e non como meta. Cando o complemento de *consello* está explícito tamén aparece a preposición *de*: “*Et este rrey Veremũdo, de consello dos mayores de seu rreyno, lançoou fora et priuou o dito don Payo, obispo, fillo do dito Rruy Vaasques, da eglleia*” (CF²⁰, 4.11/115).

CONSÚN: *de consun / consuu.* Conxuntamente, “*el et çesar eran veziños en troya et senpre anbos viueran de consun*” (CT, I 100.19).

CONTA:

a miña (tua...) cõta. Pola súa conta, “*ma[n]dou o dito juís que se jũtasẽ a súa cõta fasta domingo*” (LNAP, 1503).

per / por (toda) conta. En suma, en total, “*vos dirá quisquanto custou, / todo per conta, ca ele xos comprou*” (CE, 42.13). OBS. En CE dáselle o significado de 'certo, por orde'. Tamén *por todo*.

sen conta. Sen conto, moito, moi. OBS. Tamén *sen conto*.

CONTENDA: *sen contenda.* Sen dúbida, “*d' oj' a quinze dias serei sen contenda / no Parayso*” (CSM, 65.226). OBS. Tamén *sen peleja*.

CONTO: *sen cõto.* Sen conto, moito,

¹⁹ La colección diplomática de Santa María de Oseira (1025-1310).

²⁰ Crónica de Santa María de Iria.

moi. OBS. Tamén *sen conta*.
COR: *de cor*. De memoria. OBS. Tamén *de coraçõn*.

CORAZÓN: *de coraçõn / curaçõ*. 1) Con empeño, con ganas, “*vaamoslos ferir moy de coraçõn*” (CT, I 101.30). 2) Sinceramente, “*chorando dos ollos mui de coraçõn*” (CSM, 21.15). 3) Gustosamente, de boa vontade, “*un miragre vos quero / contar mui de coraçõn*” (CSM, 28.7). 4) De memoria, “*pois que os ouvera todos ben ditos / de coraçõn, ca non per outros escritos*” (CSM, 65.161). OBS. Nas acepcións 1 e 2 o substantivo pode aparecer acompañado de *todo*: “*Yde et pregutade de todo coraçõ de aquel neno*” (MS, 217.6). Nas acepcións 2 e 3 pódese acompañar do modificador *bo*: “*tãto vos coydo eu de seruyr et pedir merçede tã de bõ coraçõn que en algũ tempo uos amerçearedes et doeredes de mĩ*” (HT, 200.24), “*eu (...) et mĩña moller (...), de bõ coraçõ et de boa voontade, vẽdemos et ffrymemẽte outorgamos*” (GN, 3.5). Coa acepción 4, tamén *de cor*.

CORRER: *de corrudas*. A toda prẽsa, a correr, “*quis ir vende-lo almallo; mas el sayu-lle de mão, / e correndo de randon / foi a jornadas tendudas, / come sse con aguillon / o levassen de corrudas*” (CSM, 31.54).

COSTA: *de costas*. De costas [caer].

COTÍO: *de cotío*. De cotío.

COUSA:
nulla cousa. Nada, “*Que nulla cousa non falou / nena missa non ar cantou*” (CSM, 283.46).

sen outra cousa. Sen máis, simplemente, “*tomou log' un coitelo / con que tallavan o pan, / e deu-se con el no peito / hũa ferida atan / grande que, sen outra cousa, / morreu logo*

manaman” (CSM, 84.48). OBS. Tamén *sen al, sen outra ren*.

DE: *de + meu (teu...)*. 1) De + posesivo, pola súa propia natureza, “*o om' é de seu / trist' e nojoso e torp' e sen mester*” (CE, 301.15). 2) De + posesivo, por un mesmo, “*nõ ouverõ mester ayos, ca todo aprẽdian de seu*” (HT, 366.29).

DECATO: *sem decato*. Sen se decatar, “*cercarõno logo aquel dia de sobre venta et sem decato*” (HT, 106.37). OBS. Só atopei este exemplo do substantivo *decato*, polo que me resulta imposible saber se estamos ante unha construción libre ou fixa.

DENODADO: *a denodadas*. Denodadamente.

DENTRO: *de dentro*. Por dentro.

DEREITO:
a dereito. 1) Directamente, sen desviarse, “*uaamos per nosso camjno a dereyto*” (TC, 851.9). 2) Con xustiza, xustamente, “*empero nõ as partyo a dereyto*” (HT, 292.6). 3) Conforme a dereito, “*estauã prestes para les rresponder a dereyto ante o señor arçobispo*” (LNAP, 465). OBS. É frecuente a coordinación da expresión con *a torto (a torto nen a dereito)*, co significado de 'nin xusta nin inxustamente'. Para a acepción 3 tamén *de dereito e per / por dereito*.

contra dereito. Contra dereito. OBS. Cf. *segundo dereito*.

de dereito. 1) Por dereito, segundo corresponde, “*asi aqueles lugares en que eles preegarõ [...] deuẽ seer mais onrrados de dereito ca todo los outros do mudo*” (MS, 131.9). 2) Conforme a dereito, “*para faser jura ou juras [...] ou outro qualquer juramento que lles de dereyto por nos for demandado*” (ACS, 156). OBS. Na acepción 1 tamén *per / por*

dereito. Na acepción 2, tamén *a dereito e per / por dereito*.

de dereit' en dereito. Inmediatamente, “*A sa moller a Reynna, / que jazia eno leito / cabo del, e este sonno / lle contava tod' a eito. E ela lle respondia / ben de dereit' en dereito: Outro tal ei eu sonnado, / que vos quero retraer*” (CSM, 345.93). OBS. Non atopei máis exemplos que verifiquen o significado ofrecido. O valor, proposto nas CSM, é bastante discutible. Cf. a observación feita baixo *en dereito* sobre o valor que lle outorga Mettmann á expresión *en seu dereito*. Podería tratarse de dúas variantes do mesmo conector metatextual?

en dereito. Dereito, en liña recta. OBS. Nas CSM recóllese a expresión *en seu dereito*, á cal se lle atribúe, entre interrogantes, o significado 'por seu lado, por súa vez': “*amba-las suas mãos assi s' encolleran, / que ben per cabo dos onbros todas se meteran, / e os calcannares ben en seu dereito / se meteron todos no corpo maltreito*” (CSM, 77.10). No entanto, podería tratarse dunha variante con posesivo de *en dereito*, co seu mesmo significado. Non atopei máis exemplos deste uso que contribúan a determinar o significado.

per / por dereito. 1) Por dereito, segundo corresponde, “*dos Romãos Rey / é per dereit' e Sennor*” (CSM, A.18). 2) Conforme a dereito, “*para que vejã os ditos debates e os librẽ e determijnẽ, segundo acharẽ por dereyto ou como quiserẽ e por bẽ touerẽ*” (LNAP, 679). OBS. Na acepción 1 tamén *de dereito*. Na acepción 2, tamén *a dereito e de dereito*.

segundo dereito. Segundo dereito, de

acordo co dereito. OBS. Cf. *contra dereito*.

DERREDO: *a derredo*. Atrás.

DERREDOR: *a derredor, en derredor*.

Ao derredor, en derredor, ao redor.

DESDÉN: *en desdem*. Desdeñosamente, con desdén.

DESMESURA: *a desmesura*.

Desmesuradamente.

DESORA: *a desora*. De súpeto, subitamente.

DESTRO:

aa destra, a destra, a destro. Á dereita.

a destro et (a) seestro. Sen tino, sen orde, sen discreción nin miramento.

DESVIAR: *en desuiado*. Oblicuamente.

DÍA:

ante dia. O día anterior.

a outro dia, en outro dia, eno outro dia, (o) outro dia. Ao outro día, ao día seguinte.

bom dia. En boa hora (emprégase para mostrar satisfacción polo feito que acompaña), “*Bon dia vi amigo, / pois seu mandad' ei migo*” OBS. Tamén *en bon ponto*. Cf. *(en) mal / mao dia, (en) grave dia*.

de cada dia. Cada día.

de dia. De día, durante o día.

de dia et de noyte, de noyte et de dia. Día e noite, continuamente.

dende a + ordinal + expresión de tempo.

X tempo despois, “*dend' a tercer dia*” (CSM, 419.31): 'de alí a tres días, tres días despois'.

de noyte et de dia. V. *de dia et de noyte*

(en) grave dia, (en) mal / mao dia. En mala hora (emprégase para laiarse do feito que acompaña), “*En grave dia, senhor, que vus vi, / por mi e por quantos me queren ben!*” (CA, 3687). OBS. Tamén *en forte ponto, (en) mal / mao ponto, en ponto mao, en forte ora, en mal ora*. Cf. *bom dia*.

en outro dia, eno outro dia. V. *a outro*

dia.
este (presente) dia. Hoxe.
estoutro dia, noutro dia. Estoutro día, hai uns días.
grave dia. V. *en grave dia*.
mal / mau dia. V. *en grave dia*.
noutro dia. V. *estoutro dia*.
o dia de cras. Mañá.
o dia de oje. Hoxe, no día de hoxe.
oge en dia. Hoxe en día, actualmente.
oge en este dia, oje / oy dia, oje este dia.
 1) No día de hoxe, “*se outr' amor á sigo, / ergo o meu, quera / morrer oj' este dia*” (Amigo, CXXXII, 6), “*Vistes, madre, quando meu amigo / pôs que verria falar comigo? / oje dia cuidades que venha?*” (Amigo, CI, 3).
 2) Hoxe en día, actualmente, “*Og' este dia esta virtud' an / os jograres*” (CSM, 259.51). Coa acepción 1 pode intercalarse *dito*: *oje este dito dia*.

(o) *outro dia*. V. *a outro dia*.

oy dia. V. *oge en este dia*

DIANTE:

a deant. Adiante.

de deant(e). Diante.

de, des, desde + expresión con valor temporal + endiante / endeante / en deant(e). De + expresión con valor temporal + en diante, a partir de + expresión con valor temporal. OBS. Expresións temporais sublematizadas (forma modernizada): *alí, aquela hora, aquí, o día do tempo do meu finamento, hoxe este dia, hoxe este dito día*. Tamén con *a deante*.

DITO: *de dito*. De palabra, por medio da palabra, “*segurou de dito e de feyto e de cõsello a Ferrnand Gonçalues*” (LNAP, 600). OBS. Aparece frecuentemente coordinado con outros elementos, como *de feito* ou *de consello*, tal e como se pode observar no exemplo.

DOADO: *en dõado*. 1) Gratuitamente,

“*E ssequer o meu serviço / averedes en dõado*” (CSM, 67.31). 2) Inutilmente, “*a correr / aquel poboo yrado / se fillou pola querer / destruir; mas en dõado / foron esto cometer*” (CSM, 99.34). OBS. Tamén existe a grafía conxunta, *endoado*.

DULTA: *sen (nulla) dulta*. Sen dúbida. OBS. Tamén *sen (neña / nulla) dultança*.

DULTANZA: *sen (neña / nulla) dultança*. Sen dúbida. OBS. Tamén *sen (nulla) dulta*.

DUR: *de dur*. Dificilmente, “*de dur seria / en un gran dia contado*” (CSM, 328.18).

EFECTO: *con efecto*. Efectivamente, “*outorgarõ averlos rreçibjdos rrealmête e cõ efecto*” (LNAP 453). OBS. En todos os exemplos rexistrados aparece como segundo elemento dunha coordinación con *realmente* e en relación á transacción de bens ou diñeiro. En CN dáselle o significado de 'con cartos en efectivo'.

EITO: *a eito*. 1) Inmediatamente, “*dix' eu log' a eito / esto que sei que vos a vós aven*” (CE, 419.9). 2) A eito, seguido, sen interrupción e por completo, de principio a fin, “*este sonno / lle contava tod' a eito*” (CSM, 345.92).

ENFESTO: *a enfesto*. Cara arriba.

ENGANO: *a engano*. Con engano, “*lle deu con un cuitel' a engano / en tal logar, que vergonna me faz / de o dizer*” (CSM, 105.60). OBS. Nas CSM interprétase como 'perfidamente'.

ENSÚN: *d' ensũu*. Conxuntamente, “*poserõ entre si que ambos posasen d' ensũu*”, 105.12 OBS. Atopamos frecuentemente a grafía conxunta.

ENVIDOS: *a envidos, de envidos / anvidos*. De mala gana, contra a miña

[túa...] vontade.

ESCONDER: *a scondudas.* Ás escondidas. “*E des ali adeante / non ouv' y boi nen almallo / que tan ben tirar podesse / o carr' e soffrer traballo, / de quantas bestias y son / que an as unnas fendudas / sen feri-lo de baston nen d' aguillon a scondudas*” (CSM, 31.68). OBS. Nas CSM proponse entre interrogantes o significado 'a golpes, arrancando as carnes', sendo a lectura *a scodudas*. No entanto tamén se propón a *lectio facilior* recollida aquí. Esta última tamén é a lectura que se recolle na Cronol. de Ramón Lorenzo e no *TMILG*.

ESCUSA: *a escusa.* A escuso, sen ser visto, ás escondidas. OBS. Tamén *a escuso, en ascuso.*

ESCUSO: *a escuso, en ascuso.* A escuso, sen ser visto, ás escondidas. OBS. Tamén *a escusa.*

ESPECIAL: *en especial.* En especial, especialmente.

ESTO: *en esto.* Nisto, neste momento.

FALIDA: *sen falida.* Certamente, sen dúbida. OBS. Tamén *sen falimento, sen falir, sen falla.*

FALIMENTO: *sen falimento.* Certamente, sen dúbida. OBS. Tamén *sen falida, sen falir, sen falla.*

FALIR: *sen falir.* Certamente, sen dúbida. OBS. Tamén *sen falida, sen falimento, sen falla.*

FALLA: *sen falla.* Certamente, sen dúbida. OBS. Tamén *sen falida, sen falimento, sen falir.*

FE:

a boa / bõa fe. 1) De boa fe, “*prometo e prometo a boa fee sã malo engano de nõ yr*” (LNAP, 1295), “*feserã o dito apreçimento a todo seu poder e a bõa fe, sen mao engano, verdadeyramẽte*” (LNAP, 2179). 2)

Abofé, realmente, en verdade, “*jurando-lhe ante que, / a bõa fé, nõna er leixe como a leixou*” (CE, 102.7). OBS. En LNAP, nas entradas *fe* e *bõo*, a locución aparece recollida co significado actual de *abofé* ('abofé, a fe, certamente, de verdade, de certo, sen dúbida'). Pola contra, baixo a entrada *a* dáselle o valor de 'de boa fe'. Porén, os exemplos ilustrativos son os mesmos nos tres casos (os citados en 1). Co significado 2 tamén *a la (minha / mha) fe, en bõa fe e per / por (boa / bõa) fe.*

a la (minha / mha) fe. Sinceramente, realmente, en verdade. Tamén *a boa / bõa fe, en bõa fe e per / por (boa / bõa) fe.*

en bõa fe. Sinceramente, realmente, en verdade. OBS. Noutros textos rexistrados no *TMILG* funciona tamén co valor de 'de boa fe'. Cos dous valores, tamén *a boa / bõa fe.* Co valor indicado inicialmente, tamén *a la (minha / mha) fe e per / por (boa / bõa) fe.*

per / por (boa / bõa) fe. Sinceramente, realmente, en verdade. OBS. Pode ir reforzado con *sen engano: per fe sen engano.*

FEITO

a feito. 1) Realmente, de feito, “*ja chus seu nome non direi; / c(a) a feito [ja] mi-a nomeei!*” (CA, 7005). 2) Seguido, sen interrupción, “*pois me deito / e dormesco e dôrmio ben a feito* (CE, 419.15), “*O bispo e toda a gente deant' estando, / veend' aquest' e oynd' e de rijo chorando, / viron que miragre foi e non trasgeito; / porende loaron a Virgen a feito*” (CSM, 77.43). OBS. En CA, CSM e CE figura só co significado de 'efectivamente, realmente, en verdade'. Existe tamén a grafía

conxunta.
de feito. 1) De feito, realmente, na realidade, “*que lle pertencen et pertẽsscer deũ, así de feito como de dereito como en outra qualquer maneira*” (CN, 52.80). 2) De obra, por medio da acción, “*que nõ errará de dito nõ de feyto en súa persona*” (LNAP, 2045). OBS. Nos exemplos recollidos coa acepción 1 (uso xurídico) aparece sempre en combinación con *de dereito*, salvo nun caso: “*para que disesẽ a verdade de feyto sòbrela sêtẽcia*” (LNAP 408). En tal exemplo a expresión é interpretada como locución adxectiva ('real, verdadeiro'). Coa acepción 2 aparece frecuentemente coordinado con outros elementos, como *de dito* ou *de consello*, tal e como se pode observar no exemplo.

FIO: *a finas e a fio.* Perentoriamente, sen dubidar, “*vo-lo juro muit[o] a finas e a fio*” (CE, 35.8). OBS. Non atopei máis exemplos que verifiquen o significado ofrecido.

FITA: *a fita.* Inmediatamente, á présa, “*vos mando / que vaades tod' a fita / logo catar os canales*” (CSM, 386.51). OBS. O significado sinalado figura con interrogantes nas CSM. Non atopei máis exemplos que axuden a verificalo.

FIXO: *de fix.* Con seguridade, “*E sei de fix que ensandecerei!*” (CA, 7342). OBS. Trátase do único exemplo atopado.

FONDO: *a fondo.* Cara abaixo.

de fond' a cima. Completamente, de punta a punta, “*a do almirallo / de fond' a cima fendeu, / e britou logo o maste*” (CSM, 35. 85).

FÓRA: *de fora.* Fóra, por fóra.

FORMA: *en forma (de dereyto).* Coas

formalidades esixidas pola lei.

FORZA:

a força. Á forza, violentamente “*a força per cabelos / do caminno a sacara*” (CSM, 355.77). OBS. Tamén *per / por força.*

per / por força. 1) Pola forza, violentamente, “*un rei / con oste de pagãos / vẽo a vila cercar / mui brav' e mui sannudo, / pola per força fillar*” (CSM, 28.20). 2) Por forza, necesariamente, “*En tod' est' a lazerar / ouve per força o vỹo, / ca del foi grand' o beber*” (CSM, 351.23). OBS. Coa acepción 1 tamén *a força.*

por fina força. A viva forza, aplicando moita forza. OBS. Tamén *por viua força.*

por força. V. *per força.*

por viua força. A viva forza, aplicando moita forza. OBS. Tamén *por fina força.*

FURTO: *a furto.* A furto, de maneira oculta.

GALO: *ao galo primeiro.* Ao amencer.

GRADO:

a meu (teu...) grado, ao meu (teu...) grado. Co meu (teu...) agrado e consentimento. OBS. Cf. *mal / mao (a) meu (teu...) grado.*

de (bon) grado. Voluntaria e gustosamente. OBS. Cf. *de mau grado.*

de mau grado. Contra a súa vontade e o seu gusto. OBS. Cf. *de (bon) grado.*

mal / mao (a) meu (teu...) grado. A meu (teu...) pesar. OBS. Cf. *a meu (teu...) grado, ao meu (teu...) grado.*

GUISA:

a nihua gisa, de nenhuma guisa, en nihua / nẽhũa guisa, en nulla guisa, nihua gisa, per nulla guisa, per / por nẽhũa / nihua / nĩhũa guisa. Emprégase como reforzo da negación: de ningún

modo, en ningún caso, “*Et a nihua gisa nō na leues a Braagā*” (MS, 65.12). OBS. V. tamén **maneira, ren, sen.**

de + det / mod + guisa. De + det / mod + maneira. OBS. Determinantes / modificadores sublematizados (forma modernizada): *aquela, aquesta, esta, fera, unha, esta, moitas, ningunha, outra, tal, toda.* Con todo, algunhas das expresións poden ter un significado irregular (V. *de nenhuma guisa, de maa guisa*). Tamén con **maneira.**

de maa guisa. Emprégase como elemento ponderativo: de mala maneira, moi, moito, “*et que te escarmentará de maa guisa*” (TC, 588.21). OBS. Tamén *de maa maneira.*

de nenhuma guisa. V. *a nihua gisa.*

en + det + guisa. De + det + maneira. OBS. Determinantes sublematizados (forma modernizada): *algunha, aquela, cal, esta, moitas, ningunha, nula, outra, tal, todas.* Con todo, algunhas das expresións poden ter un significado irregular (V. *en nihua / nēhũa guisa, en nulla guisa, en toda guisa, en todas guisas*). Tamén con **maneira.**

en nēhũa / nihua guisa, en nulla guisa. V. *a nihua gisa.*

en toda guisa, en todas guisas. 1) Con toda seguridade, absolutamente “*el foi-ss' aa igreja, / cuidando y guarecer, / creendo en toda guisa / que non seria britada*” (CSM, 164.19), “*cuidand' en todas guisas y a sãar*” (CSM, 91.24). 2) Sexa como sexa, fose como fose, “*vos yde en toda guisa cras ãna noyte ante que se leuãte a lũa*” (HT, 278.30). OBS. Tamén *en toda maneira, en todas maneiras.*

nihua guisa. V. *a nihua gisa.*

per / por + det + guisa. De + det + maneira. OBS: Determinantes sublematizados (forma modernizada): *algunha, cal, ningunha, nula.* Con todo, algunhas das expresións poden ter un significado irregular (V. *per / por nēhũa / nihua / nĩhũa guisa, per nulla guisa*). Tamén con **maneira e ren.**

per nēhũa / nihua / nĩhũa guisa, per nulla guisa. V. *a nihua gisa.*

por + det + guisa. V. *per + det + guisa.*

por nēhũa / nihua / nĩhũa guisa. V. *a nihua gisa.*

sen guisa. Sen motivo, inxustificadamente, inxustamente.

HORA:

aa ora, a ora. Ao momento, “*E des que foi morto, logo / a ora enbarveceu*” (CSM, 124.42).

(a) *aquela ora, en aquela ora.* Entón, naquel momento.

(a) *essa ora, en essa ora.* 1) Entón, nese momento, “*e log' o arcediogo / a essa ora guaryu*” (CSM, 204.41). 2) Agora, “*Mai-lo Papa Cremente / certamente / lle disse: 'Essa ora, / sen demora, / te vai pera Suria'*” (CSM, 115.159).

a esta ora, estas oras. Agora, neste momento.

a ora. V. *aa ora.*

aquela ora. V. *a aquela ora.*

en aquela ora. V. *a aquela ora.*

en essa ora. V. *a essa ora*

en forte ora, en mal ora. En mala hora (emprégase para laiarse do feito que acompaña), “*Et que en forte ora vos eu achey et en mao dia vos tãto deseje y veer que agora foy myña ventura de uos ferir cō mjñas maños*” (HT, 371.29). OBS. Tamén (*en*) *grave dia, (en) mal / mao dia, en forte ponto, (en) mal / mao ponto, en ponto mao.* Cf. *en ora boa.*

en ora boa. En boa hora (emprégase para mostrar satisfacción polo feito que acompaña), “*Pois que m' eu fiqu' en Lisboa, / já que se vai o ricome, / varon, vaa-s' en ora boa*” (CE, 107.6). OBS. Nas CE o significado que se ofrece é 'en hora feliz, con boa sorte'. Cf. *en forte ora, en mal ora*.

essa ora. V. *a essa ora*.

estas oras. V. *a esta ora*.

hũa ora. Entón, “*Como o arçipreste achou o conde Fernan Gonçalvez et a jnfante dona Sãcha ãna mata hu iaziã El conde et a jnfante, estando asy ascondudos en aquel monte, ouuerõsse de ueer hũa ora en muy gram perigoo et en muy gram coyta*” (TC, 134.4).

HOXE:

de oje a + cuantificación temporal. De hoxe en + cuantificación temporal, dentro de + cuantificación temporal, “*et sabe que d' oje a tres dias seeras d' este mudo leuada*” (MS, 221.8).

de oje / oy mays, des oi / oje mais, des oimais, desoy mays, oge mays, oi mais. A partir de hoxe. OBS. Co mesmo significado podemos atopar *oimays*, en grafía conxunta.

IGUANZA: *per iguança*. Por igual, na mesma medida, “*o seu partamos / logo sen perfia / todos per iguança*” (CSM, 9.96).

LECER:

a lezer. Con gusto, con contentamento.

sen lezer. Sen máis tardar.

LEVE: (*a, aa*) *de leve*. Por certo, realmente, certamente, “*et el que a de leue nũca foy uençudo foyo aly*” (TC, 687.45).

LIXEIRO: *de ligeiro*. Doadamente, “*pode-o Santa Maria / mui de ligeiro fazer*” (CSM, 242.5).

LLANO: *de llano en llano*. Verdadeiramente, “*so pena que, se*

errare, que pague de llano en llano ao dito Sueyro Gomes j m cc morauidts” (LNAP, 2046). OBS. Nos tres exemplos atopados a locución combínase co verbo *pagar*.

LOGO: *logo enton / entonce*. Logo, axiña, inmediatamente.

LONGO:

a longo, ao longo, de longo. Ao longo, lonxitudinalmente.

de longo a longo, de longo en longo. En toda a súa lonxitude, todo ao longo.

LONXE: *a longe*. Lonxe, ao lonxe.

LUGAR: *a logares*. Aquí e acolá, en diversos sitios.

MAL: *de mal en peor*. De mal en peor.

MAN:

de mã comũ. De común acordo, “*Obligãrõse de mã comũ cõ todos seus bẽes*” (LNAP, 2070).

de mão. Rapidamente, “*tornou-sse logo de mão / a ssa casa*” (CSM, 119.67), “*quis ir vende-lo almallo; mas el sayu-lle de mão / e correndo de randon / foi a jornadas tendudas, / come sse con aguillon / o levassen de corrudas*” (CSM, 31.50). OBS. Nas CSM sublematízase *logo de mão* co significado 'inmediatamente'. Só atopei outro exemplo máis, similar ao segundo.

pela mão. Da man, colléndolle a man, “*E ben assi pela mão / a levou ben sen afan*” (CSM, 236.31). OBS. Para o emprego en combinación co verbo *ir*, “*ya pela mão / con el un preste*” (CSM, 69.80), Mettmann propón entre interrogantes o significado 'ir ao lado de alguén'.

MANEIRA:

a nũhũa maneira, en nehũa / nẽhũa maneira, per / por ne(n)hũa maneira, per / por nulla maneira. Emprégase como reforzo da negación: de ningún modo, en ningún caso, “*que per nulla*

maneira / *est' alva vestir provasse*" (CSM, 2.53). OBS. V. tamén **guisa, ren, sen**.

de + det + maneira. De + det + maneira. OBS. Determinante sublematizado: *esta*. Tamén con **guisa**.

de gran maneira. Emprégase como elemento ponderativo: moi, moito, "*ouve fillo / fremoso de gran maneira*" (CSM, 43.28), "*queria de gran maneira / compoer hũa omagen / d' idolo*" (CSM, 196.23).

de maa maneira. Emprégase como elemento ponderativo: de mala maneira, moi, moito, "*ond' el espantad' estava de maa maneira*" (CSM, 119.42). OBS. Tamén *de maa guisa*.

en + det + maneira. De + det+ maneira. OBS. Determinantes sublematizados (forma modernizada): *esta, aquela, cal, calquera, ningunha, outra, outra calquera, outra maneira algunha, toda*. Con todo, algunhas das expresións poden ter un significado irregular (V. *en nehũa / nẽhũa maneira, en toda maneira*). Tamén con **guisa**.

en nehũa / nẽhũa maneira. V. *a nĩhũa maneira*.

en toda maneira. 1) Con toda seguridade, absolutamente, "*Et derõ lle moy grandes dões para ofereçer ante o altar et oyr a[s] santas rrespostas, et que en toda maneyra soubese cõmo lles avia de acõtesçer*" (HT, 104.29). 2) Sexa como sexa, fose como fose, "*Amostrar-nos debes carreira / por gãar en toda maneira / a sen par luz e verdadeira*" (CSM, 100.17). OBS. Tamén *en toda guisa, en todas guisas*.

per / por + det + maneira. De + det + maneira. OBS. Determinantes sublematizados (forma modernizada):

cal, ningunha, nula. Con todo, algunhas das expresións poden ter un significado irregular (V. *per / por ne(n)hũa maneira, per / por nulla maneira*). Tamén con **guisa e ren**.

per / por ne(n)hũa maneira. V. *a nĩhũa maneira*.

per / por nulla maneira. V. *a nĩhũa maneira*.

MANTENENTE: *a mantenent / mantenente*. Á mantenta²¹, con toda a forza das mans.

MAÑÁ:

aa manãa, de manãa, ena / ãna / na manaa, na manãa, por la manãa. Á mañá, de mañá, pola mañá. OBS. Outras variantes: *de manaa, de mañãa, de mannãa, ena mannãa, por la mañãa*.

de grã manãa / mañãa, gran manaa / manãa / mannãa, grande manãa. Moi cedo pola mañá, ao amencer.

de manãa. V. *aa manãa*.

ẽna / ena manaa. V. *aa manãa*.

gran manaa / manãa / mannãa, grande manãa. V. *de grã manãa*.

na manaa / manãa. V. *aa manãa*.

por la manãa. V. *aa manãa*.

MAR:

aalen mar, alen mar. Ao outro lado do mar, no outro lado do mar.

aaquen mar, aquen mar. A este lado do mar, neste lado do mar.

alen mar. V. *aalen mar*.

aquen mar. V. *aaquen mar*.

de mar a mar. De punta a cabo, "*Et desi foyse el rrey a cõquerir a Espana toda de mar a mar*" (MS, 75.10).

OBS. Combínase sempre con referentes xeográficos.

²¹ No *Diccionario Cumio de expresións e frases feitas castelán-galego* recóllese esta expresión, como forma viva, co significado da paráfrase que se acompaña.

sobre mar. No mar, “*el Rrey Castor et el Rrey Polus entrarō sobre mar por lle acorrer, mays en forte pōto se alongarō d' aquel porto en que entrarō*” (HT, 92.8). OBS. En HT ofrécese o significado 'mar a fóra', pero non parece que a expresión teña esa restrición semántica.

MARABILLA:

a a maravilla, a maravilla. Moi, moito, “*era grānde et nēbrudo a a maravilla*” (HT, 93.17), “*a maravilla fera / amava Santa Maria*” (CSM, 312.16). OBS. Aparece adoito modificado con *fera* ou con *gran*: *a maravilla fera, a gran maravilla*.

por maravilha. De milagre [dise cando o sucedido ocorreu contra todo o previsto], “*se verdade fôr, / por maravilha pod' a ben sair*” (Amigo, CCCXXXIX, 6).

MEDIDA: *sen medida*. Sen medida, sen mesura, moi, moito.

MEDIO:

de medio a medio. Pola metade, “*parto cō bós de medio a medio*” (LNAP, 2554). OBS. En GN ofrécese os significados 'integramente, completamente, enteira-mente' e 'de parte a parte, dun lado a outro' (dándolle preferencia a este último). Os dous exemplos son si-milares: “*et tomar as ágoas de medio a medio a vosa custa*” (GN, 57.23).

de por medio. A partes iguais.

en este meogo. Entre tanto, neste medio tempo.

en medio / meyo. En medio, no centro.

per medeo / medio / meo / meogo. 1) Polo medio, no medio, “*deulle hun tan gran golpe por meo dos peytos*” (CT, I 99.30). 2) Pola metade, “*et daua cō ela grādes golpes en gisa que cortaua moytos corpos por meo*” (MS, 90.10).

MEDO: *a medo*. Con medo,

temerosamente.

MELLOR: *polo mellor*. Da mellor maneira, “*ar fezo-ll' a ssa morte / que polo mellor morreu / rei que en seu logar fosse*” (CSM, 292.31). OBS. Non atopei máis exemplos que verifiquen o significado ofrecido.

MENOS: *a meos*. Ao menos, polo menos.

MENTE V. *boamente*.

MENTIR:

por non mentir. Certamente, con toda a franqueza. OBS. Tamén se constrúe con OI: *por vos non mentir*.

sen (todo) mentir. De verdade.

MEOGO: *en este meogo*. V. **medio**.

MESMO: *por min (ti...) mjsmo / meesmo*. Por min (ti...) mesmo, persoalmente.

MESURA:

de mesura, por mesura. Comedidamente, con moderación. OBS. Cf. *sen mesura*.

sen mesura. Sen mesura, desmesuradamente. OBS. Cf. *de mesura, por mesura*.

sobre mesura. Moi, “*ũa fegura / da Virgen santa e pura, / fremeosa sobre mesura*” (CSM, 405.23).

MIÚDO:

a meude, a mjude, a mñude. A miúdo. OBS. Atopamos ás veces a grafía conxunta: *ameude, amiude*.

por miudo. Polo miúdo, con gran detalle.

MORTE:

de morte. De morte, mortalmente, a punto tal que a vida periga.

de maa morte. Cunha morte mala [morrer].

NADO: *a nado*. A nado, nadando.

NOITE:

aa mea / medea / meya noite, a mea / meya noite. A medianoite. OBS. Tamén se pode atopar a grafía conxunta de substantivo e adxectivo.

de noyte. De noite.

grã noyte. A altas horas da noite.

NOVO: *de nouo*. 1) De novo, “*de nouo lles queres fazer outro pesar*” (CT, II 79.11). 2) Recentemente, “*hũu jnfançõ que y estaua, que entõ auja y chegado de nouo a essa çerca de Seuilla*” (TC, 875.4). OBS. Tamén parece significar 'por primeira vez' en exemplos atopados noutros textos: “*et em aquela terra que te eu dey que poblases de novo, quando tu et tua compañia viestes primeyramẽte [a m̃j] [que faças bem em ella et nõ mal.]*” (XE, VI, 6/223). Emprégase frecuentemente como locución adxectiva co valor de 'novo'.

NUNCA:

nunca ja mais / iamays. Nunca xamais.

nunca mais. Nunca máis.

OÍR: *por la oyda*. De oídas, polo oído sobre algo ou alguén. “*esto acaesçe cada dia moytas vezes que quer õme bem a aquel a que nõca vyo. Et tem sua rrazõ, et quer lle bem tã solamẽte por la oyda*” (HT, 348.42). OBS. É o único exemplo atopado.

OLLO: *a ollo*. Claramente, de forma evidente, “*demais viian da nave / muitos a ollo morrer*” (CSM, 313.29).

ORDE: *por ordẽe*. Por orde.

OUSO: *en ouso*. A pelo, sen sela.

OUTRO: *outro tanto*. Outro tanto, o mesmo.

PAR:

a par. 1) Ao lado, “*sigo a sobia ao ceo, / u ssé con el a par*” (CSM, 180.51). 2) Ao mesmo tempo, á vez, simultaneamente, “*E as orellas ll' abriu, / assi que tan tost' oyu, / e o sangue lle sayu / da lingu' e delas a par*” (CSM, 101.37).

en par. Completamente [abrir, cerrar].

par a par. Ao lado.

PARTE:

a a de parte, a de parte, a hũa parte, a parte. Á parte, a un lado, a / en outro lugar.

desde + X tempo + a esta parte. Desde hai X tempo a esta parte, desde hai X tempo ata este momento, “*tornou a cõtinnuar seu jur e posisiõ que el e aqueles de que(e)n el ouvo o dito paaço e vjnas senpre teuerõ desde XXX, LX, XC anos a esta parte e máis tenpo*” (LNAP, 2504).

nulha parte. Nada, “*quant' eu de vós conhosco, / nulha parte non sabedes*” (Amigo, CXIII, 4).

por la mayor parte. Pola maior parte, na súa maior parte.

PASADA: *de pasada*. De pasada, por riba, de xeito superficial, “*A testa ten enrugada e os olhos encovados, dentes pintos come dados... / e acabei, de pasada*” (CE, 405.18). OBS. Non atopei máis exemplos que verifiquen o significado ofrecido.

PASO:

meu (teu...) pass' e passo, passo et paso.

Paso a paso, lentamente.

meu (teu...) passo (calado). Paseniño, a modiño, “*ide vosso passo calado / e non leixedes i nada perder / se non a vós*” (CE, 83.11).

passo et paso. V. *meu (teu...) pass' e passo*.

PAZ: *a paz, en paz*. Sen discusión [pagar, poñer, quitar, sacar]. OBS. Termo xurídico, adoito en combinación con *a salvo, en salvo*. A expresión *en paz* ('tranquilo') é unha locución adxectiva.

PÉ:

a meu (teu...) pee. Polo meu (teu...) propio pé.

a pe, de pe. A pé, andando.

PECADO: *mal / mao pecado, mao meu (teu...) pecado*. Desgraciadamente, infelizmente.

PELEXA: *sen peleja*. Sen dúbida, “*mançebos collia / ben mandados, sen peleja*” (CSM, 67.22). OBS. Este significado é presentado nas CSM como hipotético. Tamén *sen contenda*.

PENA: *a gran pena, a grandes penas*. Con moitas dificultades.

PEQUENO: *de pequeno*. De pequeno.

PERPETUO: *para yn perpetuo*. Para sempre, “*que vendo firmemente et dou por jur de herdade (...) a vós (...) que conprades para vós et para vosa muller (...) et para vosas e súas vozes e herdeiros para yn perpetuo*” (CN, 63.11). OBS. Atopei outro exemplo, en diferente texto, no que a fórmula latina aparece tamén precedida de *para*, o que me levou a lematizar así a expresión. Noutro caso a primeira preposición está ausente: “*quero e mando que os ajan en cada vn ano in perpetuo*” (GHCD, 107/462). Tamén *para perpetuo*.

PESAR: *a pesar ou a plazer*. Sexa como sexa, fose como fose, dunha ou outra maneira, “*a pesar ou a plazer a fazer lles conviña de entrar en el, ca aviã medo que viesse outro peor tẽpo*” (HT, 338.1). OBS. En HT o significado que se ofrece é 'no entanto, non obstante'. Non atopei máis exemplos que verifiquen o significado ofrecido.

PODER:

a meu (teu...) poder. Da mellor maneira posible, na maior medida posible, empregando todos os esforzos, “*un seu pintor que punnava de pintar / ela muy fremos' a todo seu poder*” (CSM, 74.8). OBS. O substantivo aparece frecuentemente cuantificado con *todo*, como se pode observar no exemplo.

a poder, de poder. Emprégase como elemento ponderativo: moito, con

forza..., “*Martim de Cornes vi queixar / de sa molher, a gran poder*” (CE, 363.2), “*o rio corria de poder*” (CSM, 142.21). OBS. O substantivo pode aparecer modificado, cando menos coa preposición *a*: *a gran poder, a mays poder*.

POR:

per + min (ti...). 1) Por min (ti...) mesmo, “*cada un nembro per si mui de rig' estalava*” (CSM, 77.36). 2) Pola miña (túa...) propia vontade, “*Por que mentiu o desmentido / pesa-mi, pois per si é falido*” (Amigo, XVII, 14).

PORFÍA: *a perfía*. 1) Á porfía, competindo. 2) Persistentemente, tenazmente, “*Toda a noite ardeu a perfía / ali o fog*” (CSM, 39.10).

POS:

de pos. Atrás.

en pos / pus. 1) Detrás. 2) Despois.

POSTREMO: *a postremas*. Finalmente.

POUCO:

a per poucas, a poucas, cõ pouco, per / por poucas, por pouco. Por pouco.

a pouca(s) / pouco(s) (de) + expresión de tempo, en pouco(s) / pouca(s) (de) + expresión de tempo. Pouco + expresión de tempo + despois. OBS. Exemplos sublematizados (forma modernizada): *a / en pouca de hora, a pouca de sazon, a pouca sazon, a pouco pois, a poucos de días, a poucos días, en pouco de tempo*.

cõ pouco. V. *a per poucas*.

en pouco(s) / pouca(s) (de) + expresión de tempo. V. *a pouca(s) / pouco(s) (de) + expresión de tempo*.

per / por poucas. V. *a per poucas*.

por pouco. V. *a per poucas*.

pouco et pouco, meu (teu...) pouqu' e pouqu'. 1) Pouco e pouco, lentamente, “*forõ logo tornãdo as espadoas pouco et pouco et tirandose afora*” (TC, 6.39). 2) Aos poucos, de

forma intermitente, “*e vin aquí a Segobia morrer, ca non veg' i quen soia veer / meu pouqu' e pouqu', e por esso guaria!*” (CA, 5300). OBS. Non se ofrece significado en CA.

pouco ñe moyto. Nin pouco nin moito, nada.

un pouco. Un pouco, algo.

PRAN: *a / de pran*. Realmente, certamente, francamente, “*de pran çcuidades que algun poder / ei eu, senhor, de me vos én quitar?*” (CA, 162), “*E quen tal coita non ouver', / o al on lh' é coita, de pran!*” (CA, 3640). OBS. Cf. *de chão*.

PRAZA: *en plaça / praça*. En público, publicamente.

PREITO: *per niun preito*. Emprégase como reforzo da negación: de ningunha maneira, “*poren per niun preito / non quis combater mandar*” (CSM, 28.107).

PRÉSA: *a presa*. Á présa, rápido. OBS. A locución sublematizada en MS está cuantificada: *a grã presa*.

PRESENTE: *ao (de) presente*. Ao presente, agora, “*que ao de presente máys ño se acordaua*” (LNAP, 2716), “*outras casas que forõ de Pero Gomes en que ao presente vjve Costança Gomes*” (CN, 69.18).

PRETO: *a perto / preto*. Preto, cerca.

PREZO: *por preço çerto*. De acordo cun prezo establecido de antemán.

PRIMEIRO:

aas primeiras. Ás primeiras de cambio, xa ao principio de todo, “*pois el, aas primeiras, / quer de mi levar o meu*” (CE, 114.13).

da primeira. De primeiras, primeiro, “*Quand' esto viu a moller, ouve pavor / da primeir', e pois tornou-sse-l' en sabor*” (CSM, 21.56).

de primeiro. 1) Primeiro, en primeiro lugar, “*catar foi logo de primeiro / u*

as sas armas ante leixou” (CSM, 15.124). 2) Ao principio, antes, “*segundo que a de primeyro tijña*” (LNAP, 2511).

PUNTO:

de todo pũto. Integramente, completamente, “*et aconteçendo de arder as ditas casas ou caer de todo pũto*” (CN, 51.45).

en bon ponto. En boa ora (emprégase para mostrar satisfacción polo feito que acompaña), “*en bon ponto el tan muito leeu, / ca per[i] o preçan condes e reis*” (CE, 42.15). OBS. Tamén *bom dia*. Cf. *en forte ponto*, (*en*) *mal / mao ponto*, *en ponto mao*.

en forte ponto, (*en*) *mal / mao ponto*, *en ponto mao*. En mala hora (emprégase para laiarse do feito que acompaña), “*Don Pedr', en Vila Real, / en mao ponto vós tanto bevestes*” (CE, 17.20). OBS. Tamén (*en*) *grave dia*, (*en*) *mal / mao dia*, *en forte ora*, *en mal ora*. Cf. *en bon ponto*.

en pũto. Axiña, ao momento, “*mais logo en pũto pensou en al*” (HT, 138.43).

mal / mao ponto. V. *en forte ponto*.

nen ponto. Nada, en absoluto, “*ñe a ela ño lle pesou ñe ponto*” (HT, 184.29).

PURIDADE: *en poridade / puridade*. En segredo, secretamente. OBS. Tamén con posesivo: “*fillou un vaso de prata / alá en ssa poridade*” (CSM, 175.23).

QUANDO: *quando e quando*. De cando en cando.

QUEDO: *meu (teu...) quedo*. De vagar, a modiño, “*se pois virdes que vo-la non dá, / ide sarrar a porta, vosso quedo*” (CE, 192.11). OBS. Non atopei máis exemplos que verifiquen o significado e a construción indicados.

QUERER:

(*a*) *como quer, en como quer*. Como sexa, como fose, “*ond' á mester / qu*

a leixes e te vaas / comigo a como quer” (CSM, 42.69).

quan pouco quer / xiquer. Por pouco que sexa, aínda que sexa pouco, “*sêrvia-vos ome quanto poder, / se vos desvia quan pouco xiquer, / ides log' ome trager come can*” (CE, 75.6).

RAÍZ: *de raiz*. Desde o principio “*Pois os dous ben de raiz, / segund' este conto diz / e dissemos, a Fiiz / ouveron todo contado*” (CSM, 135.144).

RANDÓN: *a rrãdom, de randon, en rrendon*. Impetuosamente, con forza. OBS. En HT o significado que se ofrece para a expresión *a rrãdom* é 'ao azar, á ventura': “*Quando virõ os troyanos que os gregos aportauam, sayron todos a elles cada hũ como mays podia yr, em tal maneira que nêhũ nõ podia atender prinçepe nõ señor mays yam todos a rrãdom, et forõ todos asũados moy agyña ãna rribeyra*” (HT, 122.17). É o único exemplo que atopo coa preposición *a*.

RAVATA:

de ravata. De improviso, de súpeto.

sen ravata. Sen présa. OBS. É difícil saber se estamos ante unha expresión fixa ou non. Só atopei o substantivo precedido de *de* e *sen*.

RAZON:

a razon, de rrazõ. Con razón, xudiciosamente, “*Quen a sesta quiser dormir, / conselhá-lo-ei a razon*” (CE, 350.2), “*Eutor era prinçepe et señor de todo et bem o deuya seer de rrazõ*” (HT, 129.14).

en bõa razon. Con razón, xustificadamente, “*Mais da gran coita do meu coraçõ / non lh' ei a dizer ren / que lh' eu diria en bõa razon e lh(e) estaria ben!*” (CA, 1622).

en + det + razon. De + det + maneira.

OBS. Determinante sublematizado: *tal*.

per / por razon. Con razón, xustificadamente.

REDO: *de redo*. Por atrás, desde detrás.

REDONDO: *a a redonda*. Ao redor, “*çercarõ a çidade e cõbaterõna a a rredonda*” (HT, 348.9).

REDOR: *a / en redor*. Ao redor.

REDRO: *a redro*. Cara atrás.

REN:

de ren. Emprégase como reforzo da idea negativa: nada, “*Logo o fezeron sen tardar de ren*” (CSM, 187.24).

nulla ren. Nada, “*Ja eu non ei oymais por que temer / nulha ren Deus*” (CA, 9184).

per nehũa / nulla ren. Emprégase como reforzo da negación: en absoluto, de ningún modo, “*o demo enton per nulla ren / nona connoceu*” (CSM, 17.67). OBS. Tamén *per / por ren*. V. **guisa, maneira, sen**.

per / por + det + ren. De + det + maneira. OBS. Determinantes sublematizados (forma modernizada): *ningunha, nula, outra*. Con todo, algunhas das expresións poden ter un significado irregular (V. *per nehũa / nulla ren*). V. **guisa e maneira**.

per / por ren. 1) Dalgunha maneira, “*se eu per ren poss' aver seu amor, / dou ao demo os outros amores*” (CSM, 10.21). 2) Emprégase como reforzo da negación: de ningún modo, “*se a quiserdes tẽer, / nõna tenhades per ren ant' el-Rei*” (CE, 19.9). OBS. Na acepción 2 tamén *per nehũa / nulla ren, per ren que seja*. V. tamén **guisa, maneira, sen**.

per ren que seja. Emprégase como reforzo da negación: por nada do mundo, “*Guardan-me d' el e que o non veja / e non me leixan, per ren que seja, a Santa Maria ir*” (Amigo,

CCCLIII, 6). OBS. Tamén *per / por ren, per nehña / nulla ren. por + det + ren. V. per + det + ren. por ren. V. per ren. sen outra ren. Sen máis, simplemente, “logo, **sen outra ren, / de todos aqueles maes / guaríu”** (CSM, 256.35). OBS. Tamén *sen al, sen outra ren.**

RENDÓN V. **randón.**

RETALLO: *a retalho.* Polo miúdo, en pequenas cantidades [vender].

RIXO: *de rigeo / rigio / rijo / rrejeo / rrejo.* Fortemente, violentamente.

ROMARÍA: *en romaria.* En romaría, en peregrinación.

SABER: *a sabendas.* A sabendas.

SALVO: *a saluo, en salvo.* Sen perigo, tranquilamente, con seguridade, “*pois o fundamento aberto for, / alt' e ben batudo, pode lavar / en salvo sobr' el*” (CE, 304.17), “*en tal que lhi non podess' escapar / nen lhi podesse en salvo fogir, / filhou o espeto, en son d' esgremir*” (CE, 140.20). OBS. Utilízase adoito como termo xurídico en coordinación con *a paz, en paz.*

SAZÓN:

aa sasõ. Daquela, entón, naquel intre.

en todas sazões, toda sazon. Sempre.

ne hña sazon, nulha sazon. Nunca.

outra sazon. Antes, noutrora, “*logo veerán / teus ollos tan ben come outra sazon / viron* (CSM, 138.45).

OBS. Tamén *outra vez, outra vegada.*

A expresión ten ademais o significado regular de 'outra vez'.

toda sazon. V. en todas sazões.

SEMPRE:

para sempre (jamais), para todo senpre jamais. Para sempre xamais.

por sempre (jamais). Por sempre, para sempre, por sempre xamais.

sempre jamais / ja mays. Sempre.

SEN:

de sen, en (gran) sen. Con razón.

per neun / nenhun / niun sen. Emprégase como reforzo da negación: de ningún modo, “*per niun sen / sol non lle foss' outorgado*” (CSM, 135.53).

OBS. V. tamén **guisa, maneira, ren.**

SOBEXO: *en sobejo.* Demasiado.

SOBREGUISA: *a sobre guisa, a sobregisa.* Emprégase como elemento ponderativo: moi, sumamente, moito, “*Os gregos seyrõ de suas tendas orgullosos et sanudos a sobregisa*” (CT, II 114.25).

SOBREVENTA: *de sobre venta, de sobreventa.* Inesperadamente, de súpeto.

SOLAZ: *en solaz.* En broma.

SÓLIDO: *en soljdũ.* In solidum, solidariamente. OBS. Termo xurídico.

SOLTO: *a soltas.* Librementemente, sen obstáculos.

SON:

en bon son. De maneira agradable, “*a Virgen Santa mans' e en bon son / confortou o frade*” (CSM, 82.48).

en + det + son. De + det + maneira. Determinante sublematizado: *tal.*

en mal son. De maneira desagradable ou triste, “*E muitos oí eu oj' e[n] mal son / dizer por vós [atal]: que, a feito, / sodes cego*” (CE, 419.7). OBS. En CE dáse o significado 'maliciosamente, con mala intención'.

SOÑO: *en soños / sonos.* En soños.

SUSO: *de suso.* 1) Encima, enriba, “*poseron-lle de suso o livro das Cantigas / de Santa Maria*” (CSM, 209.3). 2) Arriba, “*et lle deitara a çinta asi como vos ja de suso disemos*” (MS, 233.22). OBS. Co significado 2 emprégase para remitir a un lugar anterior do texto.

TAL: *tal nen qual.* Absolutamente nada, “*Dous anos foron que nunca / falara*

el tal nen qual" (CSM, 324.45).

TALANTE:
de bon talan. De boa vontade, "*Esto farei de bon talan*" (CSM, 64.66).

TAN:
atan / tan muito. Tanto, tan.
tan solamente. Tan só, unicamente.

TANTO: *tanto por tanto*. Pola mesma cantidade, "*que o ajamos tão por tanto como outro por el der et nõ por máis*" (CN, 25.28).

TARDADA: *sen (outra) tardada*. Sen máis tardar, axiña, inmediatamente. OBS. Tamén *sen (outra) tardança, sen (outra) tardar*.

TARDANZA: *sen (outra) tardança*. Sen máis tardar, axiña, inmediatamente. OBS. Tamén *sen (outra) tardada, sen (outra) tardar*.

TARDAR: *sen (outra) tardar*. Sen máis tardar, sen máis demora. OBS. Tamén *sen (outra) tardada, sen (outra) tardança*.

TEMPO:
ante tempo. Antes de tempo, prematuramente.
em todo tempo. Sempre.

TODO:
de todo, en todo. De todo, totalmente, completamente, "*quiso prouar se avia perdido de todo o siso*" (HT, 88.43), "*et os que nõ creuerõ forõ logo çegos en todo*" (MS, 230.20). OBS. Tamén *de todo en todo*.
de todo en todo. 1) Totalmente, completamente, "*foy destroydo de todo en todo*" (HT, 14.38). 2) Con toda certeza, con toda seguridade, "*pois viu que seria / de tod' en tod' enforcado*" (CSM, 355.83). OBS. Coa acepción 1 tamén *de todo, en todo*.
en todo. V. *de todo*
en todo + dem. neutro Mentres iso (isto...) sucedía. OBS. Demonstrativos

sublematizados (forma modernizada): *esto, isto, eso, aquilo, aquilo*.

por todo. En total, en suma, "*et tẽ por todo sateẽta et çinquo marquos de plata*" (MS, 164.4). OBS. Tamén *per / por (toda) conta*.

TON: *en ton*. Moderadamente, "*Escasso foi o infançon / en seus couces partir en ton*" (CE, 296.8). OBS. Non atopei máis exemplos que verifiquen o significado ofrecido.

TORTO:
a torto. Sen razón, inxustamente. OBS. Aparece adoito modificado con *gran (a gran torto)*. De por parte, é frecuente a coordinación da expresión con *a dereito (a torto nen a dereito)*, co significado de 'nin xusta nin inxustamente'.
a torto et a trauesso. De todos os modos posibles.

TOSTE: *atan taste, tan taste*. Inmediatamente, "*deitou-ss' o novio primeiro / e tan taste ss' adormyu*" (CSM, 42.63).

TRAVÉS:
a trauesso. Ao través, atravesando de parte a parte, "*ferindo adestro et adestro et atraueso*" (CT, II 86.4). OBS. Como pode observarse, escríbese frecuentemente en grafía conxunta.
de trauesso. Lateralmente, "*et entõ vẽo dõ Fernan Rruyz de trauesso et disse*" (TC, 710.12).

TREBELLO: *en trebello*. En broma.

TROPEL: *en tropel*. En tropel, en multitude e desordenadamente.

UN:
en ã. Conxuntamente, "*ela asi o fazia que ambos albergauã en hũ cada vez*" (HT, 86.42).
hũu a outro, hũu ao outro. Mutuamente, entre si.
hũu por hũu, vn por hu, hũu por outro.

Un a un, un contra un.

VAGAR:

de vagar, de meu (teu...) vagar. De vagar, lentamente, “*sayo da casa descalça... et foy de seu vagar*” (HT, 28.36), “*tornaron non de vagar / u seu jantar tñian*” (CSM, 159.17).

sen vagar, sen outros vagares. Sen demora.

VAN: *en vão, en vaao.* 1) En van, inutilmente, sen resultado, “*non quis usar en vão / ssa vida*” (CSM, 196.54). 2) Sen motivo, sen xustificación, “*Amigo loução, / que faria per amores, / pois m' errastes tan en vão?*” (Amigo, II, 15).

VAO: *a vao.* A pé.

VEGADA:

a vegadas. Ás veces. OBS. Tamén *a vezes.*

outra vegada. Outrora, antes. OBS. Tamén *outra sazon, outra vez.* A expresión ten ademais o significado regular de 'outra vez'.

VENTURA: *per / por ventura, pela / pola / por la ventura.* 1) Por ventura, acaso, “*E se por ventura vós, o dito notario, rrefusardes en mãdar este testimonio por ser en casa do dito señor, pjdolo por testimonio signado*” (LNAP, 1863). 2) Por ventura, quizais, se cadra, “*Pelias temja se del que por ventura que o mataria*” (HT, 18.20).

VERBO: *de verbo a(d) verbo.*

Literalmente, ao pé da letra.

VERDADE:

de verdade. De verdade, realmente.

en verdade. En verdade, certamente.

por verdade. Verdadeiramente, certamente.

VEZ:

aas vezes, a vezes. Ás veces. OBS.

Tamén *a vegadas.*

de + det + vez. (De) + det + vez.

Determinantes sublematizados: *esta, esa, aquela, outra, a primeira.*

outra vez. Outrora, antes. OBS. Tamén *outra sazon, outra vegada.* A expresión ten ademais o significado regular de 'outra vez, noutra ocasión'.

toda vez. Sempre, “*Estes seus omes tragia / con crischãos toda vez / por saber mais sa fazend*” (CSM, 165.15). OBS. Non se ofrece significado nas CSM. Non atopei máis exemplos que verifiquen o significado ofrecido.

VÍA:

toda via. 1) Sempre, “*el dizia toda via que nõ et elles que si*”, (HT, 12.40).

2) Sexa como sexa, por tódolos medios. “*mays toda via fazede en guisa que bem çedo de manhã seja a villa çercada por força ou por al*”, (HT, 121.28). OBS. Tamén grafía conxunta. Funciona así mesmo como conector de oposición.

VOLTA: *de volta, en uolta.* Xuntamente, conxuntamente, “*Et os del rrey dom Fernando entrarõ ala cõ elles de volta*” (TC, 721.22).

VONTADE:

de bõa voõtade. De boa vontade.

de voontade. De corazón, sinceramente.

VOZ:

(a) *altas vozes, a grandes vozes, a gran voz.* A voces, en voz moi alta. OBS. En CN, para (a) *altas vozes* ofrécese o significado 'en voz alta'. No entanto, os exemplos recollidos (sempre en relación ao feito de pregoar) e a mesma construción parecen implicar necesariamente unha intensificación da voz.

(a) *alta voz, en voz alta.* En voz alta.

a grandes vozes, a gran voz. V. *a altas vozes.*

a hũa voz. Unanimemente, de común acordo, “*Et entõ todo los rromeus a*

hũa voz chamarō Santiago que os ajudase” (MS, 189.12).

altas vozes. V. *a altas vozes.*

alta voz. V. *a alta voz.*

en voz alta. V. *a alta voz.*

XA:

ja quando. Algunha vez, “rogou-a / que lle déss' algun poder, / per que **ja quando** podesse / a sua missa cantar” (CSM, 206.38).

ja quanto / tãto. Un pouco, algo, “Et os mouros fastarōse **ja quanto** a afora, et os cristiãos ficarō ali suas azes” (MS, 126.1), “foron todos / poren **ja quanto** queixosos” (CSM, 159.23), “Et **ja tãto** dultauã et se rreçeauã dos de fora” (HT, 194.15).

XAMAI:

ja maes / mais. 1) Sempre, “todos loaron / a Virgen por est' e loarán **ja maes**” (CSM, 114.54). 2) Xamais.

ja mais nunca, jamays nũca. Nunca xamais.

XERAL: *en gẽeral.* En xeral.

XOGO: *en jogo.* En broma.

XUSO: *a juso, de juso.* 1) Debaixo, “E como do as a face / devia jazer **de juso**, / fez per ssi dad' a sa parte, / e tornou-ss' o as de ssuso” (CSM, 214.45). 2) Abaixo, “Et porque esto seja çerto outorgamos esta carta de poder por ante notario publico et testemoyas **a juso scriptas**” (ACS, 194). OBS. Co significado 2 as locucións empréganse para remitir a un lugar posterior do texto.

4. Bibliografía

4.1. Obras incluídas no DDGM

- [ACS] TATO PLAZA, Fernando R. (1986): *Léxico das Actas do Concello de Santiago (1416-1422), Glosario (A-D), texto e concordancia*. Vol. I: Glosario (A-D). Memoria de licenciatura. Universidade, Santiago de Compostela.
- [Amigo] NUNES, José Joaquim (1926-1928): *Cantigas d' Amigo dos trovadores galego-portugueses*. Vol. III. Imprensa da Universidade, Coimbra [glosario nas páxs. 577-704].
- [CA] VASCONCELOS, Carolina Michãelis de (1920): “Glossário do *Cancioneiro da Ajuda*” en *Revista Lusitana* 23,1920,1-95 [reproducido en Imprensa Nacional-Casa da Moeda, Lisboa, 1990].
- [CE] LAPA, Manuel Rodrigues (1965, 1970²): *Vocabulário galego-português, extraído da edição crítica das Cantigas d' escarnho e mal-dizer*. Galaxia, Vigo.
- [CN] BARREIRO GARCÍA, M. Carme (1995): *A documentación notarial do concello de Noia (séculos XIV-XVI). Lectura, edición e léxico*. Tese de doutoramento. Universidade, Santiago de Compostela [glosario nas páxs. 157-506].
- [Cronol.] LORENZO, Ramón (1968): *Sobre cronologia do vocabulário Galego-Português. (Anotações ao 'Dicionário etimológico' de José Pedro Machado)*. Galaxia, Vigo.
- [CSM] METTMANN, Walter (1972): *Cantigas de Santa Maria*. Vol. IV: Glossário. Universidade, Coimbra [reproducido en Xerais, Vigo, 1981 e Castalia, Madrid, 1989].
- [CT] PARKER, Kelvin M. (1958): *Vocabulario de la Crónica Troyana*. Universidad, Salamanca.

- [HT] PARKER, Kelvin M. (1977): *Vocabulario clasificado de los folios gallegos de la Historia Troyana*. Applied Lit. Press, Michigan.
- [LNAP] TATO PLAZA, Fernando R. (1999): *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (1457)*. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela [glosario nas páxs. 223-711].
- [MS] BARREIRO GARCÍA, M. Carme (1985): *O léxico dos Miragres de Santiago*. Memoria de licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela.
- [TC] LORENZO, Ramón (1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Vol. II: Glosario. Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo, Ourense.
- MIGUEL CLAVÉ, M. de (1977): *Vocabulario de gallego medieval en documentos del s. XIII anteriores a 1275*. Memoria de licenciatura. Universidad de Valladolid.
- NUNES, José Joaquim (1932): *Cantigas d' Amor dos Trovadores galego-portugueses*. Imprensa da Universidade, Coimbra [glosario nas páxs. 535-547].

4.2. Outras obras medievais citadas nos exemplos

- [CDSO] ROMANÍ MARTÍNEZ, M. (ed.) (1989-1993): *La colección diplomática de Santa María de Oseira (1025-1310)*, 3 vols. Tórculo, Santiago de Compostela.
- [CI] SOUTO CABO, J. A. (ed.) (2001): *Crónica de Santa María de Iria*. Cabido da S.A.M.I. Catedral, Seminario de Estudos Galegos, Santiago / Edicións do Castro, Sada.
- [GHCD] LÓPEZ FERREIRO, A. (ed.) (1901): *Galicia Histórica. Colección diplomática*. Tipografía Galaica, Santiago de Compostela.
- [XE] MARTÍNEZ LÓPEZ, R. (ed.) (1963): *General Estoria. Versión gallega del siglo XIV*. Universidad, Oviedo.

4.3. Outras referencias

- GONZÁLEZ SEOANE, E. (en prensa): “Xénese e desenvolvemento do *Diccionario de dicionarios do gallego medieval*” en BOULLÓN AGRELO, A. I., COUCEIRO PÉREZ, X. L. e FERNÁNDEZ REI, F. (coords.): *As tebras alumeadas. Estudos filolóxicos ofrecidos ó profesor Ramón Lorenzo*. Universidade, Santiago de Compostela.
- PENA, X. A. (2001): *Diccionario Cumio de expresións e frases feitas castelán-galego*. Edicións do Cumio, Vigo.
- SANTAMARINA, A. (ed.) (2000³): *Diccionario de dicionarios*. Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña.
- VARELA BARREIRO, X. (dir.) (2004): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela (<http://corpus.cirp.es/tmilg>).

Léxico-gramática das frases fixas do portugués europeo. Breve presentación

Jorge Baptista, Graça Fernandes e Anabela Correia¹

Universidade do Algarve, Faculdade de Ciências Humanas e Sociais
L²F – Spoken Language Laboratory, INESC-ID Lisboa

Este artigo presenta o estado actual de desenvolvemento dun proxecto en curso que prevé a elaboración da léxico-gramática das frases fixas do portugués europeo, ilustrando o tipo de información sintáctica (distribucional e transformacional) que foi integrada nel.

Palabras clave: fraseoloxía, portugués europeo, locucións, léxico-gramática.

This paper reports on the construction of a lexicon-grammar of Portuguese frozen sentences (or idioms), and it illustrates the kind of syntactic (distributional and transformational) information that has been formalized and integrated into it.

Key words: Phraseology, European Portuguese, idioms, lexicon-grammar.

1. Introducción

Este estudo desenvólvese no marco teórico-metodolóxico da léxico-gramática (M. Gross 1975, 1981, 1996), baseado nos principios teóricos da gramática transformacional de operadores de Zellig Harris (1991), e seguindo de preto a proposta de descrición e clasificación das frases fixas presentada por M. Gross (1982, 1989).

Neste marco teórico, a unidade de análise en que é posíbel localizar o significado das expresións lingüísticas non é a *palabra*, senón a *frase simple* (ou *elemental*), que pode ser definida como a expresión dun único predicado semántico constituída, tipicamente, por un verbo e tódolos complementos esenciais. Ao conxunto das frases simples dunha lingua e respectivas propiedades sintácticas (distribucionais e transformacionais) chamámoslle a *léxico-gramática* desa lingua.

¹ Traducido por María de Xesús Botána.

As frases fixas son tamén frases elementais, na medida en que expresan un predicado semántico, pero presentan unha interpretación global que non pode ser calculada a partir do significado que os elementos compoñentes presentan cando se constrúen separadamente. Así, por exemplo:

- 1) *O Pedro passou de cavalo para burro* ‘quedar peor do que estaba inicialmente’

Por outro lado, as frases fixas, a pesar de seguir dun modo xeral as regras de boa formación sintáctica das frases da lingua, presentan importantes restricións combinatorias entre os seus constituíntes, especialmente canto á variación distribucional de certos complementos relativos ao verbo ou canto á aplicación de certas operacións transformacionais. Por exemplo, a frase anteriormente citada non permite trocar os nomes dos dous complementos:

**O Pedro passou de burro para cavalo*

cada un deses nomes non admite variación de determinantes e modificadores

**O Pedro passou do cavalo castanho para o burro da direita*

e, a pesar dun vago valor locativo dos complementos, estes non responden axeitadamente ás interrogativas parciais sobre locativos:

**P: De onde/quê para onde/quê passou o Pedro? R: De cavalo para burro*

A pesar do termo que empregamos, raros son os casos de expresións idiomáticas completamente fixas.

- 2) *A procissão ainda vai no adro* ‘un proceso (que non se menciona) aínda está no inicio’

Normalmente, unha ou máis posicións sintácticas da expresión (xeralmente o suxeito) son distribucionalmente libres. A descrición desas posicións sintácticas faise a través das mesmas propiedades distribucionais coas que se describen as construcións libres. Saliéntese, por conseguinte, que a ocupación léxica dunha posición libre é función non só do verbo senón tamén da combinación fixa verbo-complemento(s). Así, na frase

- 3) *O Pedro amarinhou pelas paredes acima* ‘Pedro alporizouse moito’

a posición de suxeito só pode ser desempeñada por un nome humano (*Nhum*), aínda que o verbo, nunha construción libre, admita nomes non humanos nesa posición:

(O macacola aranha) amarinhou pela parede acima

Por outro lado, moitas expresións son ambiguas entre unha lectura composicional (literal) e unha lectura idiomática (figurada). É o caso da frase (3), que só presenta aquel valor idiomático se o complemento está en plural, xa que en singular o seu significado global pode ser calculado a partir dos elementos compoñentes:

- 4) *O Pedro amarinhou pela parede acima*

Finalmente, as frases fixas constitúen parte substancial do léxico das linguas naturais (M. Gross 1996) e aparecen con frecuencia no discurso (Senellart 1998), polo que o seu estudo sistemático se impón e integra naturalmente na descrición lingüística.

O obxectivo deste artigo é duplo: en primeiro lugar, presentar o estado actual de desenvolvemento dun proxecto que prevé a elaboración da léxico-gramática das frases fixas do portugués europeo e, en segundo lugar, ilustrar o tipo de información sintáctica que foi integrada nel. Este tipo de descrición formal, á parte do seu interese puramente lingüístico, poderá ter diversas aplicacións de natureza pedagóxico-didáctica, tanto no ensino da lingua materna como da lingua estranxeira, así como en procesamento computacional de linguaxe natural.

2. Métodos

2.1. Datos

Co fin de resumir de forma sistemática e o máis exhaustivamente posíbel as frases fixas do portugués consultáronse diversas fontes, en particular dicionarios de lingua xeral e dicionarios especializados en expresións idiomáticas, sobre todo Santos (1990). Recorreuse tamén a revistas, xornais e outras publicacións, así como á nosa competencia de falantes nativos para completar esas recollas. Para verificar a existencia e a distribución dunha determinada construción e construír exemplos máis naturais, recorremos á consulta de corpóra textuais de natureza variada dispoñíbeis na Rede. Foi así posíbel recoller máis de 4.000 frases fixas. A pesar de estar aínda incompleta, sobre todo cando se compara cos datos dispoñíbeis para outras linguas, esta recolla xa é, por tanto, suficientemente extensa para ilustrar os principais fenómenos de fixación sintáctica que caracterizan as frases fixas do portugués europeo.

2.2. Clasificación

Para organizar os datos recollidos, as frases fixas foron obxecto dunha clasificación formal (Cadro 1), que, como dixemos, segue de preto a proposta de M. Gross (1982, 1989). Esta clasificación é homóloga á que foi utilizada para describir as construcións verbais libres (M. Gross 1975; Boons, Guillet e Leclère 1976a, 1976b; Guillet e Leclère 1992; Leclère 2000) e baséase no número e tipo de complementos da construción, a ocupación léxica (libre ou fixa) das diversas posicións sintácticas e, finalmente, as propiedades distribucionais e transformacionais da construción.

Cadro 1

Clasificación das frases fixas do portugués europeo

Clase	Estrutura	Exemplo	Efectivos
C1	$N_0 V C_1$	<i>O Pedro matou a galinha dos ovos de ouro</i> 'destruír uma fonte de riqueza por ser ganancioso'	800
CAN	$N_0 V (C de N)_1 = C_1 a N_2$	<i>O Pedro arrefeceu os ânimos da Ana = à Ana</i> 'acalmar'	200
CDN	$N_0 V (C de N)_1$	<i>O Pedro queria a cabeça da Ana</i> 'querer castigar ou vingar-se de alguém'	100
CPI	$N_0 V Prep C_1$	<i>O Pedro bateu com a porta</i>	900

CPN	$N_0 V Prep (C de N)_1$	‘abandonar una persoa ou grupo’ <i>O Pedro foi aos cornos do João</i>	100
C1PN	$N_0 V C1 Prep N_2$	‘bater en alguém’ <i>O Pedro arrastou a asa à Ana</i>	400
CNP2	$N_0 V N1 Prep C_2$	‘tentar seduzir ou conquistar alguém’ <i>O Pedro tirou o relógio do prego</i>	350
C1P2	$N_0 V C1 Prep C_2$	‘tirar da penhora’ <i>O Pedro deitou mãos à obra</i>	400
CPP	$N_0 V Prep C_1 Prep C_2$	‘começar un traballo’ <i>O Pedro foi de cavalo para burro</i>	200
CPPN	$N_0 V C1 Prep C_2 Prep C_3$	‘ficar peor do que se estaba de inicio’ <i>O Pedro deitou o bebé fora com a água do banho</i>	50
Total			3.500

Lenda: A anotación procura ser transparente: *N* corresponde aos grupos nominais distribucionalmente libres e *C* (= constante léxica) aos grupos nominais fixos co verbo (*V*); os índices indican a posición sintáctica do constituinte: N_0 o suxeito, N_1 e N_2 o primeiro e o segundo complemento respectivamente, *Prep* a preposición. A designación das clases utiliza os mesmos códigos convencionais que foron propostos inicialmente por M. Gross (1982).

De momento, os esforzos de clasificación e descrición formais céntranse nas construcións sen completivas e con suxeito distribucionalmente libre. As construcións fixas con completivas e as construcións con suxeito fixo, ilustradas en (5) e (6), respectivamente, serán tratadas nunha fase posterior:

- 5) *Vale a pena consultar esse livro*
- 6) *A brincadeira saiu cara ao Pedro*

O Cadro 1 presenta as clases de construcións xa constituídas e o número de frases fixas resumidas en cada unha desas clases. Neste cadro indícase tamén a estrutura sintáctica definitoria de cada clase e dáse un exemplo ilustrativo e a respectiva glosa.

Como se pode ver, a maioría das frases fixas (66%) distribúese polas clases de construcións transitivas directas (C1, CAN, CDN, C1PN, CNP2, C1P2 e CPPN), en que abunda a clase C1 (23%). Polo contrario, as construcións intransitivas, isto é, sen complemento directo, representan apenas un terzo das frases recollidas (34%), pero a maioría (25%) pertence á clase CP1. Probabelmente, dado o elevado número de efectivos, estas dúas clases maioritarias deberían ser aínda obxecto dunha subclasificación, con base, por exemplo, no determinante libre ou fixo (artigo definido, cero e outros) da constante léxica en C1, ou a preposición que introduce o complemento en CP1. Deseguida presentamos brevemente os criterios de clasificación aplicados.

Distinguimos as construcións transitivas directas das construcións preposicionais. No caso das construcións transitivas sen máis complementos, dado o seu elevado número, constituíronse varias clases, tendo en conta a forma do complemento directo fixo e as propiedades transformacionais da construción. Así, definimos a clase C1 para as frases cun grupo nominal fixo sen complemento determinativo libre, representábel pola fórmula $N_0 V C_1$:

- 7) *O Pedro bateu a bota [C1]* ‘Pedro morreu’

distinguíndoa das construcións con complemento determinativo libre – o que se pode representar pola fórmula $N_0 V (C de N)_j$. Estas últimas foron divididas en dúas clases (CAN e CDN), consonte ese complemento poida ou non, respectivamente, sufrir unha reestruturación dativa ([Rdat], Guillet e Leclère 1981, 1992; Leclère 1995). Trátase dunha transformación sintáctica que divide un grupo nominal coa forma $Na de Nb$, no que se observa unha relación metonímica ('parte-todo') entre Na (parte) e Nb (todo), dando orixe a dous constituíntes, pasando o Nb a funcionar como un complemento indirecto (ou dativo, isto é, pronominalizábel polas formas dativas dos pronomes persoais):

8a) *O Pedro lambia as botas do chefe* [CAN] 'mostrarse servil con alguén para proveito propio'

[Rdat] = 8b) *O Pedro lambia as botas ao chefe*

Esta operación non é posíbel nas frases da clase CDN:

9a) *As palabras do Pedro selaram (a sorte + o destino) do João* [CDN] 'determinaron o futuro'

[Rdat] = 9b) **As palabras do Pedro selaram (a sorte + o destino) ao João*

No caso das construcións transitivas directas cun complemento preposicional, o criterio fundamental foi a natureza libre ou fixa de cada un dos complementos. Constituíronse, así, a clase C1P2 con dous complementos fixos:

10) *O Pedro comeu gato por lebre* [C1P2] 'ser enganado'

a clase C1PN, con complemento directo fixo e complemento preposicional libre:

11) *O Pedro juntou os trapinhos com a Maria* [C1PN] 'casar ou pasar a vivir en unión de feito'

a clase CNP2, con complemento directo libre e complemento preposicional fixo:

12) *O Pedro atirou a Maria às feras* [CNP2] 'colocar a alguén en situación difícil'

Canto ás construcións preposicionais, seguíronse criterios homólogos. Distinguíronse, pois, as clases CP1 e CPP, con un ou dous complementos, respectivamente:

13) *O Pedro desapareceu do mapa* [CP1] 'deixar de ser visto'

14) *O trabalho ia de vento em popa* [CPP] 'un proceso desenvólvese moi favorabelmente'

No caso das construcións cun só complemento, a presenza dun complemento determinativo libre de C permite distinguir aínda a clase CPN. A semellanza do que sucede en CAN, ese complemento pode sufrir reestruturación dativa:

15a) *O Pedro não chega aos calcanhares do João* [CPN] 'ser moi inferior a alguén en determinado aspecto'

[Rdat]=15b) *O Pedro não lhe chega aos calcanhares*

A frase co complemento indirecto expreso na forma non reducida é, en xeral, pouco natural:

?**O Pedro não chega aos calcanhares ao João*

Noutros casos, a aplicación de [Rdat] non é posíbel:

16a) *O Pedro foi na conversa do João* [CPN] ‘deixarse enganar por alguén’

[Rdat]=16b) **O Pedro foi na conversa ao João*

[Pron.]= 16c) **O Pedro foi-lhe na conversa*

No caso das construcións con dous complementos, dado o seu número relativamente reducido, non se procedeu, por tanto, a realizar ningunha distinción entre as que teñen ámbolos dous complementos fixos ou apenas un deles.

Finalmente, rexístrase a existencia dunha clase de construcións con tres complementos obrigatorios, CPPN:

17) *O Pedro punha as mãos no (fogo + lume) pelo João* [CPPN] ‘garantir a honestidade de alguén’

Nótese, como M. Gross (2000) xa o fixera para o francés, que as construcións verbais libres con tres complementos son relativamente raras en Portugués, o que contrasta coa diversidade (semántica e formal) das expresións que constitúen esta clase. Curiosamente, non se encontrou ningunha construción con tres complementos preposicionais (o primeiro complemento é sempre un complemento directo).

2.3. Formalización da descrición lingüística

A partir da clasificación arriba esbozada, procedemos á descrición das propiedades sintácticas (distribucionais e transformacionais) das frases fixas, das que nos ocuparemos máis pormenorizadamente na sección seguinte. Estas propiedades foron formalizadas en matrices binarias, unha por cada clase formal. Nestas matrices, as liñas corresponden ás entradas léxico-sintácticas (as frases), estando os elementos fixos das frases lexicamente expresos, e as columnas ás propiedades pertinentes para a descrición do comportamento sintáctico das expresións. Na intersección das liñas coas columnas figuran os símbolos ‘+’ ou ‘-’. Presentamos en anexo un extracto dunha desas matrices.

Esta forma de representación permite, entre outras cousas, acceder rapidamente á información, relacionar entre si diferentes propiedades e resulta particularmente adecuada para ser explorada directamente na construción de recursos lingüístico-informáticos para procesamento automático de texto en linguaxe natural (Silberstein 1993, 2000; Baptista et al. 2004). Na sección seguinte presentamos as principais propiedades sintácticas que se encontran representadas nesta léxico-gramática.

3. Propiedades sintácticas

3.1. Propiedades distribucionais

Como mencionamos anteriormente, a descrición das propiedades distribucionais das frases fixas, en relación coa ocupación léxica das súas posicións estruturais libres, faise do mesmo modo que para as frases *libres* (M. Gross 1982, 1989). Utilízouse esencialmente a oposición *humano/não-humano* ($N \neq hum$), tal como é definida por M.

Gross (1975). Encontramos aínda un pequeno número de frases fixas con suxeito *não restrito* (*Nnr*); trátase de posicións estruturais que sofren leves restricións distribucionais, podendo ser cubertas lexicamente de forma variada, incluíndo nomes humanos e non humanos (concretos e abstractos) e ata completivas; dun modo xeral, estas posicións *Nnr* están asociadas a unha noción de causa:

- 18) (*O Pedro + o jornal + a noticia do jornal + ter lido essa noticia no jornal + o facto de ter lido essa noticia + que o Pedro tenha dito isso*) *trocou as voltas ao João* [C1PN] ‘alterar a expectativa inicial de alguén’

3.2. Propiedades transformacionais

As propiedades transformacionais, no sentido harrisiano, son concibidas como relacións parafrásticas, non orientadas, entre frases; trátase de operacións formais que ‘deforman’ unha frase noutra frase equivalente, mantendo inalteradas as mesmas relacións semánticas entre o elemento predicativo nuclear e os seus argumentos. Un exemplo claro dunha transformación foi xa presentado cando se describiu a reestruturación dativa, que funciona, polo demais, como un criterio formal definitorio dalgunhas clases de frases fixas.

As transformacións, tanto nas frases libres como nas frases fixas, dependen de forma crucial dos elementos léxicos presentes nas construcións e das relacións que se establecen entre eles. Por esa razón, en ámbolos dous casos, é necesaria unha descrición sistemática da distribución desas operacións formais polas diferentes construcións rexistradas na léxico-gramática. Por exemplo, a posibilidade de formar unha construción absoluta, isto é, en que un (ou máis) dos constituíntes esenciais da frase é omitido, depende dos elementos léxicos da construción. Nas frases seguintes, ambas da clase C1, co verbo *chorar* e un complemento co nome *lágrimas*:

- 19) *A Maria chorou rios de lágrimas* [C1] ‘chorar moito’
20) *A Maria chorou lágrimas de crocodilo* [C1] ‘finxir sufrimento’

só a primeira pode ser considerada sinónima de *chorar* e por iso permite a desaparición do complemento *rios de lágrimas*, dado o valor de intensificador que este complemento presenta; pola contra, o significado non composicional de (20) non permite a anulación do complemento sen que o significado global da frase se altere. De feito, *chorar lágrimas de crocodilo* non significa sequera o mesmo ca *chorar*.

Dun modo xeral, as transformacións que operan unicamente sobre os constituíntes libres dunha frase fixa son sempre posíbeis. Comprobamos que as condicións léxico-sintácticas de aplicación dunha transformación son grosso modo as mesmas que están referidas na literatura con respecto ás frases libres. Así, por exemplo, a operación [pasiva] é posíbel nas construcións fixas sempre que o complemento directo é libre:

- 21a) *O João lançou o Pedro às feras* [CNP2] ‘deixar a alguén sen apoio ante situacións difíciles’
[Pass] = 21b) *O Pedro foi lançado às feras (pelo João)*

Con todo, a natureza fixa dun complemento directo, por si só, non é suficiente para bloquear a pasiva:

- 22a) *O Governo prometeu mundos e fundos à população* [C1PN] ‘prometer moitas cousas (xeralmente irracionais) a alguén’
[Pass] = 22b) *Foram prometidos mundos e fundos à população* (E + *pelo Governo*)

Tal como nas frases libres, a existencia dunha relación de correferencia entre o complemento directo e o suxeito bloquea a operación:

- 23a) *O Pedro não mostrou os dentes ao João* [C1PN] ‘nin sequera sorrir’
[Pass] = 23b) **Os dentes não foram mostrados ao João* (E + *pelo Pedro*)

A pronominalización (ou redución a pronome) de grupos nominais é unha propiedade transformacional moi xeral en que, así e todo, algunhas frases fixas presentan por veces restricións inesperadas. Así, por exemplo, un complemento determinativo de *N* é en xeral reducíbel ou por un pronome oblicuo ou por un posesivo (o índice ‘i’ marca a relación de correferencia con un dos nomes da construción):

- 24a) *O João apertou a mão_i do Pedro_i* [CPN] ‘saudar a alguén’
24b) *O João apertou (a mão_i dele_i + a sua_i mão_i)*

Non obstante, na frase seguinte, que ten o mesmo significado e na que o complemento fixo é tamén ocupado por un ‘nome parte do corpo’ (*Npc*), ningunha destas pronominalizacións parece posíbel:

- 25a) *O João apertou os ossos_i do Pedro_i* [CPN] ‘saudar a alguén’
25b) *O João apertou (*os ossos_i dele_i + *os seus_i ossos_i)*

Do mesmo modo, na frase seguinte, estas operacións non son posíbeis:

- 26a) *O João apertou os calos_i do Pedro_i* [CPN] ‘reprender a alguén’
26b) *O João apertou (*os calos_i dele_i + *os seus_i calos_i)*

Podemos observar outras operacións sintácticas que, como a pasiva, permutan dous dos argumentos do verbo entre si; trátase de operacións semellantes á conversión (G. Gross 1989; Baptista 1997), operando non sobre construcións transitivas directas, como son habitualmente descritas, senón sobre construcións preposicionais:

- 27a) *O João (deu no coco ao Pedro + foi aos cornos do Pedro)* [CPP, CPN] ‘bater en alguén’
= 27b) *O Pedro apanhou (do coco + nos cornos) do João* [CPP] ‘bater en alguén’

Con todo, dadas as diferentes preposicións en xogo, tales relacións non foron obxecto dun tratamento transformacional, sendo clasificadas por separado.

Falamos anteriormente da pasiva, que pode ser vista como unha forma de adxectivación da construción verbal. De feito, aínda que nesta fase nos tivésemos concentrado nas construcións verbais, será necesario proceder a un estudo de certas nominalizacións de frases fixas, como sucede con (23), que renumeramos abaixo como (28), ou en (29):

- 28a) *O João apertou a mão do Pedro_i* [CPN] ‘saudar a alguén’

[Nom] = 28b) *O João deu um aperto de mão ao Pedro*

29a) *O João (ameaçou + jurou) o Pedro de morte* [CNP2] ‘ameazar/xurar matar a alguén’

[Nom] = 29b) *O João fez (ameaças + uma jura) de morte ao Pedro*

Nas construcións nominais (28b) e (29b), os nomes predicativos compostos *aperto de mão* e *ameaças/juras de morte* son auxiliados polos verbos soporte *dar* e *fazer* (*Vsup*; M. Gross 1981); trátase de verbos que están baleiros de sentido e que non presentan unha distribución característica, sendo os nomes predicativos os elementos centrais da construción.

Polo demais, numerosas construcións con verbos que son habitualmente considerados verbos soporte presentan varios índices de fixación sintáctica (particularmente en canto á ausencia de variación do determinante do nome predicativo), os cales están frecuentemente asociados á non composicionalidade do significado global da expresión:

30) *O João está na lua* [Ranchhod 1990; EPC] ‘*estar distraído*’

31) *O João é de poucas palabras* [Baptista 2005; SdH1] ‘non ser extravertido, ser moi calado’

32) *O João fez fogo sobre o Pedro* [Chacoto, 2005] ‘disparar unha arma contra alguén’

Algunhas expresións, claramente idiomáticas, presentan, inclusive, dous complementos fixos:

33) *O João está com a pulga atrás da orelha* [Ranchhod 1990; EPCPC] ‘estar desconfiado/ sentir desconfianza’)

34) *O João fez trinta por uma linha* ‘facer disparates ou trasnadas’

Moitas desas expresións xa foron obxecto de descrición sistemática en portugués – particularmente as construcións con *Vsup* =: *estar Prep* (Ranchhod 1990); *Vsup* =: *ser de* (Baptista 2005); e *Vsup* =: *fazer* (Chacoto 2005) – polo que non foron incluídas neste estudo.

Observamos, tamén, construcións intrinsecamente pronominais (notadas *Vse*), isto é, construcións nas que o verbo se presenta obrigatoriamente construído con pronome reflexivo, o cal non pode ser substituído por un grupo nominal da mesma natureza distribucional non correferente ao suxeito:

35) *O João bateu-se em duelo com o Pedro* [CPP]

cp. **O João bateu (E + o António) em duelo com o Pedro*

Outra propiedade interesante, que se observa ademais na frase de arriba, é a simetría (Boons, Guillet e Leclère 1976b; Baptista, no prelo), é dicir, o feito de que dous constituíntes da frase establezan co verbo idéntica relación semántica, o que fai que poidan permutar entre si ou ser coordinados nunha posición sintáctica sen que o significado global da frase se altere; alén diso, estas construcións simétricas admiten que, nas frases cos grupos nominais coordinados, se poida facultativamente inserir unha

copia pronominal, p. ex. *entre si* ou *um com o outro*, o que non sucede nas construcións recíprocas, nas que a copia pronominal é obrigatoria:

- O João bateu-se em duelo com o Pedro*
- = *O Pedro bateu-se em duelo com o João*
- = *O João e o Pedro bateram-se em duelo (um com o outro + ?entre si)*
- = *O Pedro e o João bateram-se em duelo (um com o outro + ?entre si)*

Enumeramos, tamén, a existencia de construcións con *negación obrigatoria* (citada *NegObrig*), ou sexa, frases fixas para as que a forma declarativa afirmativa simple é inaceptábel:

- 36) *O João não chega aos calcanhares do Pedro* [CPN] ‘ser incomparabelmente inferior a alguén en determinado aspecto’
- *O João chega aos calcanhares do Pedro*

Finalmente, obsérvase que a gran maioría das construcións fixas respecta as regras xerais de boa formación de frases da lingua, aínda que se encontren algúns casos en que ocorren alteracións obrigatorias da orde dos constituíntes:

- 37) *O João fez (das tripas coração + das fraquezas forças)* [CPP] ‘ter coraxe para superar a adversidade’
- *O João fez (coração das tripas + forças das fraquezas)*

Noutros casos, certos complementos aparecen sempre xuntos nunha orde fixa, a pesar de que, potencialmente, a frase poida presentar outra orde; isto é o que acontece na frase seguinte co complemento *no fogo*, que segue inmediatamente ao complemento directo *as mãos*, aínda que fose a priori posíbel intercalar entre ambos o complemento *pelo Pedro*:

- 38) *O João punha as mãos no fogo pelo Pedro* [CPPN] ‘garantir a honestidade de alguén’
- *O João punha as mãos pelo Pedro no fogo*

4. Palabras finais

A metodoloxía seguida neste proxecto permite que a compilación e a formalización das propiedades léxico-sintácticas das expresións fixas teñan carácter ‘acumulativo’, estando as matrices en permanente ampliación e revisión.

Malia o carácter coloquial de moitas destas expresións, estas aparecen con algunha frecuencia en textos de natureza discursiva moi variada. Na medida en que presentan elevada fixación interna e o seu significado non é composicional, constitúen unidades léxico-sintácticas, ou sexa, frases elementais da lingua, polo que se torna indispensábel que estas expresións sexan recoñecidas nos textos como un bloque. Unha evidencia de tal feito é a dificultade que presenta a súa tradución a outras linguas.

Con todo, a variación formal, especialmente de natureza transformacional, que as frases fixas permiten, idénticas ás que se observan de modo xeral nas frases ‘libres’, implica unha descrición formal complexa e instrumentos lingüístico-informáticos adecuados para realizala (Silberztein 1993, 2000).

Exames efectuados (Baptista et al. 2004) en córpora de textos xornalísticos de dimensións razoábeis (~9,6 millóns de palabras) revelaron que, na maior parte dos casos en que aparecen, aínda que algunhas poidan ser potencialmente ambiguas, é posíbel obter taxas de acerto do ~90%, o que constitúe un argumento forte no sentido da continuación desta investigación.

Finalmente, a dispoñibilidade de léxicos-gramáticas equivalentes para outras linguas románicas abre as portas a estudos contrastivos, con interese ben para aplicacións didácticas, no ámbito do ensino de lingua estranxeira, ben para outras aplicacións lingüístico-informáticas, especialmente para a tradución automática.

5. Bibliografía

- ARAÚJO-VALE, Oto (2001): *Expressões Cristalizadas do Português do Brasil: Uma proposta de Tipologia*. Tese de doutoramento. UNESP, Araquara, Brasil.
- BAPTISTA, Jorge (1997): “*Sermão, tarefa e facada: Uma classificação das construções conversas dar – levar*” en *Seminários de Linguística* 1,1997,5-37. Universidade do Algarve, Faro.
- (no prelo): “*Construções Simétricas: Complementos e Argumentos*” en FIGUEIREDO, O., RIO-TORTO, M. G. e SILVA, F. (org.): *Volume de Homenagem ao Prof. Mário Vilela*. Universidade, Porto.
- BAPTISTA, Jorge, CORREIA, Anabela e FERNANDES, M^a da Graça (2004): “*Frozen Sentences of Portuguese: Formal Descriptions for NLP*” en *Workshop on Multiword Expressions: Integrating Processing*. International Conference of the European Chapter of the Association for Computational Linguistics (Barcelona, 2004). ACL, Barcelona, 72-79.
- BOONS, Jean-Paul, GUILLET, Alain e LECLÈRE, Christian (1976a): *La structure des phrases simples en français. Constructions Transitives*. LADL – Université de Paris 7, Paris.
- (1976b): *La structure des phrases simples en français. Classes de constructions transitives*. Droz, Genève.
- CHACOTO, Lucília (2005): *O verbo FAZER em Construções Nominais Predicativas*. Tese de Doutoramento. Universidade do Algarve, Faro.
- CORREIA, Anabela (en preparación): *Léxico-Gramática das Frases Fixas do Português Europeu – Construções Transitivas*. Tese de mestría. Universidade do Algarve, Faro.
- FERNANDES, M^a da Graça (en preparación): *Léxico-Gramática das Frases Fixas do Português Europeu – Construções Intransitivas*. Tese de mestría. Universidade do Algarve, Faro.
- FOTOPOULOU, Aggeliki (1993): *Une classification des phrases à compléments figés en grec moderne*. Tese de doutoramento. LADL – Université de Paris 7, Paris.
- GROSS, Gaston (1989): *Les constructions converses en français*. Droz, Paris/Genève.
- GROSS, Maurice (1975): *Méthodes en Syntaxe. Régimes des constructions complétives*. Hermann, Paris.
- (1981): “*Les bases empiriques de la notion de prédicat sémantique*” en *Langages* 63,1981,7-52. Larousse, Paris.

- (1982): “Une classification des phrases ‘figées’ du français” en *Revue Québécoise de Linguistique* 11/2,1982,151-185. UQAM, Montréal.
- (1989): “Les Expressions Figées: une description des expressions françaises et ses conséquences théoriques” en *Rapport Technique n.º 8 – Programme de Recherches Coordonnées Informatique-Linguistique*. LADL – Université de Paris 7, Paris.
- (1996): “Lexicon Grammar” en BROWN, K. e MILLER, J. (eds.): *Concise Encyclopaedia of Syntactic Theories*. Pergamon, Cambridge, 244-258.
- (2000): “Verbes à trois compléments essentiels” en BUVET, P. A., LE PESANT, D. e MATHIEU-COLAS, M. (eds.): *Lexique, Syntaxe et Sémantique, Mélanges offerts à Gaston Gross*. Centre Lucien Tesnière – Université de Franche-Comté, Besançon, 199-210.
- GUILLET, Alain e LECLÈRE, Christian (1981): “Restructuration du groupe nominal” en *Langages* 63,1981,99-125. Larousse, Paris.
- (1992): *La structure des phrases simples en français. Les constructions locatives*. Droz, Genève.
- HARRIS, Zellig S. (1991): *A Theory of Language and Information. A Mathematical Approach*. Clarendon Press, Oxford.
- LECLÈRE, Christian (1995): “Restructuration native” en *Language Research* 31/1,1995. Language Research Institute – Seoul National University, Seoul .
- (2000): “Expressions figées dans la francophonie: le projet BFQS” en BUVET, P. A., LE PESANT, D. e MATHIEU-COLAS, M. (eds.): *Lexique, Syntaxe et Sémantique, Mélanges offerts à Gaston Gross*. Centre Lucien Tesnière – Université de Franche-Comté, Besançon, 321-331.
- (2002): “Organization of the lexicon-grammar of French verbs” en *Linguisticae Investigationes* 25/1,2002,29-48. John Benjamins Publishing Company, USA.
- MOGÓRRON HUERTA, Pedro Joaquín (2002): *Estudio Contrastivo de las Expresiones Fijas en Ser / Estar + Prep X Y Être Prép X en Francés*. Tese de doutoramento en Filología Románica. Universitat de València.
- RANCHHOD, Elisabete (1990): *Syntaxe dos Predicados Nominais com Estar*. INIC, Lisboa.
- SANTOS, António Nogueira (1990): *Novos dicionários de expressões idiomáticas*. Edições João Sá da Costa, Lisboa.
- SENEILLART, Jean (1998): “Reconnaissance automatique des entrées du lexique-grammaire des phrases figées” en LAMIROY, B. (ed.): *Le Lexique-Grammaire. Travaux de Linguistique* 37,1998,109-125. Ducolot, Bruxelles.
- SILBERZTEIN, Max (1993): *Dictionnaires électroniques et analyse automatique de textes. Le système Intex*. Masson, Paris.
- (2000): *Intex (Manual)*. ASSTRIL, Paris.

Anexo

Extracto da Clase CPN (Fernandes, en preparación)

$\begin{matrix} N_0 =: N_{hum} \\ N_0 =: N_{nonhum} \end{matrix}$	V	$\begin{matrix} NegOblig \\ Vse \end{matrix}$	Prep	Det	C	[Rdat]	de N = PRO:O	de N = PRO:Pos	Exemplo
+ -	<atirar>	+ -	a	os	pés	+ + +			O Zé atirou-se aos pés da Ana
+ -	<cair>	- -	em	os	braços	+ + +			O Zé caiu nos braços da Ana
+ -	<chegar>	- +	a	os	calcanhares	+ + +			O Zé não chega aos calcanhares da Ana
+ -	<chorar>	- -	em	o	ombro	+ + +			O Zé chora no ombro da Ana
+ -	<cortar>	- -	em	a	casaca	+ + -			O Zé corta na casaca da Ana
+ -	<crescer>	- -	a	os	olhos	- + +			O Zé cresceu aos olhos do patrão
+ -	<cuspir>	- -	em	a	cara	+ + +			O Zé cuspiu-lhe na cara
+ -	<dar>	- -	em	o	focinho	+ + -			A Ana deu no focinho do Zé
+ -	<descer>	- -	em	a	consideração	+ + +			O Zé desceu na consideração da Ana
+ -	<entrar>	- -	em	o	jogo	- + +			O Zé entrou no jogo da Ana
+ -	<falar>	- -	em	as	costas	- + +			O Zé fala nas costas da Ana
+ -	<ir>	- -	em	a	cantiga	- + +			O Zé foi na cantiga da Ana
- +	<passar>	- -	por	as	mãos	+ + +			O projecto passou pelas mãos da Ana
+ -	<pegar>	- -	em	a	palavra	- + +			O Zé pegou na palabra da Ana
+ -	<puxar>	- -	por	a	lingua	+ + +			A Ana puxou pela lingua do Zé
+ -	<reger>	+ -	por	a	cabeça	- + +			O Zé rege-se pela cabeça da Ana
- +	<sair>	- -	de	o	corpo	+ + +			A riqueza do Zé saiu-lhe do corpo
+ -	<sentar>	+ -	em	a	cadeira	- + +			O Zé sentou-se na cadeira do Pedro
- +	<subir>	- -	a	a	cabeça	+ + +			O dinheiro subiu à cabeça do Zé
+ -	<tocar>	- -	em	a	ferida	+ + +			O Zé tocou na ferida da Ana
+ -	<viver>	- -	em	a	sombra	- + +			O Zé vive na sombra da Ana

Lenda: A clase CPN está definida formalmente pola estrutura $N_0 V Prep (C de N)_1$; $N_0 =: N_{hum}$: suxeito humano ou non humano; V : verbo; Vse : construción intrinsecamente pronominal; $NegOblig$: negación obrigatoria; $Prep$: preposición; Det : determinante; C : constante léxica; $[Rdat]$: reestruturación dativa; $de N = PRO:O$: pronominalización do complemento determinativo pola forma oblicua do pronome persoal; $de N = PRO:Pos$: pronominalización do complemento determinativo pola forma posesiva do pronome persoal.

O clixé e a fraseoloxía tópica española¹

Delfín Carbonell Basset²

Adoito os clixés son considerados como unidades multilexicais desgastadas e luídas, sendo precisamente a súa característica máis sobresaínte e definitoria a da trivialidade. Este artigo examina a natureza do clixé a través da análise de dez expresións –do seu significado e da súa orixe- apoiada nunha multiplicidade de exemplos usualizados que ilustran a progresión diacrónica destes elementos.

Palabras clave: fraseoloxía española, clixé, perspectiva diacrónica.

Clichés are usually conceived as outworn overused multiword lexical units, their most outstanding and defining trait being precisely that of triteness. The present paper explores the nature of cliché through the analysis of ten expressions, -its meaning and origin- supported by a profusion of examples in use which illustrate the diachronic progression of these items.

Key words: Spanish phraseology, cliché, diachronic perspective.

A Biblioteca Nacional de Madrid non ten dicionarios de clixés en lingua castelá e a palabra *cliché*, nun título, só aparece nun dicionario bilingüe meu: *A Phraseological Dictionary, phrases, expressions, locutions, clichés, idioms, sayings*.

O clixé é unha especie de metáfora, conxunto de palabras unidas, modismos ou locucións que se caracteriza polo seu uso e emprego excesivo na linguaxe, oral ou escrita, que o converte nunha expresión rutineira, manida e baleira que queda como lugar común. A palabra está recollida no DRAE³. “En su forma más venial el clisé es una frase hecha y rehecha mil veces para otros contextos. El único mérito está en el diseño original” (Miguel 1985). Para Partridge (1947) “a cliché is an outworn commonplace; a

¹ Avance do meu próximo libro *El enigma de las frases: Breve diccionario de clichés*.

² Tradución de Marta M^a Rodríguez Añón.

³ “3. m. Lugar común, idea o expresión demasiado repetida o formularia”. Para outras linguas véxase: *Dictionnaire Hachette* (1999): “Cliché. 3. fig. péjor. Idée, phrase toute faite et banale que l’on répète”. *Random House Webster’s Unabridged Dictionary* (1988): “Cliché. a trite, stereotyped expression; a sentence or phrase, usually expressing a popular or common thought or idea that has lost originality, ingenuity, and impact by long overuse [...]”.

phrase (or virtual phrase) that has become so hackneyed that scrupulous speakers and writers shrink from it because they feel that its use is an insult to the intelligence of their auditor or audience, reader or public”.

Unha frase afortunada, nova e descritiva no seu momento, que cae en graza e é adoptada por todos, repetíndose e indo de boca en boca, de pluma en pluma e volvéndose clixé, unha expresión case va que perdeu a súa frescura e ten xa escasa razón de ser. Dixo Fernando Lázaro Carreter (1985) nun dos seus *dardos*: “[...] ese repertorio de acuñacións idiomáticas que suplen todo esforzo por su repetición automática. Es en extremo vulgar precisamente por eso, por su frecuencia, por su reiteración monótona e invariada”. E Miguel (1985) di: “Una metáfora es siempre un descubrimiento, un enriquecimiento del lenguaje. El problema está en su rápida depreciación. La repetición mecánica de la nueva imagen acaba por empalagar”. Pero toda frase ten como orixe unha expresión individual, anónima, que se populariza, como xa apuntou Vossler (1904): “Una expresión hablada se origina de una actividad individual, pero se naturaliza cuando los otros la consienten, la aceptan, la repiten, ya conscientemente, con un proceso de creación, modificándola, corrigiéndola, debilitándola o fortaleciéndola [...]”.

Unha fórmula verbal, unha frase feita pódese converter, a forza de repetirse, nun lugar común, nun “clixé lingüístico prefabricado”, nunha frase estereotipada. E en vez de expresa-las nosas ideas coas nosas propias palabras, facémolo con locucións, con expresións emprestadas ou roubadas que escoitamos ou lemos sen parar a pensar se teñen algún sentido ou se son ocas e inertes. Xa dixo Sheehan (1982) que el mesmo era unha proba vivente de que se pode pasar pola vida utilizando só palabras emprestadas e que lle resultaba polo tanto difícil falar sen cita-las palabras dalgún outro.

O clixé pode ser un símil, un modismo, unha simple frase, un refrán, que se converte nun retrouso ou unha especie de bordón conversacional carente de sentido. Así, cando dicimos *ni que decir tiene que* e inmediatamente dicímo-lo que non é necesario dicir: “Ni que decir tiene que es muy inteligente”⁴.

A fraseoloxía tópica estudouse pouco. Varios autores afirman que as unidades fraseolóxicas son sempre fixas, e eu engado: ata que deixan de selo; ata que os falantes introducen cambios⁵. Isto recórdame as mutacións anuais do virus da gripe.

Correr un tupido velo foi no seu tempo un acerto, pero xa non o é. Agora é unha expresión que cheira a touciño rancio. Dicir *estar en un mar de dudas*, ou *un sol de justicia* ou *más pobre que las ratas* ou *acoso y derribo* ou *esa asignatura pendiente*, ou falar da *cruda realidad* pode implicar que somos nugalláns, ignorantes ou que simplemente nos falta imaxinación. Dicia Partridge (1947): “As to the cliché, I daresay we are all in agreement. Haste encourages them but mere often they spring from mental laziness”. Tamén pode indicar que non nos importa como nos expresamos e que o facemos de calquera maneira, sen personalidade nin graza, de xeito mecánico e repetitivo que paraliza o pensamento, amazocándoo, embotándoo e acurtando o seu

⁴ “[...] una lengua hecha de frases preacuñadas para transmitir ideas archipodridas [...]” (Cortázar 1963).

⁵ Ve-lo interesante traballo de Ruiz (1997), onde se cita a varios autores que defenden esa postura.

horizonte⁶. “[...] pensamos con el idioma; si se usa mal, pensaremos mal; y si lo cambiamos pensaremos con aquellos con quienes no nos gustaría pensar”, dinos Lázaro Carreter (1985) nun dos seus *dardos*. E, xa posto, cito a Binder na súa obra *Dialectic* (1932), que nos di: “There is no bigger peril either to thinking or to education than the popular phrase”⁷.

Algúns clixés apareceron nos séculos dezaioito e dezanove e seguen vixentes, como a *renglón seguido* e outros, a *bote pronto* ou *ser de juzgado de guardia* son de recente invención e moi celebrados.

A pesar do dito non condeno o clixé, nin creo que debamos facer de inspectores da lingua, acosando ou prohibindo maneiras de falar ou de escribir⁸. O meu libro só trata de explica-lo seu significado, ás veces as súas orixes, e dar exemplos de uso por medio de citas ilustrativas de varios autores que nos dan unha idea do estendido que está o clixé en español. Este foi pouco estudado porque non é recoñecido como tal e pasa desapercibido, case con pés de la. Chegamos a crer, a forza de escoitalo, que é normal e aceptable e dende logo de uso corrente. Julio Casares (1950) admitía: “[...] la cruzada contra el imperio del cliché, cruzada que también nos vino de fuera, y que propugna el exterminio de todos los ayuntamientos verbales que se han convertido en rutina. Yo mismo he participado en esta campaña, véase mi *Crítica profana* [...]”. E o catedrático de Historia da Lingua da Universidad de Salamanca e crítico literario do semanario *El Cultural*, Ricardo Senabre (2001), é moito máis contundente e represivo: “Que gentes de escasa competencia idiomática (sic) digan o escriban un disparate no autoriza a darle entrada en un diccionario”⁹; de xeito que poderíamos dicir que o idioma é precisamente a historia de “disparates” lingüísticos expresados por xente de “escasa competencia idiomática”, que somos todos ou case todos. Pero vai moito máis lonxe, se cabe, Pombo (2002), da Real Academia Española, cando di: “O hacemos una revolución o acabamos bajando el nivel del lenguaje”¹⁰. Non é asunto do lexicógrafo facer cruzadas de exterminio, como xa dixen noutras ocasións, contra formas de expresarse ou contra vocábulos. A cultura é a que ten que coidarse deste tema, sen axuda dos escritores de

⁶ “[...] lema irrefutable, de frase hecha, a la que se llega con ese apelmazamiento del lenguaje, tan abundante en nuestro tiempo, que nos impide pensar y nos paraliza la inteligencia” (Lledó 2003).

⁷ “Non hai maior perigo para o pensamento ou para a cultura que a frase popular”.

⁸ Lázaro Carreter (2001) é o que máis critica o uso do clixé. É o seu inimigo e cre ademais que son os xornalistas os culpables do seu emprego. “Los periodistas caen continuamente en clichés de la jerga profesional que empobrecen la lengua. ¿Por ejemplo? Repetir continuamente ‘en otro orden de cosas’. Parece que uno ya no es periodista si no dice ‘en otro orden de cosas’. Los grandes periodistas son los que se apartan del cliché y crean su propia lengua [...]”.

⁹ No seu excelente *The Art and Craft of Lexicography*, Landau (2002) fálanos deste problema e di algo moi importante: “Popular commentators on usage are now more likely to be newspaper or television journalists, authors, literary critics, or professors of literature, but the tone of moral outrage has not changed. Verbal solecisms are frequently denounced as if they were morally indecent, not just trivial errors but fundamental assaults on dignified communication and tradition of human civilization”.

¹⁰ Non sabemos que tipo de revolución pide, pero supoño que, como tódalas revolucións, será represiva. A cita completa é: “Pombo hizo ayer alusión a la tragedia del Prestige en Galicia para explicar la situación a la que pueden llegar las cosas si no se cuidan: ‘Así es como se acaba si se dejan navegar esos barcos, irresponsablemente, por el mar (sic); y así es como puede acabar también la lengua’. Y después subrayó: ‘O hacemos una revolución o acabamos bajando el nivel del lenguaje’”.

dicionarios de dúbidas¹¹, de gramáticos, de catedráticos de lingua, de censores, en fin, que pontifican a contracorrente dos usos da lingua e intentan impoñer unha ditadura lingüística ó seu gusto. E vén na miña axuda o tamén académico Pérez Reverte (2003) cando di: “El problema es mitificar el lenguaje. Hacer del lenguaje el becerro de oro es un grave error. El lenguaje no es más que una herramienta para comunicarse, para amar, para conversar, para escribir, para leer”. Non obstante, Amis (2001) dinos: “[...] all writing is a campaign against cliché. Not just clichés of pen, but clichés of the mind and clichés of the heart”. Dicir que o idioma está en perigo é un clixé intelectual¹². E xa o di Luis María Anson (2001): “Hay que escuchar el habla popular como si se tratara de una música incesante. El idioma no lo hace la Academia sino la palabra recental del pueblo. La función de la Academia consiste en sancionar, con rigor filológico y científico, lo que el pueblo establece”. E Blaker (2001) non cre que deba perseguirse o clixé, pola contra: “For, when the chips are down, the cliché is what it’s all about. It is a valuable working tool in the business of communication. The very act of self-consciously trying to be original creates the greatest cliché of them all”. E é que non ten sentido dicir que os cambios que sofre a lingua son bos ou malos, aceptables ou inaceptables, correctos ou incorrectos. Quizais teña sentido pensar se eses cambios serven un propósito utilitario, o propósito final de comunicar de forma sinxela, sen artificios inanes. Máis nada.

A Pío Baroja non lle gustaban os clixés, aínda que tamén os empregaba e dicíanos na súa obra *Desde la última vuelta del camino* (1944-49): “El escritor que emplea las palabras que ha oído, sobre todo de niño, les da un sabor especial de verdad, de autenticidad, que no tienen casi nunca cuando las toma del diccionario. Yo no escribiré nunca *por ende, a mayor abundamiento, enterizo, señero, reciedumbre, mañanero, madrugero*, ni hablaré de la *besana* o de los *albaranes* de las casas, porque éstas y otras palabras las leo, pero no las oigo. Sobre todo, no las he oído. Esto me basta para no usarlas. Son para mí voces inusitadas, que no añaden un matiz nuevo a una idea. Todo ello constituye un léxico que a mí me parece una moda modernista muy próxima a la trivialidad y a la cursilería”. E Cela (1976) dicía no seu *Diccionario del erotismo*, “[...] las palabras no pueden ser sustituidas por frases sin grave detrimento de la lengua”.

¹¹ Consulta-la diferenza entre *haber e a ver* é cuestión de cultura, non de dúbidas lingüísticas.

¹² Teño unha boa nova: o idioma que falamos non está en perigo. Os choromiqueiros -son case sempre homes- que saloucan magoados ante o que chaman o cadáver do empobrecemento do idioma, xemen en van. Non hai de que se preocupar. Metamorfosearase, simplificarase ata ser irrecoñecible de aquí a 2000 anos, pero non desaparecerá. Tranquilos, que todo está baixo control. E cito, a modo de exemplo, as palabras apocalípticas de Conte (2002): “[...] en estos tiempos de abandono y descuido de nuestro idioma, una lengua cada vez más *basura* y dejada de la mano de dios (sic), en manos de profesores, académicos y medios de comunicación de masas que en función de falsas identidades [...] falsas libertades y no menos falsas ideas sobre la democracia y la huida de todos los cánones han desembocado en esta lengua de hoy, que oscila entre polisemias, sentidos y equívocos diccionarios, como una verdadera *mareja negra* que invade nuestra vieja lengua enfangándola hasta los tuétanos”. Tranquilidade, ante todo tranquilidade. Xa se laiaba o P. Feijoo de algo parecido no seu *Theatro crítico universal I* (1726): “En los Españoles, picados de cultura, dio en reynar de algún tiempo a esta parte vna afectación pueril de tropos rethóricos, por la mayor parte vulgares, vna multiplicación de epithetos synónimos, vna colocación violenta de voces pomposas, que hazen el estilo no gloriosamente magestuoso; si asquerosamente entumecido. A que añaden muchos vna temeraria introducción de voces, ya Latinas, ya Francesas, que debieran ser descaminadas, como contravando de el idioma, o idioma de contravando en estos Reynos. Ciertamente en España son pocos los que distinguen el estilo sublime de el afectado; y muchos los que confunden vno con otro”.

Strunk (1918) aconsella no seu excelente *Elements of Style*: “omit needless words” –e o cliché é sempre innecesario; non é nin condenable nin aceptable, é simplemente iso: innecesario, superfluo, prescindible. A metáfora inerte nunca engade valor ou un matiz novo a unha idea, ó dito ou escrito; ó revés.

¿Poderíase falar de plaxio ou intertextualidade nesta materia de clichés? Cando vemos unha metáfora nova ou un símil afortunado e o repetimos, ¿non estamos a plaxiar? ¿Non será a historia do cliché a historia do plaxio verbal, oral e escrito?

O cliché adoita aparecer nos dicionarios, cando o fai, con etiquetas como *fr. fig. fam.*, que quere dicir: frase figurada e familiar. ¿E por que non *cl.* por “cliché”? Tódolos recompilados aquí están vixentes no idioma de hoxe, tal e como demostran as citas que achego. Non incluíñ frases caducas como *dedazo de miel*, *jugar al abejón con alguien*, *buscar mendrugos en cama de galgos*, que deixaron de empregarse hai tempo.

Todo falante vai deixando a súa pequena pegada na lingua ó difundir por vía oral ou escrita o seu particular xeito de emprega-las palabras, ou como as une para formar novos camiños de expresión, ou para repetir simplemente o que oíu ou leu e do cal se apropiou. Tras cada cliché hai unha pequena historia, que dalgún xeito que eu ignoro, segue unhas leis sociais ou lingüísticas que o fan popular ou o condenan ó esquecemento. Pouco se sabe da historia e orixe das frases, e menos aínda se ten escrito sobre o tema. Así que é arriscado e imposible, creo, ser dogmático e insistir en etimoloxías populares, ó que saia, sen ningún rigor, á vaiche boa. E non pasa nada se despois de tratar de rastrear un cliché, un xiro idiomático, non acertamos coa súa orixe exacta e co seu significado cabal. Ende ben, o universo noso está aínda inzado de enigmas que se nos resisten e o noso cerebro é tamén aínda unha fronteira virxe por explorar. Tralas palabras que van xuntas, repito, hai sempre unha interrogante, unha vida secreta que investigar e comprender. Intentémolo cando menos.

Leamos agora algúns exemplos entresacados do meu libro. A frase vai seguida da miña definición; tralo signo (•) dou explicacións sobre orixes, uso e demais. Tralo signo (✓) achego citas textuais históricas e contemporáneas que demostran como se empregou e se emprega agora.

acoso y derribo. Ataque continuado para destruír.

• Non consta no máis recente libro fraseolóxico, *Gran diccionario de frases hechas* (2001) pero si no *Diccionario de uso del español de América y España* (2002): “Conjunto de acciones premeditadamente encaminadas a dejar a alguien en una situación tan comprometida que no tenga escapatoria”. Esta frase é de orixe taurina e relativamente recente (primeira cita de 1970, aínda que en 1966 xa explica Cossío de que se trata). Carlos Abella (1996) dinos no seu *¡Derecho al toro!*: “[...] persecución que el garrochista hace de una res en pleno campo, práctica todavía ejecutada en las dehesas andaluzas y salmantinas y cuyo fin es el derribo de la res perseguida mediante la introducción de la garrocha en las nalgas. De ahí que se diga acoso y derribo”. Díaz-Cañabate (1970) di: “La prueba de éstos sigue realizándose sin modificación esencial, bien en campo abierto, precedida de su acoso y derribo, bien en plaza cerrada, y consiste sólo y exclusivamente en la suerte de varas, sin intervención de capote y muletas [...]”. O

clixé transcendeu a tauromaquia para se converter case nun bordón, moi empregado por políticos e xornalistas de España e Iberoamérica. Por exemplo: “CDC iniciaba el acoso y derribo del alcalde democristiano y UDC se limitaba a parar los golpes” (*La Vanguardia*, 3/4/1995). O dicionario da Real Academia Española (2001) non sabe que existe pero Tomeo (2003) si, e no seu *Mi oficio de escribir* dinos: “[...] la novela debía ser un instrumento de acoso y derribo de la dictadura [...]”. Como xa dixemos que en cuestións idiomáticas non hai nada fixo, Laso (2004) di: “[...] que fue interlocutor de La Caixa en la operación de derribo a Cortina”. E en *Expansión* (21/1/2005) dise “Del asalto a BBVA se ha pasado al acoso y derribo a su presidente [...]”. Pero paga a pena ver máis:

✓ “La tiente por acoso y derribo es un espectáculo inolvidable, no sólo por la grandiosidad del escenario -¡jaquel cielo andaluz de cobalto!, ¡aquellas verdes alfombras florecidas!-, sino por la maestría de los jinetes y por el "lujo campero" valga la paradoja, que se advierte por doquier” (Cossío 1966). || “La prueba de éstos sigue realizándose sin modificación esencial, bien en campo abierto, precedida de su acoso y derribo, bien en plaza cerrada, y consiste sólo y exclusivamente en la suerte de varas, sin intervención de capotes y muletas...” (Díaz-Cañabate 1970). || “Las estrategias de acoso y derribo del Gobierno, de las mociones de censura, pertenecen al baúl de los recuerdos...” (*ABC*, 20/11/1983). || “En su etapa de acoso y derribo, de depuración, Radio 3 cultivó el producto singular y más o menos raro como Tirante y Morgana...” (Díaz 1992). || “[...] el PNV ha iniciado una campaña de acoso y derribo contra los Cuerpos y Fuerzas de Seguridad del Estado” (*El Mundo*, 13/4/1995). || “CDC iniciaba el acoso y derribo del alcalde democristiano y UDC se limitaba a parar los golpes” (*La Vanguardia*, 3/4/1995). || “Si, con respecto a lo que tenía de operación de acoso y derribo del poder. El objetivo fundamental se ha conseguido. Aunque aún hay materia real de escándalos como la corrupción y el caso GAL...” (*La Jornada*, México, 1/10/1996). || “Preguntado sobre la teoría del PSOE de que existe una operación de acoso y derribo contra su dirigente, el ex presidente Felipe González...” (*El País Digital*, nº 365, 3/5/1997). || “[...] el acoso y derribo al marco universitario se mitigó con los minutos y los colegiales cogieron aire aunque despreciaron a la suerte” (*Canarias* 7, 5/2/2001). || “Jesús estaba allí y, valiente, comenzó su campaña de acoso y derribo [...]” (Villar 2002). || “Tras una intensa operación de acoso y derribo, orquestada en torno a las últimas muertes violentas y secuestros de empresarios...” (*El País*, 1/4/2002). || “Denuncian que existe una operación de acoso y derribo contra ellos [...]” (*El Mundo*, 25/12/2002). || “Acoso y derribo en el cartel de Peribáñez?” (Palomo 2002). || “[...] la novela debía ser un instrumento de acoso y derribo de la dictadura [...]” (Tomeo 2003). || “Del asalto a BBVA se ha pasado al acoso y derribo a su presidente [...]” (*Expansión*, 21/1/2005).

correr un tupido velo. Non falar ou mencionar certa cousa, pasala por alto.

• Considérase un modismo pero é un clixé, no que ademais caeron máis de catro. Senabre (2001) reprobáballe a José María Guelbenzu o seu uso: “Lo único que cabe deplorar es que Guelbenzu, excelente escritor, no haya revisado con mayor detenimiento el texto para eliminar defectos sólo disculpables en una primera versión: expresiones inertes (*tupido velo*, páxs. 183, 187) [...]”. Quero pensar que posiblemente non sexa lícito censura-los xiros que emprega un escritor. Cadaquén escribe como pode ou quere. Nótese que Senabre chama o clixé *expresión inerte*: expresión falta de vida. É posible que o P. Isla, Madariaga, Cela, Delibes, Martín Gaité, Donoso e Pedro J. Ramírez tampouco revisaran os seus manuscritos. E é que o clixé está á espreita e salta sobre os escritos en calquera momento. Muñoz Molina (2001) capéao un pouco, só un pouco, na última cita. O *Nuevo diccionario de la lengua castellana* (1863) subliña: “Tender un

velo sobre algo; hacer por olvidarlo o por que se olvide, se omita, se pase en silencio, no se torne a mentar”. En inglés, o clixé *to draw a veil over sth* documéntase dende 1701, por Daniel Defoe, nada menos. José María Romera fai un esforzo na súa introdución a Iribarren (1994) para revitalizar este clixé cando di: “Dejemos sólo constancia del hecho y corramos un discreto velo [...]”. E outra variante regálanola Porta Perales (2004): “Y por supuesto se continuará cubriendo con un tupido velo de silencio [...]”.

✓ “¿quién será tan negado que los sostenga ni dé oídos a la futilidad de sus recursos? ¿No se ha de rasgar alguna vez este tupido velo con que se disfrazan” (Isla 1758). || “[...] trastorno que se observaba en la atmósfera, en la salud y producciones, reynaba la preocupación á favor del arroz. En unos el interes echaba un tupido velo sobre la verdad, y ofuscaba la razon” (Cavanilles 1795). || “[...] la situación dolorosa de los expulsos, y quiso que un tupido velo cubriera los fundamentos de este acto” (Ferrer 1843). || “[...] ni sobre todo al oeste, bloqueado como estaba por el Océano y por un tupido velo de misterio” (Madariaga 1940-47). || “[...] recordando que de grandes cenas están las sepulturas llenas, procuró hacer la digestión despierto. Corramos un tupido velo” (Cela 1956). || “[...] después, a celebrarlo, que mejor es correr un tupido velo, que a saber qué hariais esa noche...” (Delibes 1966). || “Pero el quid de la cuestión residía en que no eran solamente los petimetres y las petimetras los que tenían interés en correr un tupido velo sobre aquel asunto: la mayoría de los papeles en que se mencionaba el cortejo o no circulaban libremente o se retiraban pronto” (Martín Gaité 1972). || “Dejemos sólo constancia del hecho y corramos un discreto velo [...]” (Romera 1994). || “No sé. No sé. Corramos un tupido velo sobre este asunto” (Donoso 1978). || “Por eso, apreciado José Barrionuevo, todos los que contribuisteis a correr ese tupido velo...” (Pedro J. Ramírez 1995). || “Mansito propuso en 1990 correr un tupido velo sobre los primeros síntomas de la existencia de la enfermedad en el ganado británico para evitar una caída del consumo de carne en el mercado europeo” (*El Mundo*, 19/7/1996). || “Incluso ha habido noticias sobre saqueadores de tumbas, aunque un velo de discreción o de pudor oculta los detalles [...]” (Muñoz Molina 2001). || “[...] se ha decidido correr un tupido velo sobre esa cuestión?” (Ezquerria 2004).

por activa y por pasiva. De tódalas formas ou por tódolos medios posibles.

• É un misterio para min como e cando se decatan os académicos da existencia dunha frase. Neste caso temos constancia escrita dende 1652 e 1657 por Baltasar Gracián no seu *Criticón*, pero a Real Academia Española (1933) analízaa por primeira vez e dá como autoridade a Torres Villarroel (1794): “Reverendísimo mío / dijo otra vez y otra vez otra, / pues la Musa por activa / y por pasiva me sopla”. Tamén a emprega Pérez Reverte nunha entrevista televisiva de 2004: “[...] un novelista entretiene, por activa y por pasiva”. Xa lla oíra a Esperanza Aguirre e a outros políticos de agora (2005) que a empregan moito, tanto que en Google se pode comprobar que a Internet se contaminou e xa ten case 28.000 rexistros deste clixé rodando polo mundo globalizado. ¿Terán algo que ver a voz activa e a voz pasiva dos verbos? ¿Será, quizais, facer algo activamente, pola forza, ou pasivamente, con boas maneiras e tratando de persuadir? A cita de Baltasar Gracián parece indicar isto. Se cadra é outro xeito de dicir *por las buenas o por las malas*. Nótese o que nos di o P. Feijoo na súa cita, el que era home intelixente. O que importa agora é que segue vivo este clixé que nos invade persistentemente a través, sobre todo, dos políticos e os chamados medios de comunicación.

✓ “y no se te dé nada de los cultos, que ellos no son entendidos, ni por activa ni por pasiva [...]” (Domínguez Camargo 1652). || “Y en conclusión, la verdad por activa es muy agradable, pero por pasiva la quinta esencia de lo aborrecible: esto es, en murmuración, no en desengaño” (Gracián 1657). || “[...] mí me busca el otro agradecida: / por activa y pasiva es mi tormento, / pues padezco en querer y en ser querida” (Juana Inés de la Cruz 1666-95). || “[...] unos, que fueron meros copiantes de sus antecesores; otros, que pusieron por pasiva lo que hallaron escrito por activa; otros, que por decir algo de nuevo, nada dixeron de bueno” (Feijoo 1730). || “Así y asá, quiero que él sepa que es como yo hago y deshago mis críticas, por activa y por pasiva [...]” (Gallardo 1835). || “[...] como usted me enseña, por activa y por pasiva [...]” (Pardo Bazán 1886). || “Se la acusa de puta, puta por dentro y por fuera, por arriba y por abajo, por activa y por pasiva, aquí y en Pekín [...]” (Torrente Ballester 1972). || “Desde el comienzo, los oiartzuarras tanto por pasiva como por activa intentaron dominar el marcador [...]” (*El Diario Vasco*, 13/3/2001). || “El ministro, muy asequible, y que ha explicado su proyecto por pasiva y por activa en los últimos meses [...]” (*Faro de Vigo*, 15/06/2001). || “El informe del 16 de julio de 2004 en el que se aseguraba por activa y por pasiva que Sogecable restringía la competencia con los técnicamente denominados [...]” (*La Gaceta de los Negocios*, 24/10/2004). || “Los consejeros populares insistieron, por activa y por pasiva, en el aplazamiento de la cita de mañana y en incluir en la agenda el debate sobre el modelo [...]” (*El Correo Digital*, Álava, 26/10/2004). || “Niega, por activa y por pasiva, que hubiera discrepancias en el PP a la hora de encarar la cumbre autonómica del pasado jueves” (*La Razón*, 30/10/2004).

un antes y un después. Punto no tempo que marca un cambio.

• O *Diccionario de uso* (2002) sinala *un antes* como “tiempo o situación anteriores a un momento dado”, pero no exemplo non ten máis remedio que emprega-la frase feita que nos interesa, dicindo: “en la historia de la humanidad hay un paso que marca un antes y un después: el paso de la mentalidad mítica a la mentalidad racional”. Como é tan recente, non o rexistra María Moliner e tampouco o *Diccionario Clave*, que é máis moderno. Este punto crucial que marca un cambio, que pode ser calquera cousa ou acontecemento, dálle pé a Delfín Rodríguez (2003) a expresar un inxenuo optimismo, cando salienta a transcendencia da exposición de Manet no Museo del Prado coa afirmación: “Habrá un antes y un después de Manet en Madrid”. Considero que debíamos pensar moito antes de escribir isto, aínda que Herralde (2004), o editor, non o fai, e comenta: “[...] la obra del escritor chileno marca un antes y un después de la literatura”. E agora vexo que o meu admirado prologuista Luis María Anson (2005) di referíndose á edición do *Quijote*: “Hay un *Quijote* antes de Rico y un *Quijote* después de Rico”.

✓ “¿Pudo haber vivido mejor en un antes o en un después?” (Salinas 1940). || “Ello conduce, finalmente, a una depreciación del suceso histórico, es decir, de esta cosa decisiva, casi sagrada, que separa un antes y un después [...]” (Brugarola 1967). || “[...] y lo que haría por la tarde, que dependía de lo que ella quisiera, dado que su vida se había partido en dos, un antes y un después de conocerla” (Vergés 1980). || “La Revolución Industrial es sin duda un elemento clave en el estudio de la evolución de todo este proceso y marca un antes y un después” (Vinuesa 1991). || “[...] a finales del siglo XVIII aparece el libro de un escocés, Adam Smith (1725-1790), que marca un antes y un después en la historia de la economía” (Estefanía 1995). || “La modernidad tiene un antes y un después del gobierno de Sánchez de Lozada” (*Los Tiempos*, Bolivia, 2/2/1997). || “[...] hay un antes y un después desde que se hiciera cargo de las campañas electorales” (Pérez Henares

2003). || “Habrà un antes y un después de Manet en Madrid” (Rodríguez 2003). || “Siempre ha habido un antes y un después de Joyce” (Amat 2004). || “En la poesía de José Corredor-Matheos hay un antes y un después de la publicación de *Cartas a Li-Po* [...]” (García Martín 2004). || “[...] la obra del escritor chileno marca un antes y un después de la literatura” (Herralde 2004). || “Hay un *Quijote* antes de Rico y un *Quijote* después de Rico” (Anson 2005).

años largos. Anos que parecen séculos.

- Como o cerebro humano non pode comprende-la idea do tempo, ás veces 365 días (5 horas, 48 minutos e 46 segundos fan un ano) fanse longos ata parecer 450 ou máis, de aí o clixé, que ten unha longa vida no idioma. O que repite a frase quere suxeri-la idea de fastío e aburrimiento [...] do tempo que lle parece que pasa con lentitude. Non o atopei en ningún dicionario, nin sequera no *Gran diccionario de frases hechas* (2001) nin no moi recente *Diccionario de uso del español de América y España* (2002), pero si nas seguintes citas, de 1527, do P. Las Casas, ata a última de 2002. Mais observei que tamén se pode amplia-lo clixé. Por exemplo: “El millón largo de escolares catalanes que volvió ayer a las clases lo que hizo sin problemas [...]” (*La Vanguardia* 16/9/2003). Pero Quiñonero (2004) engade máis aínda: “[...] y una docena larga de libros que replican apoyan o amplifican [...]”. Á *docena larga* (¿14? ¿19?) súmase Rodríguez Rivero (2004): “La Feria de Buenos Aires dispone de un plantel fijo de una docena larga de personas”.

✓ “[...] que, desde entonces acá (que han pasado cuarenta y ocho años largos [...])” (Bartolomé de las Casas 1527-1561). || “[...] ya con más de novecientos años largos habían entrado en estos reinos [...]” (Poza 1587). || “Te llevo siete años largos, soy deudor a tu familia de beneficios que no olvidaré nunca [...]” (Gómez de Avellaneda 1860). || “¡Infeliz! ¡Cincuenta años largos de bregar en esos mares [...]” (Pereda 1885). || “Alicia tiene treinta años largos [...]” (Jardiel Poncela 1935). || “Anduvo con él dos años largos, pero como le daba unas tundas tremendas que la deslomaba [...]” (Cela 1951). || “Y hoy, a los doce años largos de su muerte [...]” (Cela 1958). || “[...] el fontanero no ha querido volver, y ya llevamos diez años largos esperando [...]” (Zamora Vicente 1972). || “Cuatro años largos, sí, llevaba Colón acosando a los reyes” (Vizcaino Casas 1987). || “Tres años largos sin dejarse ver” (Uslar Pietri 1990). || “[...] mediano de estatura, frisando los sesenta años largos [...]” (Armas Marcelo 1994). || “La novela llevaba escrita unos cuatro años largos” (Jiménez Lozano 2001). || “Durante largos años no había habido grandes pegas a su obra, pero no era Unamuno un hombre cómodo para los políticos” (Zamora Bonilla 2002). || “Añadió que si el Senado funcionara, y en estos 25 años largos ya de desarrollo constitucional hubiera asumido las funciones que le son propias, no haría [...]” (*El Comercio Digital*, Asturias, 29/10/2004).

grano/granito de arena. Achega, axuda.

- Este clixé denota unha falsa modestia, chamando *grano/granito de arena* ó que cadaquén cre que é unha enorme, importante e valiosa achega. Allea ás falsas modestias, a Academia acepta por primeira vez a expresión no seu dicionario de 1925 e di: “Auxilio pequeño que uno contribuye para una obra o fin determinado”. O pudor ou a sandez ou o apoucamento obrigaron a cambia-lo *grano* polo *granito*. A primeira cita é de 1901: non a recolle o *Gran diccionario de frases hechas* (2001), pero o *Diccionario de uso del*

español de América y España (2002) si a inclúe e di: “Ayuda pequena que una persona aporta y con la que contribuye para conseguir un fin determinado”. Ofrezco citas reais que demostran como se achega ese *grano/granito de arena*, para facer logo nós o mesmo. O buscador Google dáme 11.500 resultados nos que aparece *grano de arena* e nada menos que 23.400 para *granito*, feito que creo que reforza o que digo sobre a modestia, ou falsa modestia. É clixé panhispánico e non atopei documentación anterior a 1901. E como non o podo resistir, digo eu: “Con este traballo quero achega-lo meu *granito de arena* ó estudo da fraseoloxía española”. Pero a editora Nuria Lucena, allea a todo isto, dime en comunicación persoal (30/4/2003): “Sólo esperamos como editores contribuir de la mejor manera a enriquecer nuestra bibliografía en ese sentido y aportar nuestro grano de arena a la lexicografía española”. E Ramón Rodríguez (2004) di que “Richard Wolin, a principio de los noventa, había puesto su grano de arena en los debates [...]”.

✓ “En este sentido, esto es, como acarreadores de nuestro pequeño grano de arena al acervo común de la historia patria...” (Boronat y Barrachina 1901). || “[...] observar de cerca los males que padece aquella raza noble y generosa, digna de mejor suerte, y quisiera contribuir, aunque fuese aportando un grano de arena nada más, á la obra de su adelanto” (Giménez Valdivieso 1909). || “Ante esta iniciativa de publicar sus Memorias deformadas comprenderá sin duda que deseo llevar así mi granito de arena al dichoso remate de nuestra Redención y aprobará conmovida [...]” (Parra 1929). || “[...] Él también, concluyó modestamente, aspiraba a aportar su granito de arena en la construcción del magno edificio cuya primera piedra pusiera el genial Linneo” (Sampedro 1952). || “[...] la revista *Arbo* ha iniciado una encuesta muy interesante, a la que también aportamos nuestro grano de arena [...]” (Fraga Iribarne 1962). || “Y cada vez que sucumba, como ha ocurrido siempre, habrá puesto su granito de arena para que el pretendido paraíso se convierta en un infierno” (Martín Vigil 1965). || “[...] perdidos y que no vacilan en poner su granito de arena para que la sociedad recupere sus estructuras de antaño” (Tomeo 1985). || “[...] hace querer regresar muy pronto, para estar con ustedes, y poner un granito de arena en el trabajo que se debe hacer allá” (Chase Brenes 1996). || “Con el deseo de aportar su granito de arena, ABC Salud acerca a los lectores a algunas organizaciones que...” (*ABC Salud*, 1/12/2001). || “[...] confesó su orgullo de haber puesto un granito de arena en la creación de la Real Fundación de Toledo [...]” (*El País*, 5/4/2003). || “Sólo esperamos como editores contribuir de la mejor manera a enriquecer nuestra bibliografía en ese sentido y aportar nuestro grano de arena a la lexicografía española” (Nuria Lucena, comunicación persoal, 30/4/2003). || “Richard Wolin, a principio de los noventa, había puesto su grano de arena en los debates [...]” (Rodríguez 2004). || “[...] quiero aportar mi granito de arena al proyecto olímpico de Madrid [...]” (*La Razón*, 5/2/2005).

ni que decir tiene. Ser algo tan obvio e claro que é superfluo mencionalo.

• É o clixé máis absurdo e innecesario, case un bordón conversacional no que inciden e reinciden os mellores escritores e estilistas, como deixan claro os exemplos de uso que escollín. Podíamos preguntar: se o que se di non fai falta dicilo ¿por que dicilo? É curioso, mais os libros de estilo nunca mencionan este clixé. Senabre (2001) cre que atopou a solución para evitalo e di: “Diálogos que -obvio es decirlo- el autor compone con ejemplar destreza [...]”. Mais non, non é a solución. É o mesmo pero con outras palabras, aínda que temos que agradecerlle o intento. Ángel Ganivet (1898) é un dos

primeiros citados e logo ségueno Ortega, Insúa, Zubiri, Pemán, Luis Goytisolo, Julián Marías, Manuel Hidalgo e Mateo Díez. En inglés dise *needless to say*, que é tamén un clixé. O *Diccionario de uso del español de América y España* (2002) dá unha definición estraña: “Expresión que *evidencia* que lo que se ha dicho o lo que se va a decir es *evidente*” (cursiva miña). Non escapa a isto nin o meu querido prologuista e premio Cervantes 2002, Jiménez Lozano, no seu *Los cuadernos de la letra pequeña* (2003): “Por lo demás ni que decir tiene que hay gentes que trabajan seriamente [...]”.

✓ “[...] y ni que decir tenía que ellos habían de quedar como los mismísimos ángeles [...]” (Reyes 1888). || “Eso ni que decir tiene -contestó Benito” (Ganivet 1898). || “Ni que decir tiene que si, abstrayendo de los demás elementos estéticos, comparamos el lenguaje de los autores, encontraremos muy grandes diferencias y características predilecciones” (Ortega y Gasset 1916). || “Ni que decir tiene que el sainete ocurría cerca de la plaza de la Cebada, y que, al celebrarse la boda del chulapo digno y la manola buena, triunfante de las asechanzas y calumnias de su adversaria, había un baile: un baile en la Bombi” (Insúa 1922). || “[...] observación recae sobre un objeto distinto al de la primera. Y así sucesivamente. A esto es a lo que Dirac llama observable. (Ni que decir tiene que se trata tan sólo de observables físicos; por tanto, de magnitudes que pueden ser medidas en cualquier observación [...])” (Zubiri 1932-44). || “Y ni que decir tiene que el obispo cesó radicalmente en sus jaculatorias de aprobación entusiasta” (Pemán 1970). || “Agradecido encima. La gente en nuestro pueblo es muy cariñosa, ni qué decir tiene” (Zamora Vicente 1972). || “Ni que decir tiene que esa impresión de tiempo acelerado a la que acabo de referirme no se bastaba para explicar el bloqueo, al que se hallaba sometido, que la causa era principalmente de carácter moral, conmocionado” (Goytisolo 1984). || “Ni que decir tiene que le parece muy bien, y se expresa sobre ello con una falta de misericordia que resulta espeluznante” (Marías 1985). || “Ni que decir tiene que ya no pude concentrarme ni un momento en la reunión” (Hidalgo 1988). || “Ni que decir tiene que el experimento lo manteníamos en el más absoluto secreto, como corresponde a un intento de estas características que se presta a las más absurdas fantasías e imaginaciones maliciosas” (Mateo Díez 1992). || “Ni que decir tiene que, esta última, es la perla de mi colección, prácticamente insuperable” (Lázaro Carreter 1997). || “[...] pero sigue siendo válido como historia y como fuente histórica. Y ni que decir tiene que acertó en muchas de sus explicaciones” (Moreno Alonso 2001). || “Ni que decir tiene que estamos ante una obra indispensable para el estudio científico de nuestras letras medievales” (Cuevas 2003). || “Ni que decir tiene: no faltan entre los pensamientos kantianos [...]” (Bada 2004). || “Ni que decir tiene que ambos belenes [...]” (Monzó 2004).

dedo en la llaga. Acertar, afondar nun tema.

• A frase aparece descrita no dicionario da Academia dende 1869 e no ano 1814 xa se atopa unha cita de Manuel José Quintana (1772-1857) que escribiu: “[...] y Feliú en esta parte supo poner el dedo en la llaga mortal que nos afligía”. Pero sospeito que a locución é máis antiga, aínda que tampouco a recolle o *Nuevo diccionario de la lengua castellana* (1863). Tanto é así que Antonio Cánovas del Castillo (1828-1897) di nun dos seus Discursos de 1862: “[...] aunque pongamos, como vulgarmente se dice, el dedo en la llaga”. Xa se dicía “vulgarmente” na conversa informal de aquelas épocas. A definición que nos dá o DRAE (2001) é: “Conocer y señalar el verdadero origen de un mal, el punto difícil de una cuestión, aquello que más afecta a la persona de quien se habla”. ¿Cadran as citas con esta definición? O *Gran diccionario de frases hechas* (2001) apunta unha posible orixe da frase: “Procede seguramente de la narración evangélica según la

cual Jesús de Nazaret, resucitado, se hizo tocar la herida del lanzazo por el incrédulo Mateo para convencerle de quién era”. Isto atópase en Xoán 20: 27 e é Tomé o incrédulo, non Mateo: “Despois díxolle a Tomé: Trae aquí o teu dedo e mira as miñas mans; trae a túa man e métea no meu costado. Non sexas incrédulo, senón home de fe”. Non creo probable esta orixe bíblica porque *poner el dedo en la llaga* fai a súa aparición a principios do século XIX. É máis plausible que a *llaga*, o dano que temos, sexa sensible, e que cando alguén pon o dedo nela nos irrite e nos moleste. Nada máis ca iso. Iribarren (1994) non inclúe o clisé. O caso é que, polo menos dende Quintana, veuse repetindo por escritores como Concepción Arenal, Emilio Castelar, Ganivet, Enrique Larreta, García Lorca, Roa Bastos, Torrente Ballester, Antonio Gala e Gómez de Liaño. Os suficientes para converter unha frase, co tempo, nun manido clisé. Ademais, o buscador da Internet Google danos nada menos que 24.100 resultados de uso actual, que encherían 80 páxinas impresas.

✓ “[...] y Feliú en esta parte supo poner el dedo en la llaga mortal que nos afligía” (Quintana 1814). || “En el preámbulo de esta disposición se pone el dedo en la llaga más profunda y peligrosa del ramo de presidios [...]” (Concepción Arenal 1856). || “Justamente, hombre, has puesto el dedo en la llaga [...]” (Zugasti 1876-80). || “No se burle usted, amigo Cid -dijo Gandaria, exasperado ante la insistencia cruel con que Pío Cid le ponía el dedo en la llaga [...]” (Ganivet 1898). || “¡Necio yo, que nunca he de poner el dedo en la llaga! -exclamó entonces don Antonio, con orgullosa sonrisa [...]” (Larreta 1908). || “¡Ay! Has puesto el dedo en la llaga más honda que tienen mis carnes” (Lorca 1934). || “La entrevista, sin embargo, puso el dedo en la llaga [...]” (Roa Bastos 1960). || “¿Por qué ha puesto el dedo en la llaga sin advertírmolo?” (Torrente Ballester 1972). || “Quienes critican a Portillo señalan que así vuelve a poner el dedo en la llaga” (*Caretas*, Perú, 16/4/1996). || “Había tocado perinolas demasiado altas. Había puesto el dedo en llagas voluntariamente ignoradas” (Gala 2001). || “Pienso que el autor de estas reflexiones señalaba el vicio y ponía el dedo en la llaga” (Gómez de Liaño 2001). || “Aunque este desahogo no le aliviase la situación presupuestaria, hizo que el jefe del ejecutivo alemán pusiese el dedo en la llaga de una cuestión [...]” (*La Vanguardia*, 11/9/2004).

brillar por su ausencia. Ser moi evidente que falta alguén ou algo.

• Unha frase “brillante” deslócese polo seu continuo uso e abuso. Iribarren (1994) dá varias explicacións da orixe do clisé que non me parecen satisfactorias. Citando a Vicente Vega di: “Varios escritores españoles han afirmado que el origen de esta frase, ya proverbial, arranca de la inauguración del Teatro Real de Madrid, debido a que el único palco que apareció vacío en aquella noche del 19 de noviembre de 1850 correspondía a cierta duquesa, cuya ausencia en tan brillante velada fue más notada que lo hubiese sido su presencia”. Pode ser, pero non é porque ó continuar coas miñas pescudas descubrín que Juan Ginés de Sepúlveda (1490-1573) di no seu epistolario de 1532: “Reina allí la verdad y brillan por su ausencia el fariseísmo y la calumnia”. Isto é moi anterior ó que aconteceu no Teatro Real en 1850. E para rematar, o *Gran diccionario de frases hechas* (2001) di, copiando o que relata Iribarren (1994) sobre Tácito e a tradución que fixo deste historiador o poeta francés Chénier, que o español copiou un verso, *Brutus et Casius brillaient par leur absence* “en el que acuñó la frase que ha servido de modelo de nuestro galicismo”. André Marie Chénier naceu en 1762 e

morreu en 1794, e a nosa primeira cita aparece antes destas datas. A etimoloxía é unha arte detectivesca á que se lle falta ó respecto constantemente, principalmente por desidia e por non escaravellar nas fontes. O que si é certo é que se abusou da frase dun xeito teimudo e pedante, e caeron nela nada menos que Galdós, Carlos Fuentes, Miguel Ángel Asturias, Gómez de la Serna e moitos máis que non podemos citar por falta de espazo. Mais de mostra serven estes exemplos; o último de Pedro J. Ramírez (2003) proba que segue vixente “y eso es lo que ha brillado por su ausencia”. O certo é que antes de 1532, se non me equivoco, nin as cousas nin a xente “brillaban por su ausencia”, simplemente vese que non asistían ou non estaban presentes. Ás veces dáme por pensar que o idioma é como un campo de minas, no noso caso de clixés, que nos rebentan ou estoupan na cara, ata ós expertos como Martínez de Sousa (1995), que nos di: “[...] pero no puede afirmarse lo mismo en relación con la lexicografía práctica, que brilla por su ausencia en el terreno bibliográfico de nuestra lengua [...]”. E para non ser menos súmase Arias Cañete (2005), político actual: “Las reformas estructurales brillan por su ausencia y la estabilidad presupuestaria está en riesgo”.

✓ “Reina allí la verdad y brillan por su ausencia el fariseísmo y la calumnia” (Juan Ginés de Sepúlveda 1532). || “[...] brillaban por su ausencia los que, como Meléndez Valdés, Moratín, Reinoso, Lista y otros, tuvieron la desgracia de seguir el partido francés [...]” (Mesonero Romanos 1880). || “La dueña del establecimiento brillaba por su ausencia [...]” (Pérez Galdós 1897). || “Por tanto, sólo habrá pequeñas zonas de hielo eternamente quieto donde la foca brilla por su ausencia [...]” (Ortega y Gasset 1917-1933). || “Los anónimos, frecuentes en toda clase de delitos que la policía investiga, esta vez brillaban por su ausencia [...]” (Asturias 1929). || “Entierro entre máscaras, acompañado de jóvenes amigos míos más que de los suyos, brillando por su ausencia los que él favoreció y ayudó desde sus altos cargos” (Gómez de la Serna 1948). || “[...] y la verdad es que escasean casi hasta el punto de brillar por su ausencia [...]” (Martín Gaité 1972). || “Puesto que tanto la sociedad civil pluralista como las instituciones democráticas brillaban por su ausencia, Bolívar concibió una nación liberal creada por el Estado [...]” (Fuentes 1992). || “La calle estaba vacía. La portera, como siempre, brillaba por su ausencia [...]” (Feo 1993). || “[...] pero no puede afirmarse lo mismo en relación con la lexicografía práctica, que brilla por su ausencia en el terreno bibliográfico de nuestra lengua [...]” (Martínez de Sousa 1995). || “Los autos de lujo de las instituciones autónomas brillan en las antiguas instalaciones de la Agencia [...]” (*La Nación*, Costa Rica, 1/2/1997). || “En este caso no ha habido nada de eso: la información ha brillado por su ausencia” (*El Norte de Castilla*, 27/11/2000). || “[...] para no participar en el esperpento y no ofrecer a los fotógrafos sus manos arriba, y brillando por su ausencia en el Pleno más importante del año legislativo” (Campmany 2001). || “También un servicio en el que la sonrisa acogedora brilla por su ausencia [...]” (*La Razón*, Magazine, 17/3/2002). || “Y eso es lo que ha brillado por su ausencia” (Pedro J. Ramírez 2003). || “[...] el debate público de las grandes orientaciones de la ciudad brilla por su ausencia” (Santana 2003). || “Las reformas estructurales brillan por su ausencia y la estabilidad presupuestaria está en riesgo” (Cañete 2005).

ni están todos los que son, ni son todos los que están. Non todos están incluídos, e os que están quizais non o merezan.

• Como xa consultara este autor, fun directamente a el. Indícanos Iribarren (1994) como descubriu a orixe desta frase: “[...] tuve la suerte de encontrar, donde menos podía esperarlo, el origen del famoso aforismo. Se trataba, como yo sospeché, de una cuarteta

mutilada. Realicé mi hallazgo leyendo el libro de Francisco Flores García titulado *Memorias íntimas del teatro*, en el cual dice el citado autor: ‘Respecto a la locura, me atengo a lo que Campoamor hace decir a un alienado en su famosa comedia, injustamente olvidada, *Cuerdos y locos*: ‘Pues, como dice el refrán / en esta santa mansión / ni están todos los que son / ni son todos los que están’. [...] Lo indudable es que Campoamor, en la comedia aludida, dio forma al dicho, convirtiéndolo en frase proverbial que ha llegado hasta nuestro días”. Outros, como o *Gran diccionario de frases hechas* (2001), repiten isto sen mencionar a fonte. A obra de Campoamor estreouse en Madrid o 1 de marzo de 1873. A Biblioteca Nacional posúe un exemplar de M. Rivadeneyra, tamén de 1873 (*Comedia en tres actos*). Pero seguín pescudando, que é o meu, ata descubri-la seguinte cita: “Un loquito del hospicio me dijo en una ocasión: ni son todos los que están, ni están todos los que son” que pertence ó *Genio e ingenio del pueblo andaluz* de Fernán Caballero (1796-1877) e que tamén escribiu na súa novela *Un servilón y un liberalito o Tres almas de Dios* (1863) dez anos antes de que Campoamor estrease a súa comedia. Non foi, polo tanto, Ramón de Campoamor o inventor da frase. ¿Intertextualidade? ¿Esquecemento? Ou quizais é que a frase andaba xa de boca en boca dende había tempo, como o segue a facer hoxe, e como o propio Campoamor apunta na súa quarteta.

Algunhas citas demostran que a frase non só alude a tolos e asisados, senón que se refire tamén, como indico na miña definición, ós que non están incluídos no que sexa, e os que si, ó mellor non deberían estar. Hai variantes, por suposto. A última di: “[...] Todo lo cual querría decir que el *TOP 50* de Thompson ISI sería todos los que están pero no estarían todos los que son”.

Unha curiosidade: o *Diccionario fraseológico documentado del español actual* (2004) non inclúe esta frase, pero o profesor Marín (2005) fai un curioso xogo de palabras ó escribir: “[...] deja claro el prólogo que, si bien están muchos de los que son, se han cubierto ausencias gracias a la generosidad de los participantes [...]”. Mais vexámo-los que si saben que existe:

✓ “Un loquito del hospicio me dijo en una ocasión: ni son todos los que están, ni están todos los que son” (Böhl de Faber 1921). || “Pues, como dice el refrán / en esta santa mansión / ni están todos los que son / ni son todos los que están” (Campoamor 1873). || “No son todos los que están, ni están todos los que son [...]” (Insúa 1922). || “No son todos los que están, ni están todos los que son” (Arrivi 1964). || “No me extrañaría en lo más mínimo -contestó Molkas-, allí ni están todos los que son, ni son todos los que están” (Paso 1977). || “El cine francés es impresionista, aunque repetimos que no son todos los que están ni están todos los que son [...]” (Hernáiz 1986). || “[...] ya que parece que se está dando el hecho de que «ni son todos los que están, ni están todos los que son» [...]” (Saiz 1993). || “-acaso no estén todos los que son, aunque son todos los que están, etc.” (Martínez de Sousa 1995). || “[...] ni significa esto que estemos contra los partidos, mientras más haya, y verdaderamente de izquierda, mejor, porque ni están todos los que son, ni son todos los que están” (Fidel Castro, discurso, 3/7/1998). || “Ni están todos los que son ni [...]” (*Diario de Navarra*, 23/5/2002). || “[...] Todo lo cual querría decir que el *TOP 50* de Thompson ISI serían todos los que están pero no estarían todos los que son” (Fernández de Bobadilla 2003).

En lingua inglesa hai moitos dicionarios de clichés¹³ pero todos carecen do mesmo: fáltalle-la cita textual que indique cando se empregan e quen os emprega. Tampouco son rigorosos nin científicos ó falar de orixes. Non se debe dicir, por exemplo, que tal cliché se emprega “dende o século XIX” sen máis e sen probas. Moitos deles son tamén o resultado da rapina e do furto máis que dun traballo de investigación serio e independente. Quizais isto se deba a que non é doado, repito, recoñecelo e pódelle pasar inadvertido ó lector máis atento.

Hai frases que endexamais foron incluídas en dicionarios; os lexicóns admiten frases anos despois de que xurdan no idioma; as definicións cambian; as orixes son sempre incertas e dubidosas; a fraseoloxía é camaleónica e non sempre fixa e estática como cren algúns eruditos. E o que é peor, falamos por falar, sen nos importar como o facemos ou o que dicimos.

Bibliografía¹⁴

- AGUILAR, D. et al. (2002): *Diccionario de uso del español de América y España*. Vox, Barcelona.
- AMAT, N.: El Cultural, *El Mundo*, 10/6/2004.
- AMIS, M. (2001): *The War Against the Cliché: Essays and reviews, 1971-2000*. Hyperion, London.
- AMMER, Ch. (1998): *Dictionary of Clichés*. Plume, New York.
- ANSON, L. M.: *La Razón*, 11/10/2001.
La Razón, 9/1/2005.
- ARENAL, C. (1900-1901): *Artículos sobre beneficencia y prisiones V*. Librería de Victoriano Suárez, Madrid.
- ARIAS CAÑETE, M.: *La Razón*, 9/1/2005.
- ARMAS MARCELO, J. J. (1994): *Madrid, distrito federal*. Seix Barral, Madrid.
- ARRIVI, F. (1964): *Cóctel de Don Nadie*. Rumbos, Barcelona.
- ASTURIAS, M. A. (1929): “Crimen de la mujer despedazada” en Segala, S. (coord.): *París 1924-1933. Periodismo y creación literaria*. CSIC, Madrid.
- BADA, R.: Blanco y Negro Cultural, *ABC*, 7/2/2004.
- BLACKER, T.: *The Independent*, U.K., 12/4/2001.
- BORONAT y BARRACHINA, P. (1901): *Los moriscos españoles y su expulsión*. Imprenta de Francisco Vives, Valencia.
- BRUGAROLA, M. (1967): *Sociología y Teología de la técnica*. Ed. Católica, Madrid.
- CABALLERO, F. (Böhl de Faber, C.) (1863): *Un servilón y un liberalito o Tres almas de Dios*. Rubiños, Madrid.
- CALA CARVAJAL, R. e FORMENT FERNÁNDEZ, M. (2001): *Gran diccionario de frases hechas*. Larousse, Barcelona.
- CAMPMANY, J.: *ABC*, 22/12/2001.
- CAMPOAMOR, R. de (1873): *Cuerdos y locos*. Librería de V. Suárez, Madrid.

¹³ Por exemplo: Partridge (1950), Rogers (1994), Rees (1996), Ammer (1998).

¹⁴ As citas de xornais nas que non se menciona o autor do artigo, senón que son obra da redacción da cabeceira, aparecen coa súa referencia íntegra no corpo do texto, polo tanto vemos innecesaria a súa inclusión nesta bibliografía.

- CASARES, J. (1950): *Introducción a la lexicografía moderna* en anexo LII á *Revista de Filología Española*. CSIC, Madrid.
- CASAS, Bartolomé de las, Fray (1527-1561): *Historia de las Indias*. Ed. de P. Castañeda Delgado, Alianza Editorial, Madrid, 1994.
- CAVANILLES i PALOP, A. J. (1795): *Observaciones sobre la historia natural, geografía, agricultura, población y frutos del reyno de Valencia*. Ed. de Albatros, Valencia, 1983.
- CELA, C. J. (1951): *La Colmena*. Emecé, Buenos Aires.
- (1956): *Judíos, moros y cristianos*. Destino, Barcelona.
- (1958): “De San Macario a San Juan [...]” en *Papeles de Son Armadans*.
- CHASE BRENES, A. (1996): *El pavo real y la mariposa*. Seix Barral, Barcelona.
- CONTE, R.: *Babelia*, 21/12/2002.
- CORTÁZAR, J. (1963): *Rayuela*. Ed. Sudamericana, Buenos Aires.
- COSSÍO, J. M. de (1966): *Los mejores toreros de la historia*. El Alcázar, Toledo.
- CRUZ, Juana Inés de la, Sor (1666-95): *Poesía. Lírica personal*. Ed. de Castalia, Madrid, 1982.
- CUEVAS, C.: *El Cultural*, *El Mundo*, 3/4/2003.
- DELIBES, M. (1966): *Cinco horas con Mario*. Ed. de Destino, Barcelona, 2004.
- DÍAZ, L. (1992): *La radio en España (1923-1993)*. Hisperia, Madrid.
- DÍAZ-CAÑABATE, A. (1970): *Paseillo por el planeta de los toros*. Biblioteca Nueva, Madrid.
- Dictionnaire Hachette Multimédia 99* (versión en CD-ROM).
- DOMÍNGUEZ CAMARGO, H. (1652): *Lucifer en romance de romance en tinieblas* [...]. Ed. de Castalia, Madrid, 1988.
- DONOSO, J. (1978): *Casa de campo*. Seix Barral, Barcelona.
- ESTEFANÍA, J. (1995): *La nueva economía*. Debate, Madrid.
- EZQUERRA, I.: *La Razón*, 13/7/2004.
- FEIJOO, Benito Jerónimo (1758-1763): *Theatro crítico universal*. Fernández de Arrojo, Madrid.
- FEO, J. (1993): *Aquellos años*. Ediciones B, Barcelona.
- FERNÁNDEZ DE BOBADILLA, V.: *Tiempo*, 13/10/2003.
- FERRER DEL RÍO, A. (1843): *Historia del reinado de Carlos III*. Imprenta de los Señores Matute y Compagni, Madrid.
- FRAGA IRIBARNE, M. (1962): *El nuevo anti-Maquiavelo*. Instituto de Estudios Políticos, Madrid.
- FUENTES, C. (1992): *El espejo enterrado*. Fondo de Cultura Económica, México.
- GALA, A.: *El Mundo*, 22/8/2001.
- GALLARDO, B. J. (1835): *El Crítico. Número Tercero*. Ed. de P. Sáinz, Imprenta Blass, Madrid, 1928.
- GANIVET, A. (1898): *Los trabajos del infatigable creador Pío Cid*. Ed. de Americalee, Buenos Aires, 1945.
- GARCÍA LORCA, F. (1934): *Yerma, La Zapatera prodigiosa*. Ed. de Ed. Losada, Buenos Aires, 1938.
- GARCÍA MARTÍN, J. L.: *El Cultural*, *El Mundo*, 22/7/2004.

- GIMÉNEZ VALDIVIESO, T. (1909): *El atraso de España*. Ed. de Fundación Banco Exterior, Madrid, 1989.
- GÓMEZ DE AVELLANEDA, G. (1860): *La ondina del lago azul*. Ed. de J. M. Castro, Ediciones Atlas, Madrid, 1981.
- GÓMEZ DE LA SERNA, R. (1948): *Automoribundia*. Ed. Sudamericana, Buenos Aires.
- GÓMEZ DE LIAÑO, J.: *El Mundo*, 22/8/2001.
- GOYTISOLO, L. (1984): *Estela del fuego que se aleja*. Anagrama, Barcelona.
- GRACIÁN, B. (1657): *El Criticón*, terceira parte. Ed. de Castalia, Madrid, 2003.
- HERNÁIZ, J. I. (1986): *Teoría, historia y sociología del arte*. Ediciones Hispanoamericanas, Madrid.
- HERRALDE, J.: *La Vanguardia*, 15/12/2004.
- HIDALGO, M. (1988): *Azucena, que juega al tenis*. Mondadori, Madrid.
- INSÚA, A. (1922): *El negro que tenía el alma blanca*. Ed. de S. Fortuño, Castalia, Madrid, 1998.
- IRIBARREN, J. M. (1994): *El porqué de los dichos*. Gobierno de Navarra, Departamento de Educación y Cultura, Pamplona.
- ISLA, J. F. de (1758): *Historia del famoso predicador Fray Gerundio de Campazas alias Zotes*. Ed. de J. Jurado, Gredos, Madrid, 1992.
- JARDIEL PONCELA, E. (1935): *Las cinco advertencias de Satanás*. Ed. de Biblioteca Nueva, Madrid, 1939.
- JIMÉNEZ LOZANO, J.: *ABC Cultural*, 8/12/2001.
- (2003): *Los cuadernos de letra pequeña*. Pre-textos, Valencia.
- LANDAU, S. (2002): *Dictionaries: The Art and Craft of Lexicography*. Cambridge University Press, Cambridge.
- LARRETA, E. (1908): *La gloria de don Ramiro, una vida en tiempos de Felipe II*. Librería de V. Suárez, Madrid.
- LASO D'LOM, A.: *ABC*, 13/11/2004.
- LÁZARO CARRETER, F. (1997): *El dardo en la palabra*. Círculo de lectores, Madrid.
- (2001) *Babelia, El País*, 13/10/2001.
- LLEDÓ, E.: "La cólera de los imbéciles llena el mundo" en *El País*, 1/3/2003.
- MADARIAGA, S. de (1940-1947): *Vida del muy magnífico señor don Cristóbal Colón*. Ed. de Sudamericana, Buenos Aires, 1942.
- MARÍAS, J. (1985): *España inteligible*. Ed. de Alianza, Madrid, 1998.
- MARÍN, M.: Blanco y Negro Cultural, *ABC*, 29/1/2005.
- MARTÍN GAITE, C. (1972): *Usos amorosos del dieciocho en España*. Siglo Veinte y Uno de editores de España, Madrid.
- MARTÍN VIGIL, J. L. (1965): *Los curas comunistas*. R. Grandio, Oviedo.
- MARTÍNEZ DE SOUSA, J. (1995): *Diccionario de lexicografía práctica*. Vox, Barcelona.
- MATEO DíEZ, L. (1992): *El expediente del naufrago*. Afaguara, Barcelona.
- MESONERO ROMANOS, R. (1880): *Memorias de un setentón, natural y vecino de Madrid*. Oficinas de la Ilustración española y americana, Madrid.
- MIGUEL, A. de (1985): *La pervisión del lenguaje*. Espasa Calpe, Madrid.
- MONZÓ, Qu.: *La Vanguardia*, 15/12/2004.

- MORENO ALONSO, M. (2001): *La aventura de la Historia*. ano 3, nº 35, setembre, Arlanza Ediciones, Madrid.
- MUÑOZ MOLINA, A.: *El País*, 14/10/2001.
- GUIM, J.B. et alii. (1863): *Nuevo diccionario de la lengua castellana*. Salvá. V.(ed.). Librería de Don Vicente Salvá, París.
- ORTEGA i GASSET, J. (1916): *El espectador* I. Ed. de Alianza Editorial-Revista de Occidente, Madrid, 1993.
- (1917-1933): *Artículos (1917-1933)*. Ed. de P. Garagorri, Alianza Editorial-Revista de Occidente, Madrid, 1983.
- PALOMO, J.: *El Cultural*, *El Mundo*, 28/11/2002.
- PARDO BAZÁN, E. (1886): *Los pazos de Ulloa*. Ed. de Renacimiento, Madrid, 1886.
- PARRA, T. de la (1929): *Las Memorias de Mamá Blanca*. Ed. Le livre Libre, París.
- PARTRIDGE, E. (1947): *Usage and Abusage, a guide to good English*. H. Hamilton, London.
- (1950): *Dictionary of Clichés*. Routledge and Paul, London.
- PASO, F. del (1977): *Palinuro de México*. Alfaguara, Madrid.
- PEMÁN, J. M. (1970): *Mis almuerzos con gente importante*. Dopesa, Barcelona.
- PEREDA, J. M. de (1885): *Sotileza*. Ed. de Gladium, Buenos Aires, 1938.
- PÉREZ GALDÓS, B. (1897): *Misericordia*. Ed. de Aguilar, Madrid, 1953.
- PÉREZ HENARES, A.: *El Mundo*, 24/7/2003.
- PÉREZ REVERTE, A.: *ABC*, 25/1/2003.
- POMBO, A.: *La Razón*, 20/12/2002.
- PORTA PERALES, M.: *ABC*, 16/10/2004.
- POZA, A. de (1587): *De la antigua lengua, poblaciones y comarcas de las Españas*. Ed. de Minotauro, Madrid, 1959.
- QUINTANA, M. J. (1814): *Obras políticas* en Quintana, M. J. (1897-98): *Obras completas*. F. González Rojas, Madrid.
- QUIÑONERO, J. P.: *Blanco y Negro Cultural*, *ABC*, 14/2/2004.
- RAMÍREZ CODINA, P. J. (1995): *David contra Goliath. Jaque mate al felipismo*. Temas de Hoy, Madrid.
- El País*, 30/4/2003.
- Random House Webster's Unabridged Dictionary* (1988): Random House, New York.
- REES, N. (1996): *Dictionary of Clichés*. Cassell, London.
- REYES, A. (1888): *Sangre torera*. Ed. de R. Velasco, Madrid, 1906.
- ROA BASTOS, A. (1960): *Hijo de hombre*. Losada, Buenos Aires.
- RODRÍGUEZ, D.: *Blanco y Negro Cultural*, *ABC*, 11/10/2003.
- RODRÍGUEZ, R.: *Blanco y Negro Cultural*, *ABC*, 24/1/2004.
- RODRÍGUEZ RIVERO, M.: *Blanco y Negro Cultural*, *ABC*, 25/9/2004.
- ROGERS, J. T. (1994): *Dictionary of Clichés*. Wings Books, New York.
- RUIZ GURILLO, L. (1997): *Aspectos de fraseología teórica española*. Universitat de València, València.
- SAIZ, J. (1993): *La ansiedad*. Emeké, Barcelona.
- SALINAS, P. (1940): *En busca de Juana de Asbaje*. Ed. de Aguilar, Madrid, 1958.
- SAMPEDRO, J. L. (1952): *Congreso en Estocolmo*. Plaza y Janés, Barcelona.
- SANTANA, C.: *La Vanguardia*, 15/4/2003.

- SECO, M., ANDRÉS, O. de e RAMOS, G. (2004): *Diccionario fraseológico documentado del español actual. Locuciones y modismos españoles*. Aguilar, Madrid.
- SENABRE, R.: *El Cultural*, 26-2/9/2001.
- SEPÚLVEDA, J. G. de (1532): *Epistolario*. Ed. de AECE, Ediciones de Cultura Hispánica, Madrid, 1979.
- SHEEHAN, G. (1982): *Dr. Sheehan on Running*. World Publications, Mountain View California.
- STRUNK, W. (1918): *Elements of Style*. Press of W. P. Humphrey, Geneva/New York.
- TOMEIO, J. (1985): *Amado monstruo*. Anagrama, Barcelona.
- El Cultural*, *El Mundo*, 1/5/2003.
- TORRENTE BALLESTER, G. (1972): *La saga/fuga de J.B.* Destino, Barcelona.
- USLAR PIETRI, A. (1990): *La visita en el tiempo*. Ed. de Círculo de lectores, Barcelona, 1993.
- VERGÉS, P. (1980): *Sólo cenizas hallarás (bolero)*. Prometeo, Valencia.
- VILLAR, C.: *El Mundo*, 6/2/2002.
- VINUESA ANGULO, J. (1991): *Los procesos de urbanización*. Síntesis, Madrid.
- VIZCAÍNO CASAS, F. (1987): *Isabel, camisa vieja*. Planeta, Barcelona.
- VOSSLER, K. (1904): *Positivismo e idealismo en la lingüística*. Poblet, Madrid.
- VV.AA. (2004²): *Diccionario Clave*. SM Ediciones, Madrid.
- ZAMORA BONILLA, J. (2002): *Ortega y Gasset*. Plaza y Janés, Barcelona.
- ZAMORA VICENTE, A. (1972): *A traque barraque*. Alfaguara, Madrid.
- ZUBIRI, X. (1932-1944): *Naturaleza, Historia, Dios*. Ed. de Alianza, Madrid, 1994.
- ZUGASTI y SÁENZ, J. (1876-1880): *El Bandolerismo*. Ed. de Virgilio Márquez, Córdoba, 1983.

Achegas da fraseoloxía á didáctica da lingua e a literatura¹

Maria Conca²

Universitat de València

A finalidade deste traballo é presentar un modelo didáctico para ensinar/aprender as unidades fráscas (UF) en contextos de uso. Para isto, danse unhas orientacións sobre termos e conceptos básicos da fraseoloxía, estúdanse os compoñentes da competencia fraseolóxica en relación cos da competencia comunicativa e analízase o uso de UF en textos argumentativos e en textos narrativos. Finalmente, propónse, para cada tipo de texto, unha clasificación das UF segundo as súas características e as súas funcións discursivas.

Palabras clave: fraseoloxía, didáctica, competencia fraseolóxica e comunicativa.

The aim of this article is to present a didactic model for teaching/learning phraseological units in specific use contexts. For that purpose, we offer some guidelines related to basic concepts and terms of Phraseology together with the study of phraseological competence aspects in connection with communicative competence features. There is also an analysis of the use of phraseological units in argumentative and narrative texts. Finally, according to the text type, we classify these units depending on their discursive functions.

Key words: Phraseology, Didactics, phraseological and communicative competence.

1. Introducción

Os falantes, na nosa propia lingua, temos automatizados segmentos de fala completos, unidades pluriverbais, que se aprenden en contextos de uso, da mesma forma que se aprende o léxico. É o que Coseriu chama “discurso repetido” fronte ó “discurso libre”, ou o que nós chamaremos, de acordo coa disciplina fraseolóxica, unidades fráscas (UF). En xeral, estas UF coñécense en catalán co nome de *proverbi* ou *refrany*, *locució*, *dita*, *frase feta*, etc.; en éuscaro, *atsotitz* ou *errefrau*, *esamolde*, *esan*, *zírto*, etc.; en galego, *proverbio* ou *refrán*, *locución*, *dito*, *frase feita*, etc.; en español, *refrán*, *dicho*, *modismo*,

¹ Este artigo é unha versión modificada e ampliada dunha conferencia pronunciada na Irakasleen Unibertsitate Eskola da Euskal Herrico Unibersitatea (Bilbo, 5 de maio de 2005).

² Traducido por Leopoldo Cañizo Durán.

giro, etc. E como tamén nolo demostra a nosa experiencia en tanto que falantes de máis dunha lingua, é posible encontrar correspondencias entre UF en diferentes linguas porque moitas delas se orixinaron nas culturas antigas e se estenderon a través do latín ou do árabe. Estas UF son transculturais e tamén se chaman europeísmos.

Por exemplo, o refrán: *Tants caps, tants barrets* (cat.).
Cada cabeza, a súa sentencia (gal.).
Zenbat buru, hainbat aburu (éus.).
Tantos hombres, tantos pareceres (es.) (RECL:230)

significa que é difícil que no pensamento se dea unanimidade. É un concepto que xa se atopa no latín: *Quot homines, tot sententiae* e oponse ó “pensamento único”, que tanto quixeron impoñer os poderes fácticos ó longo da historia.

Atopámonos, xa que logo, ante unha disciplina, a fraseoloxía, que na súa vertente aplicada ó ensino de linguas, xa está a dar moitos froitos. Neste traballo falaremos, en primeiro lugar, da fraseoloxía como ciencia lingüística, do seu desenvolvemento e das características do seu obxecto de estudo. En segundo lugar, verémo-la relación entre fraseoloxía e competencia comunicativa do falante así como a necesidade de controla-las UF se se quere ser falante competente na lingua propia (L1), nunha segunda lingua (L2) e en lingua estranxeira (LE). En terceiro lugar, falaremos dos criterios metodolóxicos para o ensino da fraseoloxía, tanto en L1 como en L2, e en LE, presentaremos algúns exemplos e exporémo-la nosa proposta.

2. Fraseoloxía: teoría e aplicacións

O recoñecemento da fraseoloxía como disciplina científica precisou percorrer un longo camiño. De feito, tivo que pasar todo o século XX para que nas súas últimas décadas se lle fixera un recoñecemento máis explícito, a pesar de que xa en 1905, o lingüista francés Charles Bally sentara as bases para o seu desenvolvemento e, en 1928, o lingüista soviético Polianov a considerara disciplina lingüística. Efectivamente, tivo un importante desenvolvemento nos países da antiga URSS durante a segunda metade do século XX.

Hoxe xa contamos con numerosos estudos e publicacións sobre fraseoloxía en moitas linguas do mundo, como se pode comprobar na revista *Proverbium*, dirixida desde a universidade de Vermont por Wolfgang Mieder. Tamén se observa un importante avance entre os investigadores e fraseógrafos das diferentes linguas do estado español; remitimos ó libro de Gloria Corpas: *Diez años de investigación en fraseología* (2003) e ás revistas *Paremia*, dirixida por Julia Sevilla, e *Cadernos de fraseoloxía galega*, dirixida por Xesús Ferro. No ámbito catalán, cabe citar dúas publicacións significativas: a revista *Caplletra*, núm. 18, coordinada por Vicent Salvador e *El discurs prefabricat. Estudis de fraseologia teòrica i aplicada* (2000), editado por Vicent Salvador e Adolf Piquer. Para o éuscaro, existe o importante traballo fraseográfico realizado por Gotzon Gárate a partir dun traballo de campo por todo Euskal Herria, que lle permitiu recoller preto de 15.000 proverbios con numerosas correspondencias en latín, inglés e español, e que ademais se pode consultar na rede. Sobre aspectos de fraseoloxía en éuscaro batúa, remitimos á publicación *Euskara mintzatuaeren erronkak* (1998), coordinada por Fito Rodríguez e Imanol Esnaola.

A pesar de todo isto, aínda adoitan producirse confusións terminolóxicas e os dicionarios de lingüística recentes tampouco aclaran os termos. Por iso coidamos conveniente definir algúns conceptos que os estudantes e sobre todo os profesores que se dedican ó ensino de linguas si que deberán ter en conta. Así, entendemos por *fraseoloxía* a disciplina lingüística que se ocupa do estudo das *unidades fráscicas* (UF). Este estudo pódese abordar nun ámbito teórico ou aplicado, desde un enfoque diacrónico ou sincrónico e desde un punto de vista interno ou externo, tal como o enfoca María Isabel González Rey (2004: 114-117), que propuxo unha visión de conxunto das posibles ramificacións desta disciplina. O *frásico* inclúe o conxunto de UF dunha lingua. Así mesmo, podemos falar do frásico dun campo concreto de actividade, como por exemplo o frásico xerado por un oficio, por un deporte, o frásico dunha especialidade ou dunha disciplina, o frásico dun autor, etc. O termo *frásico* foi introducido por Josep Guia, no I Coloquio de Fraseoloxía Galega (1997), nun intento de encher un baleiro nominativo que foi seguido por varios investigadores. A *unidade fráscica* (UF) é unha combinación estable, formada por dúas ou máis palabras que constitúen unha estrutura fixa, asociada xeralmente a un contexto comunicativo, caracterizada por unha serie de trazos entre os que cabe citar como máis importantes a repetición, a fixación, a idiomaticidade, a anomalía e a institucionalización. A estrutura destas construcións comprende desde un sintagma formado por dúas palabras, como mínimo, ata unha oración simple ou composta.

Unha vez definida a disciplina e o seu obxecto de estudo, tamén convén aborda-la taxonomía das UF, un aspecto un tanto complicado, pero posible despois dos traballos de Alberto Zuluaga (1980) e de Gloria Corpas (1997). De maneira que podemos clasificalas UF en: **colocacións** (*llum verda / luz verde / argi berdea; cop d'estat / golpe de estado / estatu kolpea; llesca de pa / rebanada de pan / ogi puska; desitjar de tot cor / desear fervientemente / benetan nahi izatea; totalment convençut / firmemente convencido / erabat ziur*), **locucións** (*fil per randa / al dedillo / goitik behera; blau de fam / muerto de hambre / goseak jota; arribar i moldre / llegar y besar el santo / bertaratu ta jan; al cap i a la fi / al fin y al cabo / azquen batean*), **paremias** (*Amb temps i palla, maduren les nyepres / Ó seu tempo maduran as uvas / A su tiempo, maduran las brevas / Denborak ontzen ditu intxaurrak* (núm. 61, 877 RECL)) e **fórmulas rutineiras** (*Bona vista vejam / Dichosos los ojos / Aspaldiko; Per molts anys / Muchas felicidades / Urte askotarako; Anem al gra / Vayamos al grano / Harira*).

Por outra parte, e ademais do carácter lingüístico da fraseoloxía, é importante remarca-lo seu valor sociocultural, porque as UF son tamén unidades culturais da lingua, que representan a idiosincrasia dun pobo; son a síntese de experiencias e coñecementos acumulados analoxicamente en imaxes e metáforas que nos axudan a entende-lo mundo, e o que nos singulariza dos outros pobos. Por iso, recuperar “o idiomático” é tan importante para linguas como o galego, o éuscaro ou o catalán, que sufriron procesos xenocidas de substitución lingüística.

É o caso do refrán: *Quien mucho abarca, poco aprieta* (es.).
Qui molt abraça, poc estreny (cat.).
Quen moito abarca, pouco apreta (gal.).
Bietxetako txacurra goseak jan (éus.). (RECL: 775)

Así, en catalán, dáse a circunstancia dalgúns refráns que os falantes coñecen en español e descoñecen na súa lingua, de forma que cando falan en catalán introducen o refrán en español, dicindo: “com diuen els castellans: ‘quien mucho abarca poco aprieta’”. Pero dáse a circunstancia, precisamente, de ser este un concepto codificado xa en latín: *Pluribus intentus minor est ad singula sensus* e que se atopa en moitas linguas románicas. Nosoutros contrastámo-la documentación deste proverbio en francés, italiano, portugués, occitano e catalán, e a documentación máis antiga e precisa que atopamos é a catalá, do s. XIV. Ademais contamos con abundante documentación do seu uso ata o século XX. Pero a substitución fraseolóxica ten un efecto perverso: fai crer ó falante da lingua minorizada que a outra lingua é máis rica en imaxes e que non hai máis remedio que recorrer a ela. Contribúe ó complexo de inferioridade proverbial fronte ós falantes da lingua dominante.

3. A relación entre competencia comunicativa e competencia fraseolóxica

Desde o punto de vista da aprendizaxe dunha lingua, sabemos que o estudante ten que chegar a coñece-lo código da lingua (o que Chomsky chamou *competencia lingüística*), pero tamén as circunstancias contextuais que acompañan o acto de comunicación: quen lle fala a quen, de qué e como se debe expresa-la mensaxe, con que propósito, con que grao de formalidade, e mediante que canle, etc. (o que Hymes chamou *competencia comunicativa*). Afondando máis na competencia comunicativa, dous lingüistas, Canale & Swain (1980), consideraron catro compoñentes dentro da competencia comunicativa: o compoñente gramatical, o discursivo, o sociolingüístico e o estratéxico.

Cómpre detérmonos neste punto para comprobar que a competencia fraseolóxica comprende tódolos compoñentes sinalados para a competencia lingüística e comunicativa, así como o compoñente cultural que estas unidades conteñen e que incorporamos:

- A) **Compoñente gramatical:** as UF teñen unhas regras de combinación, inserción e pronunciación. Por exemplo, dise: *Luis es de armas tomar*, pero non *el cuadro es de armas tomar*; *saberse algo al dedillo*, pero non **saberse algo a los cuatro dedillos*.
- B) **Compoñente discursivo:** as UF toman sentido no discurso, especialízanse actuando como elementos de cohesión sintáctica, léxica ou pragmática e son importantes para a coherencia semántica. Máis adiante, nos exemplos contextualizados, teremos ocasión de comproba-la importancia desta compoñente.
- C) **Compoñente sociolingüístico:** o uso convencional dunha UF faina apta para un contexto e non para outro. Ademais, son un instrumento eficaz de identificación grupal e, polo tanto, de socialización. Por exemplo: *Bona vista veja'm / Dichosos los ojos / Aspaldiko* é propio dun rexistro coloquial, mentres que *llum verda / luz verde / argi berdea* é máis propio dun rexistro estándar.
- D) **Compoñente estratéxico:** as UF constitúen unha forma sinxela e económica de expresión e poden axudar a compoñer mensaxes curtas e significativas. Por exemplo, para describir unha situación na que a un lle foron moi ben as cousas e as conseguiu

con facilidade, dicimos: *Arribar i moldre / Chegar e encher/ Llegar y besar el santo / Bertaratu ta jan.*

- E) **Compoñente cultural:** a maioría de UF conteñen imaxes metafóricas que, ó longo da historia, a comunidade falante codificou para entender conceptos abstractos por medio doutros máis concretos. Por iso, o coñecemento do frásico dunha lingua é un aspecto potente de integración cultural e un instrumento fundamental para entender diversas significacións e claves de lectura en textos literarios. Sérvenos como exemplo:

Tants caps, tants barrets (cat.)

Cada cabeza, a súa sentenza (gal.)

Zenbat buru, hainbat aburu (éus.)

Tantos hombres, tantos pareceres (es.) (RECL: 230)

Polo tanto, se a competencia fraseolóxica se integra en cada un dos compoñentes da competencia comunicativa global, teremos que interpretar que a aprendizaxe da fraseoloxía é fundamental e que cómpre incorporala en tódolos niveis de ensino de linguas, desde a escola infantil á universidade, e en tódolos programas de ensino, tanto monolingües como bilingües.

Supoñamos que demos suficientes argumentos para incorpora-lo estudo do frásico no ensino da lingua. O segundo paso será analizar qué metodoloxía será a máis idónea, con que materiais contamos para o seu desenvolvemento e que necesidades temos. Tendo en conta que o obxectivo fundamental que perseguimos é formar falantes competentes que incorporen o uso adecuado das UF, tanto na súa primeira lingua como nas outras que aprendan, e que sexan capaces de codificalas e descodificalas en contextos de uso.

Unha ollada a algunhas propostas didácticas para o ensino das UF demóstranos que onde se lle prestou máis atención é no ensino das linguas estranxeiras (LE). Para o inglés LE, o ensino dos *idioms* xa empezou no primeiro terzo do século XX. Este ensino estendeuse a outras linguas estatais, como o francés e o español. Na actualidade pódense atopar materiais didácticos fraseolóxicos para estas linguas, tanto publicados en forma de manuais ou cadernos como en programas en liña. A razón pola que se dedicaron máis esforzos á fraseoloxía da lingua estranxeira parece ser lóxica: o aprendiz dunha LE tropeza de contado coa dificultade de descodificar e codificar unha UF que descoñece (e máis, se é idiomática), mentres que na primeira lingua os falantes apréndenas de forma natural nos contextos de uso e, por isto, non se considerou tan necesario o seu ensino. No que concirne á fraseodidáctica —utilizo o termo proposto por González Rey (2004)— de linguas como o catalán, o galego e o éuscaro, aínda a misa vai no credo.

4. Criterios metodolóxicos xerais para o ensino da fraseoloxía

Os criterios metodolóxicos que deben rexe-lo ensino/aprendizaxe das UF despréndense, por unha parte, das características intrínsecas e discursivas destas UF e, por outra, do obxectivo fundamental da súa aprendizaxe, é dicir, que sexan usadas adecuadamente nas distintas situacións comunicativas. Isto significa que o estudante ten que incorpora-las UF, igual que incorpora o léxico, ó desenvolvemento das súas macrohabilidades lingüísticas: escoitar, falar, ler e escribir. Por isto, na introdución ó seu ensino discursivo

na aula, deberíamos segui-los seguintes pasos, tanto se se ensina como L1, L2 ou LE. En parte, estes criterios foron adoptados para o ensino do español LE nas súas respectivas propostas didácticas por María Jesús Beltrán e Ester Yáñez (1996), Inmaculada Penadés (1999) e Leonor Ruiz (2002).

- A) Localización e comprensión das UF nun contexto de uso oral ou escrito, interpretación do seu significado contextualizado, busca doutras posibles contextualizacións noutras situacións, comparación cos significados que dá o dicionario, análise da súa estrutura lingüística e das solidariedades léxicas, identificación do seu significado literal e metafórico, ou só metafórico. Ademais de analizar a que rexistro pertence (coloquial, estándar, culto), se é propio dun xénero de textos ou compartido por distintos xéneros e comparar, se se estudia unha segunda lingua, a súa correspondencia na L1.
- B) Memorización das UF a partir da súa práctica oral e escrita noutros contextos de uso apropiados, mediante exercicios diversos do tipo de encher ocos, completar partes da UF, busca-lo seu significado entre múltiples opcións, así como localiza-la UF en exercicios lúdicos do tipo encrucillado. Nesta etapa de memorización tamén é conveniente introducir outras UF que se relacionan coas UF anteriores por sinonimia, antonimia ou hiperonimia/hiponimia, xa que sabemos que os signos lingüísticos poden asociarse a outros in absentia, por relacións de similitude ou de contraste. Por isto, algunhas propostas didácticas inclínanse por presenta-las UF agrupadas segundo estas relacións (Penadés 1999: 42-52).
- C) Reutilización das UF en novos contextos, tanto orais como escritos, suxerindo contextos de uso onde o estudante demostrará que asimilou as formas e os significados das UF. Neste caso, cabe propoñer situacións comunicativas con producións libres, pero onde o estudante terá que usa-las UF axeitadas, que poderá escoller dunha lista dada.

Estes criterios terían que adaptarse, por suposto, ó perfil do estudante, ó modelo de ensino e ás súas necesidades comunicativas. Temos que recoñecer que para os estudos de fraseodiáctica na primeira lingua, no que se refire ás linguas do noso entorno, aínda non hai propostas nin materiais abondos. Cabe citar, para o galego, o libro de Carme López Taboada e M. do Rosario Soto Arias (LOPEZ 1995) e mailo recente artigo de María Isabel González Rey (2004), que parte dunha proposta de recollida de corpus e da súa organización con criterios lingüísticos por parte dos alumnos, a partir do campo semántico das UF compostas polo verbo *chover* e, unha vez constituído o corpus, pasar a traballa-la súa utilización. En catalán, acaba de aparecer un monográfico: *Fraseología i educació discursiva*, coordinado por Montserrat Ferrer e Vicent Salvador, na revista *Articles de didàctica de la llengua i la literatura*, núm. 36, abril-xuño 2005, que amosa, a través dos distintos traballos, o interese que ten a compoñente fraseolóxica para a competencia discursiva no ensino.

Pola miña parte, a miña proposta didáctica (Conca 1994, 1999, 2005) é que as UF se aprendan (localicen, analicen, memoricen e reutilicen) en contextos de uso orais e escritos, atendendo á tipoloxía de textos (conversacional, narrativo, descritivo,

explicativo, argumentativo), ligada ós xéneros (literarios, periodísticos, publicitarios, etc.) e ós respectivos rexistros (coloquial, estándar, culto). Ilustrámo-lo que acabamos de dicir con algúns exemplos relativos ó texto argumentativo, en xéneros xornalísticos, e ó narrativo, no conto popular.

5. As unidades frásicas en contextos argumentativos

A localización do frásico en textos con secuencias argumentativas pódese facer a partir de artigos de prensa, editoriais, cartas ó director, ensaios, discursos políticos, debates televisados, anuncios publicitarios, etc. Esta tipoloxía discursiva deberáselle propoñer a estudantes de educación secundaria, bacharelato e primeiro ciclo de universidade, porque de tódalas operacións lingüísticas, a argumentación é a que ofrece máis dificultades. Teñamos en conta que a argumentación é unha operación verbal comprometida para o emisor, porque o éxito deste acto de fala depende de que sexamos capaces de convencer, de persuadir ó noso interlocutor; de levármola auga ó noso muíño, a través dunha estratexia argumentativa coherente coa nosa premisa e non de tirarmos pedras contra o noso tellado, chegando a unha conclusión pouco axeitada coa nosa liña de argumentación. “Quen ten a palabra ten a espada”, dicía Goxias o sofista. Por iso os recursos lingüísticos baseados en UF asumidas pola propia comunidade son tan relevantes neste tipo de textos: os proverbios, as sentenzas, os apotegmas, como o que acabo de referir atribuído a Goxias, foron tomados como argumentos de autoridade. E hoxe en día continúan sendo habituais en textos argumentativos. Pero ademais, a canda os proverbios, hai outras UF características deste tipo de textos.

5.1. Unidades frásicas utilizadas como titulares de prensa

Na prensa é habitual encontrar titulares que son UF, ben completas, ben enunciadas na súa primeira parte, ou ben desautomatizadas para conseguir un efecto máis creativo. Os exemplos que seguen son textos en catalán, extraídos do diario *Avui*. É necesario advertir que para a elaboración e análise do corpus sempre partiremos de textos íntegros, porque non se pode capta-lo sentido completo das UF se non é atendendo ás súas funcións no conxunto discursivo. Para explica-las UF que contén cada texto, faremos un comentario lingüístico, atendendo a algúns aspectos sintácticos, semánticos e pragmáticos fundamentais para a comprensión das UF e resumiremos, ó mesmo tempo, o contido do texto.

Un vell carro pel pedregar

É o título dun artigo de opinión do periodista Alfons Quintà, colaborador habitual do diario *Avui*, publicado o 20 de febreiro de 2004. O título baséase na locución *anar el carro pel pedregar*, que significa que as cousas/unha situación/algúen non van ben, ou sexa, andan por mal camiño. O autor realizou unha modificación sintáctica interesante, utilizando o artigo indeterminado *un* como presentador e cualificando o *carro* de vello. Non obstante, ó anteporlle o adxectivo ó substantivo, conseguiu un efecto valorativo positivo. Ademais elide o verbo, co que consegue unha nominalización metafórica, que crea expectativas no lector: ¿a que ou a quen alude, “un vell carro”? E non será ata chegar á conclusión cando se desvelará a súa identidade.

No corpo do artigo, o autor parte da premisa, comunmente aceptada, de que é difícil imaxinar un sentimento máis nobre có de pertencer á humanidade, pero contrástao (por medio do conectador *això no obstant*) coa idea de que é pouco valorado, quizais porque as visións xenéricas adoitan ser estériles. Por iso a identificación faise con grupos humanos, que son unha subdivisión, unha vía de acceso á humanidade: a nación, a relixión, un ideario político, ou nada, ou un non se sabe, ou unha mestura de todo. Para os cataláns, o autor afirma que o elemento definidor debería se-lo noso marco lingüístico, a nosa historia e unha cultura, agora controlada e en declive. Cando isto se admite, vese que somos unha *nació sense estat*, que se ten que asumir. Só así se pode aspirar a ser outra cousa. Se non, “somíem truites” (facémonos falsas ilusións). Os feitos políticos dos últimos 25 anos demostran que ningún político quixo partir destas premisas elementais. Preferiuse *fer volar coloms* (facer ver que todo é magnífico) e gozar do poder antes que facerlle fronte a un difícil problema. Esta *sortida per la tangent* (non asumi-la responsabilidade) representou unha regresión respecto ós enfoques intelectuais precedentes, que agora parecen extremistas, vista a falta de patriotismo e de capacidade dunha clase política que pasou a ser desastrosa. E conclúe o autor: políticas politiqueras fixeron de todo para evitar novos referentes intelectuais, mentres que políticos irresponsables *llençaven el carro mil-lennari anomenat Catalunya pel pedregar*.

Podemos ver que o autor utilizou diferentes UF ó longo do seu artigo. Catro locucións verbais: *anar el carro pel pedregar*, *somiar truites*, *fer volar coloms*, *sortir-se'n per la tangent*, unha locución nominal terminolóxica: *nació sense estat* e unha locución conxuntiva adversativa: *això no obstant*.

Observemos que aquí se puxeron en xogo algunhas propiedades inherentes á fraseoloxía (Zuluaga, 1997): a **comunicabilidade**, porque as UF con poucas palabras dan moita información e crean complicitade cultural entre emisor e receptor; a **connotación**, porque se parte de experiencias motivadas e recreadas no tempo, das que a veracidade é garantida pola comunidade lingüística, o cal constitúe un argumento de autoridade; a **iconicidade**, pola dobre imaxe visual e semántica a que nos remite cada unha delas; a **poeticidade**, polos efectos fonoestilísticos que producen. Pero, ademais, hai o efecto creativo da metáfora, descuberta ó final: *un vell carro* é a Cataluña milenaria que políticos irresponsables lanzaron *pel pedregar*. E desde o punto de vista argumentativo, o autor seguiu unha estratexia estilística moi efectiva co uso das UF, tanto para crítica-la actitude dos políticos (*somiar truites* e *fer volar coloms*) que non asumen as dificultades de pertencer a unha *nació sense estat*, como para chegar a unha conclusión coherente coa tese e moi impresionante, porque ó desvela-la identidade do *vell carro*, indica quen o guinda *pel pedregar*. O lector que coñece a situación política e as connotacións múltiples das UF utilizadas pódese sentir seducido pola opinión do autor.

5.2 Unidades fráscas que forman parte do título e son referencia semántica recorrente no texto

Nunha páxina de noticias sobre o segundo Fórum Social Europeo, que tivo lugar en París, en novembro de 2003, a periodista Sandra Buxaderas utilizou na súa crónica (*Avui*, 16 de novembro de 2003) os seguintes titular e subtítular:

Un superpoder en bolquers

*A Porto Alegre naixia un superman
que pot capgirar a Terra,
però encara és un nadó de pas insegur.*

En bolquers significa que unha cousa é aínda fráxil, inmadura, inconsistente, ten como equivalente en español *en mantillas*. A autora do texto utilizou a UF xogando co seu sentido literal e idiomático e creou unha metáfora: “un superpoder en bolquers”, para se referir ó movemento antiglobalización, ó que cualifica de potente pero á vez fráxil coma un bebé. A referencia semántica a esta metáfora é constante no texto: “El moviment ha anat creixen”, “el moviment és prou fort i ho ressirà”. Sérvelle tamén para introduci-la polifonía: “un dels pares de la criatura, Bernat Cassens [...]”; “Cándido Grzybowski, organizador brasileiro de Porto Alegre, alerta que ‘el que estem fent és molt fràgil i cal disciplinar-se’”; “L’italià Salvatore Cannovo no diagnostica en el nadó cap retard de creixement”; “Maria Stylou prefereix menys teoria i opta per donar vitamines al petit Superman: aixeca el puny i exclama: ‘tenim la força per crear un nou món’”.

5.3. Unidades fráscas que son conectadores argumentativos

Referímonos ós conectadores tanto oracionais (os que relacionan cláusulas) como textuais (os que relacionan oracións e parágrafos do texto). Os conectadores prototípicos da argumentación son os de causa-consecuencia (*a causa de / por causa de / por causa de / honen arabera; així doncs / por lo tanto / polo tanto / beraz*), mentres que os da contrargumentación son os de contraste (*en canvi / en cambio / aldiz; no obstant això / no obstante / non obstante; malgrat que / a pesar de / malia / hala ere*). Tamén témo-los conectadores que introducen a conclusión da argumentación ou a relevancia do argumento máis forte (*comptat i debatut / en resumen / ó cabo e á conta / laburtuz; en darrera instància / en última instancia / en definitiva / azkenik eta gero; tot ben sospesat / se ben se mira / dena ikusita; al capdavall / al fin y al cabo / ó cabo / azken finean*).

Joan Fuster é un mestre do xénero argumentativo por excelencia, o ensaio. Un xénero que Fuster tamén recreou no aforismo. Poremos un exemplo, que ademais parte dun proverbio moi popular:

"L'hoste i el peix menut, a tres dies put", diu la gent. Ben mirat, als tres dies tot put: l'hoste, el peix menut, la poesia pura, la física quàntica, el budisme i tu mateix. (FUSTER 1968: 127)

O proverbio utilizado por Joan Fuster é coñecido así mesmo noutras linguas, é o que poderíamos chamar un europeísmo:

*L'hoste i el peix menut, als tres dies put (cat.).
O hóspede e o peixe, ós tres días fedem (gal.).
El hùesped y el pez, a los tres días hiede (es.).
Alegratan dei arrotzen jiten drenean, bozkario emoiten deinatik faten drenean (éus.). (RECL 335)*

Observemos que Fuster presenta o proverbio como unha citación que ten un enunciador colectivo explícito, que representa a voz, a opinión do pobo. A continuación, o autor segue a estratexia argumentativa de someter a revisión crítica a opinión común precedente e faino coa UF *ben mirat*, que lle permite analizar e proba-la verdade da aseveración *als tres dies tot put*. E o *tot* vaino diseccionando, elemento por elemento e sumando outros que, polo seu carácter culto e inmaterial, chocan cos elementos do proverbio, pero son aceptables dentro do *tot* categórico. E pecha a serie de maneira irónica e punzante cun precipitado *i tu mateix*.

5.4. Unidades frásicas que modalizan a imaxe do emisor no discurso argumentativo

Hai outra serie de UF que axudan a crea-la imaxe do emisor, o seu punto de vista, a súa actitude fronte ó seu interlocutor, así como a maneira de presenta-la validez das súas ideas. Estas fórmulas poden implicar directamente o interlocutor mediante un elemento deíctico: *al meu parer / en mi opinión / para a miña idea / nire aburuz; em sembla que / me parece que / iruditzen zait*. Poden implicar ó receptor de forma cortés: *permeti'm que digui / si me lo permite diré / déixeme dicir / barkatu baina*. Ou poden adoptar unha forma impersonal, dando sensación de obxectividade: *cal dir / es necesario decir / cómpre dicir / esan bearra dago; a parer d'(algú) / según el parecer de (alguen) / segundo di (alguén) / haren irudiz; segons que sembla / según parece / seica / dirudienez*. Nesta liña de obxectividade hai que situa-las fórmulas de inserción proverbial, que explicitan a validez dos proverbios aludindo á voz da sabedoría popular: *com diu el proverbí / como dice el proverbio / como di o dito / errankomuna den bezala; segons que diu el refrany / según dice el refrán / como di o refrán / errankomunak dioenez; com deia mon (...) / como decía mi (...) / como decía o meu (...) / gureak zioen bezala*.

Recapitulando sobre os nosos exemplos podemos deducir que, a partir de textos escritos (prensa, ensaio, publicidade, etc.) e orais (debates e faladoiros televisados), podemos elaborar un corpus de UF con funcións discursivas específicas para este tipo de textos, que se poden concretar nun corpus de UF agrupadas polas súas funcións discursivas. Un corpus frásico que pode ser de grande axuda para o proceso de localización, comprensión, memorización e reutilización no discurso.

Texto argumentativo	
Clase de UF	Función discursiva
Proverbios, sentenzas, apotegmas, algunhas locucións verbais, nominais, adxectivais e clausais	Premisa Citación de autoridade Reformulación Conclusión Contraargumentación
Locucións conxuntivas, preposicionais, adverbiais	Conectiva
Colocacións, locucións adxectivais, fórmulas	Modalizadora

6. As unidades frásicas en contextos narrativos

A localización do frásico en textos narrativos permítenos lecturas que van desde os contos populares (un pozo de riqueza fraseolóxica), pasando pola literatura infantil e xuvenil, ata os relatos breves e as novelas de autores contemporáneos ou de diferentes

épocas, segundo o nivel e os intereses dos alumnos. En cada lingua e cultura débese facer unha boa elección, pois para a elaboración do corpus frásico cómpren obras cun uso adecuado das UF, e débese partir de textos completos, como xa suxerimos para os textos argumentativos. Ademais, a aprendizaxe das UF desta tipoloxía discursiva é posible introducila en secuencias didácticas xa desde a escola primaria.

Para o catalán, o corpus de contos populares é moi extenso, xa que temos tres importantes autores que recolleron durante a primeira parte do século XX unha grande cantidade de relatos orais (Antoni Maria Alcover, en Mallorca; Joan Amades, na Cataluña Central; Enric Valor, no País Valenciano). Respecto á literatura contemporánea, cabe dicir que, na medida en que os autores exploran os diferentes rexistros, e sobre todo o coloquial, adoita ser rica en UF de todo tipo, aínda que máis en locucións ca en refráns e en moitos casos estes atópanse desautomatizados, ou sexa, modificados de maneira creativa.

Veremos algúns exemplos de como podemos localizar e analiza-las UF en contextos narrativos, para chegar a elaborar un corpus específico de clases de UF e as súas funcións, da mesma forma que o fixemos para os textos argumentativos.

6.1. Unidades frásicas nun conto popular que leva por título un refrán

Qui no et conega que et compre

Trátase dun conto popular –pódense atopar moitos outros deste estilo– que explica a orixe do refrán. Forma parte dunha recompilación oral dun conxunto de relatos, feita nos vales pirenaicos polo gran poeta da Renaixença catalá, Jacint Verdaguer, a partir de 1878, pero non se publicaron ata 1905, pouco despois da súa morte. A continuación, presentarei un resumo, incorporando as UF no mesmo sentido que no orixinal, e analizarei as funcións e os efectos estilísticos destas UF.

Na presentación, o narrador toma a palabra dicindo que contará *mot a mot* (palabra por palabra), como llo contaron a el, o suceso que explica o adaxio. E manifesta a súa obxectividade: *sense guanyar-hi ni perdre* (sen gañar nin perder no que conta). Empeza o relato cunha fórmula propia do xénero: *unha vegada eren...* Trátase dun grupo de estudantes que van á Universitat de Cervera *en lo cavall de Sant Francesc* (a pé) e como o camiño era moi longo e non levaban nin unha moeda empezan a pensar qué poderían facer para comer un bocado.

No nó ou desenvolvemento da acción, cada un dos estudantes vai dando as súas ideas de como lograr despistar ó hostaleiro ou ó amo dalgunha masía para poder *fer córrer l'urpa* (roubar), pero non *es veien amb cor* (non se atrevían), porque as súas falcatruadas eran coñecidas por toda a comarca. Falar deles era *parlar del Serraller* (o *cerralleiro*, ou ladrón por antonomasia, porque sabe desferrollar portas). Mentres pensaban qué habían facer e qué dirían *por divertir la gana* (sacia-lo apetito), notaron un cheiro de pan acabado de saír do forno. E un que tiña *el nas més fi* (máis desenvolvido o olfacto) dixo que cheiraba a xamón e a queixo fresco. *Què serà, què no serà?* Daquela viron un arrieiro que se achegaba conducindo unha recua de burros de Urgell cargados. Os

estudantes, como todos *tenian talent* (locución verbal que ten dúas acepcións: ‘ser intelixente’ e ‘ter moito apetito’), adiviñaron que ía a Cervera levar alimentos.

Empezaron a matinar como ían desatar un burro sen que os vise ninguén. *Qui té gana moltes se’n pensa* (a fame agudiza a inventiva). E un que tiña máis fame cós outros desatou a correr o burro último sen que o arrieiro se decatase e puxo a cabezada, mentres os seus compañeiros se agochaban co burro ben cargado. A recua seguía adiante e o estudante deixábase levar para que o home non se dese conta, ata que chegaron a un torrente e o arrieiro quixo pór os burros a beber e en vez do burro último veu un home.

“–*I ara!*” *Què és això?*”–exclamou moi extrañado o home, sen saber cómo afronta-la situación–. “*Qui sou vós?*” –díxolle *al cap i a l’últim* (finalmente). Cousa que aproveitou o estudante para, con cara de lástima, explicarlle que el non era un burro senón un home que Deus, por un gran pecado, castigara a facer de burro unha tempada, pero que, *en aquell punt i hora* (naquel preciso momento), rematara a condena e, deixando a figura do burro que o arrieiro comprara, volvía te-la figura do primitivo home.

O arrieiro, que non tratara nunca con estudantes, deixouse enganar e, movido polas bágoas daquel que fora burro (aínda que non tanto coma el mesmo), sacoulle a cabezada do pescozo e cunha compaixón que o pícaro do estudante non merecía, díxolle:

“–*Anau allà on vulgau*” (Vaia a onde quixer).

Si ho digué al sord no ho digué al peresós (se llo dixo ó xordo non llo dixo ó preguiceiro). Dándolle as grazas volveu para atrás, onde se foi xuntar cos seus compañeiros, que estaban quitando a barriga de mal ano. Cando baleiraron as alforxas foron cara a Cervera e o estudante heroe ía montado sobre o burro e, en chegando ás portas da cidade, vendéronllo por uns pesos a un xitano. De alí a pouco xa estaba á venda na feira.

No desenlace final, sucedeu que o inocente arrieiro acertou a pasar por alí e recoñeceu o seu burro. Achegouse a el e díxolle *a cau d’orella* (falándolle á orella):

“–*Quin pecat has tornat a fer que tornes a ser ase aquí? Però a mi no m’enganyaràs per aquesta vegada; qui no et conega que et compre*”.

As UF do relato que acabamos de resumir poden ser bastante representativas das funcións discursivas que adoitan realizar nos textos narrativos. Así, vemos que aparecen as fórmulas propias do relato oral: *una vegada eren*, utilizada para situa-la acción nun tempo pretérito, onde se supón que os feitos narrados podían acontecer; *Què serà, què no serà*, fórmula que serve para crear expectación no oínte; *Si ho digué al sord, no ho digué al peresós* indica movemento e prontitude na acción realizada polo estudante protagonista. Atopamos locucións verbais con significacións diversas: *sense guanyar ni perdre*, que manifesta a obxectividade do narrador ante o que conta; *fer córrer l’urpa* significa que os estudantes roubaban todo o que tiñan a man; *no s’hi veien amb cor* enfatiza a acción de non atreverse a enganar de novo ós campesiños; *parlar del Serraller* utilízase como elemento analóxico que indica a mala fama que tiñan os estudantes; *divertir la gana* destaca a necesidade imperiosa de comer; *tenien talent* ten un contido intensificador ó atribuírlles ós estudantes tanto a intelixencia como o apetito feroz,

grazas ó dobre significado da locución. Aparecen locucións adverbiais: *mot a mot* indica que o narrador contará con todo detalle o que a el lle contaron; *en lo cavall de Sant Francesc* ironiza sobre o feito de ter que ir andando, porque non se ten outro medio de transporte; *al cap i a l'últim* manifesta un significado intensivo de espazo de tempo, e no texto, o tempo que dura o estupor do protagonista; *en aquell punt i hora* precisa o momento puntual da acción; *a cau d'orella* delimita o lugar exacto (o orificio auditivo da orela) onde se deposita a voz para ser oída só polo receptor. Hai unha locución nominal: *el nas fi* serve para describir sinteticamente o bo olfacto do estudante protagonista. Podemos atopar tamén unha locución exclamativa: *I ara!*, que manifesta o asombro do pobre arrieiro cando veu un home no sitio do asno, ó mesmo tempo que serve de conector para introduci-la quenda de fala. Finalmente, comentáremos os dous proverbios: *Qui té gana, moltes se'n pensa*, que actúa como argumento, avalado pola voz da sabedoría, que xustifica a audacia dos estudantes para enganar ó carreteiro; *Qui no et conega que et compre*, funciona como paratexto e como conclusión do texto. Ten, polo tanto unha función estrutural importante, xa que configura o inicio e a fin do texto, e temática, porque asume o significado global do texto.

Recapitulando agora sobre o noso texto narrativo, podemos deducir que a partir de contos populares, novelas, relatos breves, anécdotas, etc. podemos elaborar un corpus de UF con funcións discursivas específicas para este tipo de textos, que se poden agrupar segundo as súas funcións discursivas. Un corpus frásico que, igual que para os outros tipos de texto, pode ser de grande axuda no proceso de localización, comprensión, memorización e reutilización no discurso. O que presentamos refrease soamente ás funcións do texto analizado. Habería, xa que logo, que ampliálo a partir da análise doutros textos.

Texto narrativo	
Clase de UF	Función discursiva
Proverbios	Tema Conclusión ou máxima Argumento
Fórmulas propias do conto popular	Situa-la acción no espazo e no tempo Pragmática (crear expectación, indicar axilidade no cumprimento dunha misión)
Locucións verbais, adverbiais, nominais, etc.	Modalizadora (intensificar accións ou sentimentos; describir de forma breve, e ás veces indirecta, accións, formas de comportamento e atributos dos personaxes)

7. A xeito de conclusión

Nun proceso de normalización lingüística é necesario que os falantes adquiren competencia fraseolóxica para seren falantes e lectores competentes na súa lingua e por extensión noutras. Por esta razón, o ensino das UF débese incorporar a tódolos niveis da aprendizaxe, desde a escola ata a universidade. A necesidade de recupera-las UF para o uso en linguas como o galego, o éuscaro ou o catalán, que sufriron procesos xenocidas de substitución lingüística, é vital porque a substitución fraseolóxica ten un efecto perverso: faille crer ó falante da lingua minorizada que a outra lingua é máis comunicativa e máis rica en imaxes. Ademais, o feito de botar man da lingua dominante acelera o proceso de substitución, non só porque substitúe UF existentes, senón tamén

porque os esquemas fraseolóxicos da propia lingua deixan de ser produtivos na creación de expresións novas.

Canto ó método de ensino do que falamos, con todo o eclecticismo posible, inclinámonos por ensinar/aprender as UF en contextos de uso orais e escritos e ter en conta os xéneros e os rexistros. De feito, é a forma natural da súa aprendizaxe: localización, comprensión, memorización e reutilización en contextos de uso. Os exemplos utilizados neste artigo pretenden ser unha mostra de como se debería introducir a aprendizaxe das UF. Cremos que, a partir do coñecemento de conceptos básicos sobre fraseoloxía e aplicando a metodoloxía adecuada, os ensinantes poderían elaborar secuencias didácticas adaptadas ó nivel e ós intereses dos seus alumnos. Ademais, é urxente confeccionar dicionarios fraseolóxicos escolares, cadernos e manuais para facilita-lo traballo do ensino e aprendizaxe.

Por todo o dito, cabe reclamar que os planos de estudo universitarios e non universitarios incorporen o ensino da disciplina fraseolóxica, xa que é moi necesario que os estudantes que despois serán lingüistas, profesores, tradutores, etc., teñan acceso á súa aprendizaxe para poderen incorporar ás súas investigacións lingüísticas e ás súas aplicacións pedagóxicas o universo de imaxes, significados e voces que contén o frásico das nosas respectivas linguas, soas e en contraste con outras.

8. Bibliografía

- [RECL] CANTERA, J. e SEVILLA, J. (eds). (1998): *877 Refranes españoles con su correspondencia catalana, gallega, vasca, francesa e inglesa*. Ediciones Internacionales Universitarias, Madrid.
- BELTRÁN, M^a. J. e YÁÑEZ, E. (1996): *Modismos en su salsa*. Arco/Libros, Madrid.
- CANAL, M. e SWAIN, M. (1980): "Theoretical bases of communicative approaches to second language teaching and testing" en *Applied Linguistics* 1,1980,1-47.
- CONCA, M. (1994): "La fraseología en l'ensenyament de la llengua catalana" en LÓPEZ, F. J. (ed.): *Segon Simposi del Professorat de Valencià, de l'Ensenyament Mitjà i de l'Educació Secundària Obligatoria*. Conselleria d'Educació i Ciència. Generalitat Valenciana, València, 111-124.
- (1999): "La competència fraseològica en l'aprenentatge de llengües" en GARCÍA, M., GINER, R., RIBERA, P. e RODRÍGUEZ, C. (eds.): *Ensenyament de llengües i plurilingüisme. I Congrés Internacional de Didàctica da Llingua i a Literatura*. Departament de Didàctica da Llingua i a Literatura. Universitat de València, València, 325-332.
- (2005): "Les unitats fraseològiques en el discurs argumentatiu" en *Articles de Didactica da Llingua i la Literatura* 36,2005,32-42.
- CORPAS, G. (2003): *Diez años de investigación en fraseoloxía: análisis sintáctico-semánticos, contrastivos e traductolóxicos*. Iberoamericana. Vervuet, Madrid.
- (1997): *Manual de fraseoloxía española*. Gredos, Madrid.
- FERRO, X. (ed.) (1997): *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía*. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades/Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- FUSTER, J. (1968): *Consells, proverbis i insolències*. Editorial A. C., Barcelona.

- GARATE, G.: *Atzotitzak, Refranes, Proverbs, Proverbia*. BBK:
<http://www.ametza.com/bbk/htdocs/hasiera.htm>
- GUIA, J. (1999): “Formalización matemática de las concordancias fraseolóxicas generalizadas” en *Actas del VI Simposio Internacional de Comunicación Social*. Instituto de Lingüística Aplicada, Editorial Oriente, Santiago de Cuba, 316-323.
- GONZÁLEZ REY, M^a. I. (2005): “A fraseodidáctica: un eido da fraseoloxía aplicada” en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 6,2005,113-130.
- LÓPEZ TABOADA, Carme e SOTO ARIAS, María do Rosario (1995): *Así falan os galegos: fraseoloxía da lingua galega. Aplicación didáctica*. Galinova, A Coruña.
- PENADÉS, I. (1999): *La enseñanza de las unidades fraseolóxicas*. Arco Libros, Madrid.
- RODRÍGUEZ, F. e ESNAOLA, M. (eds.) (1998): *Euskara mintzatuaren erroak*. Euskal Herrico Unibertsitatea, Donostia.
- RUIZ, L. (2002): *Ejercicios de fraseología*. Arco Libros, Madrid.
- SALVADOR, V. e PIQUER, A. (2000): *El discurs prefabricat. Estudis de fraseologia teòrica i aplicada*. Universitat Jaume I, Castelló.
- VERDAGUER, J. (1986): *Rondalles*. Publicacions de l’Abadia de Montserrat, Barcelona.
- ZULUAGA, A. (1980): *Introducción al estudio de las expresiones fijas*. Verlag Peter D. Lang, Frankfurt.
- (1997): “Sobre las funciones de los fraseologismos en textos literarios” en *Paremia* 6,1997,631-640.

Castelán *a hecho*, galego *a eito*: dúas locucións de diferente fortuna

Luis González García

Universidade da Coruña

O propósito deste traballo é analizar e compara-las locucións adverbiais *a hecho* (castelán) e *a eito* (galego e portugués): a súa orixe, documentación histórica e tratamento nas diferentes obras lexicográficas. Despois de comproba-la equivalencia das dúas locucións, inténtase xustifica-las causas da distinta fortuna que cada unha tivo na súa lingua respectiva.

Palabras clave: fraseoloxía, locucións adverbiais, historia do galego, historia do castelán, lexicoloxía.

The aim of this paper is to analyse and compare the adverbial idioms *a hecho* (Castilian) and *a eito* (Galician and Portuguese). Their origin, historical documents and their treatment in different lexicographical works will be studied. After having ascertained the equivalence of the idioms under survey, the paper will conclude with the explanation of the causes that made each construction take a different path in their respective language.

Key words: phraseology, adverbial phrases, history of Galician, history of Castilian, lexicology.

1. *A hecho*

Luego me sacó en un plato una tortilla de huevos, que pudiera llamarse mejor emplasto de huevos.

Ellos, el pan, jarro, agua, salero, sal, manteles y la huésped, todo era de lo mismo. Halléme bozal, el estómago apurado, las tripas de posta, que se daban unas con otras de vacías. Comí, como el puerco la bellota, todo a hecho; aunque verdaderamente sentía crujir entre los dientes los tiernecitos huesos de los sin ventura pollos, que era como hacerme cosquillas en las encías (Alemán 1979).

O texto que máis arriba se transcribe chegou ás nosas mans por primeira vez nos anos iniciais de formación universitaria. Chamoume a atención sobre todo a expresión *a hecho* porque, sen a ter oído nunca en castelán, érame unha construción familiar de significado diáfano (polo que se verá máis adiante no apartado 2).

A locución figura recollida na última edición do DRAE (2001) coas seguintes acepcións:

1. loc. adv. Seguidamente, sin interrupción hasta concluir.
2. loc. adv. En conjunto, sin distinción ni diferencia.

Inclúese na entrada HECHO, CHA xunto con outras locucións como *de hecho*, *hecho y derecho*, *de hecho y de derecho*, formadas sobre o participio do verbo *hacer*.

1.1. Corpus e documentación

A existencia dos modernos córpora electrónicos e de tesouros lexicográficos facilitounos moito o seguimento desta locución que, como o Guadiana, cruza intermitentemente o territorio histórico da lingua española, con máis treitos subterráneos ca superficiais, sempre en perigo de desaparición.

Así, o CORDE (*Corpus Diacrónico del Español*, que contén uns 250 millóns de formas desde as orixes da lingua ata 1974) permítenos documentalo modismo en 41 ocasións, repartidas nos seguintes períodos:

Idade Media: un documento datado en 1277. Séculos XVI-XVII: 30 documentacións, que abarcan (salvo unha excepción de 1667 localizada nas Filipinas) desde o ano 1508 ata 1627. Século XX: 10 aparicións (que, en realidade, se corresponden só con tres documentos, o último de 1960).

O outro corpus académico, o CREA (*Corpus de Referencia del Español Actual*, que incorpora case 160 millóns de formas producidas entre 1975 e a actualidade) recolle soamente un exemplo de 1996.

Como se pode apreciar, sobre dous córpora de tan considerable extensión, un inventario de 42 casos repartidos ó longo de tantos séculos supón unha frecuencia relativa e absoluta mínima. Outros repertorios electrónicos achegan aínda menos documentación e case toda incluída nos dous académicos citados¹. Evidentemente, esta situación é cando menos curiosa. Trátase dun caso único de supervivencia, que nos recorda a dun animal a piques de se extinguir que, coma o celacanto, prolonga a súa existencia por séculos e séculos.

En efecto, a primeira documentación, como acabamos de indicar, data de 1277, douscentos trinta e un anos antes da segunda²:

¹ En <http://wordtheque.com> documéntanse tres exemplos non incluídos nos córpora citados, todos tamén do século XVI:

Y siendo reprehendido de ello por Alonso Osorio, corregidor de la dicha ciudad, se descompuso el dicho comisario muy desacatadamente contra el dicho corregidor, y dijo que había de llevar a hecho todas las mujeres que la dicha ciudad y luego a sus maridos (Toribio Medina 1956).

Eso también me fue hecho / en casa de un abogado / porque dixese ser pecado / de entrambas partes a hecho (Castillejo 1999).

A todo cristiano - os dais liberal./ Por primo ni hermano -no torcéis de leal./ Usáis de virtud - con todos a hecho. Y la ingratitud - os hace despecho (Castillejo 1999).

² Mais ou menos pola mesma data, temos un exemplo de interpretación dubidosa:

El Rey don fernando como dicho auemos estonce en burgos ouo de acaesçer que adoleçio muy mal & por Razon quela tregua que auie el Rey de granada conel era ya salida & don aluar perez que se solie

*Et yo oue sennalado tiempo a passado una lamina que non es tal como esta encertedumbre de muchas cosas de las que salen por ella a fecho*³ (Maestro Bernaldo 2003).

Fóra deste caso illado, o núcleo da documentación relativa a esta frase dátase no cento longo de anos que transcorre entre o comezo do século XVI e o primeiro cuarto do XVII. As circunstancias que rodean a aparición de *a hecho* (autor, tema, lugar, contexto lingüístico de aparición) merecen que nos deteñamos un momento porque ofrecen, dentro da súa escaseza, datos interesantes:

En primeiro lugar, polo que se refire a autores e xéneros, a forma aparece en textos anónimos, como as seguintes *Ordenanzas*:

Y en esta pena caigan qualquiera persona o personas que ascoxeren las truchas o peçes e sardinas e caça e otra cosa qualquiera para vender, salbo que lo bueno o comunal baya todo a hecho (Anónimo 1930).

Y que los tales oficiales que fueren ha hallarse presentes a mondar el dicho monte, comiencen por una parte y lo lleven todo a echo de manera que donde acabaren un año de mondar el dicho monte [...] comiencen el año adelante (Anónimo 1940).

Os textos de carácter literario constitúen, con 11 sobre o total de 30 aparicións do período, o grupo cuantitativamente máis numeroso. Entre os autores que empregan a fórmula figuran algúns dos escritores máis importantes da literatura española (xa mencionamos a Mateo Alemán, ó que deben engadirse Alfonso de Valdés, Malón de Chaide, Feliciano de Silva, A. de Ercilla, L. Barahona de Soto, J. Ruiz de Alarcón e Garcilaso de la Vega, entre outros de menor relevo):

parar a fecho desa frontera era ya muerto mando el Rey adon alfonsso su fijo que se fuese (Afonso X 1995).

Non parece, sen embargo, que aquí nos topemos coa locución que nos ocupa senón máis ben con outra expresión comodín moi utilizada nos escritos alfonsés (*fecho de*): *fecho de armas, fecho de caallería, fecho de los moros, el fecho de Çamora o de Argón*, etc. Tomando como base o CORDE podemos recoller estas dúas citas que nos ilustran o variado dos empregos desta expresión: “Tolomeo...ffabló más alto en fecho de los çielos et de las estrellas que otro que ffué” (*Setenario*), “Et que tornasse a penssar en fecho de los caualleros & del pueblo” (*Estoria de España II*). En apoio desta conclusión cabe mencionar que na tradución galega deste texto a equivalencia é *a feyto de* (“que se soya a parar a feyto desta fronteyra”, citamos pola edición de R. Lorenzo 1975: 830) e noutras versións posteriores aparece “a los fechos de la frontera” (R. Lorenzo 1975: 830, n.8). A construción *pararse a hecho de* ou *pararse a feito de* parece fixada nas dúas linguas medievais, como se aprecia nos seguintes exemplos obtidos do TMILG (os dous figuran nun documento de 1320 recollido en López Ferreiro 1901).

Et se o elles non quiseren fazer que o Arcibispo se pare a feyto do Concello et os aiude a defender.

Et uiindo contra ellas ou contra cada hua dellas o que deus non mande.' estes sex caualeyros nonsse deben a parar a feyto do Arcibispo et Cabideo para aiudallos.

³ La lámina es una “plancha delgada de metal, marcada con ciertas unidades que se emplean en hacer calculaciones relativas a las astronomía, que forma una parte principal del astrolabio” (Kasten e Nitti 2002, s.v. LÁMINA). Estes autores engaden a seguinte cita do *Libro del saber de astronomía* (datado no mesmo ano de 1277): *los nombres deste estrumente son estos. la madre. & la red. & ell alhidada. & la llaue. & el cauallo. & la madre es la lamina que es sennalada de ambas las partes. & la una parte es do son las longuras. & las ladezas. & la otra parte; do es la yguación del sol.*

No que segue, cada cita vai seguida da fonte sinalada no corpus correspondente.

*Úrsula, desposada y virgen pura, / mostraba su figura en una pieza / pintada; su cabeza allí se vía / que los ojos volvía ya espirando. / Y estábate mirando aquel tirano / que con acerba mano llevó a hecho, / de tierno en tierno pecho, tu compañá*⁴ (Vega 1985).

¡Pues es verdad que tenían respecto a los obispos o a los cardenales! Por cierto, no más que si fueran soldados como ellos. Pues ¿iglesias y monesterios? Todo lo llevaban a hecho, que nunca se vio mayor crueldad ni menos acatamiento ni temor de Dios (Valdés 1992).

Ya, pues, del cuerno izquierdo y del derecho / de la vitoria sanguinosa usando, / con furia inexorable todo a hecho / los van por todas partes degollando (Ercilla 1993).

¿Sabes qué tema sospecho / que hará olvidar cualquier mal? / Arseno: ¿Qué tema? Di. / Sancho: Decir mal / de todo cristiano a hecho; / que puede un discreto dar / mil juicios, por tener / licencia para poder / hartarse de murmurar (Ruiz de Alarcón 1957).

Finalmente, a locución aparece noutros documentos variados. Entre estes hai textos de tipo ensáístico ou didáctico (sobre agricultura, oficios, astronomía, lexislación, cartas, etc.) pero sobre todo textos historiográficos (que ocupan o segundo grupo por orde de importancia, 9 documentos relativos á historia das ordes relixiosas, á conquista de América e Filipinas, etc.):

Y todos los vendimiadores no saben discernir & apartar y avn que lo sepan (segun son en lo ageno pesados y maliciosos) no lo hazen como deuen. pues si a hecho lo quieren coger o por que el tiempo no da lugar o por que el señor dela viña no puede o no quiere tanta dilacion si no cogerlo todo junta mente sin escoger o apartar: es forçado que lo vno vaya muy maduro y avn passado: lo otro verde y avn agrazeño por que no todo madura igual mente en vn tiempo (Alonso de Herrera 1995).

Començose la conuersion con la conquista, pero conuertíanse pocos por atender los nuestros a la guerra y al despojo, y porque hauía pocos clérigos. El año de veynte y quatro se començó de veras con la yda de fray Martín de Valencia y sus compañeros; y el de veynte y siete [...] se lleuó a hecho, ca huuo muchos frayles y clérigos (López de Gómara 2002).

Juntó çien arcabuzeros y mandóles que entrasen en el esquadron de a cauallo, pues estáuamos todos mezclados. y que mirasen por Gonçalo Piçarro, y que a todos los demás tirasen a hecho (Pizarro 1986).

Thenia la Audiencia prohibido que las ciudades ni Cabildos no enbiasen a castigar ningunos yndios por graves delictos que hiziesen, atento a los excesos que en el castigarlos se cometian, porque tanta pena se dava al ynocente como al culpado (..) y no avia guardar tela ni termino de juicio en cosa ninguna, sino discurrir por las poblaciones a hecho, donde pagavan chicos y grandes, varones y mujeres (Aguado 1916-1917).

Pienso sin duda, que ha sido esta una de las casas donde ha auido grande numero de santos, y que los pudieramos escriuir, poco menos a hecho, y agora se muestran buenas reliquias en los que viuen (Sigüenza 1907).

⁴ Refírese ó martirio de Santa Úrsula e as once mil doncelas que a acompañaban a mans das tropas de Atila en Colonia, ano 352.

Y a mí ver tenéis razón, por la dificultad que ay en hallarse roca con tales requisitos que puedan salir d'ella buenos antojos. Y, assí, tengo por mejor acogerse a lo más seguro, pues tenemos experiencia que de el espejo salen a hecho todos los antojos excelentes, y, de la roca, no salen siempre como se dessean, por la mucha desigualdad que tiene (Daza de Valdés 1999).

Destá respuesta entendieron la resolución que traían los Españoles, y della la preuencion de sus animos para los peligros que ellos podían oponer preuistos ya a su cuydado. Y que no venían deribados a dar alguna embestida, ó al bazo, cuyo rigor, como instantaneo lo podía la aduertencia diuertir, sino a hecho, a correr sus tierras, y seguir su ruina por el rastro (Combés 1897).

Desde o punto de vista diafásico, logo, alternan textos elaborados coidadosamente, como obras literarias, con narracións, cartas ou relacións redactadas sen moita preocupación estilística:

Convertido en ceniza, el aureo techo / Vino al suelo su inmensa pesadumbre. / Allí muriera todo el pueblo a hecho, / Si por diversas partes no acudieran / A remediar el peligroso estrecho (Cueva 1917).

Y como no todas las piedras crían plata, sino las menos, viene a ser la diferencia de los minerales a lo demás que no lo es, por criarse en ellos este género de piedra, y como asimismo en ellos no es todo a hecho metal, así como está sin diferencia, sino también lo menos, viene a ser causa de otra segunda diferencia y de que haya distinción de lo que es veta de metal a lo que no lo es (García de Llanos 1999).

Unha cuestión interesante é a da procedencia xeográfica dos textos. De acordo co apuntado en liñas anteriores, hai algúns documentos redactados en Hispanoamérica (no que hoxe son Colombia, México, Chile ou Venezuela) e Filipinas. Con todo, evidentemente, a inmensa maioría localízase na Península. Non nos podemos deter na localización do lugar de nacemento de tódolos autores, pero si nos parece significativo que un número considerable dos textos e dos seus redactores se sitúen na súa franxa occidental peninsular: occidente de Salamanca e Extremadura (vilas de Béjar, La Alberca, Las Hurdes e Las Batuecas; de Ciudad Rodrigo eran orixinarios Feliciano de Silva e Cristóbal de Castillejo; de Trujillo, Pizarro). En Galicia naceu o navegante Pedro Sarmiento de Gamboa. Máis adiante veremos que unha das últimas documentacións de *a hecho* (Seco, Andrés e Ramos 1999) recóllese no diario *Odiel* de Huelva.

A hecho é unha locución adverbial e, como tal, debe acompañar sempre a un verbo, sobre o que actúa como complemento de modo (co significado de 'sen escoller ou sen distinguir') ou de tempo (na acepción menos abundante de 'inmediatamente').

Con valor modal, o corpus manexado mostra unha clara solidariedade da frase que nos ocupa co verbo *llevar*, ata o punto de que a construción *llevar a hecho* nas súas diferentes formas flexivas representa un terzo das aparicións (concretamente 12). Un tópico intemporal é o de que a morte leva a todos sen distinción, o Padre Francisco de Ávila lémbrao (por dúas veces) na súa obra *La vida y la muerte o vergel de discretos*:

Baste que a todos a hecho los llevó mi buen tirar (Ávila 2000).

Nobleza y rusticidad / quieres que te paguen pecho; / no distinguir calidad / es por cierto muy mal hecho; / todo lo llevas a hecho, / a todos doman tus frenos, / a los malos y a los buenos / sentencias por un derecho (ibid.).

Velaquí outros exemplos de *llevar a hecho*:

Hicieron tanto alboroto en la fortaleza estos ministros de Satanás, andando en estas bregas, que todos los vecinos que estaban dentro presos tuvieron por cierto los habían de llevar a todos a hecho como al maese de campo (Simón 1992).

C. ¿Qué intención piensas tú que tenía en esso el Papa?

M. Mira, Carón, aquí no diximos sino que hablaríamos de las diferencias entrel Emperador y el Rey de Francia. Si tú no lo has por enojo, dexemos lo del Papa para otro día.

C. Yo más quisiera que lo lleuáramos todo a hecho, mas pues tú assí lo quieres, dime agora, ¿qué causas daua el Rey de Francia para escusar el rompim[ie]nto de su fe? (Valdés 1993).

Celadas, picas, bárbaros arrolla, / Por todos va, llevándolos a hecho, / Sin que repare o mire quien le hiere, / Que ya morir, matando, sólo quiere (Oña 1917).

No tuvo respeto a linaje ni edad, sino que igualmente segaba las gargantas del niño inocente y de la tierna doncella, del viejo cansado y del joven orgulloso, llevándolo todo a hecho, entregándolo todo en manos del cruel enemigo y bárbaro tirano (Malón de Chaide 1930).

Seguen en orde decrecente os verbos *ir* e *llenar* (dúas aparicións) e, cunha soa documentación, *comer*, *coger*, *discurrir*, *tirar*, *degollar*, *morir*, *considerar*, *ser*, *decir*, *escribir*, *salir* e *venir*:

Que para que la predicacion fuese de provecho importaría tomar una partida junta aunque fuese necesario traer predicadores de fuera del Reyno de Valencia porque sino se llena una comarca a hecho aunque se convierta alguna parte luego los otros trataran de pervertir a los convertidos (Boronat y Barrachina 1992).

SENSUALIDAD. Tu camino es tan estrecho / que muy pocos por él van, / el mío ancho y derecho, / sin trabajo y sin afán, / y así todos van a hecho (Horozco 1975).

El cuerpo del sermón ha de ir arreo por el Evangelio adelante levantando o sacando de cada sentencia o cláusula o palabra dél y siguiéndola. Digo arreo, no porque no se puedan saltar o dexar algunas cláusulas sin considerar, que no es menester considerarlas todas a hecho (Terrones del Caño 1960).

Pola contra, as dúas documentacións con significado temporal aparecen cos verbos *llevar* (tamén aquí), *pelear* e *comenzar*:

Y passando el emperador adelante, topó a la donzella Carmela y, abraçándola, dixo: "Como ventís, os tengo de llevar a hecho" (Silva 2002).

Salieron al camino, dos leguas, muchos y a su manera bien armados y hechos escuadrones. No pelearon a hecho, sino tornáronse al pueblo escaramuçando, con pensamiento de meter y matar allá los enemigos (López de Gómara 2002).

De manera que Topa Inga comenzó a hecho a renovar la conquista y tiranía de todos sus pasados y de su padre (Sarmiento de Gamboa 1943).

Pasado o século XVII, a expresión non se volve documentar nos cónpora académicos ata ben entrado o século XX. O CORDE recolle para este período 10 exemplos datados entre 1921 e 1960, en tanto que o CREA só inclúe unha documentación, do ano 1996. Así, vemos unha considerable redución na frecuencia da forma, redución que non só se manifesta no menor número de aparicións (significativo é o caso do CREA respecto ó CORDE cunha proporción 1/40) senón tamén na maior concentración nuns poucos documentos (en realidade as 10 aparicións do CORDE concorren en só tres documentos) e na maior restrición no tipo de obras e no contexto verbal: os once casos do século XX aparecen en catro obras de agricultura e gandería, ata o punto de que semella terse convertido nun tecnicismo especializado, limitado na práctica á expresión *corta a hecho* (os dez casos rexistrados no CORDE):

Las cortas pueden practicarse por dos métodos, de un modo continuo o discontinuo: el primero tiene lugar por superficies, y el segundo por pies de árboles; y sin entrar en más detalles diremos que en los pastizales arbolados se empleará el primer método o cortas a hecho o mata rasa, solamente cuando deba desaparecer algún bosque o el arbolado, y el segundo o cortas por entresacas cuando se deban conservar y tienden también a favorecer el crecimiento del arbolado en pie y a provocar la diseminación (González Vázquez 1944).

Cortas a hecho. Se cortan todos los pies, sin ninguna excepción, y se repuebla después artificialmente (Ximénez e González 1951).

En los tres casos son distintas las modalidades o métodos que se pueden seguir en la explotación o "corta", v. gr., en monte alto: "a hecho" seguida de repoblación; por fajas o bandas; de aclareo sucesivo; por entresacas; regularizadas pie a pie; por bosquetes; por masas mezcladas, etc. (Pérez Sáenz 1960).

no documento rexistrado no CREA, en cambio, a expresión aparece con outros verbos, *desbrozar* e *preparar*:

Se hace la siembra por toda la superficie o en fajas. Para ello, naturalmente, se habrá desbrozado y preparado el suelo a hecho o en fajas respectivamente (Ederra Induráin 1996).

Esta restrición ó ámbito agrícola parece anunciada xa na documentación anterior. Como se recordará, varios dos documentos datados nos séculos anteriores enmarcábanse neste ámbito (viticultura, caza e pesca, tala dos bosques).

1.2. Tratamento lexicográfico

A pesar da súa escasa frecuencia, o feito de ser utilizada por algúns dos máis importantes escritores do período clásico da literatura española fai que a expresión *a hecho* se recolla nas primeiras edicións do *Diccionario de la Real Academia Española*. Ausente no *Diccionario de Autoridades* e da tradición lexicográfica anterior, a locución é recollida na primeira edición do *Diccionario de la lengua castellana* (DRAE 1780, s. v. HECHO, CHA), onde só se recolle unha das acepcións que a caracterizan:

Á HECHO, mod. adv. Indistintamente, sin hacer diferencia. Indiscriminatim, sine discrimine.

A consulta do *Nuevo Tesoro Lexicográfico de la Lengua Española* (NTLLE) permítenos seguir dun xeito doado a historia e evolución desta forma na lexicografía española. Así,

podemos comprobar que as dúas seguintes edicións do DRAE (1783-1791) seguen literalmente a esta primeira. É na cuarta edición (1803) cando se redactan as dúas definicións que chegarán ata os nosos días e que recolleemos ó comezo deste traballo, sen máis modificacións que as de adaptación ás novas normas de acentuación (1884 e 1914), a supresión das respectivas equivalencias latinas (*incessanter, indiscriminatim*), en 1859, e a inclusión da etimoloxía, que oscilará entre o latín *factus* (1884), o antigo *fecho* (1914) e de novo *factus* (desde 1956).

O NTLLE móstranos, igualmente, que os lexicógrafos decimonónicos e de principios do século XX, por regra xeral, non fixeron máis que copiar literalmente as dúas acepcións académicas (Núñez de Taboada 1825, Gaspar y Roig 1855, Zerolo 1895 e Pagés 1914). Entre as pequenas modificacións cabe citar ó ilustre gramático V. Salvá, que no seu *Nuevo diccionario de la lengua castellana* (1846) só recolle a primeira acepción. Pola súa parte, Rodríguez Navas (1918) simplifica as definicións, o que non impide comprobar que a fonte segue sendo a académica: “sin interrupción, hasta terminar || Por junto”. Neste grupo, Pagés (1914), sen apartarse da douda institución, ten o mérito de incorporar unha cita á primeira acepción académica, de Tomás Antonio Sánchez (1723-1802), correspondente pois a un período, a segunda metade do século XVIII, do que é a única documentación de que dispoñemos:

¿Si quería impugnar la Carta de Paracuellos con algún método, tenía más que embestirla página por página, ó número por número, pues todos los documentos están numerados, impugnados todos á hecho, cuando tuviesen qué, etc.?

Entre as innovacións cabe destacar a Domínguez (1853), que presenta unha única acepción (“incontinenti, al instante, sin demora”) non rexistrada polos académicos pero que si documentamos máis arriba en tres textos, como se recordará.

Polo que se refire ós dicionarios modernos, cabe destaca-lo completo *Diccionario del español actual* de Seco, Andrés e Ramos (1999), que, baixo a definición ‘seguidamente o sin interrupción’ e a marca de uso “raro”, ofrece como complemento unha nova cita, valiosa por ser esta, xunto coa mencionada do CREA, a única documentación posterior a 1975. Trátase dun texto de N. Dorado aparecido no diario *Odiel* de Huelva (16/1/77, 29)⁵:

Ahora es cuando ocurren esas cosas raras con las perdices, eso de verlas parar ahí, ir a hecho y no encontrar ni rastro de ellas, tal si las hubiera tragado la tierra.

1.3. Orixe da expresión

Unha cuestión que aínda non tratamos é a da orixe desta locución. Tódolos dicionarios anteriormente mencionados inclúen *a hecho* na entrada HECHO, nalgúns casos especificando que é o participio de pasado irregular do verbo HACER ou especificando a súa etimoloxía, que se podía remontar, como mencionamos xa, ó latín *factus* ou á forma medieval *fecho*.

Agora ben, o significado desta expresión non parece gardar relación con ese verbo, ó contrario que outras expresións fraseolóxicas do tipo de *de hecho, hecho y derecho, de*

⁵ Recóllese literalmente en Seco, Andrés e Ramos (2004).

hecho y de derecho, a lo hecho pecho, a hecho y contra derecho, de dicho y de hecho, a hecho y pago e outras moitas que recollen os dicionarios⁶. Na nosa opinión o que se produce é unha homonimia, homófona máis que homógrafa, entre dúas formas que nada teñen en común. En efecto, como intentaremos demostrar nas páxinas que seguen, a base da locución debe buscarse máis ben no antigo substantivo *echo*, documentado —aínda que escasamente— desde practicamente a orixe do idioma.

Para xustifica-la nosa opinión, utilizaremos dous argumentos de distinto tipo: empezaremos facendo unha análise da palabra mencionada e, en segundo lugar, procederemos a realizar unha comparación entre a forma que nos ocupa e o seu equivalente galego e portugués, *a eito*, que nos proporcionará —cremos— a confirmación definitiva.

1.4. *Echo*

Como acabamos de mencionar, o termo *echo*, co significado de 'tiro, lanzamento', documéntase en castelán desde a Idade Media. Aínda que de escaso uso, esta palabra relaciónase cunha familia léxica moi abundante: trataríase, segundo fundados argumentos, dun substantivo relacionado co verbo *echar* (<lat. *iactare* ou máis ben da variante vulgar **iectare*, DCECH, s.v. ECHAR), lexema do que procede unha extensa lista de derivados cultos e patrimoniais (cast. *desechar, jaculatoria, jactarse*, etc., gal. *deitar, xeito, rexeitar*, etc.).

Estes autores, Coromines e Pascual, ofrecen as primeiras documentacións desta forma en tres importantes obras literarias do século XIII. Como nos casos anteriores citaremos polas edicións manexadas polo CORDE:

Tienes grandes aueres en uno aiuntados, / Azemilas & carros & camelos cargados. / No lo tengo por seso aueres tan granados / Meter lo a uentura a un echo de dados (Anónimo 1995).

El jueves de la cena, fecha la refeción, / fue el traïdor falso bastir la traición, / apartóse don Christo de la su criazón, / quanto echo de piedra fue fazer oración (Berceo 1992).

⁶ Algúns exemplos destas expresións:

¡Miserable y desdichado aquel que por más fausto del mundo y querer dejar ensoberbecidos a sus hijos o nietos, a hecho y contra derecho, hinchere su casa hasta el techo, dejándose ir condenado! (Alemán 1987).

Reelabora así este autor o refrán *A tuerto o a derecho, nuestra casa hasta el techo* recollido na tradición paremiolóxica española e, incluso, citado na *Celestina* ("PÁRMENO. [...] No querría bienes mal ganados. CELESTINA. Yo sí. A tuerto o a derecho, nuestra casa hasta el techo" (Rojas 2000).

"Y de oy más, pues no me querrá restituyr, será bien que andemos a hecho y pago" (Rodríguez Florián 1996).

Decir no a la Constitución es decir no a la entrada de Turquía en la Unión Europea. De todas la contradades del momento, ésta, sin duda, se lleva la palma. Porque no existe, ni de hecho ni de derecho, la menor relación entre los dos asuntos (*El País*, 30/04/05, 4).

Y "disconforme" con la sentencia, "por no ajustarse a hecho y a derecho", asegura que será recurrida ante la Audiencia Provincial (*ABC*, 28/05/1989, cit. apud CREA).

E aconteció que un conde, el más poderoso de los de su tierra, a quien él hizo muchas desonras de dicho e de hecho [...] buscó manera de engaño en quál manera se podría dél vengar (Anónimo 2003).

Luis González García

E el Rey basteciera bien aquel castiello & non era mayor de un echo de piedra & era quadrado & en cada quadra auie una torre mas la una era mayor que las otras (Anónimo 1995).

A consulta do CORDE permite engadir catro exemplos máis desta esporádica palabra, ó tempo que limita a súa vixencia ós anos finais do século XIV, con tres citas de Juan Fernández de Heredia:

Aqueste iuyzio mismo damos aquel que en bofordo, o en trebeio de bodas, o por echo de astil, o de piedra, o de saeta, omne matare o otro danno fiziere (Anónimo 2000).

Et quando los barbaros leuataron senyal de la batalla, creyendo que los romanos fuyesen, & uenjan ardidament por tomarlos, porque eran cerca de vn echo de arco (Fernández de Heredia 2002).

Los Romanos puyaron por medio de aquellas altezas aspras sinen nengun empachamiento sino el aspreza del camino. mas quando ellos fueron puyados tanto como un echo de dardo trobaron muyt grant fuerça de gent de todas maneras (Fernández de Heredia 1995).

Pero los que tenian la mediana batalla no si eran ahun açercados sino entroa un echo de sayeta (ibid.).

O primeiro lexicógrafo en recoller esta forma foi o ilustre libreiro e gramático V. Salvá no seu *Nuevo diccionario de la lengua castellana* (1846), que a inclúe como forma xa desaparecida :

† ECHO, m. ant. TIRO, la acción de tirar. | ECHO DE DADOS. loc. antigua. Vuelta de dado, casualidad, contingencia.

O feito de exemplificar coa secuencia *echo de dados* parece indicar que a fonte desta inclusión é o *Libro de Alexandre*, editado por Tomás Antonio Sánchez en 1780 e reeditado por Eugenio de Ochoa en París en 1842 (Alborg 1970: 133, n. 65). Cabe citar neste sentido que en 1830 D. Vicente Salvá traslada o seu exilio londiniense a París, onde funda unha casa editorial na que publicará o seu diccionario en 1846 e outras importantes obras. Posteriormente repiten case literalmente a definición de Salvá Gaspar y Roig (1853) e Domínguez (1869) (NTLLE, s.v. ECHO). Curiosamente, neste caso a Real Academia Española non introduciu a entrada no DRAE ata moi avanzado o século XX (na edición de 1970). É paradoxal que un diccionario de uso inclúa unha forma desbotada tantos séculos atrás, pero sen dúbida a falta dun diccionario histórico determina que o DRAE sexa entendido como o tesouro pancrónico da lingua española:

Echo. (del lat. iactus.) m. desus. Tiro, lanzamiento (DRAE 1970).

Este *echo*, de tan escasa documentación, pode perfectamente se-la base da expresión que aquí analizamos. Desde o punto de vista da fonética histórica nada impide esta equiparación. Antes ó contrario, *echo* é o resultado esperado de *iactus*. Semanticamente, a relación co verbo *echar* tampouco presenta especiais dificultades que impidan esta vinculación. Con todo, a existencia dun equivalente galego e portugués, moito máis documentado, levaranos a matizar estas afirmacións.

2. A eito

En efecto, todo o que na forma *a hecho* é escaseza, convértese en *a eito* nunha expresión prolífica, característica do galego, recollida desde as primeiras tentativas lexicográficas de Frei Martín Sarmiento (1745-55 [1973]) e documentada ó longo de toda a historia da lingua (todo o que é posible para unha lingua que durante séculos careceu de tradición escrita):

A eito. V. g.: muere mucha gente a eito en tal lugar, esto es, arreo y sucesivamente. Se debe escribir heito, pues viene de hito o fito; pues se dice: seguir todas las casas de una calle a hita, esto es, en fila (Sarmiento 1745-55 [1973]: 426).

O *Diccionario de diccionarios* (Santamarina 2003) permite comprobar que esta locución tivo entrada na maioría das obras lexicográficas do galego.

O substantivo *eito* figura xa no primeiro dicionario publicado (Rodríguez 1863) cunha acepción que repetirán máis ou menos modificada os posteriores:

Pedazo de tierra repartido en tareas por medio de sulcos como en una heredad á labradío, ó á voluntad como en un prado, monte, etc., cuando se siega la yerba ó cortan los tojos al ir y volver hasta concluir (Rodríguez 1983, cit. apud Santamarina 2003, s.v. EITO)

Filgueira et alii (1926) engade unha nova acepción, derivada da anterior: “serie de cosas seguidas” (cit. apud Santamarina 2003, s.v. EITO) e Carré (1928-1931), outras dúas: “serie de cosas tomadas conforme vienen a la mano”, “trabajo que se ejecuta sin descanso hasta terminarlo. Seguido”⁷.

A frecuencia de aparición deste substantivo non é moi grande. O CORGA (que incorpora 17,5 millóns de formas aparecidas en textos publicados desde 1975 ata a actualidade) non rexistra ningunha aparición para *eito* como substantivo autónomo. Pola súa parte, o TILG (que abarca desde 1612 ata a actualidade) recolle 21 (pero máis da metade, 11, concéntranse en obras de Neira Vilas), das que citamos algún exemplo:

Non sinto máis que non poder estar aí coas rapazas. De boa gana collía a aixada e levaba o meu eito con elas (Lesta Meis 1930).

Sequera a ver se boto este eito fóra, que sempre me queda de menos para mañán (ibid.)

Grau a grau foi caendo, e eito a eito, a semente na terra (Iglesia Alvaríño 1961).

Traballa nunha casa maioritaria de tecidos. Leva nela un eito de anos (Neira Vilas 1982).

Brizados polo viño metíamo-nos no pracer dos falares. El non quixo abandonar o eito teosófico (García Trigo 1998).

Derivados de *eito* son *eitar* (“producir utilidade o beneficio un cultivo o produto” segundo A. Otero 1977, s. v. DEITAR) e *eitada* (Carré 1972: “tarea, porción de traballo

⁷ E. Rodríguez González (1958-1961) precisa que se trata dun traballo agrícola (“Faena agrícola que se ejecuta sin descanso hasta terminarla”).

ejecutado por una o más personas en un tiempo determinado”, e Rivas Quintas 1978⁸), de distribución xeográfica restrinxida.

Con todo, o substantivo *eito* permanece principalmente debido á súa presenza na locución adverbial *a eito*. Esta é a expresión fraseolóxica que encontra a súa equivalencia exacta na castelá *a hecho*, tanto no significado como na constitución formal. Aínda así, a fórmula galega presenta considerables diferenzas, sobre todo no que se refire ó uso, como máis adiante se comprobará.

O incompleto *Diccionario gallego-castellano* da R.A.G. (1913-1928) é o que, na nosa opinión, ofrece un mellor resumo de conxunto das acepcións de *a eito*:

1. loc. adv. A troche y moche. Sin consideración, reflexión ni advertencia.
2. Sin escoger, sin excepción, sin reparar, sin diferenciar, sin distinguir unos con otros.
3. Sin interrupción, seguidamente, continuamente, a hilo, sin dejar nada.
4. A granel, en abundancia, a montones, en gran número.

Comprobamos que, salvo a última acepción, as outras están presentes na expresión castelá. Desde este punto de vista semántico, o significado básico a partir do que se pode deriva-lo resto é o que aparece como único no *Diccionario da Real Academia Galega* (1997):

A eito. *loc. adv.* Seguido, de xeito ordenado e sen deixar nada atrás, sen escoller. *Apaña as mazás a eito. Seg a eito, non deixes nada atrás.*

Así, unha tarefa típica do campo é a recolección de patacas. Nun primeiro momento apáñanse a eito nas leiras (é dicir, todas as que se van atopando avanzando en orde); posteriormente, con máis calma, escóllense na casa ou no cuberto segundo o tamaño ou caste, entre outras características.

Do anterior dedúcese que a eito implica cantidade, abundancia, en canto que implica ausencia de selección.

Pola mesma razón, o sema “seguido” pode desenvolverse, orixinando a acepción “de seguido, logo, en seguida, rapidamente”.

A voz *eito* e a locución *a eito* son comúns tamén no portugués e, como tales, figuran nos principais dicionarios desa lingua con acepcións idénticas ás do galego (Nascentes, 1967, Houaiss et alii 2001, Academia das Ciéncias de Lisboa 2001, etc.).

Polo que respecta ó uso, *a eito* é unha das unidades fraseolóxicas de maior antigüidade e frecuencia de aparición, desde a súa primeira documentación que, segundo cremos, é un pouco anterior a aquela única mostra medieval de *a hecho*, é dicir, a metade do século XIII. En concreto, o TMILG mostra que xa aparece nas *Cantigas de Santa María* do Rei Afonso X en cinco ocasións e en sendas composicións de Roi Queimado e Martín Moxa (esta debe se-la documentación máis antiga por canto a actividade deste trovador aragonés se sitúa na década de 1240):

⁸ “Faena, grupo, apuro (Sobral). El significado se captará mejor por los ejemplos: *Eitada de patacas*, día recogiendo patatas; *Na eitada do pan*, en el apuro, faena de recogida del centeno y trigo; *Teño unha eitada de xente collendo patacas*, *Hai unha boa eitada de millo*, etc.” (cit. apud. Santamarina 2003, s.v. EITADA).

*Ca o vej' eu no coro cada dya / vestir [y] capa e sobrepeliça, / e a eyto fala el e moy
melhor / diz (Moxa 1996).*

*E catou-o e viu-o come desfeito / das chagas mui grandes e atan maltreito, / e atou-llas
logo ben todas a eito / con panos de lynnno e con seus cendaes (Afonso X 1981).*

*E pois sse calad' ouveron, / contou-lles todo seu feito / com' estedera na forca / tres meses
todos aeito, / u a Virgen o guardara (ibid., I-175).*

*En Coira, cabo Sevilla, / foi este miragre feyto / no tempo que Aboyuçef / passou ben pelo
estreito / d'Algizira e a terra / de Sevilla tod' a eito / correu, e muitas aldeas / foron dos
mouros queimadas (ibid., II-323).*

*A sa moller a Reynna, / que jazia eno leito / cabo del, e este sonno / lle contava tod' a eito
(ibid., II-345).*

Nun estudo recentemente realizado, Gómez Clemente (2004) inclúea entre as 176 locucións que intuitivamente considera máis frecuentes e representativas do galego⁹. O CORGA confirmoulle estas expectativas, situando *a eito* entre as formas máis documentadas, o que o leva a concluír:

*Rexístranse ocorrencias en todo tipo de textos, destacando os textos de especialidade [...].
Podemos concluír que esta unidade pode ter un nivel de lingua coloquial (maiormente en
textos literarios pero tamén en certos casos de textos de opinión) e un nivel formal medio
ou medio alto, polas relativamente altas ocorrencias en textos de especialidade (Gómez
Clemente 2004: 96).*

A consulta dun corpus máis representativo, porque abarca un período máis longo, o TILG, ofrece resultados aínda máis significativos para *a eito*. Entre os anos 1845 e 2001 rexistra 476 aparicións da forma *eito*, das que a inmensa maioría (432) corresponden á locución *a eito* (e nalgún caso ás variantes *ó eito* e *da eito* que non rexistran os dicionarios pero si este corpus, aínda que moi limitadamente¹⁰).

Estas cifras superan con moito as ocorrencias das locucións que no CORGA a anteceden (*aló cachón*, 191; *de vagariño*, 112; *a esgalla*, 27; *a mantenta*, 68; *á espreita*, 130 e *a fume de carozo*, 8).

Desde o período previo ó Rexurdimento ata os nosos días *a eito*, pola contra, mantén unha distribución constante e uniforme ó longo dos anos. Baste compara-los seguintes datos tirados do TILG, que distribuímos en períodos de aproximadamente cincuenta anos:

1845-1900: 98 casos

1901-1950: 160 casos

⁹ Gómez Clemente toma como base a López Taboada e Soto Arias (1995). Con 95 ocorrencias, *a eito* ocuparía o segundo posto na lista mencionada, tras *a cachón*. Sen embargo, a análise detallada do cadro 1 (Gómez Clemente 2004: 89), sinala unha errata na suma total, polo que os 95 casos son en realidade 25. Con todo, aínda así segue a estar entre as locucións de maior uso: ocuparía agora o sétimo lugar, despois de *a cachón*, *de vagariño*, *a esgalla*, *a mantenta*, *á espreita* e *a fume de carozo*.

¹⁰ *Non fai falla alí o pantrigo nin o risolio escolleito; dulces mil crases i ó eito, mazapás de man d'amigo que deixan a un satisfeito (Anónimo1888).*

1951-2000: 174 ocorrencias

Todo isto leva a confirma-la situación privilexiada de *a eito* no paradigma de locucións galegas, capaz incluso de formar parte dunha unidade máis complexa (*a eito e a colleito*, que só localizamos en Alfredo Conde), en refráns, cantigas populares, etc. Velaquí unha pequena mostra representativa:

Sempre aquelas badaladas / lle magoaban o peito, / e salían bagoadas / polos dous ollos a eito / de saloucos misturad[a]s (Pintos 1845).

Que Castilla e castellanos, / todos nun montón a eito, / non valen o que unha herbiña / destes nosos campos frescos (Castro 1872).

O que ten atopa amigos a eito, i estos van faltando s'o ter vén a menos (Rodríguez López 1898).

A rapiña, según refirimos, facíase a eito e co permiso indireito e a intervención dos achegados ao goberno (Tettamancy 1912).

O pior mal que se lle pode faguer á nosa fala é espallar a eito cousas mal escritas nela (Dieste 1981).

Rañolas, cheo de ternura, daballe bicos a eito (Rodríguez Castelao 1934).

Antusiasta de Berlín, antusiasta d'Alemaña. É tamén dos qu'eiquí louvan todo a eito, sen faguer difrenza no bo e no ruín (Risco 1934).

Naturalmente, ó «collé-lo outono» non quer decir que se segue todo o prado dunha vez senón que se comenza por unha punta e vaise segando a eito consonte se precisa (Lorenzo Fernández 1962).

Están mallando nel a eito, sin reparar en qué parte do corpo lle dan (Ferreiro 1972).

Vese ben que é a Gula, que é o pecado de comer a eito e sen mesura (Rivas 1993).

—*¿Qué fas ti aquí, muller e estranxeira? Xulia virouse a eito. Viu diante dos seus narices, tesó coma un garabullo, o amo daquelas palabras* (Frías Conde 1997).

Se o prefiren, é tempo de reclamar. E faremos moi ben en facelo a eito e a colleito, por activa e por pasiva, respaldando colectivamente ó noso goberno nas reclamacións todas que plantexe, facéndoo sen descanso (Conde 2004)

Marzo ben feito, patacas a eito (Vázquez Saco 2003: 111).

A sona sin proveito corre polo mundo a eito (id, 378).

Se rega san Bento, regan tódolos santos a eito (Ferro et alii 1992: 169)

Vamos rüando a eito. / Pois que levamo-l-a sona, /Levarèmo-l-o porvèito (Valladares 1884, cit. apud Santamarina 2003, s. v. EITO)

A frecuencia no portugués non parece menor. Para constatar esta afirmación acudimos a un corpus electrónico actual de acceso libre (CETEMPúblico), que inclúe o texto de cerca de 2.600 edicións do diario *O Público*, entre os anos 1991 e 1998 (cun total de

aproximadamente cento oitenta millóns de palabras). O resultado son 68 ocorrencias, o que non parece pouco. Velaí algúns exemplos ilustrativos dos seus usos¹¹:

Fazem-se fantásticas leis e criam-se brilhantes instituições para o ambiente, mas matam-se árvores a eito, destroem-se vales e várzeas e planta-se eucalipto ao Deus dará (pol, 95b).

No Roque Santeiro há assassínios e roubos a eito, contam, mas as pessoas emitem um calor que não combina com o retrato oficial (clt, 94a).

Se o futuro presidente do partido cortar a eito corre o risco de ter uma cisão orgânica na bancada (pol, 96a).

Por outras palavras, que a RTPi deixe de ser un mero retransmissor de enlatados a eito e passe a dispor de programação própria e sintonizada com os diversos públicos a que se dirige nas sete partidas do mundo (clt, 96a).

Apanhar caracóis ou caracoletas revela-se bem mais simples: aponta-se a lanterna, descobre-se as “antenas húmidas que às centenas sondam a atmosfera e depois é apanhá-los a eito, pois aquela hora da noite não é altura de estar a escolher coisa nenhuma” (soc, 95b).

Ha mau cheiro por todo o lado, pinturas e silvas a eito (nd, 91b).

Falta reparar o escalavrado pavimento e acabar com o estacionamento a eito, que transformou esta parte da cidade num depósito de automóveis (soc, 98b).

Tenho-lhe posto cataprasma de orvajão e semprónia, há quatro meses a eito todas as noites –atalhou Maria da Laje (Castelo Branco 1876).

Da consulta dos exemplos tirados deste corpus podemos extraer algunha curiosidade interesante:

En primeiro lugar, en correspondencia co predominio no castelán clásico da combinación *llevar a hecho*, no portugués contemporáneo *ir (tudo) a eito*, con sete ocorrencias, parece convertida nunha secuencia estandarizada (cabe recordar que esta combinación era a segunda en frecuencia no caso do castelán):

A minha mãe meteu-se e levou também, que quando ele ficava assim tarado quem lhe aparecesse pela frente levava, ia tudo a eito (pol, 93b).

De textos inadmissivelmente reaccionários sobre a PGA a páginas indescritivelmente aborrecidas sobre a teoria da literatura, vai tudo a eito (clt, 92a).

Vão casadas, vão viúvas, vão solteiras, vai tudo a eito (clt, 92b).

En segundo lugar, a unidade máis complexa *a eito e a colleito*, que documentamos en galego, ofrece agora o seu paralelismo estrutural (articulación binaria, rima) na secuencia *a eito e sem preceito*:

A malla de instalações desportivas do país tem sido tecida sem obedecer a qualquer ordenamento territorial, a eito e sem preceito (des, 97a).

¹¹ As siglas que seguen a cada cita indican, segundo a convención do corpus, a sección (política, cultura, deportes, etc.), ano e semestre (a/b).

En terceiro lugar, cabe mencionar unha coincidencia inesperada. Sendo moi baixa a probabilidade de que *a eito* se combine co sintagma *abrir a boca*, non pode deixar de sorprenden que nos encontremos con esa composición (*abrir a boca a eito*) nun poema épico do século XVI español e nun artigo de actualidade dun periódico portugués dos últimos anos do século XX. É como topar dúas agullas no mesmo palheiro:

El cual así le aprieta y despedaza / los miembros que la guardan en el pecho, / y el grande hueco así desembaraza, / con uñas y con boca abriendo a hecho, / que hizo para sí muy ancha plaza, / y el grande casco descubrió por techo, / quedando el Orco de alto abajo abierto, / sobre ahogado y más de amores muerto (Barahona de Soto 1981, cit. apud. CORDE, s.v. A HECHO).

Uma delas, no sul de México, não conseguiu distinguir a erva (comum) da cocaína e abriu a boca a eito: engoliu um pacote com oito quilos da droga e morreu de “overdose” (CETEMPúblico, soc, 92a).

Como se comproba, a consulta dos cörpera galegos e portugueses mostran unha vitalidade da que está carente o correlato castelán. Con todo, queda claro, despois da presentación de datos ata aquí feita, que ámbalas dúas locucións, *a hecho* e *a eito*, teñen unha mesma orixe.

Anteriormente desbotamos o étimo *factus* para o castelán *a hecho* e propuxemos a vinculación co termo *echo* como base de formación. A comparación con *eito* permitíranos precisar este punto, sobre o que hai certa discrepancia entre os autores que estudan a etimoloxía do castelán *echo* e do galego e portugués *eito*. Os dous étimos que se barallan son, por unha parte, como dixemos, o latín *iactus* ‘lanzamento, tiro, disparo’ (participio de *iactāre*, frecuentativo de *iacēre*, todos co significado de ‘lanzar, disparar, botar’, etc., de onde proceden o castelán *echar* e o galego e o portugués *deitar*¹²). Evidentemente, a partir de *iactus* é doado explica-la evolución a *echo* (DCECH, s.v. ECHAR). Pola contra, o resultado esperado en galego para esa voz latina é *xeito*, palabra efectivamente existente na nosa lingua, fornecedora dunha rica familia léxica e fraseolóxica (*xeitoso, axeitar, ó xeito*, etc.). A conservación da palatal inicial latina no galego e portugués (*xeito, xanela, xaxuar*) dificulta a hipótese mantida para o castelán, polo que desde que C. Michaëlis a propuxo a fins do século pasado, a lexicografía portuguesa opta polo étimo *ictus* ‘golpe’ como máis probable para *eito* (Machado 1952, Cunha 1989). O indiscutible mestre da etimoloxía hispánica, J. Coromines, sen rexeita-la hipótese *ictus*, opta por *iactus*. As dúas, con todo, presentan problemas. Os que optan por *iactus* deben xustifica-la desaparición de palatal inicial (o que fan Coromines e Pascual (1980), aludindo a un proceso de disimilación de antigas palatais, ou A. Otero (1951), mostrando un caso similar de perda de palatal inicial en *irmao/irmán* < *germanus*. Cit. apud Santamarina 2003, s.v. EITAR). Pola súa banda, *ictus* presenta a dificultade do vocalismo inicial. O infinitivo correspondente está documentado con *i* longa (*īcere*), en tanto que a solución galega e portuguesa pide un *i* breve (*īctus*), polo que tería que darse o rarísimo caso de alternancia que se produce, por exemplo, entre *dicere* e *dīctus* (cfr. cast. *dīctatum* > *dechado*, DCECH s.v. ECHAR). Vemos, pois, que as dúas hipóteses

¹² Por disimilación de antigas palatais (DCECH, s.v. echar). Outros autores prefiren a etimoloxía *deiectare* para a forma galega e portuguesa (vid. Malkiel 1949).

presentan obxeccións salvables, polo que é difícil decidirse por unha ou outra opción. En todo caso, parece claro que a relación co verbo *hacer-facer* (*factus*) debe ser desbotada e que non parecería improcedente, en consecuencia, propoñe-la ortografía *a echo* para a locución castelá.

2.1. A feito

Resultando, pois, que *a eito* non ten aparentemente ningunha relación co participio do verbo *facere*, non deixa de chama-la atención que, no galego actual, esta locución alterne cunha variante sinónima e paronomásica, *a feito*. Así, o *Diccionario da Real Academia Galega* (1997) fai sinónimas as dúas expresións (s.v. EITO e FEITO, -A), seguindo o apuntado xa no inconcluso en Academia (1913-28). De igual xeito proceden E. Rodríguez González (1958-61), C. García González (1985), Franco Grande (1968, *dafeito*), etc.

Deste modo, o refrán que no apartado anterior recolleemos de Vázquez Saco (2003) figura tamén nesa obra na variante:

A sona sen o proveito corre polo mundo a feito (Vázquez Saco 2003: 378).

Estatisticamente cabe menciona-lo menor uso de *a feito*. Os vintecinco exemplos que nos proporciona o CORGA para *a eito* redúcense agora ós seguintes tres casos:

Tirou tamén algúns libros e cadernos que colocou a feito encol do andel (Cortizas 1996).

Máis ben semellaban un envelenamento que, no caso de Barbadás, estaba claro que se fixera a feito para dar cabo dunha familia (García Mañá 1997).

Hoxe queremos falarlles dos petos de ánimas que se espallan, espaxen ou estran polo mundo galaico ou galiciano a feito (Neira 2000).

O TILG ofrece bastantes máis ocorrencias baixo as formas *a eito*, *da feito* e *ó feito*, pero en todo caso a súa suma representa unha cantidade moi inferior á de *a eito*:

1800-1900: 17

1901-1950: 18

1951-2000: 47

Os das rilleiras / Todos a feito / Facerche queren / O seu festexo (Castro y Neira 1826).

Un angazo, unha fouciña, un rodo, un sacho, e outros instrumentos; todos a feito: —27 cadelas (Anónimo 1876).

Ó vé-lo entrar, os sinores / Que na Vila ten asento, / Como son tan amiguiños / De figurar, van a feito / Unhos ofrecerlle a casa, / Outros rindirlle respeito, / E os máis cheirarlle o rabo / Por creerllo de proveito (Anónimo 1877a).

De cantas cousas de proveito se poden en Galicia facer, de todas temos parrafeado longo e a feito (Anónimo 1877b).

Dende aquí vexo un camiño / que non sei a donde vai; / polo mesmo que n'o sei, / quixerao poder andar. / Istreitiño serpentea / antre prados e nabals, / i anda ó feito, aquí escondido, / relumbrando máis alá (Castro 1880).

Porque teño oucído decer que niste tempo é cando perdemos o xuício por compreto mozos e vellos a feito (Anónimo 1886).

Labrego que comes pouco / por máis que moito traballas, / pra nós praceres e risas, / runflas, líos e trouladas, / pra ti martirios e fame, / loitos a feito e desgracias, / vixilia con austinencia, / pouco pan e moitas bágoas (Lamas Carvajal 1998).

A neve da duda que cai sobr'o peito, matando d'a feito os xérmenes vai (Dato Muruais 1891).

Eu voulle contar d'a feito por tod'o qu'atrasei (Justo Castro 1907).

As dúas operaciós teñen moita importáncea pra ter bon resultado no prado, pois dilas dependerá que nacia ben a herba e a feito en tod'o prado sen que s'amosen eiquí manchós dunha das crases d'herba da mezcra, aló doutra (Eguilior 1913).

Son, nena, os teus seos tersos e brandidos, morosos e erguidos, niños ruladores, que no dondo leito que lle fai teu peito, van ceibando a feito cantigas e amores (Taibo 1922).

Despois xa non foi topenear, senón durmir a feito, ata qu'acordei na fronteira belga (Risco 1934).

A xente di a feito que a Serena era unha muller coma outra calquera; pro que súa nai boutoulle unha maldición, e dende entón anda anfibra no mar (Lence-Santar 2000).

A peste era como unha sega. Levaba mozos e vellos a feito (Fole 1976).

Unha vez era un tolo que nunca se lavaba, e cu' eso no vrau as moscas comía-no de a feito, pois non lle salían da cara (Prieto 1958).

O pelo e o bigote empezabanlle a encanecer a feito (Cabana 1992).

Froles invadenvos a vida e corgas de negror manan de a feito (Méndez Ferrín 1994).

Nalgunhas épocas del ano, estes catarros dabanse case d'a feito, había andancia (Fernández Vior 1997).

Sobre a distribución no mapa dialectal de Galicia, os datos de que dispoñemos son imprecisos: Elixio Rivas Quintas (2001, cit. apud Santamarina 2003, s.v. FEITO) documenta o seu uso en Dragonte do Bierzo, Lugo, pero esténdeo polo Sur de Galicia en xeral. Esta presenza no sur podémola confirmar en Valdeorras. Pola súa banda, a información que aporta C. García González (1985), dentro das limitacións que impón a metodoloxía con que se elaborou a obra, permite comproba-la coexistencia nalgunhas zonas (Curtis, Sobrado) e documenta especificamente *a eito* en Santaia, Santiago e Monterroso e *a feito* en Caaveiro.

Desde este punto de vista xeográfico, *a feito* pode ser considerado un trazo diferencial con respecto ó portugués. Co valor que aquí nos interesa, *a feito* non aparece nos dicionarios desa lingua nin se documenta no corpus que anteriormente mencionamos (CETEMPúblico), o que non obsta para que esta forma, aínda que de xeito escaso, se poida documentar xa na lingua medieval común.

O TMILG ofrece 29 documentacións para *a feito* (en distintas grafías: *a feyto*, *afeyto*, *afeito*). Na maioría dos casos trátase dunha forma perifrástica do verbo facer (*ten feito*) ou dunha locución modal traducible por 'efectivamente, en efecto'¹³, como se comproba, respectivamente, nos seguintes exemplos (obsérvese que no segundo contrastan *a feito* e *a eito*):

Quando se foi, fez me preito / que se verria mui cedo / e mentiu-me, tort' á feito (Pai Soarez de Taveirós 1996).

E muitos ó eu oj' e[n] mal son / dizer por vós [atal]: que, a feito, / sodes cego; e dix' eu log' a eito / esto que sei que vos a vós aven: / que nunca vos ome diz nulha ren, / que non ouçades, se Deus mi perdon (Roi Queimado 1996).

Con todo, nalgún contado caso xa se pode documenta-lo significado que converterá a esa locución en sinónima perfecta de *a eito*:

O bispo e toda a gente deant' estando, / veend' aquest' e oynd' e de rijo chorando, / viron que miragre foi e non trasgeito; / porende loaron a Virgen a feito (Afonso X 1981).

Contando-lle tod' a feito / en qual maneira dormira / e en jazendo dormindo / a Santa Maria vira (id, II- 309).

Con anterioridade, o inconcluso *Diccionario gallego-castellano* da Real Academia Galega (1913-1928) xa incluía unha cita, tomada da *Crónica Troiana*, que poucos anos antes, en 1900, publicara na Coruña D. Andrés Martínez Salazar:

*Ca ali nõ ficou pobre nõ rrico nõ padre nõ fillo nõ uello nõ mãcebo nõ moller nõ baron nõ moço nõ moça nõ seruo nõ señor que todos nõ matasen a feyto*¹⁴.

Como se aprecia, as citas anteriores son todas de textos de orixe galega, o que parece apuntar xa a un trazo primitivo de bifurcación do antigo tronco común galego-portugués (aínda que teríamos que realizar unha maior pescuda no portugués medieval para corroborar esta afirmación dun xeito máis rigoroso).

A xustificación desta confluencia sinonímica entre *a eito* e *a feito* que, como vemos é antiga, non é doada. En principio parece razoable supoñer que *a feito* se contaminou do significado de *a eito*. Sabemos que é un principio da crítica textual deriva-la "lectura difícil" (*lectio difficilis*) a partir da fácil. A partir de *a eito*, por etimoloxía popular, por tratarse de parónimos, é factible supoñer que unha forma case inusitada fóra desta

¹³ O TILG permite comprobar a pervivencia no galego moderno deste valor de *a feito*:

Pois si as bruxas feito tan porco e ruín hora ll' han feito, si non fuximos, d'a feito outro máis porco farán. (Fernández Morales 1861).

D'a feito vou rebentar (ibid.).

—¡Perdeu a chola d'a feito! (ibid.).

Desde hoxe, a feito deixo de visitar a cantos non quixeron soltar as cadelas (Anónimo 1877c).

¹⁴ R. Lorenzo sinala que esta primeira edición de Martínez Salazar ía acompañada dun glosario feito por Manuel M. Rodríguez. Deste xeito, "As palabras da *Crónica Troiana*, tanto se estaban ben como mal lidas, pasaron ó *Diccionario gallego-castellano por la Real Academia Galega* (Coruña, 1913), que chega ata a palabra *cativo*, e despois a outros dicionarios galegos" (R. Lorenzo 1985: 204).

locución, cal é o caso de *eito*¹⁵, se acabara asociando cun substantivo de abundantísimo uso como é *feito*. No caso do castelán a asociación entre os dous lexemas (*echo* e *hecho*) aínda é máis esperable, como de feito se dá, porque en troques de paronomasia temos unha homofonía perfecta.

3. Recapitulación

Non nos parece oportuno rematar estas follas sen intentar xustifica-la coexistencia desta expresión fraseolóxica nas tres linguas do occidente peninsular. Neste punto cremos que nos teremos que mover no campo das hipóteses máis ca no das certezas. En principio, sendo linguas neolatinas, nada ten de estraño que coexistan gran cantidade de locucións. Este parécenos, con todo, un caso especial porque a frase feita non existía no latín. É, por tanto, unha creación que podemos remontar como moito ó protorromance ou latín tardío hispánico previo ó nacemento das distintas linguas peninsulares.

Así e todo, esta explicación non nos parece totalmente convincente. Non pode deixar de chama-la atención a escasa documentación que *a hecho* ofrece en castelán, case toda concentrada nese período de pouco máis de cen anos chamado Século de Ouro, cun antes e un despois practicamente baleiros. Este feito poderíanos facer pensar que se trata dun lusismo (como outros que entraron por esa época: *echar de menos*, *sarao*, *vigía*, *mermelada*, *menino*, *-a*) ou dun galeguismo (resultado da masiva emigración que se producía, con motivo da sega, por terras de Castela, Extremadura e Andalucía¹⁶) que non acabará por ser aceptado (aínda que a súa utilización entre os escritores clásicos e a consecuente inclusión nos dicionarios de uso lle supuxo a supervivencia latente para os séculos posteriores, o que xustificaría os escasos exemplos documentados nos séculos XVIII e XIX). Outra explicación —non incompatible coa anterior— é a de que se trate dun occidentalismo (léxico común ás linguas do occidente peninsular, ese que nos dicionarios do castelán figura como propio de Salamanca, Cáceres, Zamora, León, etc. e que adoita coincidir co galego e o portugués). Isto xustificaría a aparición relativamente elevada de documentación no occidente peninsular —feito xa comentado—. Como termo de orixe rural, permanecería no tecnicismo agrícola “cortas a echo” que constatamos en tratados de silvicultura ata a actualidade. A súa utilización por algúns escritores clásicos implicaría ademais a supervivencia como termo literario que acabamos de comentar.

¹⁵ Incluso nos parece unha suposición verosímil considerar que o substantivo *eito* sobrevive en construción independente por causa da relativa alta frecuencia da locución que nos ocupa, é dicir, *a eito* mantén a *eito*. No cruce das dúas locucións tamén puido influír a existencia do adverbio latino *affatim* (Fernández López 1988), carente de toda relación etimolóxica cos termos aquí mencionados (procede da frase preposicional *ad fatim* ‘ata rebentar’, de *fatís* ‘fenda, regaña’). A semellanza formal con *ad factum* (de onde procedería *a feito*) puido contaminar co significado de ‘abundancia’ esta forma, provocando a confluencia sinonímica con *a eito*.

¹⁶ E. González López (1973) cita un documento de L. Labrada (S. XVII) no que se menciona a cantidade de 30.000 segadores.

4. Bibliografía

- [CETEMPublico]: *Corpus de Extractos de Textos Electrónicos MCT/Público* (<http://www.linguateca.pt/CETEMPublico/>).
- [CORDE]: *Corpus Diacrónico del Español* (<http://www.rae.es/>).
- [CORGA]: *Corpus de Referencia do Galego Actual* (<http://corpus.cirp.es/corgaxml/>).
- [CREA]: *Corpus de Referencia del Española Actual* (<http://www.rae.es/>).
- [DCECH]: COROMINES, J. e PASCUAL, J. A. (1991-97): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Gredos, Madrid.
- [DRAE]: Real Academia Española (2001²²): *Diccionario de la lengua española*. Espasa-Calpe, Madrid.
- [NTLLE]: Real Academia Española (2001): *Nuevo Tesoro Lexicográfico de la Lengua Española*. Espasa Calpe, Madrid. Edición en DVD-ROM.
- [Santamarina 2003]: SANTAMARINA, Antón (ed.) (2003): *Diccionario de diccionarios*. Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña. Edición en CD-ROM.
- [TILGA]: *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* (<http://www.ti.usc.es/TILG/>).
- [TMILG]: *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (<http://corpus.cirp.es/tmilg/>).
- ACADEMIA DAS CIÊNCIAS DE LISBOA (2001): *Diccionario da Língua Portuguesa*. Verbo, Braga.
- AFONSO X (1264-1284): *Cantigas de Santa María I-77*. Ed. de W. Mettmann, Xerais, Vigo, 1981.
- (1264-1284): *Cantigas de Santa María I-114*. Ed. de W. Mettmann, Xerais, Vigo, 1981.
- (1270-1284): *Estoria de España II*. Historiografía. Ed. de Kasten, Ll. e Nitti, J. Hispanic Seminary of Medieval Studies, Madison, 1995.
- AGUADO, Pedro de, Fray (1573-1581): *Historia de Santa Marta y Nuevo Reino de Granada*. Colombia, Historiografía. Ed. de Jerónimo Bécker, Establecimiento Tipográfico de Jaime Ratés, Madrid, 1916-1917.
- ALBORG, J. L. (1970): *Historia de la literatura española*. Gredos, Madrid.
- ALEMÁN, Mateo (1599): *Guzmán de Alfarache*. Ed. de B. Brancaforte, Cátedra, Madrid, 1979.
- (1604): *Segunda parte de la vida de Guzmán de Alfarache*. Ed. de José María Micó, Cátedra, Madrid, 1987.
- ALEMANY y BOLUFER, José (1917): *Diccionario de la Lengua Española*. Ramón Sopena, Barcelona.
- ALONSO DE HERRERA, Gabriel (1513): *Obra agricultura*. Agricultura, ganadería, pesca y caza. Ed. de Thomas Capuano, Hispanic Seminary of Medieval Studies, Madison, 1995.
- ANÓNIMO (1240-1250): *Libro Alexandre*. Ed. de Ivy A. Corfis, Hispanic Seminary of Medieval Studies, Madison, 1995.
- [GP] COSTA, Alexandre de Carvalho *Gente de Portugal. Sua linguagem – seus costumes*. Edição da Assembleia Distrital de Portalegre. I(1,2,3),1982; II,1983; III,1984; IV, 1985.
- [LPP] MARQUES DA COSTA, José Ricardo (2004²): *O Livro dos Provérbios Portugueses*. Editorial Presença, Lisboa.
- [NDEI] NOGUEIRA SANTOS, António (1990): *Novos Dicionários de expressões idiomáticas*. Edições João Sá da Costa, Lisboa.
- [NDI] NOGUEIRA SANTOS, A. e SANTOS, P. (1990): *New Dictionaries of idioms*. Edições João Sá da Costa, Lisboa.
- [NDP] GHITESCU, Micaela (1992): *Novo Dicionário de Provérbios*. Fim de Século Edições, Lisboa.
- [PDP] ALVES REIS, José (1996): *Provérbios e Ditos Populares*. Litexa Editora, Porto.
- [PP] MOREIRA, António (1996): *Provérbios Portugueses*. Editorial Notícias, Lisboa.
- DUBOIS, Danièle (1991): *Sémantique et Cognition. Catégories, prototypes, typicalité*. CNRS, Paris.
- DUNETON, Claude (1990): *Le Bouquet des Expressions Imagées*. Seuil, Paris.
- GARCÍA BENITO, Ana Belén (2003): *Diccionario de expresiones idiomáticas español/portugués*. Junta de Extremadura, Mérida.
- GOMES MONTEIRO e COSTA LEÃO (1944): *A vida misteriosa das palavras*. Portugália, Lisboa.
- LAKOFF, G. (1987): *Women, Fire and Dangerous Things. What Categories Reveal about the Mind*. University of Chicago Press, Chicago.
- LAKOFF, G. e JOHNSON, M. (1985): *Les métaphores dans la vie quotidienne*. Minuit, Paris.
- LATTEY, Elsa (1986): “Pragmatic classification of idioms as an aid for the language learner” en *International Review of Applied Linguistics* XXIV/3,1986,217-233.
- NOBRE, Eduardo (1980): *O calão: dicionário de gíria portuguesa*. Casa do Livro Editores, Lisboa.
- RANCHHOD, Elisabete (2003): “O lugar das expressões ‘fixas’ na gramática do português”. Proxecto ENLEX (*Enhancement of Large-scale Lexicons*, inédito).

- REY, Alain (1984): “Les implications théoriques d’un dictionnaire phraséologique” en *Le Moyen Français* 14/15, 1984, 119-133. McGill University, Montréal.
- SOARES, A. e SANTOS, M. J. (2003): *Francês – Português Dicionário do tradutor*. Noémio Ramos, Faro.

Unha vez máis sobre a correlación entre paremioloxía e fraseoloxía

Marina Kótova¹

Sankt-Peterburgskii Gosudárstvennii Universitet

Neste artigo revélanse os trazos do proverbio (como unidade do nivel paremiolóxico da lingua) e os do dito (como unidade do nivel fraseolóxico da lingua), servindo de base o material eslavo. Para fundamenta-lo concepto de normatividade do proverbio, derivada do seu uso, a autora utiliza como exemplo o seu propio dicionario de proverbios ruso-eslavo coas equivalencias inglesas.

Palabras clave: paremioloxía, fraseoloxía, lingüística aplicada, tradución.

This article reveals the features of the proverb (as a unit of the paremiological level of the language) and the features of the idiom (as a unit of the phraseological level of the language), operating with some facts of the Slavic languages. Using as an example her own Russian-Slavic Proverbs Dictionary with the English Equivalents, the author substantiates the notion of the proverb's norm as derived from their usage.

Key words: paremiology, phraseology, applied linguistics, translation studies.

A paremioloxía, disciplina filolóxica que estuda as paremias, atrae a atención tanto dos folcloristas como dos lingüistas pois, o mesmo cá estilística, reúne en si os métodos de investigación propios da historia da literatura e da lingüística.

Os folcloristas estudan, dentro dos límites da paremioloxía, proverbios, chanzas, adaxios, trabalinguas, adiviñas, fábulas, é dicir, xéneros menores do folclore. Os lingüistas-paremiólogos, pola súa banda, estudan en principio os proverbios, pero cómpre ter en conta que algúns deses investigadores definen frecuentemente o seu propio obxecto de estudo como “proverbios e ditos”.

A palabra *proverbio* enténdese aquí como un grupo estable de palabras que posúe estrutura sintáctica de oración terminada, carácter aforístico e valor recto ou figurado, que denomina unha situación, que contén unha sentenza moralista ou ben unha

¹ Tradución de Ekaterina Guerbek.

xeneralización filosófica e que entrou na lingua sexa dende o folclore, sexa dende outras fontes. O *dito*, en cambio, considérase como termo idéntico a *fraseoloxismo* ou *unidade fraseolóxica* (UF). Desta maneira, o proverbio é en realidade o obxecto de estudo da paremioloxía, mentres que o dito é o obxecto de estudo da fraseoloxía. No entanto, o certo é que a aproximación lingüística cara ó estudo da paremia ten moito en común coa teoría e práctica da fraseoloxía do século XX, que se inicia coas obras de Ch. Bally.

A cuestión do lugar da paremioloxía na lingüística, do seu obxecto de estudo, da súa correlación coa fraseoloxía e dos fundamentos teóricos da paremiografía está ata o de agora sen resolver.

1. Paremiografía e fraseografía

Na fala coloquial cotiá, así como nas páxinas das edicións populares, os termos *proverbio* e *dito* úsanse a miúdo como sinónimos intercambiables, de xeito que baixo o termo *dito* se sobreentende o *proverbio*.

Na lingüística, os partidarios da concepción ampla da fraseoloxía consideran os proverbios como fraseoloxismos, partindo, probablemente, do feito de que a UF e o proverbio posúen trazos comúns: reproducibilidade, estabilidade relativa (e ó mesmo tempo tendencia ás transformacións), expresividade e, frecuentemente, plano de expresión figurado. Aparentemente, a natureza semántica do fraseoloxismo e do proverbio percíbese tamén como idéntica, aínda que é precisamente o carácter especial do significado da UF e do proverbio o que os sitúa en niveis lingüísticos distintos, contiguos e estreitamente vinculados entre eles pero diferentes. É doado comprobalo comparando os significados dun proverbio e dun fraseoloxismo derivado del (formado como resultado dunha comprensión ou implicación daquel):

<i>хвататься за соломинку</i>	<i>agarrarse a unha palliña</i>	‘buscar un apoio, intentar salvarse’
<i>Утопающий за соломинку хватается</i>	<i>O que está a afogar, agárrase a unha palliña</i>	‘dise dunha persoa irremediabilmente perdida, condenada, que intenta, en balde, atopar un modo de salvarse’

O fraseoloxismo expresa unha noción; o proverbio denomina unha situación. V. I. Dal chamáballe *dito* ó fraseoloxismo e, ademais, contrapuña este ó *proverbio*; isto fai evidente que o proverbio non é idéntico nin ó fraseoloxismo, nin tampouco ó dito no sentido rigoroso que Dal lle daba a esa palabra.

Por outra banda, a última década caracterízase polo crecemento do interese pola creación de dicionarios de proverbios, bilingües e multilingües, con material puramente eslavo, ou ben con achegas doutras linguas. A creación de dicionarios fraseolóxicos provocou o desenvolvemento da fraseografía (é dicir, lexicografía fraseolóxica). Ben, pois unha parte dos fraseólogos, os que inclúen a paremioloxía na fraseoloxía, consideran que o problema da elaboración de dicionarios de proverbios debe ser atribuído á fraseografía. Outros investigadores, os que consideran a fraseoloxía e a paremioloxía como dúas áreas separadas da lingüística, asígnanlle a tarefa á paremiografía, ciencia da elaboración de dicionarios de proverbios, que actualmente se atopa na etapa de formación.

A tradición de dicionarios de proverbios das linguas eslavas tivo o seu inicio entre o século XVI e o XIX. Durante moito tempo, un dos principios fundamentais da paremiografía foi o carácter enciclopédico das obras, isto é, a máxima representatividade do material recollido, moi heteroxéneo nas súas fontes: os proverbios, ditos, trabalinguas, adiviñas ou os prognósticos meteorolóxicos, é dicir, as paremias de tódolos tipos posibles, en calidade de xéneros menores do folclore, incluíanse en tales recompilacións como perlas inestimables da creación popular. Ata os anos 70 do século XX, ninguén puña en cuestión esta tendencia dos recompiladores de proverbios de lles da-la máxima plenitude de corpo ós dicionarios. Tal tendencia unía os proverbistas-fraseólogos (V. P. Zhúkov) e os proverbistas-folcloristas (M. M. Paziak).

A partir dos anos 70 do século XX (dende o momento en que G. L. Permiakov descobre o mínimo paremiolóxico da lingua rusa), o principio da máxima plenitude das recompilacións de proverbios deixa de ser respectado por tódolos creadores de dicionarios de proverbios: na selección das paremias, os autores empezan a considerar que o principio máis importante é o uso dos proverbios, é dicir, a súa frecuencia nas linguas modernas (compárense os dicionarios de S. Vlághev, M. Iu. Kótova, D. Bittnerová e F. Schindler e outros). A cuestión da elaboración dun mínimo paremiolóxico das linguas eslavas foi formulado, como se indicou, por G. L. Permiakov e, posteriormente, volveuse sobre el en máis dunha ocasión tanto nas obras da autora destas liñas como nas doutros investigadores no estranxeiro.

A publicación das citadas obras paremiográficas abre as posibilidades para a comparación dos mínimos paremiolóxicos das linguas eslavas, e ademais, crea perspectivas de desenvolvemento da paremiografía eslava actual, a base dos mínimos paremiolóxicos eslavos que se están elaborando nas investigacións paremiolóxicas.

2. Universais paremiolóxicos

Na paremioloxía, os proverbios considéranse como unidades do *nivel paremiolóxico* das linguas. A existencia deste nivel quedou convincentemente xustificada nas obras de G. L. Permiakov. O argumento principal que este autor proporcionaba en prol da existencia do dito nivel paremiolóxico era a presenza de sinónimos, antónimos e homónimos entre os proverbios de calquera lingua. Ademais, Permiakov resaltaba o carácter peculiar da semántica de proverbio e sinalaba a heteroxeneidade da paremia, derivada do seu significado. Entre as sentenzas proverbiais, G. L. Permiakov destacaba os proverbios (proverbios propiamente ditos, con significado figurado), os aforismos populares, con significado recto, e as sentenzas indivisibles. Como proverbios propiamente ditos, consideraba non só ditos equivalentes a fraseoloxismos, do tipo de:

<i>белая ворона</i>	<i>choia branca</i>	'persoa que destaca entre outras ó seu redor, que non é coma os máis'
<i>делить шкуру неубитого медведя</i>	reparti-la pel do oso que aínda non se matou	'reparti-los beneficios que aínda non se conseguiron'

senón tamén expresións como

Marina Kótova

в чужом глазу соломинку видит, а в своём бревна не замечает *no ollo alleo ve a palliña, mentres que no seu propio non percibe o tronco* ‘nota as deficiencias e faltas menores dos máis, mentres que non percibe as súas propias, que son moito maiores’

ou ben

нос вытацим – хвост увязнет, хвост вытацим – нос увязнет *sacará o nariz –atranaráselle o rabo, sacará o rabo –atranaráselle o nariz* ‘dise dunha situación que non progresa: mentres avanza nun aspecto, atrasa noutro’

que caracterizan toda unha situación e, daquela, son proverbios. G. L. Permiakov considera como adaxios UF tales como

ни туда ни сюда *nin cara a alí, nin cara a aquí* ‘dise dun feito que non progresa en ningunha dirección’

сменить гнев на милость *troca-la ira pola benevolencia* ‘deixar de estar enfadado e volverse bondadoso’

e tamén expresións como

умел начать, умей и кончить *fuches capaz de comezar, sé capaz tamén de rematar* ‘o que comezou a facer algo é o responsable de rematalo’

чем богаты, тем и рады *co que temos, con iso mesmo nos contentamos* ‘díselles ós visitantes ó respecto dun agasallo non demasiado espléndido’

que posúen os citados trazos do proverbio. Nestes exemplos pódese ver como os termos “proverbio” e “dito” se aproximan no vocabulario dun paremiólogo.

O proverbio, como unidade lingüística, caracterízase por unha serie de trazos obrigatorios (universais paremiolóxicos) que o distinguen doutras unidades, léxicas e fraseolóxicas. En primeiro lugar, cómpre mencionar que o proverbio se compón de unidades léxicas, aínda que ás veces tamén pode incluír fraseoloxismos. Algúns fraseoloxismos xorden mediante a implicación dun proverbio (véxanse as obras de A. A. Potebniá, K. Nícheva e outros). Imos ilustrar esta tese con algúns exemplos seleccionados de dicionarios fraseolóxicos búlgaros, onde o fraseoloxismo vai acompañado por unha referencia ó proverbio do que deriva:

UF	<i>вуйчо владика</i>	<i>tío poderoso</i>	‘persoa próxima e influente, con cuxo apoio se pode contar’
Prov.	<i>Имаи ли вуйчо владика, ще станеш поп</i>	<i>Se tes un tío poderoso, serás pope</i>	‘se utilizas o apoio dos teus parentes, chegarás case tan alto coma eles’
UF	<i>двоен дикши</i>	<i>costura dobre</i>	‘repetición dalgunha acción, execución duplicada dalgún traballo’
Prov	<i>Двоен дикши по-здраво държи</i>	<i>A costura dobre é máis resistente</i>	‘a repetición dunha acción mellora o resultado dun traballo, faino máis sólido’

Compárese co ruso

	<i>Кашу маслом не испортишь</i>	<i>A papa non a estragues coa manteiga</i>	1. 'cantos máis alimentos de calidade empregues, tanto mellor' 2. 'o esmero e os esforzos complementarios melloran ou perfeccionan o resultado dun traballo'
UF	<i>остър камък</i>	<i>pedra aguda</i>	'persoa cortante e intratable, coa que é difícil facer algo en común'
Prov.	<i>Два остри камъка брашно не мелят</i>	<i>Dúas pedras agudas non moen fariña</i>	'dise das persoas que non poden levarse ben'

Compárese co ruso

<i>Нашла коса на камень</i>	<i>Bateu a gadaña coa pedra</i>	'dise das persoas que non poden levarse ben'
-----------------------------	---------------------------------	--

En tódolos exemplos achegados, a UF forma parte dun proverbio e conforma o significado deste. As definicións de cada un dos citados pares de UF e proverbio correlaciónanse entre si como unha parte e un todo. Da semántica do proverbio, pódese extraer ou implícita-la semántica da correspondente UF (as definicións das UF cítanse polo dicionario fraseolóxico da lingua búlgara de K. Cholakova, K. Nicheva e S. Spasova-Mikhailova). As correlacións entre UF e proverbios arriba mencionadas foron presentadas neste dicionario fraseolóxico búlgaro como exemplos de formación de UF substantivas a base de proverbios. Os investigadores sinalan tres métodos básicos de implícitacion dun proverbio cara ó fraseoloxismo: eliminación da última parte do proverbio, redución da primeira parte, realce da parte central.

As correlacións entre UF e proverbios arriba citadas poden ser complementadas por uns cantos pares semellantes que non se recollen no dicionario fraseolóxico búlgaro. Lembrando o punto de vista de A. A. Potebniá sobre a dificultade de determina-la existencia de implícitacion ou de explicitación, absterémonos de cualifica-lo proverbio como inicial ou final respecto da UF, indicando só algunhas das correlacións atopadas:

UF	<i>черни дни</i>	<i>días negros</i>	'período de desgrazas na vida de alguén'
Prov.	<i>Пази бели пари за черни дни</i>	<i>Garda cartos brancos para días negros</i>	'non esgotes tódalas reservas no período de fartura, pois en tal caso non terás nada para os días de escaseza'
UF	<i>тиха вода</i>	<i>auga mansa</i>	'persoa que parece dócil e mansa, pero que, en realidade, pode chegar a facer dano; persoa reservada'
Prov.	<i>Тихата вода бряг рони</i>	<i>A auga mansa destrúe a ourela</i>	'dise dunha persoa reservada e que pasa desapercibida, a cal, no entanto, é capaz de realizar actividades en absoluto segredo, logrando grandes resultados'

Marina Kótova

UF	<i>циганска вулия</i>	<i>saco² de xitano</i>	‘(irónico) algo que contén unha cantidade moi grande de cousas moi diversas e innecesarias’
Prov.	<i>Калугерска торба и циганска вулия никога не се напълнят</i>	<i>O saco do frade e o saco do xitano nunca se dan enchido</i>	‘non hai que consentir tódolos desexos, xa que a súa satisfacción xera novas peticións’

Os proverbios vivos, que están en uso e funcionan na lingua, teñen algúns trazos comúns cos fraseoloxismos: estabilidade relativa (modelabilidade e, ó mesmo tempo, tendencia cara ás transformacións), reproducibilidade e expresividade. Non obstante, o proverbio ten unhas características de seu, que o sitúan noutro nivel de lingua, o paremiolóxico. Tales características son, en primeiro lugar, a súa estrutura sintáctica pechada, con forma de oración sintacticamente rematada, e, en segundo lugar, como consecuencia do carácter predicativo propio de todos eles, a súa natureza semántica única, que se diferencia da léxica e da fraseolóxica. Esta última característica é clave para comprender a natureza do proverbio e o seu status lingüístico especial.

A *estrutura semántica do proverbio*, o mesmo cá do lexema ou a do fraseoloxismo, componse das dimensións denotativa, significativa e connotativa. A dimensión denotativa é o significado recto da sentenza (oración); a dimensión significativa é a definición da situación, comprendida a partir do plano literal do proverbio, é dicir, é o plano alegórico; finalmente, a dimensión connotativa maniféstase nos acompañantes semánticos obrigatorios do plano significativo, é dicir, nas asociacións lingüísticas, culturolóxicas, contextuais, que conforman a semántica do proverbio como unidade lingüística. As obras das últimas décadas dedicadas á estrutura semántica dos fraseoloxismos e dos lexemas (V. N. Telia e outros), e tamén dos fraseoloxismos e proverbios (A. M. Meleróvich e outros), confirman o carácter actual das investigacións sobre a semántica das paremias.

Os proverbios que non están en uso (esquecidos) son xéneros menores do folclore, recollidos en numerosas recompilacións de proverbios do pasado, e son de interese esencialmente como obxectos de folclorística e non de lingüística. Non debe sorprender que o plano connotativo de tales proverbios sexa totalmente individual para cada receptor concreto. Canto ós proverbios vivos, que están en uso e forman parte do fondo activo dos falantes (o mínimo paremiolóxico), posúen un plano connotativo relativamente estable, con carácter nacional e, a miúdo, tamén internacional. O plano connotativo é realmente dominante fronte a outras dimensións da estrutura semántica do proverbio. Tentaremos argumentar esta hipótese.

En primeiro lugar, o proverbio perde o seu status se non forma parte do acervo lingüístico do falante. É característica de todo proverbio vivo a connotación “coñecibilidade común” (termo de G. L. Permiakov), que é un trazo afín á reproducibilidade, pero coas súas propias peculiaridades. Para os proverbios internacionais, esa connotación de “coñecibilidade común” é limítrofe coa de “recoñecibilidade común”, que apoia a expresividade do proverbio, consolida a súa

² Zurrón de pel, cunha correa que se pon ó ombro.

función comunicativa e crea as condicións para a súa actualización nun contexto culturolóxico internacional máis amplo. Compárese:

Bielorruso	<i>Абяцанкі —цяцанкі, а дурню радасць</i>	<i>As promesas son xoguetes, pero son unha ledicia para o parvo</i>	‘é unha estupidez confiar moito nas promesas’
Polaco	<i>Obiecanki casanki, a głupietu radość</i>	<i>As promesas son xoguetes, pero son unha ledicia para o estúpido</i>	‘é unha estupidez confiar moito nas promesas’
Serbio	<i>Обећање —лудом радовање</i>	<i>A promesa é unha ledicia para os tolos</i>	‘é unha estupidez confiar moito nas promesas’
Eslovaco	<i>Sl’uby sa sl’ubujú, blázni sa radujú</i>	<i>Fanse as promesas, alédanse os tolos</i>	‘é unha estupidez confiar moito nas promesas’
Ucráino	<i>Обіцянка —цяцянка, а дурневі радість</i>	<i>As promesas son xoguetes, pero son unha ledicia para o parvo</i>	‘é unha estupidez confiar moito nas promesas’
Checo	<i>Sliby se slibují, blázni se radují.</i>	<i>Fanse as promesas, alédanse os tolos</i>	‘é unha estupidez confiar moito nas promesas’

En segundo lugar, o aspecto connotativo, que acompaña ó significativo, adoita manifestarse a través dun espectro moi rico de asociacións que xorden na conciencia do locutor/oínte cando o proverbio denomina unha situación determinada. Desta maneira, a natureza do significativo inflúe tamén na natureza do connotativo.

Unha das connotacións máis importantes, dentro dese espectro de asociacións, é a *connotación didáctica*, moralizadora, sermoneira, que é propia exclusivamente do proverbio. A lección, directa ou velada, está no fundamento de absolutamente tódolos proverbios. A lección supón unha reacción por parte do receptor, e, mentres non vaia acompañada dunha aclaración contextual, o receptor é libre na súa interpretación, de xeito que pode percibila como unha sentenza benévola ou ben como unha mofa burlona. Así ocorre, por exemplo, con

<i>Гречневая каша сама себя хвалит</i>	<i>A papa de trigo mouro gábase a si mesma</i>	‘dise dunha persoa que se gaba a si mesma’
--	--	--

Isto sucede habitualmente cando non hai un contexto máis amplo que preceda ó proverbio, sobre todo nun diálogo. Ós dous significados do proverbio ruso correspóndenlles, nalgunhas linguas eslavas, dous proverbios diferentes, un dos cales reflicte as connotacións positivas

Eslovaco	<i>Dobrá práca sama sa chváli</i>	<i>O bo traballo gábase de seu</i>	‘dise con aprobación e en calidade de eloxio cando un traballo ou obra son tan bos que non precisan de recomendacións nin de valoracións alleas’
Checo	<i>Dobré zboží se chválí samo</i>	<i>A boa mercadoría gábase de seu</i>	‘dise con aprobación e en calidade de eloxio cando un traballo ou obra son tan bos que non precisan de recomendacións nin de valoracións alleas’

Marina Kótova

e outro as negativas

Eslovaco	<i>Samochvála smrdí</i>	<i>Unha gabanza feita a un mesmo apesta</i>	‘dise con reprobación dunha persoa que se gaba a si mesma’
Checo	<i>Samochvála smrdí</i>	<i>Unha gabanza feita a un mesmo apesta</i>	‘dise con reprobación dunha persoa que se gaba a si mesma’

Na lingua bielorrusa, ós dous significados do proverbio ruso correspóndenlle-los pouco usados

<i>Аржаная каша сама сябе хваліць</i>	<i>A papa de centeo gábase a si mesma</i>	‘dise con aprobación e en calidade de eloxio cando un traballo ou obra son tan bos que non precisan de recomendacións nin de valoracións alleas’
<i>Хвалілася рэдзька, што з мёдам смачная</i>	<i>O ravo gabábase de que, con mel, estaba riquísimo</i>	‘dise con reprobación dunha persoa á que lle gusta gabarse das súas virtudes imaxinarias’

A connotación didáctica apóiase no carácter *aforístico* que é propio non só dos proverbios, senón tamén das palabras aladas e das citas que se usan na lingua con frecuencia. É imperceptible o momento no que as palabras aladas e as citas entran na lingua. As palabras

<i>Что посеешь, то и пожнешь</i>	<i>O que sementes será o que recollas</i>	‘os resultados das túas accións serán consecuencia destas mesmas’
----------------------------------	---	---

atribúense a Plauto (*Mercator* 71,72):

Tibi seris tibi metes

Noutroira, esta sentenza era un aforismo, logo palabras aladas e agora percíbese polos falantes como un proverbio. Compárese:

Bielorruso	<i>Што пасееш, тое і пажнеш</i>	‘O que sementes será o que recollas’
Búlgaro	<i>Каквото сее, това и жъне</i>	‘O que alguén sementa é o que recolle’
Eslovaco	<i>Čo si zaseješ, to budeš žat’</i>	‘O que sementes será o que recollas’
Serbio	<i>Што посіјеш, то ћеш и пожњети</i>	‘O que sementes será o que recollas’
Ucraíno	<i>Що посієш, те й пожнеш</i>	‘O que sementes será o que recollas’

O proverbio

<i>Кто не работает, тот не ест</i>	<i>O que non traballa non come</i>	‘se alguén non achega nada nunha obra, nun traballo, non pode contar con beneficiarse dos resultados’
------------------------------------	------------------------------------	---

é unha transformación da cita do Novo Testamento “se alguén non quere traballar, que tampouco coma” (2Tes 3,10), pero esa relación non é percibida polos falantes das linguas modernas nas que ese proverbio se usa activamente. Compárese³:

Bielorruso	<i>Хто не працуе, той не есць</i>	‘O que non traballa non come’
Búlgaro	<i>Който не работи, не трябва да яде</i>	‘O que non traballa non debe comer’
Checo	<i>Kdo nepracuje, at’ nejí</i>	‘O que non traballa, que non coma’

³ Ferro Ruibal (2004: 62-64) analizou as 24 variantes que esta paremia presenta en galego.

Eslovaco	<i>Kto nepracuje, nech neje</i>	‘O que non traballa, que non coma’
Polaco	<i>Kto nie pracuje, ten nie je</i>	‘O que non traballa non come’
Ucráino	<i>Хто не працює, той не їсть</i>	‘O que non traballa non come’

O carácter aforístico, como unha connotación permanente, é un universal paremiolóxico propio de proverbios, máximas, palabras aladas, citas, que son un microtexto, un sistema artístico pechado e rematado, que forma un íntegro predicativo.

En resumo, os universais paremiolóxicos máis destacados do proverbio, como unidade do nivel paremiolóxico da lingua, son as connotacións da súa semántica: “coñecibilidade común”, o seu carácter didáctico e aforístico e a súa identidade funcional coas palabras aladas e as citas.

3. Norma paremiolóxica

A cuestión da *norma paremiolóxica* é unha das menos estudadas na paremioloxía. A pesar da cantidade considerable de obras dedicadas á norma lingüística, tanto en estudos rusos como estranxeiros, aínda non están creados os fundamentos teóricos para o establecemento da norma no nivel paremiolóxico da lingua.

Foi nas investigacións dos representantes do Círculo Lingüístico de Praga onde se creou o fundamento teórico da normatividade da lingua. Baixo o concepto *norma lingüística*, tales autores integraban os recursos lingüísticos utilizados con regularidade polo colectivo dos falantes dunha lingua determinada, incluíndo tanto os elementos tradicionais como os novos (B. Havránek, V. Mathesius, A. Jedlička, V. Barnet e outros). Na lingüística rusa existen cando menos dous modos de entende-la norma: a norma é o uso comunmente admitido e a norma é unha regra de uso (D. N. Ushakov, L. V. Scherba, S. P. Obnorskii, V. V. Vinogradov, L. P. Iakubinskii, G. O. Vinokur, B. A. Larin, F. P. Filin, L. I. Skvortsov, Iu. S. Stepánov, V. A. Itskóvich, A. A. Leontiev, V. G. Kostomárov, E. M. Verescháguin, K. S. Gorbachévich e outros).

Nas obras rusas e estranxeiras de paremioloxía e paremiografía, a cuestión da norma paremiolóxica está presente máis ben só de xeito implícito (A. Taylor, M. Kuusi, G. L. Permiakov, Z. K. Tarlánov, J. Krzyżanowski, S. Swirkó, J. Mláček, Z. Profantová, D. Bittnerová e F. Shindler, W. Mieder e outros). De por parte, existen unhas cantas obras dedicadas á norma da fraseoloxía dende o punto de vista da tradición fraseográfica (B. S. Shwarzkopf, A. I. Molotkov, A. Ia. Lepeshev, E. Gh. Zhuraev). No entanto, aínda non se pode considerar rematado o proceso de consolidación do concepto teórico de norma fraseolóxica.

A formulación do problema da norma na paremioloxía, no enfoque da tradición paremiográfica, tamén se presenta como especialmente actual, dado o inesgotable interese polos proverbios, as palabras aladas, os aforismos e maila súa descrición lexicográfica.

En relación ós criterios de determinación da normatividade nas unidades lingüísticas, os investigadores sinalan como tales o uso frecuente, a modelabilidade, a difusión, a forma separada e a reproducibilidade das unidades léxicas (fraseolóxicas). Cada un deses criterios é esencial tamén para a determinación da normatividade dunha paremia.

4. Mínimo paremiolóxico

A cuestión dos universais paremiolóxicos e da norma paremiolóxica está directamente vinculada coa teoría do “mínimo paremiolóxico” das linguas que, como xa indicamos, foi elaborada nos anos 70 do século XX polo catedrático moscovita G. L. Permiakov, especialista en linguas orientais. Foi el quen coas súas obras teóricas sobre paremioloxía introduciu na teoría paremiolóxica a noción e a denominación de mínimo paremiolóxico. Aínda en vida deste autor, a teoría obtivo unha realización práctica coa publicación do mínimo paremiolóxico ruso (é dicir, unha lista de paremias rusas). Nesa lista G. L. Permiakov incluíu os cincocentos proverbios e aforismos máis amplamente usados da lingua rusa: a selección destas paremias foi o resultado dun experimento sociolingüístico que se compuña de varias etapas e que durou un período considerable de tempo. Para a realización deste experimento, G. L. Permiakov creou un laboratorio científico que tiña como tarefa a preparación de enquisas paremiolóxicas, a realización de tests de informantes, o traballo coas enquisas xa feitas, etc.

Nas súas obras, G. L. Permiakov expresou a idea de que os mínimos paremiolóxicos das distintas linguas teñen, en xeral, carácter internacional. Testemuño a favor desta hipótese é a tese do carácter internacional do folclore, presentada polo folclorista soviético V. Ia. Propp nos anos 30 do século XX e xustificada por el mesmo con brillantez a través de exemplos de contos máxicos de diferentes pobos de todo o mundo.

Agora ben, G. L. Permiakov tamén sostiña a idea de que cada mínimo paremiolóxico, visto por separado, ten carácter peculiar. Este feito faríase visible ó superpoñer varios mínimos paremiolóxicos. No entanto, ata fins dos anos 90 do século XX, tal superposición resultaba imposible debido á ausencia de mínimos paremiolóxicos doutras linguas diferentes do ruso.

As cincocentas paremias rusas incluídas no mínimo paremiolóxico de G. L. Permiakov serviron de base máis tarde para a creación de dicionarios de proverbios de uso común, que, polo tanto, eran normativos para a lingua rusa: por exemplo, para o dicionario bilingüe de proverbios ruso-búlgaro de S. Vlaghov ou para o dicionario de proverbios ruso-eslavo coas equivalencias inglesas de M. Iu. Kótova (2000).

D. Bittnerová e F. Shindler, baseándose na teoría do mínimo paremiolóxico de G. L. Permiakov e partindo en boa medida da noción de norma lingüística do Círculo Lingüístico de Praga, realizaron un experimento sociolingüístico con material da lingua checa. Como resultado do dito experimento publicaron a lista de proverbios do mínimo paremiolóxico desta lingua. No que respecta a outras linguas eslavas, e nos correspondentes países, aínda está por facer un traballo de similar escala⁴.

Deste xeito, o desenvolvemento da paremiografía como ciencia segue estando influído pola teoría do mínimo paremiolóxico das linguas, teoría que, en realidade, conforma o concepto de norma lingüística na paremioloxía. Os proverbios e aforismos que son de uso común, que son coñecidos por todos e que son reproducibles revélanse mediante a realización de enquisas ofrecidas a informantes durante un experimento sociolingüístico

⁴ En galego xa se iniciou tamén a detección do mínimo paremiolóxico (Vidal 2003: 70-116).

de varias etapas, co fin de determina-lo mínimo paremiolóxico. Estes proverbios e aforismos forman o corpo paremiolóxico normativo da lingua e chegan a se-lo obxecto principal de descrición paremiográfica en tódolos tipos de dicionarios de proverbios. Sirva como exemplo de tal interpretación do mínimo paremiolóxico o noso dicionario de proverbios ruso-eslavo, no que a busca e selección de equivalencias estranxeiras para as paremias rusas se realizou partindo da normatividade de uso dos proverbios nas linguas correspondentes: véxase o prólogo do meu dicionario (2000).

En publicando este dicionario, a seguinte etapa do experimento sociolingüístico, a etapa de corrección, levou a corrixi-la normatividade dos proverbios estranxeiros seleccionados (bielorrusos, búlgaros, polacos, serbios, eslovacos e checos). Desta maneira, comprobouse unha vez máis a obxectividade dos datos utilizados para a preparación do dicionario. Este feito é especialmente importante para confirma-la selección de proverbios eslavos normativos equivalentes ós proverbios rusos do mínimo paremiolóxico de G. L. Permiakov. Na nosa opinión, tales proverbios eslavos normativos, paralelos ós proverbios normativos rusos, incluíranse na súa integridade nos mínimos paremiolóxicos das linguas eslavas (aínda por determinar).

5. Conclusións

- 1) A fraseografía práctica chegou a ter por obxecto tanto fraseoloxismos como proverbios, e os seus éxitos contribuíron a que a paremiografía teórica e a paremioloxía fosen consideradas como nova ciencia *lingüística* (e non da teoría da literatura);
- 2) cómpre considerar como universais paremiolóxicos unha serie de características inmutables dos proverbios, entre as cales se atopan: a forma sintáctica pechada, de oración terminada, o feito de denominaren unha situación e o dominio do aspecto connotativo na estrutura semántica da paremia, é dicir, o seu carácter didáctico, aforístico e a súa “coñecibilidade común”; desta maneira, “a estrutura semántica do fraseoloxismo e do proverbio correlaciónanse como unha parte e un todo e teñen natureza distinta”;
- 3) a normatividade paremiolóxica supón que as paremias sexan coñecidas pola maioría dos membros do colectivo de falantes dunha lingua dada, que usan os proverbios na forma dunha variante moderna ou dunhas cantas variantes coñecidas por todos eles;
- 4) a noción de mínimo paremiolóxico foi introducida por primeira vez no ámbito científico por G. L. Permiakov, nos anos 70 do século XX, e sentou as bases para o desenvolvemento da teoría do mínimo paremiolóxico. Esta teoría é chave para a codificación dos proverbios normativos, é dicir, daquelas paremias que os investigadores, con base nun experimento sociolingüístico, poidan destacar de entre toda a multitude de proverbios existentes na lingua, fixados en diferentes fontes escritas. Deste xeito, poderán incluílos no mínimo paremiolóxico da lingua, é dicir, na lista de proverbios coñecidos polos falantes da lingua en cuestión nun determinado período histórico.

6. Bibliografia

- BALLY, Ch. (1961): *Frantsúzskaia stilística*. Izdátelstvo inostrannoi literaturi, Moskova [Балли, Ш. Французская стилистика. Издательство иностранной литературы, Москва].
- BITTNEROVÁ, D. e SCHINDLER, F. (1997): *Česká přísloví. Soudobý stav konce 20. století*. Karolinum, Praha.
- ČELAKOVSKÝ, F. L. (1949): *Mudrosloví národu slovanského ve příslovích*. Praha, Vyšehrad, Praha.
- DAL, V. I. (1996): *Poslóvitsi rússkogo naroda*. V 2 t. Khudózhestvennaia literatura, San Peterburgo [Даль, В. И. Пословицы русского народа: В 2 т. Художественная литература, Санкт-Петербург].
- FERRO RUIBAL, X. (2004): “Explicitación e implicación fraseolóxica. Notas galegas” en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 6,2004,57-80.
- KARADŽIČIĆ, V. S. (1836): *Srpske narodne poslóvitse*. U Narodnoi Shtamparii, Tsetinie [Караџић В. С. Српске народне пословице. У Народној Штампарии, Цетиње].
- KÓTOVA, M. Iu. (2000): *Russko-slavianskii slovar poslovits (s angliiskimi sootvétstviami)*. Izdátelstvo Sankt-Peterbúrgskogo universiteta, San Peterburgo [Котова, М. Ю. Русско-славянский словарь пословиц (с английскими соответствиями). Издательство Санкт-Петербургского университета, Санкт-Петербург].
- (2003): *Ócherki po slavianskoi paremiologii*. Filologuicheskii facultet SpbGU, San Peterburgo [Котова, М. Ю. Очерки по славянской паремииологии. Филологический факультет СПбГУ, Санкт-Петербург].
- KRZYŻANOWSKI, J. (1980): *Szkice folklorystyczne*. T. I–III. Wydawnictwo literackie, Kraków.
- LEPESHAU, I. Ia. e IAKALTSEVICH, M. A. (2002): *Slóunik belaruskigh prikazak*. Belarus. entsikl., Minsk [Лепешау, І. Я., Якалцэвіч, М. А. Слоўнік беларускіх прыказак. Беларус. Энцыкл, Минск].
- MELERÓVICH, A. M. (1979): *Problema semanticheskogo análya frazeologuicheskigh edinits rússkogo iaziká*. Iaroslávskii gosudárstvennii pedagoguicheskii institut, Iaroslavl [Мелерович, А. М. Проблема семантического анализа фразеологических единиц русского языка: Учеб. пособие. Ярославский государственный педагогический институт, Ярославль].
- MIKIĆ, P. e ŠKARA, D. (1992): *Kontrastivni rječnik poslovica*. Zagreb.
- NÍCHEVA, K. (1987): *Blgarska frazeologuia*. Naúka i izkustvom, Sofia [Ничева К. Българска фразеология. София, Наука и изкуство].
- NÍCHEVA, K., SPASO-MIGHÁILOVA, S. e CHOLAKOVA, K. (1974, 1975): *Frazeologuichen rechnik na blgarskia ezik*. T. 1-2. Izdátelstvo na blgarskata Academia na náukite, Sofia [Ничева, К., Спасова-Михайлова, С., Чолакова, Кр. Фразеологичен речник на българския език. Т. 1–2. Издателство на Българската Академия на науките, София].
- NOWA KSIĘGA (1969, 1970, 1972, 1978): *Nowa księga przysłów i wyrażen przysłowiowych polskich / W oparciu o dzieło Samuela Adalberga opracował*

- zespól pod kierunkiem Juliana Krzyżanowskiego. T. 1–4. Państw. inst. Wydawniczy, Warszawa.
- PAZIAK, M. (1976): *Ukrainski prislivia ta priskazki*. Sost., predisl. M. Paziak, Kiev [Українські прислів'я та приказки / Сост., предисл. М. Пазяк, Київ].
- PERMIAKOV, G. L. (1988): *Osnovi strukturalnoi paremiologii*. Moskova, Naúkam Moskova [Пермяков, Г. Л. Основы структурной паремииологии. Москва, Наука, Moscoka].
- POTEBNIÁ, A. A. (1990): “Iz leksii po teorii slovésnosti. Basnia. Poslívitsa. Pogovorka.” en POTEBNIÁ, A. A.: *Teoreticheskaia poética*. Sost. , vstup. st., komment. A. B. Murátova. Visshaia shkola, Moskova [Потебня, А. А. Из лекций по теории словесности. Басня. Пословица. Поговорка // Потебня А. А. Теоретическая поэтика / Сост., вступ. ст., коммент. А. Б. Муратова. Высшая школа, Москва].
- PROPP, V. Ia. (1986): *Istoricheskie korni volshebnoi skazki*. Izdatelstvo Leningrádskogo universiteta, Leningrado [Пропп, В. Я. Исторические корни волшебной сказки. Издательство Ленинградского университета, Ленинград].
- SLAVEIKOV, P. R. (1972): *Blgarski pritchi ili poslívitsi i gharacterni dumi*. Blgarskii písátel, Sofia [Славейков, П. Р. Български притчи или пословици и характерни думи. Български писател, София].
- SNEGUIRIOV, I. M. (1996): *Slovar rússkigh poslívits i pogovórok: Rússkie v svoigh poslívitsagh*. Nizhnii Nóvgorod, “Russkii kupets”, “Bratia slaviane”. [Снегирев, И. М. Словарь русских пословиц и поговорок: Русские в своих пословицах. Нижний Новгород, «Русский купец», «Братья славяне»]. 1ª edición en 1832. [1-е издание – 1832].
- SWIERCZYŃSKA, D. (2001): *Przysłowia są . . . na wszystko*. Warszawa, Wydawnictwo Naukowe PWN.
- TELIA, V. N. (1996): *Ruskaia frazeológuia*. Shk, Moskova. “Iazikí russkoi kulturi”. [Телия, В. Н. Русская фразеология. Шк, Москва. «Языки русской культуры»].
- VERESCHAGUIN, E. M. e KOSTOMAROV, V. G. (1983): *Iazik i cultura*. Russkii iazik, Moskova [Верещагин, Е. М., Костомаров, В. Г. Язык и культура. Русский язык, Москва].
- VIDAL CASTIÑEIRA, Ana (2003): “Aproximación ó ‘mínimo paremiolóxico galego’”. Unha proposta didáctica” en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 4,2003,70-116.
- VLAGHOV, S. (1980): *Ruski poslovitsi s blgarski prevodi i s'otvetki*. Naúka i izkustvo, Sofia [Влахов, С. Руски пословици с български преводи и съответки. Наука и изкуство, София].
- (1998): *S'postavítelen rechnik na poslovitsi blgarski, ruski, angliiski, frenski, nemski (i latinski)*. Izdatelstvo Eto, Sofía [Влахов, С. Съпоставителен речник на пословици български, руски, английски, френски, немски (и латински). Издателство Ето, София].
- ZÁTURECKÝ, A. P. (1975): *Slovenské príslovie, porekadlá a úslovie*. Tatran, Bratislava.

Marina Kótova

- ZHÚKOV, V. P. (1986): *Russkaia frazeológuia: uchébnoe posobie*. Vísshaia shkola, Moskova [Жуков, В. П. Русская фразеология: Учеб. пособие. Высшая школа, Москва].
- (2000): *Slovar rússkigh poslóvits i pogovórok*. 7 izd., ster. Russkii iazik, Moskova [Жуков В. П. Словарь русских пословиц и поговорок. 7-е изд., стер. Русский язык, Москва].

As locucións verbais nos dicionarios

Pedro Mogorrón Huerta¹

Universitat d'Alacant

O propósito deste artigo é analiza-lo tratamento que os dicionarios monolingües en español e bilingües español-francés / francés-español dan a un tipo concreto de unidades fraseolóxicas: as locucións verbais. Para conseguir posteriormente, a partir dunha análise sistemática destas unidades, un tratamento máis uniforme que lles permita ós usuarios, nativos e estranxeiros, dispor de toda a información necesaria para a súa correcta comprensión e utilización lingüística.

Palabras clave: fraseoloxía, lexicografía, locucións verbais.

The aim of this article is to assess the information offered by Spanish monolingual dictionaries and bilingual Spanish-French / French-Spanish dictionaries for a particular type of phraseological units: verbal idioms. That assessment, together with a systematic analysis of those units, will help us to offer a more regular and appropriate information and presentation which will allow both native and foreign speakers to have access to all the information necessary to understand and use them.

Key words: phraseology, lexicography, verbal idioms.

1. Introducción

A información e o funcionamento das linguas veñen determinados non só polas regras de libre composición que determinan qué elementos léxicos poden combinarse entre si, senón tamén polo gran número de fenómenos lingüísticos empregados frecuentemente en tódolos actos de comunicación e caracterizados pola fixación². Así, desde que o home emprega a linguaxe como un complexo sistema lingüístico de comunicación, emprega non soamente frases e combinacións libres do sistema lingüístico, senón que tamén elabora outras combinacións de elementos con significado unitario que repite e conserva na súa memoria. Con este proceso de repetición, os usuarios da lingua, é dicir, os

¹ Tradución de Ana García Lozano.

² Segundo Dubois (1994: 202): "Le figement est le processus par lequel un groupe de mots dont les éléments sont libres devient une expression dont les éléments sont indissociables. Le figement se caractérise par la perte du sens propre des éléments constituant le groupe de mots, qui apparaît alors comme une nouvelle unité lexicale autonome et à sens complet indépendant de ses composantes".

falantes e os receptores, visualízanos como un todo, o que lles permite identificalas como unidades estables e perdurables no uso lingüístico e no tempo. A frecuente repetición destas combinacións idénticas ou case idénticas será, daquela, o elemento catalizador que iniciará e propiciará a fixación destas estruturas prefabricadas denominadas unidades fraseolóxicas, que posteriormente reaparecerán de forma espontánea nas mesmas situacións contextuais de comunicación.

Existen en tódolos idiomas numerosas combinacións léxicas para expresar unha idea, un concepto. Así, para dicir que unha determinada persoa que se chama Xoán fala moito poderemos dicir:

- a) Xoán fala moito
- b) Xoán é moi paroleiro
- c) Xoán é un laretas
- d) Xoán ten moita labia
- e) Xoán fala coma un papagaio
- f) Xoán fala polos cóbados
- g) Xoán fala máis ca sete, etc.

Estas unidades fraseolóxicas, que poderemos en diante abreviar mediante a forma UF, representan o desexo do locutor de utilizar no acto de comunicación unha determinada fórmula referendada pola maior parte da comunidade lingüística, sumándolle deses forma un matiz cultural, social, xeracional, etc., en vez de empregar un termo neutro ou unha perífrase verbal. Deste xeito, a opción de utilizar as unidades fraseolóxicas en xeral (d, e, f, g) implica que o locutor as utiliza cunha intención, cun obxectivo discursivo moi claro:

- Por unha banda, para reforza-la expresividade do contido conceptual que queren transmitir e que esta non pase desapercibida. De certo, as imaxes empregadas nos exemplos d), e), f) e g) reforzan a expresividade da conversa grazas a fórmulas visuais que apoian os seus contidos conceptuais.
- Por outra banda, porque presupoñen, evidentemente, que os interlocutores posúen un fondo cultural e lingüístico común e que o seu uso crea un clima de entendemento. Neste fondo común, as unidades fraseolóxicas fóronse adquirindo e almacenando dentro da memoria individual das persoas. Será, pois, necesario que o interlocutor e o locutor posúan simultaneamente ese pouso común que reactivan e individualizan en cada acto de comunicación. No caso contrario, o usuario da lingua atopará grupos de palabras que non poderá comprender e deberá recorrer á axuda dos dicionarios para intentar descifrar esa posible UF.

Do que antecede resulta evidente que unha lingua non se aprende unicamente mediante o estudo das súas regras gramaticais e do seu léxico, xa que tamén se deberán aprender e coñecer todas estas UF xa creadas e sancionadas polo uso. O coñecemento dunha lingua mídese igualmente:

[...] por el dominio y la soltura con los que un hablante utiliza las unidades fraseológicas propias y características de esa lengua. En los usuarios nativos estas expresiones representan un saber lingüístico cultural y social común

depositado en su memoria por la vía de la experiencia. En los usuarios no nativos que aprenden un segundo idioma, las unidades fraseológicas suponen en general un reto, pues representan la mayor dificultad con la que se van a encontrar, debido a la complejidad y a la gran cantidad de información lingüística, social y cultural que han de aprender a utilizar y a diferenciar de las características propias de su idioma materno (Mogorrón 2002: 15).

Polo tanto, nun dicionario xeral, sexa monolingüe ou bilingüe, deberíase poder atopar calquera vocábulo, calquera unidade léxica, simple ou complexa, de significado composicional ou fixado que se buscara nel, ou polo menos a maior cantidade de formas referendadas polo uso da lingua activa. O noso propósito neste artigo é analiza-lo tratamento que reciben estas UF por parte dos dicionarios monolingües da lingua española, así como por algúns dicionarios bilingües francés-español / español-francés.

Para iso, e debido ás limitacións físicas deste artigo, á gran variedade de estruturas prefabricadas (Casares 1950; Zuluaga 1980; Corpas 1997, 2000, 2003; Ruiz Gurillo 1997, 1998; García-Page, 1998, 2004; Santamaría, 2003, etc.), así como á enorme cantidade de UF presentes en cada lingua, para poder seguir un método de análise máis rigoroso limitarémolo noso estudo unicamente ás locucións verbais³ (Corpas 1997, Ruiz Gurillo 1997, Mogorrón 2002, García-Page 2004), é dicir, ás combinacións unitarias verbo+complemento nas que esta unión non será composicional e que poden ter presenza de idiomaticidade no seu significado.

2. Presenza das UF / LV nos dicionarios

A primeira reacción cando un usuario da lingua atopa unha UF / LV que non é da súa competencia lingüística é consultar un dicionario co fin de ser capaz de interpretala adecuadamente. Pero qué tratamento reciben estas UF nos dicionarios? É fácil atopalas, realizar consultas, coñece-lo seu significado e a súa forma canónica ou as súas posibles variantes? E que pasa coas súas posibles traducións?

Para afondar nestes aspectos, empregaremos varios exemplos de LV sacadas do capitán Alariste de A. Pérez Reverte (1996).

- [...] *mientras mi progenitor criaba malas en tierras de herejes y el capitán se ganaba la vida como espadachín a sueldo, [...]* (26)
- *Era obvio que igual le daban dos que veinte; heridos, muertos o en escabeche.* (45)
- [...] *pero ese oro y esa plata se perdían en manos de la aristocracia, el funcionariado y el clero, perezosos, maleados e improductivos, y se derrochaban en vanas empresas como mantener la costosa guerra reanudada en Flandes, donde poner una pica, o sea, un nuevo piquero o soldado, costaba un ojo de la cara.* (65)
- *De todos modos a pesar del interés que sentía por averiguar qué carajo era todo aquello, el capitán empezó a pensar si no sería mejor poner tierra de por medio.* (91)

³ Que poderemos tamén abreviar como LV en diante.

Pedro Mogorrón Huerta

- *Eso de que una infanta de Castilla matrimonia con un príncipe anglicano les huele a azufre... el valido no tiene intención de dar su visto bueno a la boda, [...] (113)*
- *Después de todo, ni lo cortés ni lo valiente suponen dar tres cuartos al pregonero. (133)*
- *Mientras nosotros dormíamos con un ojo abierto y recelábamos hasta de nuestras sombras, Madrid ardía en fiestas con la venida del príncipe de Gales. (168).*

Se buscámo-las LV señaladas nas citas anteriores en diccionarios monolingües (DUE, *Diccionario de uso del español*; DRAE, *Diccionario de la Real Academia Española*; DFDEA, *Diccionario fraseológico documentado del español actual*), os resultados son os seguintes:

LV	DUE	DRAE	DFDEA
criar malvas	estar criando malvas	criar malvas	criar malvas
dar igual dos que veinte	----- LV atopada: dar igual ocho que ochenta	----- LV atopada: dar igual ocho que ochenta	----- LV atopada: dar igual ocho que ochenta
costar un ojo de la cara	costar algo un ojo de la cara	costar algo los ojos / un ojo de la cara	costar un ojo de la cara
poner tierra de por medio	----- LV atopada: poner tierra por medio	----- LV atopada: poner tierra por medio	poner tierra por medio / de por medio
oler a azufre	non aparece	non aparece	oler a azufre
dar tres cuartos al pregonero	dar un cuarto / tres cuartos al pregonero	----- LV atopada: dar un cuarto al pregonero	dar tres cuartos (ou un cuarto, raro) al pregonero
dormir con un ojo abierto	----- LV atopada: dormir con los ojos abiertos	----- LV atopada: dormir alguien con los ojos abiertos	dormir con [los ojos abiertos / con un ojo abierto / con un ojo cerrado y otro abierto]
arder en fiestas	arder en fiestas	non aparece	non aparece

Se buscámo-las mesmas LV en diccionarios bilingües, os resultados son os seguintes:

LV	LARBI	GDEBI
criar malvas	criar malvas manger les pissenlits par la racine	estar criando malvas. manger les pissenlits par la racine
dar igual dos que veinte	non aparece	non aparece
costar un ojo de la cara	costar o valer un ojo de la cara coûter les yeux de la tête	non aparece
poner tierra de por medio	poner tierra (de) por medio prendre le large	poner tierra de por medio prendre le large
oler a azufre	non aparece	non aparece
dar tres cuartos al pregonero	----- LV atopada: dar un cuarto al pregonero crier qq chose sur les toits	non aparece
dormir con un ojo abierto	dormir con un ojo / con los ojos abiertos ne dormir que d'un oeil	dormir con un ojo abierto ne dormir que d'un oeil

LV	LARBI	GDEBI
<i>arder en fiestas</i>	non aparece	non aparece

Se examinamos, por unha banda, as LV que aparecen nos exemplos contextualizados utilizados e, pola outra, os resultados da busca destas expresións nos dicionarios analizados, observamos que:

- As primeiras non sempre aparecen nos dicionarios. Ex.:
 - o A LV *dar igual dos que veinte* non aparece en ningún dos dicionarios.
 - o *Arder en fiestas* aparece no DUE pero non aparece no DRAE, no DFDEA, nin no LARBI ou no GDEBI;
 - o Finalmente, *oler a azufre* aparece no DFDEA, mais non aparece nin no DUE, nin no DRAE, nin no LARBI nin no GDEBI.
- Adoito, cando aparecen nos dicionarios, presentan variacións, alternancias na súa forma:
 - o A expresión *costar un ojo de la cara* aparece no DUE como *costar algo un ojo de la cara*, no DRAE como *costar algo [los ojos / un ojo] de la cara*, como *costar un ojo de la cara* no DFDEA e baixo a forma *costar o valer un ojo de la cara* no LARBI.
 - o A expresión *poner tierra de por medio* aparece no DUE baixo a forma *poner tierra por medio*, no DRAE como *poner tierra [en / por] medio*, no DFDEA como *poner tierra (de) por medio*, baixo a forma *poner tierra (de) por medio* no LARBI e *poner tierra de por medio* no GDEBI.
 - o Finalmente, a expresión *dar tres cuartos al pregonero* aparece baixo a forma *dar [un cuarto / tres cuartos] al pregonero* no DUE, *dar un cuarto al pregonero* no DRAE, *dar [tres cuartos / un cuarto] al pregonero* no DFDEA e *dar un cuarto al pregonero* no LARBI.

Pensamos que nos dicionarios deberían figurar polo menos tódalas LV / UF que forman parte do sistema lingüístico vixente, é dicir, como mínimo todas aquelas unidades pluriverbais con significado unitario que responden ás súas características, que son moi usuais e coñecidas por boa parte dos usuarios dunha lingua. Pero que sucede na práctica?

Como mostra e para verifica-la presenza das LV / UF nos dicionarios (monolingües e bilingües) imos empregar a continuación os datos dun proxecto de investigación relativo ás LV que pertencen ó campo semántico dos actos de palabra que xa temos elaborado e que reúne unhas 1.100 entradas. Para a elaboración do campo semántico das LV dos actos de palabra utilizamos:

- Por unha banda, numerosos dicionarios: DUE, *Diccionario de uso del español*; DRAE, *Diccionario de la Real Academia Española*; DT, *Diccionario temático de locuciones francesas con su correspondencia española*; EnLar, *Enciclopedia Larousse*; LARBI, *Dictionnaire Larousse bilingüe*; GDE, *Gran diccionario Espasa español-francés / français-espagnol*; DFDEA, *Diccionario fraseológico documentado del español actual*; GDFH, *Gran diccionario de frases hechas*; DPP, *Dichos y proverbios populares*.

- Pola outra, tamén recorreremos á selección de LV a partir da nosa competencia lingüística, da lectura da prensa, de artigos fraseolóxicos, así como da lingua oral. Será o caso de todas aquelas LV que non aparezan nas obras mencionadas pero que sexan coñecidas polos usuarios da lingua activa.

Comprobaremos neste artigo a presenza das LV dos actos de palabra que conteñan un verbo que comece polas letras A, B, e C no DUE, no DRAE, no LARBI e no GDEBI, é dicir, as 178 entradas que seguen a continuación e que empregaremos a posteriori para fundamentalo no noso artigo, comprobando e detallando a partir delas o tratamento que reciben as LV nos dicionarios monolingües e bilingües.

A presenza/ausencia das formas atopadas entre os exemplos contextualizados nos dicionarios utilizados, así como as variacións na súa forma, é dicir, variacións paradigmáticas dalgún dos elementos, introdúcenos de cheo na problemática do tratamento dado polos dicionarios ás UF e sérvennos de punto de partida para realizar unha análise rigorosa do tratamento dado a estas formas polos dicionarios en xeral. Desde a aparición dos dicionarios, os autores destas obras son conscientes da importancia destas unidades léxicas e foron rexistrando neles unha gran cantidade de UF. Así e todo, aínda que o conxunto de unidades fraseolóxicas ou fixacións seleccionado e presente tanto nos dicionarios monolingües como bilingües constitúe unha parte importante do sistema léxico, esa presenza plasmouse xeralmente na incorporación de certo número de unidades, con frecuencia reducido, seguindo un proceso de selección e descrición alfabético que poderíamos cualificar de arbitrario e aleatorio, froito da propia intuición e competencia lingüística dos lexicógrafos encargados da elaboración da obra, sen ningún criterio de clasificación exhaustivo. Por outra banda, tamén é de sobra sabido que numerosas razóns teóricas e técnicas limitaron esa posibilidade, entre as que cabería destaca-los motivos de adecuación, de espazo físico e de amplitude da tarefa que se ha de realizar⁴.

EXPRESIÓN	DIC	MM	RAE	LARBI	GDE
<i>abrir(le) los ojos a alguien</i>	RAE		<i>abrir los ojos a alguien</i>		
<i>abrir(le) los ojos a alguien</i>	RAE		<i>abrir los ojos a alguien</i>	<i>abrir los ojos (a uno)</i>	<i>abrir los ojos a alguien</i>
<i>abrir [el, su] [alma, corazón, pecho] a otra persona</i>	DFDEA		<i>abrir alguien su alma</i>		
<i>abrir [el, su] [corazón, alma, pecho] a otra persona</i>	DFDEA	<i>(abrir alguien su corazón a)</i>	<i>abrir alguien su alma a</i>	<i>abrir el corazón</i>	<i>abrir el corazón a alguien</i>
<i>abrir [el, su] [pecho, alma, corazón] a otra persona</i>	DFDEA	<i>(abrir alguien su pecho a)</i>	<i>abrir alguien su alma a= abrir su pecho a</i>		
<i>abrir [su, el] [alma, corazón, pecho] a otra persona</i>	RAE		<i>abrir alguien su alma a =abrir su pecho a</i>		

⁴ Non convén esquecer que este tipo de obras é marcadamente editorialista a causa dun factor de rendibilidade non lingüística, senón económica, con todo o que esta observación presupón.

EXPRESIÓN	DIC	MM	RAE	LARBI	GDE
abrir [su, el] [corazón, alma, pecho] a otra persona	MM	abrir alguien su corazón a otra persona	abrir alguien su corazón = abrir su pecho a alguien		
abrir [su, el] [pecho, alma, corazón] a otra persona	MM	abrir su pecho una persona a otra	abrir alguien su pecho a = [] con	abrir su pecho (?)	
no abrir el pico	MM	no abrir la boca [o el pico]	abrir el pico u. m. con neg		
no abrir el pico	RAE		abrir el pico u. m. con neg		
no abrir [descoser, despegar, desplegar] la boca	MM	no abrir [descoser, despegar, desplegar] la boca		no abrir o descoser la boca	no abrir la boca
no abrir la boca	RAE		no abrir la boca		
acabar de parir	RAE		acabar de parir		
achantarse [callarse] como un muerto					
aclarar la voz	MM	aclarar la voz			aclararse la voz
aclarar la voz	MM	aclarar la voz		aclararse la voz	aclararse la voz
acordarse de la familia de alguien	LARBI				
acudir [entrar] al trapo	I taurino	entrar al trapo			
acusar (le) [cantar(le)] a alguien las cuarenta	RAE		acusar (le) [cantar(le)] a alguien las cuarenta		
adorar el becerro de oro		(becerro de oro)	(becerro de oro)	(becerro de oro)	
adorar el santo por la peana	LARBI	adorar el santo por la peana		adorar el santo por la peana	
afilar el puñal	JLGonzál				
agachar [bajar] las orejas	EnLarou	outro sentido	outro sentido		
[agarrar, coger(le), tomar(le)] la palabra a alguien	MM	agarrar la palabra a alguien	coger	(cogerle a uno la palabra)	
[agarrarse, cogerse] a la palabra de alguien	MM	agarrarse a la palabra			
aguzar los dientes	EnLarou			(aguzarse los dientes otro sentido)	aguzar los dientes /
aguzar los dientes	EnLarou			(aguzarse los dientes otro sentido)	aguzar los dientes /
ahogar [el llanto, los sollozos]	LARBI			ahogar [el llanto, los sollozos]	
ahogar [los sollozos, el llanto]	LARBI			ahogar [los sollozos, el llanto]	
ahorrar palabras	MM	ahorrar palabras		ahorrar palabras	ahorrar palabras
ahorrar palabras	RAE		ahorrar palabras		

EXPRESIÓN	DIC	MM	RAE	LARBI	GDE
ahuecar la voz	MM	ahuecar la voz		ahuecar la voz	
ajustar [cuentas, las cuentas]	RAE		ajustar [cuentas, las cuentas]		
ajustar [las cuentas, cuentas]	RAE		ajustar [cuentas, las cuentas]		
ajustar(le) las cuentas a alguien	MM	ajustar(le) las cuentas a alguien		ajustarle a uno las cuentas	ajustarle a alguien las cuentas
alabar alguien sus agujas	RAE		alabar alguien sus agujas		
alborotar el cortijo	RAE		alborotar el cortijo		
alzar [levantar] el gallo	RAE		alzar [levantar] el gallo	alzar el gallo	
[alzar, levantar] la voz	MM	[alzar, levantar] la voz		[alzar, levantar] la voz	
[alzar(le), levantar(le)] la voz a alguien	MM	alzar(le) [levantar(le)] la voz a alguien	[alzar(le) [levantar(le)] la voz a alguien		alzar [levantar] la voz a alguien
[alzar, levantar] a alguien sobre el pavés	MM	alzar a alguien sobre el pavés	[alzar, levantar] a alguien sobre el pavés		
andar con [llevar] la(s) cruz (cruces) a cuesta(s)	RAE		andar con la(s) cruz (cruces) a cuesta(s)	(llevar la cruz a cuestras)	
andar [circular, correr, ir, pasar] (algo) de boca en boca	MM	andar (algo) de boca en boca	andar de boca en boca	andar de boca en boca	
andar alguien de boca en boca	MM	andar alguien de boca en boca (andar en bocas o andar en [la] boca de alguien)		andar de boca en boca	
andar algo en coplas	MM	andar algo en coplas	andar algo en coplas	andar en coplas	
andar en lenguas	MM	andar en lenguas	andar en lenguas	andar en lenguas	
andar [estar] sobre [aviso, el aviso]	RAE	estar sobre aviso	andar [estar] sobre [aviso, el aviso]	andar [estar] sobre aviso	estar [poner] sobre aviso
andar [estar] sobre [el aviso, aviso]	RAE	estar sobre aviso	andar [estar] sobre [el aviso, aviso]	andar [estar] sobre aviso	
andarse [con rodeos, por las ramas]	MM	andar con rodeos		andar(se) con rodeos	no andarse con rodeos
andarse [por las márgenes, con rodeos, por las ramas]	RAE		andarse por las márgenes		
[andarse, irse] [por las ramas, por las márgenes]	MM	andarse por las ramas	[andarse, irse] [por las ramas, por las márgenes]	andarse por las ramas	andarse [irse] por las ramas
andar(se) [ir(se), echar] por los cerros de Úbeda	Dtemático	irse por los cerros de úbeda		echar [irse] por los cerros de úbeda	irse por los cerros de úbeda
anegarse [deshacerse] [en lágrimas, en llanto, en quejas, en suspiros]	MM	anegarse [o deshacerse] en lágrimas	deshacerse alguien en lágrimas	deshacerse en lágrimas	

EXPRESIÓN	DIC	MM	RAE	LARBI	GDE
<i>anegarse [deshacerse] [en llanto, en lágrimas, en quejas, en suspiros]</i>	MM	<i>anegarse [o deshacerse] en llanto</i>	<i>anegarse en llanto</i>	<i>anegarse en llanto</i>	
<i>anegarse [deshacerse] [en quejas, en lágrimas, en llanto, en suspiros]</i>					
<i>anegarse [deshacerse] [en suspiros, en lágrimas, en llanto, en quejas]</i>					
<i>anudársele a alguien la voz</i>	MM	<i>anudársele a alguien la voz</i>	<i>anudársele a alguien la voz</i>	<i>anudársele a uno la voz</i>	
<i>anunciar [gritar, publicar, pregonar] a los cuatro vientos</i>	MM	<i>a los cuatro vientos («anunciar, publicar»)</i>		<i>gritar a los cuatro vientos</i>	<i>gritar algo a los cuatro vientos</i>
<i>apearse por la cola</i>	MM	<i>apearse por la cola</i>	<i>apearse por la cola</i>		
<i>apretar(le) los cordeles a alguien</i>	RAE		<i>apretar(le) los cordeles a alguien</i>		
<i>arrastrar [poner, tirar] [por los suelos, por el fango]</i>	MM	<i>arrastrar por el suelo [o los suelos] una cosa o a una persona</i>		<i>arrastrar a uno por los suelos</i>	<i>arrastrar a alguien por los suelos</i>
<i>asentar alguien bien su baza</i>	RAE		<i>asentar alguien bien su baza</i>	<i>asentar bien su baza</i>	
<i>asentir con la cabeza</i>					
<i>atar(le) la lengua a</i>	MM	<i>atar la lengua</i>	<i>atar la lengua</i>	<i>atar la lengua (en atar y en lengua)</i>	
<i>no atar ni desatar</i>	RAE		<i>no atar ni desatar</i>	<i>no atar ni desatar</i>	
<i>Atravesársele [hacerse(le), ponérsele, tener] un nudo en la garganta a alguien</i>	RAE	<i>hacerse un nudo en la garganta de alguien</i>	<i>atravesársele [ponérsele] a alguien un nudo en la garganta</i>	<i>atravesársele [hacerse(le)] a uno un nudo en la garganta</i>	<i>[hacerse(le)] un nudo a alguien en la garganta</i>
<i>bailar(le) [el agua, el delante] a alguien</i>	MM	<i>bailar el agua a alguien</i>	<i>bailar(le) [el agua, el delante] a alguien</i>	<i>bailarle a uno el agua</i>	<i>bailarle a alguien el agua</i>
<i>bailar(le) [el delante, el agua] a alguien</i>	RAE		<i>bailar(le) [el delante, el agua] a alguien</i>		
<i>bajar el diapasón</i>	MM	<i>subir [o bajar] el diapasón</i>	<i>bajar el diapasón</i>	<i>bajar [subir] el diapasón</i>	
<i>bajar alguien el gallo</i>	MM	<i>bajar el gallo</i>	<i>bajar alguien el gallo</i>		
<i>bajar el tono</i>	MM	<i>bajar el tono</i>	<i>bajar el tono</i>	<i>bajar el tono</i>	<i>bajar el tono</i>
<i>bajar(le?) [la cresta, el copete, los humos] a alguien</i>					
<i>bajar(le) a alguien [el copete, la cresta, los humos]</i>	RAE		<i>bajar a alguien el copete</i>		
<i>bajar [agachar] las orejas</i>	RAE		<i>bajar alguien las orejas</i>		

EXPRESIÓN	DIC	MM	RAE	LARBI	GDE
<i>bajar(le) [los humos, la cresta, el copete] a alguien</i>	MM	<i>bajar los humos a alguien</i>	<i>bajarle a alguien los humos</i>	<i>bajarle a uno los humos</i>	<i>bajarle a alguien los humos</i>
<i>beber(le) las palabras a</i>	RAE		<i>beber(le) las palabras a</i>		
<i>[beber(se), sorber(se)] las palabras de alguien</i>	MM	<i>beber[se] las palabras de alguien</i>	<i>beber las palabras a alguien</i>		
<i>blasfemar [hablar, jurar, maldecir] como un carretero</i>	MM	<i>jurar [o blasfemar, maldecir, etc.] como un carretero</i>	<i>hablar [jurar] como un carretero</i>	<i>blasfemar como un carretero</i>	<i>hablar como un carretero</i>
<i>bramar como un toro</i>	I taurino				
<i>buscar(le?) a alguien la boca</i>	MM	<i>buscar la boca a alguien</i>		<i>buscar a uno la boca</i>	
<i>buscar(le?) la boca a alguien</i>	RAE		<i>buscar(le?) la boca a alguien</i>		
<i>no haber(le) a alguien una cosa en el pecho</i>	MM	<i>no haberle a alguien una cosa en el pecho</i>	<i>no haber(le) a alguien una cosa en el pecho</i>		
<i>caerse de risa</i>	MM	<i>caerse [partir(se)] de risa (inf.), partirse de risa</i>	<i>caerse de risa</i>	<i>caerse [morirse] de risa</i>	
<i>no caérsele a alguien una cosa de la boca</i>	MM	<i>no caérsele a alguien una cosa de la boca</i>	<i>no caérsele a alguien una cosa de la boca</i>	<i>no caérsele a uno algo de la boca</i>	
<i>cagarse en la (puta) madre de</i>					
<i>cagarse en los muertos de alguien</i>					
<i>calentar(le) a alguien los cascos</i>	RAE		<i>calentar(le) a alguien los cascos</i>	<i>romperse o calentarse alguien los cascos</i>	<i>calentar a alguien los cascos</i>
<i>calentar(le) [quebrar(le), quebrantar(le)] a alguien la cabeza</i>	MM	<i>calentarle a alguien la cabeza</i>	<i>calentar(le) [quebrar(le), quebrantar(le)] a alguien la cabeza</i>	<i>quebrantarle [romperle] a uno la cabeza</i>	<i>calentarle a alguien la cabeza</i>
<i>calentar(le) a alguien las orejas</i>	MM	<i>calentarle a alguien las orejas</i>	<i>calentar a alguien las orejas</i>	<i>calentar las orejas a</i>	<i>calentar las orejas</i>
<i>callar como una puta</i>					
<i>[callar(se), cerrar] [el, su] pico</i>	MM	<i>callar [callarse o cerrar] el pico</i>	<i>callar,[cerrar] alguien el [su] pico</i>	<i>callar [cerrar] el pico</i>	<i>cerrar el pico</i>
<i>[callar(se), cerrar] el pico</i>	MM	<i>callar [callarse o cerrar] el pico</i>		<i>callar [cerrar] el pico</i>	
<i>callar [cerrar, coserse o guardar] la boca</i>	MM	<i>callar [cerrar, coserse o guardar] la boca</i>	<i>callar, coserse la boca</i>		<i>callar la boca</i>
<i>[callar, coserse, guardar] la boca</i>	MM	<i>callar [cerrar, coserse o guardar] la boca</i>		<i>callar la boca</i>	
<i>[callar(se), cerrar] [su, el] pico</i>	RAE		<i>callar, [cerrar] alguien el [su] pico</i>	<i>callar [cerrar] el pico</i>	<i>cerrar el pico</i>

EXPRESIÓN	DIC	MM	RAE	LARBI	GDE
<i>[callar(se), cerrar] [su, el] pico</i>	RAE		<i>callar, [cerrar] alguien el [su] pico</i>	<i>callar [cerrar] el pico</i>	<i>cerrar el pico</i>
<i>callarse [achantarse] alguien como un muerto</i>	MM	<i>callarse alguien como un muerto</i>			
<i>callarse alguien como un muerto</i>	MM	<i>callarse alguien como un muerto</i>			
<i>callarse alguien como un muerto</i>	MM	<i>callarse alguien como un muerto</i>			
<i>cambiar [de disco, de rolo, de tema]</i>	LARBI			<i>cambiar de disco</i>	
<i>cambiar [de rolo, de disco, de tema]</i>	JLGlez.				
<i>[cambiar, mudar] de [el] tono</i>	MM	<i>[cambiar, mudar] de [el] tono</i>	<i>mudar alguien de tono</i>		<i>mudar de tono</i>
<i>cambiar [de tema, de disco, de rolo]</i>	JLGlez.				<i>cambiar de tema</i>
<i>cambiar [mudar] el [de] tono</i>	MM	<i>cambiar [mudar] el [de] tono</i>	<i>mudar alguien de tono</i>		<i>mudar de tono</i>
<i>cantar alguien de plano</i>	MM	<i>cantar de plano alguien</i>			
<i>cantar la gallina</i>	MM	<i>cantar la gallina</i>	<i>cantar la gallina</i>		
<i>cantar la gallina a alguien</i>	MM	<i>cantar la gallina</i>			
<i>cantar la palinodia</i>	MM	<i>cantar la palinodia corrientemente sólo en la frase informal</i>		<i>cantar la palinodia</i>	
<i>cantar [decir] las claras a alguien</i>	MM	<i>cantar [decir] las claras</i>			
<i>cantar [decir] las claras a alguien</i>	RAE		<i>cantar [decir] las claras a alguien</i>		
<i>cantar victoria</i>	MM	<i>cantar victoria</i>	<i>cantar victoria</i>	<i>cantar victoria</i>	<i>cantar victoria</i>
<i>cantarlas claras a alguien</i>	MM	<i>cantarlas claras</i>			
<i>cantarlas claras alguien</i>	RAE		<i>cantarlas claras alguien</i>	<i>cantarlas claras</i>	
<i>cantarle [leerle] a alguien la cartilla</i>	RAE	<i>leerle [o, menos frec., cantarle] a alguien la cartilla</i>	<i>cantarle [leerle] a alguien la cartilla</i>	<i>cantar [leerle] a uno la cartilla</i>	<i>Cantar [leer] a alguien la cartilla</i>
<i>cantar(le) [acusar(le) a alguien las cuarenta</i>	MM	<i>cantar las cuarenta</i>	<i>acusar, [cantar] a alguien las cuarenta</i>	<i>cantar a uno las cuarenta</i>	<i>cantarle a alguien las cuarenta</i>
<i>cantar alguien las cuarenta</i>	MM	<i>cantar las cuarenta</i>	<i>cantar alguien las cuarenta</i>		
<i>cargar [echar] [las cabras, el mochuelo, el muerto] a alguien</i>	MM	<i>cargar [o echar] las cabras a alguien</i>	<i>cargar [echar] las cabras a alguien</i>		<i>cargar con el mochuelo</i>
<i>cargar [recargar] las tintas</i>	MM	<i>recargar [cargar] las tintas</i>		<i>cargar las tintas</i>	<i>cargar las tintas</i>
<i>cargarle [echarle] [el muerto, el mochuelo, las cabras] a alguien</i>					<i>cargarle a alguien el muerto</i>

EXPRESIÓN	DIC	MM	RAE	LARBI	GDE
cascar [hablar] como [más que] un sacamuelas					
cascar [hablar] más que/ como un sacamuelas	MM	habla más que un sacamuelas			
celebrar consejo	LARBI			celebrar consejo	
cerrar(le) [cortar(le)] el paso a algo	MM	cerrar el paso			cortar el paso a alguien
[cerrar, callar(se)] el pico	MM	callar [callarse o cerrar] el pico	callar [cerrar] alguien el [su] pico	callar [cerrar] el pico	cerrar el pico
[cerrar, callar(se)] el pico	MM	callar [callarse o cerrar] el pico	callar [cerrar] alguien el [su] pico	callar [cerrar] el pico	
callar [cerrar, coserse o guardar] la boca	MM	callar [cerrar, coserse o guardar] la boca	cerrar [callar] la boca		callar la boca
cerrar(le) [tapar] la boca a uno	MM	cerrar [tapar] la boca a alguien	cerrar la boca a alguien tapar la boca a uno	cerrar a uno la boca	cerrarle alguien la boca
cerrar los ojos a algo	MM	cerrar los ojos a algo	cerrar los ojos a algo	cerrar los ojos a	
cerrar los labios [la boca]	RAE		cerrar los labios		
cerrar(le) [sellar] los labios de		sellar los labios de alguien			
[cerrar, callar(se)] [su, el] pico	RAE		callar [cerrar] alguien el [su] pico	callar [cerrar] el pico	cerrar el pico
[cerrar, callar(se)] [su, el] pico	RAE		callar [cerrar] alguien el [su] pico	callar [cerrar] el pico	cerrar el pico
chillar como [más que] una rata					
chillar como un cerdo					
chillar [gritar] como un condenado	MM	como un condenado			
chillar [gritar] como un histérico					
chillar [gritar] a garganta abierta					
chillar [gritar] como un loco					
chillar [gritar] como una verdulera					
chillar más que [como] una rata					
circular [andar, correr, pasar] (algo) de boca en boca	MM	andar (algo) de boca en boca	andar de boca en boca	andar de boca en boca	
[circular, correr] la voz de cierta cosa	MM	circular [correr] la voz . correr la voz de cierta cosa		correr la voz que	
[clamar, predicar] en el desierto	MM	clamar [predicar] en el desierto	clamar en el desierto	[clamar, predicar] en el desierto	predicar en el desierto

EXPRESIÓN	DIC	MM	RAE	LARBI	GDE
clavar [plantar, poner] banderillas a uno	LARBI	poner a alguien una banderilla [o un par de banderillas] de fuego		clavar [plantar, poner] banderillas a uno	
[coger(le), agarrar(le), tomar(le)] la palabra a alguien	MM	[coger(le), agarrar(le), tomar(le)] la palabra a alguien	coger la palabra	cogerle a uno la palabra	
coger [pillar] por banda	MM	coger [o pillar] por banda		coger a uno por banda	coger por banda
coger [pillar] por banda	MM	coger [o pillar] por banda	coger [pillar] por banda	coger a uno por banda	
[cogerse, agarrarse] a la palabra de alguien	MM	agarrarse [cogerse] a la palabra de	coger [tomar] la palabra	cogerle a uno la palabra	
comer(le) la lengua el gato a alguien					
comerse las palabras	MM	comerse las palabras	comerse las palabras	comerse las palabras	comerse las palabras
comerse las palabras	MM	comerse las palabras	comerse las palabras	comerse las palabras	comerse las palabras
contar batallitas	LARBI			contar batallitas	
contar cuentos chinos		cuentos chinos			cuentos chinos
[contar, decir, hablar] maravillas de	MM	contar [o decir] maravillas de alguien o algo		contar o decir maravillas	
[contar, decir] mil bienes de	RAE		[contar, decir] mil bienes de	decir mil bienes de	
contar y no acabar	MM	(aparece como reenvío en alabar)			
contestar a la gallega	Dtemático				
correr [andar, circular, pasar] (algo) de boca en boca	MM	andar (algo) de boca en boca	andar de ~ en ~	andar de boca en boca	
correr la bola	MM	correr la bola	correr la bola (am. cuba, guat, hond)		
correr la cortina	GDFHL		correr la cortina	correr la cortina no con el sig. idiomático)	correr la cortina
correr la cortina (más vale)	MM	correr la cortina / invitación a *callar o a no hablar de			
correr las lágrimas	MM				
correr la voz	MM	correr la voz	correr la voz		
correr la voz	RAE		correr la voz		
[correr, circular] la voz de cierta cosa	MM	[correr, circular] la voz de cierta cosa		correr la voz que	correr la voz que
correr [echar] un (túpido) velo sobre	MM	correr [o echar] un tupido velo sobre algo	correr [echar] un velo o un tupido ~ sobre algo	correr [echar] un (tupido) velo	correr un tupido velo


Pedro Mogorrón Huerta

EXPRESIÓN	DIC	MM	RAE	LARBI	GDE
<i>cortar de vestir [un vestido, (un) traje(s)] a alguien</i>	MM				
<i>cortar el hilo del discurso</i>	MM	<i>cortar el hilo del discurso</i>	<i>cortar el hilo del discurso</i>	<i>cortar el hilo del discurso</i>	
<i>cortar(le) [cerrar] el paso a algo</i>	MM	<i>cerrar el paso</i>			
<i>cortar(le) a alguien un sayo</i>	RAE		<i>cortar a alguien un ~</i>	<i>cortar a uno un sayo</i>	<i>no aparece palabra</i>
<i>cortar(le) (un) traje(s) [vestido?] a alguien</i>	MM	<i>cortar trajes</i>		<i>cortar un traje a uno</i>	
<i>cortar(le) (un) traje(s) a alguien</i>	MM	<i>cortar trajes</i>		<i>cortar un traje a uno</i>	
<i>cortar(le) [un vestido, (un) traje(s)] a alguien</i>	MM			<i>cortar un vestido a uno</i>	
<i>[coserse, callar, cerrar, guardar] la boca</i>	MM	<i>callar [cerrar, coserse o guardar] la boca</i>	<i>coserse [callar] la boca</i>		
<i>[coserse, callar, cerrar, guardar] la boca</i>	MM	<i>callar [cerrar, coserse o guardar] la boca</i>			
<i>cumplir de palabra</i>	LBESSE				

Os resultados xerais da localización desas formas nos dicionarios mencionados son os seguintes:

Dicionarios	DUE	DRAE	LARBI	GDEBI
Entradas = 175	90	82	57	30
Porcentaxes	51'4 %	45'2%	32'6%	17'1%

Desas 175 LV, 90, que equivalen ó 51.4%, aparecen no DUE; 82, que representan o 45,2%, aparecen no DRAE; 57, que equivalen a un 33%, figuran no LARBI e 30, que equivalen ó 17,1%, aparecen no GDEBI.



Os resultados desta comparación mostran que a proporción das LV que aparecen nos dicionarios consultados é insuficiente no que respecta ós dicionarios monolingües e altamente deficitaria nos bilingües.

Podemos ou poderíamos comprende-la ausencia nos dicionarios dalgunhas das locucións⁵:

- As que son demasiado orais, mesmo vulgares, aínda que se empreguen de forma habitual: *callarse como un muerto*, *callarse como una puta*, *cagarse en los muertos de*.
- As que empezan a non ser comprendidas porque as referencias culturais e os costumes sociais están a cambiar: *contestar a la gallega*, *cascar [hablar] [como, más que] un sacamuélas*.

Pero non comprendémo-la ausencia de formas máis ca correntes, que poderíamos considerar hoxe en día moi coñecidas, estándar e empregadas por tódolos estratos sociais da poboación española: *no abrir el pico*, *asentir con la cabeza*, *cambiar de disco*, *calentarle a alguien la cabeza*, etc.

Esas limitacións na inclusión de formas nos dicionarios acoutaron o uso da lingua analizada e utilizada nos dicionarios, reducíndoa a unha lingua chamada estándar que recolle as unidades léxicas e fraseolóxicas máis frecuentes e compartidas pola maior parte dos usuarios. Este proceso e os criterios de selección deixaron de lado outras moitas expresións que posúen, dentro do macromodelo diasistemático⁶, unhas marcas características de grupos sociais, usos rexionais, xeracionais, frecuencias de uso, expresións en desuso, etc. Por exemplo:

Modelo de marcaxe diasistemático:

Cadro 1

diastrático	estándar, culto, familiar, popular, coloquial, vulgar, argótico
diatópico	americanismos, dialectoloxía, rexionalismo
diacrónico	arcaico, neoloxismo
diaintegrativo	latín, argot
dianormativo	correcto, incorrecto
diaconnotativo	infantil, pexorativo, apreciativo
diamediático	oral, escrito
diafásico	formal, informal
diatextual	xornalístico, administrativo, literario
diatécnico	linguaxe de especialidade
diafrecuencia	raro, frecuente

Existe, daquela, frecuentemente, un desfase considerable entre o continuo e imparabile proceso de remodelación dos actos de comunicación, constantemente obrigados a readaptarse, e o material que os lexicógrafos insiren nos dicionarios. Así, por unha banda están as UF da lingua clásica, a miúdo xa en desuso por pertenceren a un uso non xa doutras xeracións, senón tamén a unha concepción diacrónica, e que, polo tanto, xa non son representativas dos usos e estados lingüísticos que se van sucedendo. Pola outra,

⁵ Poderíamos comprendelo mais non o xustificamos, xa que estas ausencias dificultan a posibilidade de consulta, tanto para os usuarios que non coñecen a expresión, como para os estudantes que desexan aprender un idioma, ou para os tradutores, que ó non atoparen esa UF ven dificultada a súa labor e enfróntanse a un problema de comprensión.

⁶ Unha das descrições do modelo diasistemático máis completa foi realizada por F. J. Haussmann, v. Blanco (2001: 52-53).

atópase o uso presente da lingua, marcadamente innovador, que se ha de ir transformando e adaptando ós constantes cambios que se producen na lingua polos usos xeracionais e as diferentes necesidades e realidades sociais, e que se plasma en novos vocábulos e expresións. Este desfase, que é unha das deficiencias que nos propoñemos paliar cos dicionarios electrónicos, é moi patente nos dicionarios clásicos.

Numerosas UF que aparecen nos dicionarios son as pegadas de épocas pasadas e xa non son representativas do estado vixente da lingua activa, xa que pertencen a un uso xeracional caduco, adoito diacrónico, a unha concepción social e laboral diferente⁷. Esa falta de adecuación conceptual ou composicional leva a que o falante empregue unidades fraseolóxicas que lle presentan os seguintes problemas de comprensión e interpretación.

- Empréganse fraseoloxismos con palabras que xa só se utilizan na lingua desas expresións. Ex.:
 - o *salir de naja*
 - o *no decir (ni) oste ni moste*
 - o *no decir (ni) oxe ni moxte*
 - o *buscar pan de trastrigo*

- Empréganse expresións que pertencen a outras realidades: vocabulario do campo, refráns meteorolóxicos, mundo laboral obsoleto como por exemplo o relativo ó campo ou ó mundo do cabalo, que tiveron moita importancia noutras épocas pero que os usuarios da lingua xa non senten como propias, posto que non saben a que se refiren exactamente, é dicir, descoñecen o posible feito histórico no que se basean, etc. Ex.:
 - o *cumplir con la parroquia* (DUE): “comulgar por Pascua”.
 - o *costar un Potosí* (DUE): “costar algo mucho dinero”, referencia á colonización española de Hispanoamérica.
 - o *colgarle a alguien el / un Sambenito / San-Benito* (DUE): “acusar injustamente a alguien”.
 - o *de casta le viene al galgo el ser rabilargo* (DUE): “la cualidad de una persona le viene de familia”.
 - o *poner a alguien a los pies de los caballos* (DUE): “desairar, humillar, maltratar”.
 - o *pasar más hambre que un maestro de escuela*⁸.

Este fenómeno, é dicir, o imparabile proceso de remodelación e utilización do vocabulario, das secuencias fixas empregadas na lingua activa, pódese apreciar aínda

⁷ Segundo Rey-Debove (1971: 98): “En Synchronie pure, c’est à dire dans l’instant des contemporains de tous les âges compris entre 15 et 75 ans ont des échanges réels. Mais une personne de 75 ans garde les habitudes de langage de sa jeunesse, correspondant à un autre système lexical, et qui persiste grâce à la mémoire et aux échanges avec les personnes du même âge. Une grande partie du vocabulaire actif de ses 15 ans (communication avec les personnes âgées) lui ne fonctionne plus dans aucun échange, faute d’interlocuteurs. C’est de cette manière que la langue perd d’un côté ce qu’elle acquiert de l’autre”.

⁸ Esta coñecida e empregada locución non vén referenciada nos dicionarios que consultamos (DUE, DRAE, En. Larousse).

cunha maior claridade se cadra nos grupos de expresións parasinónimas. (Ver cadro 2 e 3). No cadro 2:

Cadro nº 2

<i>estar en Babia</i> (DUE) <i>estar en las Batuecas</i> (DUE) <i>estar en Belén</i> (DUE) <i>estar en la higuera</i> (DUE) <i>estar en el limbo</i> (DUE) <i>estar en la luna</i> (DUE). <i>estar en las nubes</i> (DUE) <i>mirar a las musarañas</i> (DUE) <i>mirar las telarañas</i> (LARBI)	<i>estar en la parra</i>
---	--------------------------

Pódense observar varias expresións que significan practicamente o mesmo se nos cinguimos ás definicións que se dan nos dicionarios (DUE, DRAE): “estar distraído, non enterarse de algo”. Sen embargo, estas locucións non son empregadas indistintamente polas diferentes xeracións de usuarios que compoñen a poboación total activa que utiliza unha determinada lingua. Así, sorprendentemente, segundo unha enquisa que levamos a cabo entre os nosos alumnos na Universidade de Alicante, as expresións *estar en Babia/en las Batuecas*, mesmo *estar en Belén*, así como *mirar a las musarañas/a las telarañas* xa non son comprendidas pola maioría dos estudantes de 20 anos.

Por outra banda, existe xustamente o fenómeno inverso, é dicir, que a lingua activa dunha determinada fase lingüística crea outras unidades que non aparecen nos dicionarios, que adoitan tardar bastante tempo en incorpora-las novas creacións ou adaptacións da lingua. Estes exclúenas debido á súa inestabilidade ou á súa caducidade na lingua, xa que múltiples UF aparecen, son empregadas durante certo tempo (*estar/ir de guateque*) e posteriormente son substituídas por outras máis modernas (*estar/ir de guerra, hacer la ruta (del bacalao); estar hasta el punto com*⁹).

Tamén é verdade que noutras ocasións, os dicionarios, que como xa sinalamos anteriormente adoitan representar unha lingua estándar, non incorporan expresións que se manteñen na lingua colectiva durante moito tempo debido a diferentes niveis de uso. Ese é o caso de *ser más agarrado que un tango* ou *ser más agarrado que un catalán*, de uso corrente e que non aparecen nos dicionarios, mentres que *ser más agarrado que un chotis* si que figura no DRAE.

Outro exemplo representativo podería se-la serie de expresións parasinónimas de estar farto de algo ou de alguén (ver cadro 3), que teñen unha escasa repercusión nos dicionarios clásicos, que non inclúen as expresións que se citan na segunda columna do cadro seguinte (*estar hasta los huevos/hasta el coño/hasta los mismísimos/hasta el nabo*, etc.) e que, sen embargo, teñen unha gran representatividade na lingua activa da mocidade e dos non tan novos, así como, evidentemente, tampouco incorporan aínda expresións recentes do tipo de *estar hasta el punto com*, que representan como os

⁹ Esta expresión sería un exemplo de moi recente aparición na lingua activa. Só co paso do tempo poderemos sabe-lo seu éxito real na lingua.

usuarios empregan a linguaxe activa nese imparable e continuo proceso de creación e remodelación das linguas.

Cadro nº 3

<i>estar hasta el coco de (DUE)</i> <i>estar hasta los cojones de (DUE)</i> <i>estar hasta la coronilla de (DUE)</i> <i>estar hasta el culo de (DUE)</i> <i>estar hasta el gollete de (RAE)</i> <i>estar hasta el gorro de (DUE)</i> <i>estar hasta el moño de (DUE)</i> <i>estar hasta las narices de (DUE)</i> <i>estar hasta la punta de los pelos (DUE)</i> <i>estar hasta los pelos de (DUE)</i> <i>estar hasta por encima de la cabeza de (DUE)</i>	<i>estar hasta el coño de</i> <i>estar hasta el punto com de</i> <i>estar hasta los huevos de</i> <i>estar hasta los mismísimos de</i> <i>estar hasta el nabo de</i> <i>estar hasta los ovarios de</i> <i>estar hasta el pirri de</i> <i>estar hasta el pito de</i> <i>etc.</i>
---	---

Sería conveniente, daquela, que os dicionarios incorporasen estas UF, xa que ó non estaren recollidas e tratadas neles, a súa escasa representatividade dificulta o coñecemento de numerosas fórmulas por parte de:

- os usuarios dun idioma.
- os estudantes que desexen aprender ese idioma.
- os tradutores que non saben realmente cal das combinacións é o equivalente real de tradución.

3. Información lexicográfica

Unha vez demostrado o número limitado de LV que aparece nos dicionarios, pasaremos a analizar desde un punto de vista lexicográfico a información presente nestas obras e que poda facilitar ou “complicar” a comprensión, a localización e o correcto uso, tanto conceptual como gramatical, destas unidades.

3.1. Localización das UF nos dicionarios

Xeralmente, para localizar unha LV / UF nos dicionarios hai que ter en conta que estarán definidas ou aparecerán no artigo correspondente a unha das palabras que forman a expresión. Preferentemente, esta será o substantivo da expresión ou calquera palabra usada como tal¹⁰, é dicir, que a LV *bajar alguien el gallo* buscarase en *gallo* e *andar en lenguas* buscarase en *lenguas*. Aínda que é certo que a maioría dos dicionarios consultados segue estas pautas, observamos, en ocasións, e dependendo do dicionario, distintas pautas que poden ás veces facilita-la localización das LV. Por exemplo:

- A LV *cantar de plano* aparece no DUE, no DRAE e no LARBI en *cantar* e non en *plano*, mentres que no DFDEA aparece en *plano*.

¹⁰ Un exemplo moi claro constitúe a LV *cantarlas claras*, que tamén atopamos coa forma *cantar las claras*. No primeiro caso, figura no artigo de *cantar* (xa que no caso de non haber posibilidade de incluír unha UF primeiro a partir do substantivo, despois do verbo, fariase a partir do adxectivo). No segundo caso, *cantar las claras* figura no DUE en *claras*, xa que o artigo lle confire un valor de substantivo a *claras*.

- *Cargar las tintas* aparece no LARBI en *tintas*, facendo referencia a cargar e recargar; tamén aparece no artigo do verbo *cargar* pero xa non o atopamos en *recargar*.
- *Cantar(le) las cuarenta a e comerse las palabras* aparecen no LARBI en *cantar*, en *cuarenta*, en *comer* e en *palabra*. Sucede o mesmo con *anegarse en llanto e arrastrar a uno por los suelos*.
- A LV *adorar el santo por la peana* non aparece no DRAE nin no GDEBI, mais aparece en *santo* no DFDEA (“tratar de agradar a una persona siendo amable y complaciente con otra ligada afectivamente a ella”) e no LARBI (“courtiser la mère pour avoir la fille”). No DUE aparece como referencia en *peana*, que remite a *adorar el santo por la peana*, sen que apareza nin en *adorar*, nin en *santo*, polo que non hai definición.
- *Cantar la palinodia* aparece no DRAE, no DFDEA e no LARBI en *palinodia*, cunha entrada como forma ou locución, mentres que no DUE figura dentro dun artigo que hai que ler ata o final para atopala, xa que non vén caracterizada como locución senón como frase informal.

Vimos de observa-los resultados das LV do noso estudio que aparecen nos distintos dicionarios analizados. Poderíamos pensar que os dicionarios van incluír aquelas que son máis correntes, as máis habituais, as máis coñecidas pola poboación, sen embargo, observamos que é difícil atopar unha mesma LV que apareza á vez nos 4 ou 5 dicionarios consultados. Así, parece incomprendible que formas como *cambiar de disco* non aparezan no MM / DRAE, ou que *cortar un traje a alguien* non o faga no dicionario da RAE.

Das 175 LV que analizamos detidamente, soamente coinciden en tódolos dicionarios coa mesma forma as seguintes LV:

- *andarse por las ramas*
- *bailarle el agua a alguien*
- *bajar el tono*
- *bajar los humos a alguien*
- *calentar(le) las orejas a alguien*
- *cantar victoria*
- *cantar(le) la cartilla a alguien*
- *comerse las palabras*

Se ben é verdade que outras moitas LV coinciden case totalmente dun dicionario a outro, a consulta dos distintos dicionarios empregados fai aparecer múltiples variantes paradigmáticas que non figuran en todas e cada unha das obras consultadas. Ex.: na primeira páxina da nosa lista de expresións analizadas aparece a LV *abrir [el, su][alma, corazón, su pecho] a otra persona*, que se poderá empregar con calquera destas formas ou variantes paradigmáticas: *abrir el alma a otra persona, abrir su alma a otra persona, abrir el corazón a otra persona, abrir su corazón a otra persona, abrir el pecho a otra persona, abrir su pecho a otra persona*. Con todo, se buscamos estas formas nos distintos dicionarios observamos que:


- No DUE aparecen soamente *abrir su corazón y su pecho a otra persona*.
- No DRAE aparecen *abrir su alma* con remisión a *abrir su pecho* e *abrir su corazón* aparece en *corazón* con remisión a *abrir su pecho*.
- no LARBI aparecen as formas *abrir el corazón* en *abrir: ouvrir son coeur*, e *abrir su pecho* en *pecho: ouvrir son coeur*.
- No GDEBI aparece *abrir el corazón a alguien: ouvrir son coeur à qq'un*.
- No DFDEA aparece *abrir el alma una persona a otra* e *abrir el corazón y el pecho una persona a otra*.

É evidente que todas esas posibilidades deberían coñecerse e figurar nos dicionarios para poder utilizarse en consultas lingüísticas, pero supoñen un gran labor de investigación e de recompilación e un gasto que as editoriais non están dispostas a asumir.

Volvendo ás variantes paradigmáticas, observamos dous tipos de LV na nosa listaxe.

- Aquelas que son invariables, que non presentan variación ó cambiarmos algún dos seus elementos: *afilar el puñal, adorar el santo por la peana, buscar(le) la boca a alguien, cantar la gallina, comerse las palabras, cantar victoria*, etc.
- Aquelas que si presentan variación dalgún dos seus elementos: *abrir [su alma, su corazón, su pecho] a otra persona, [coger, pillar] por banda a alguien*.

Esta é unha característica moito máis frecuente do que se cree, xa que dun total de 1.113 LV dos actos do discurso que compoñen o noso repertorio, atopamos variantes paradigmáticas en 596 formas, isto é, nun 53,5%.



Esta variación pode afectar a tódolos compoñentes das LV, podendo aparecer variantes paradigmáticas:

- do verbo: *[contar, decir, hablar] maravillas de, [calentar(le), quebrar(le), quebrantar(le), romper(le)] la cabeza a alguien, [agarrar(le), coger(le), tomar(le)] la palabra a alguien*.
- do substantivo: *(no) andarse [por las márgenes, por rodeos], cortar(le) [un vestido, un traje, un sayo] a alguien*.
- do determinante: *andar sobre [aviso, el aviso], cerrar [el, su pico]*.

Ás veces, as variantes paradigmáticas poden mesmo ser de varios dos compoñentes á vez: [arrastrar, tirar] [por los suelos, por el fango], [cargar(le), echar(le)] [el muerto, el mochuelo, las cabras] a alguien.

Non tódolos dicionarios inclúen variantes paradigmáticas, ou tódalas variantes paradigmáticas, nos casos onde outros si o fan, polo que se pode dar o caso de consultar un dicionario que non recolla unha ou varias variantes e pensar que esa UF non ten, cando outros dicionarios empregan outra forma. Ex.:

- O DRAE utiliza a forma *andar con la(s) cruz / cruces a cuestras* e o LARBI *llevar la cruz a cuestras*.
- O DRAE emprega a forma *clamar en el desierto*, o GDEBI a forma *predicar en el desierto* e o DUE e o LARBI utilizan [*clamar, predicar*] *en el desierto*.

Evidentemente, algunhas destas variantes paradigmáticas serán empregadas con moita máis frecuencia ca outras polos usuarios da lingua activa e sería conveniente que tamén existise algunha información relativa á súa frecuencia de uso. Hoxe por hoxe pódense por fin utilizar os recursos das novas tecnoloxías e realizar buscas nas ferramentas creadas pola Real Academia de la Lengua Española chamadas CORDE (*Corpus Diacrónico del Español*) e CREA (*Corpus de Referencia del Español Actual*) así como nos buscadores que existen en Internet¹¹. Combinando os dous realizamos unha busca para comprobar cal de entre tódalas LV parasinónimas de “falar moito” era a máis frecuente en francés e español, cos seguintes resultados.

LV	CORDE	CREA
[cascar, hablar] como / más que un sacamuelas	4	0
dar(le) a la húmeda	0	2
dar(le) a la sin hueso	7	3
hablar como una cotorra	7	6
hablar como un loro	4	3
hablar como una chicharra	0	0
hablar más que siete	2	0
[hablar, charlar] hasta por los codos	68 (48 /20)	74 (62 /12)
hablar más que una urraca	2	0
Hablar mas que [treinta, siete] procuradores	2	0
hablar por siete	0	0
hablar por veinticinco	0	0
[ser de, tener] la palabra fácil	5	3
tener la lengua larga	3	3
tener mucha lengua	5	1
[tener la, ser de] palabra fácil	2	3

¹¹ Tódolos grandes idiomas e países con recursos suficientes xa teñen ferramentas deste tipo. Por ex.:

FRANTEXT	150 millóns de palabras para o idioma francés
British National Corpus	100 millóns de palabras en inglés
Brown Corpus	100 millóns de palabras en inglés americano.
Cobuild	450 millóns de palabras en inglés

3.2. As definicións

Unha vez localizadas as unidades buscadas, poderíamos tamén comproba-la similitude/diferenza das definicións que aparecen nos distintos dicionarios, xa que tamén é verdade que as máis das veces atopamos definicións similares. Ex.:

- *Abrir [su, el (alma, corazón, pecho)] a.*
- No DUE atopamos para *abrir su corazón*: “sincerarse con ella” e para *abrir su pecho*: “franquearse con ella; descubrirle algún secreto o intimidad”.
- No DRAE, atopamos para *abrir su alma* unha remisión a *abrir su pecho a otra persona*; para *abrir su corazón*, outra remisión a *abrir su pecho a otra persona* e para *abrir su pecho a otra persona*: “descubrirle o declararle su intimidad”.
- No DFDEA lemos para *abrir su alma*: “permitir(le) conocer sus pensamientos íntimos, hablándole sinceramente”.

Ou case similares. Ex.:

- *Alzar [levantar] el gallo.*
- No DUE: “levantar la voz *insolente o agresivamente hablando con alguien”.
- No DRAE: “manifestar soberbia o arrogancia en la conversación o en el trato”.
- No DFDEA: “hablar con arrogancia”.
- *Bailar(le) el agua a alguien.*
- No DUE: “tratar de serle grato *adulándole, halagándole, lisonjeándole o dándole en todo la razón”.
- No DRAE: “adelantarse, por cariño o adulación, a hacer lo que supone que ha de serle grato”.
- No DFDEA: “halagar(le), o hacer o decir lo que ha de ser(le) grato”.

Otras veces descubrimos definicións totalmente diferentes. Ex.:

- *No abrir, descoser [despegar o desplegar] la boca:*
- No DUE: “no decir absolutamente nada”.
- No DRAE: “callar cuando se debería hablar”.
- *Bajar(le) los humos a:*
- No DUE: “humillarle”.
- No DRAE: “domar su altivez”.
- No DFDEA: “doblegar su orgullo o altivez”.

3.3. Remisións

Xa vimos anteriormente como ás veces aparecía un sistema de remisións que dificultaba a localización exacta das LV. O mesmo sucede coas definicións, xa que en moitas ocasións, cando existen variantes paradigmáticas, para economizar espazo, os dicionarios só poñen a definición nunha das variantes paradigmáticas, polo que os usuarios deben segui-las instrucións dadas por estas obras e volver consulta-las outras UF para atopa-lo significado exacto da secuencia fixa que se está a buscar.

Así, no DUE, cando buscámo-la expresión *cerrar la boca a alguien* debemos acudir á súa variante *tapar la boca a alguien*, que nos indica entón o significado: “hacer que no acuse, que no proteste, que no divulgue algo comprometedor que sabe, etc., con dádivas, amenazas, etc.”.

Este sería o caso de numerosas locucións, como por exemplo: *no decir alguien esta boca es mía* e *no descoser [despegar o desplegar] la boca*, que remiten a *no abrir la boca*; de outras como *coserse la boca*, *cerrar la boca*, que no DRAE equivale a “*callar la boca*”. 1. fr. coloq. callar (ll no hablar). 2. fr. coloq. callar (ll cesar de hablar). 3. fr. coloq. callar (ll cesar de gritar, de llorar, de hacer ruido, etc.)” e que no DUE equivale a “*estar *callado*. No decir nada. Guardar un secreto. O cerrar [coserse o guardar] la boca”.

A LV *correr las lágrimas*, aparece no DUE no catálogo final de *llorar* como: *correr las [o deshacerse en] lágrimas*, pero buscando esa mesma LV en *correr* ou *lágrimas* non volvemos ter información ó respecto.

Ás veces atopámo-la mesma forma nos dicionarios mais cun significado totalmente distinto, debido á homonimia dalgunhas UF. Evidentemente, se existe un tratamento máis que deficitario no referido á incorporación das LV / UF nos dicionarios, estes tampouco van tratar sistematicamente todos e cada un dos significados que poidan te-las LV. Poñemos como mostra un exemplo moi ilustrativo, trátase da forma *aguzar los dientes*, para a que atopámo-los significados seguintes:

- No DRAE: “prevenirse o disponerse para comer, cuando está pronta o inmediata la comida”.
- No DUE: non aparece.
- No DFDEA: non aparece.
- No GDFH de Larousse aparece e ademais atopamos todos estes significados:
 - o “prepararse la comida”,
 - o “ansiar una cosa”,
 - o “apropiarse indebidamente de una cosa que se administra o custodia”,
 - o “murmurar, refunfuñar”,
 - o “enfrentarse a las dificultades de un asunto”,
 - o “criticar a alguien”.
- No LARBI atopamos outro novo significado, totalmente diferente:
 - o *Aguzarse los dientes*: “se faire la main”, é dicir, segundo o *Dictionnaire des expressions et locutions figurées*: “s’exercer à un travail réclamant de l’habileté manuelle”.
- No GDEBI atopamos de novo este significado:
 - o *Aguzarse los dientes*: “se faire la main”.

Obviamente, isto tradúcese nun tratamento altamente deficitario das UF nos dicionarios, que produce grandes baleiros de información ós posibles usuarios destas obras. Ademais, o significado atopado nos dicionarios bilingües presenta outro problema importante que por si só daría lugar a un detallado artigo: é correcta a tradución, xa que en ningún dos dicionarios que empregamos para elabora-lo dicionario electrónico que estamos a preparar (páxina 4) atopamos ese significado? Trátase, polo tanto, dun erro? Existe ese

significado pero non aparece en ningún dicionario? Para máis seguridade, verificámo-los seus posibles significados, remontándonos no tempo, na *Enciclopedia universal ilustrada europeo-americana*, volume 18, por ser esta un referente de peso, sen atopar ese significado. Por outra banda, tentamos recoller información referente a esta expresión preguntándolle a múltiples persoas, mais tampouco coñecían ese significado.

3.4. Información diastrática

Así mesmo, observamos outro desfasamento nos dicionarios relacionado coa clasificación diasistemática que afecta neste caso ás marcaxes diastráticas, é dicir, ós niveis de lingua, e que ten moito que ver cos sistemas de clasificación elaborados polos lexicólogos e lexicógrafos.

A clasificación tradicional presenta as seguintes posibilidades para os rexistros de lingua:

Diastrático	culto, literario, estándar, familiar, popular, coloquial, vulgar, argótico
-------------	--

A aplicación destes valores para cualificar tódolos compoñentes simples ou complexos dun dicionario é un proceso complicado e adoito subxectivo. Existe demasiado frecuentemente unha gran confusión para decidir a que rexistro de lingua pertence este ou aquel compoñente libre ou fixado. Aínda que hai que recoñecer que non aparecen case problemas cos chamados niveis altos, que poderíamos resumir como culto/literario (*adorar el becerro de oro, adorar el santo por la peana, poner de oro y azul a alguien*), ou estándar ((*no*) *andarse con rodeos, comerse las palabras, abrir su [alma, corazón, pecho] a*), pola contra, existe un gran dilema coas UF de nivel baixo ou subestándar da lingua: familiar, popular, coloquial e vulgar (*cagarse en los muertos de, cambiar de discolde rollo, cerrar el pico, cantar la palinodia*). Ó non estaren nitidamente definidos os rexistros de lingua deste nivel, como os anteriores, e sobre todo ó non existir unanimidade canto á pertenza a un ou outro, dáse con iso pé á aparición da subxectividade á hora de cataloga-las secuencias nun ou noutro nivel. Así, o que para unha persoa é familiar, para outras pode ser popular, ou o que para alguén é vulgar, pode non selo para outra persoa, etc. Ademais, non temos que esquecer-lo carácter creativo, evolutivo e integrador das linguas, que a miúdo termina por integrar e facer súas numerosas creacións de grupos marxinais, sociais, xeracionais, etc. Desta forma, o que hoxe pode ser considerado como vulgar ou mesmo argótico, pode non selo dentro duns anos. Por exemplo, a LV *cantarlas claras* é coloquial para o DRAE e para o DFDEA e familiar para o LARBI, mentras que o DUE e o GDEBI non dan información a ese respecto.

A división conceptual da realidade que leva a cabo Rodríguez Vida está baseada nun esquema dedutivo apriorístico que parte da idea de que no mundo existe unha orde independente da lingua e o pensamento (esquema: obxecto denotado → signo). Unha vez establecida a clasificación, asígnanselle-las unidades fraseolóxicas ós apartados. Este principio é común ós dicionarios onomasiolóxicos en xeral e distínguese radicalmente da concepción ideográfica que vai do concepto ó signo e ten unha base indutiva (Dobrovol'skij 1995: 71), é dicir, tomando como punto de partida a lingua e non o mundo exterior e as súas divisións. De acordo co principio ideográfico, o cal retoma moitas das ideas de Humboldt¹³, non existe unha división do mundo preestablecida en estamentos fixos, a cal a lingua reflectiría na súa estrutura, senón que é a lingua a que

¹² Á división conceptual deste dicionario obxectóuselle que está demasiado centrada na orde do mundo dende unha perspectiva do home cristián (Schemann 1992: XXXVI).

¹³ *Der Mensch lebt mit den Gegenständen hauptsächlich, ja, da Empfinden und Handeln in ihm von seinen Vorstellungen abhängen, sogar ausschließlich so, wie die Sprache sie ihm zuführt* (Humboldt 1830-1845: 434) (O home vive basicamente cos obxectos, pois a súa percepción e modo de actuar dependen das súas ideas, mesmo totalmente de como a lingua llas subministra).

conforma e modela ese mundo segundo nós o experimentamos. Isto aparte, a lingua non é unha proxección do mundo tal e como é senón tal e como o vemos, e isto depende en gran medida da cultura de cada comunidade lingüística. Parece razoable que pola propia idiosincrasia dos fraseoloxismos, cunha compoñente semántica fortemente subxectiva e antropocéntrica (Mellado 2004: 24-26), non lles podemos aplicar para a súa clasificación unha taxonomía externa elaborada a priori. Por esta razón, sería máis recomendable para a fraseografía unha división en campos semánticos que xire en volta do home, sexa dinámica¹⁴ e máis de carácter dedutivo, en conexión cos presupostos da lingüística cognitiva que impera nos nosos días.

4. Microestrutura

O aspecto innovador do dicionario baséase na macroestrutura, na ordenación temática dos fraseoloxismos. Canto á microestrutura, pouco hai que comentar, dado que non se dan definicións explícitas.

A. Forma do enunciado. A forma dos enunciados adoita ser bastante exacta, aínda que nos casos de actantes externos do tipo *alguien* estes se omiten a miúdo, como p. ex. *revolver el estómago*, que debería figurar correctamente como *revolverle a alg. el estómago*, con el actante dativo especificado. Por outra parte, no caso das variantes, o dicionario ofrece esta información entre parénteses, p. ex. *tomar (o: coger) el cielo con las manos*, pero entre parénteses aparecen tamén os sintagmas facultativos, p. ex. *Algo es algo (y menos es nada)*. Normalmente, para evitar confusións, as variantes van entre corchetes (Haensch et al. 1982: 488). Outra falla frecuente é ofrece-lo enunciado dalgúns fraseoloxismos como exemplos usualizados, dando ocupada a casa baleira pronominal por medio dun pronome fixo, como ocorre con *venir a verlo Dios*, que debería aparecer como *venir a ver a alg. Dios*.

B. Marcas connotativas. De tódalas marcas connotativas posibles: estilística, xeográfica, cronolóxica, intención do falante, o dicionario só ofrece marca relativa á procedencia do país suramericano e mailo trazo vulgar (con asterisco *).

C. Definición. Non aparece explícita a continuación de cada expresión. O significado debe deducirse dos arquilexemas e definicións en sentido amplo que encabezan as expresións.

D. Exemplos. Posto que non se dan exemplos contextualizados dos fraseoloxismos, o dicionario non está moi indicado para usuarios aprendices da lingua castelá, senón para nativos que coñecen de antemán as frases dadas. Este trazo, e mailo feito de que non aparezan definicións explícitas das frases, fai que este dicionario sexa sobre todo axeitado para a busca de expresións sinónimas a partir dun concepto de saída, e non tanto para comprende-la súa semántica cando aparecen nun determinado contexto.

¹⁴ A este respecto, Schemann (1992: XXXVI) resolve no seu dicionario fraseolóxico de sinónimos completalas taxonomías clásicas da división conceptual do mundo con conceptos “dinámicos”, como “postura perante”, “posicionamento sobre”, “influencia”, “preferencias”, “poder sobre outros”, tendo en conta que moitos dos fraseoloxismos son verbais. En resumo, trataríase dunha nova concepción temática que ten o home como referente central.

E. Explicación etimolóxica. Non se inclúe neste dicionario.

Por último, este dicionario ofrécese no mercado xunto a unha versión en CD-ROM. Considerando as novas necesidades tecnolóxicas, este soporte informático fai esta obra altamente recomendable como obra de apoio de tradutores e escritores. Nun apéndice que está ó final do libro danse tódalas instrucións de uso do disquete, dende busca-lo significado dunha frase ou frases sinónimas doutra, ata buscar un tema para encontra-las expresións asociadas. Estas explicacións son claras, así como as da instalación no ordenador, que conclúe coa obtención dunha clave de usuario específica por parte da editorial.

Carmen Mellado Blanco¹⁵

Universidade de Santiago de Compostela

5. Bibliografía

- BÁRDOSI, V. (1995²): *De fil en aiguille. Les locutions françaises: recueil thématique et livre d'exercices*. Eötvös Loránd Tudományegyetem, Budapest.
- (2004): *Magyar szólástár. Szólások, helyzetmondatok, közmondások értelmező és fogalomköri szótára* [Diccionario definitorio e conceptual de expresións idiomáticas, fórmulas rutineiras e refráns]. Könyvkiadó, Budapest.
- BIRIKH, A., MOKIENKO, V. e STEPÁNOVA, L. (1997): *Slovar' frazeologúcheskikh sinónimov rússkogo iazika* [Diccionario de sinónimos fraseolóxicos da lingua rusa]. Feniks, Rostov-na-Donú.
- CASARES, J. (1942/1992⁶): *Diccionario Ideológico de la Lengua Española. Desde la idea a la palabra; desde la palabra a la idea*. Gustavo Gili, Barcelona.
- CORPAS PASTOR, G. (1997): *Manual de fraseología española*. Gredos, Madrid.
- DOBROVOL'SKIJ, D. (1995): *Kognitive Aspekte der Idiomsemantik*. Narr, Tübingen.
- DORNSEIFF, F. (1933/2004⁸): *Der deutsche Wortschatz nach Sachgruppen*. De Gruyter, Berlin.
- ESPINAL i FARRÉ, M. T. (2004): *Diccionari de Sinónims de Frases Fetes*. Universitat de València, València.
- MELLADO BLANCO, C. (2004): *Fraseologismos somáticos del alemán. Un estudio léxico-semántico*. Peter Lang, Frankfurt/Berlin.
- MORVAY, K. (2004): "Por unha metafraseografía peninsular" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 6,2004,169-189.
- SCHEMANN, H. (1992): *Synonymwörterbuch der deutschen Redensarten*. Klett, Stuttgart.

¹⁵ Tradución de Cristina Veiga Novoa.

SECO, Manuel, ANDRÉS, Olimpia de e RAMOS, Gabino (2004): *Diccionario fraseológico documentado del español actual. Locuciones y modismos españoles*. Aguilar, Madrid, 1.084 páxs.

Cinco anos despois de que saíse ó prelo o merecidamente loado *Diccionario del español actual* (DEA), o equipo formado por Manuel Seco e Olimpia Andrés, neste caso coa colaboración de Carlos Domínguez en lugar de Gabino Ramos, vén de publicar a finais de 2004 o *Diccionario fraseológico documentado del español actual*. Como reza na portada, a base da documentación volve se-la do DEA, do que aproveita todo o material fraseolóxico alí reunido. Por este motivo figura tamén como autor G. Ramos, aínda que non participou directamente na elaboración da obra.

O DFDEA consta dunha parte introdutoria (XI-XXIX) á que segue propiamente o dicionario. No primeiro apartado desta presentación (“Sobre este dicionario”, XI-XVI) xustifícase a adxectivación que acompaña o título: *fraseológico, documentado, del español actual*.

-*Fraseológico*: Despois de dedicar unhas liñas á distinción entre *locucións, modismos* e outros termos menos precisos, no prólogo especificase que unidades fraseolóxicas son as recollidas:

1. Locucións en sentido estrito, definidas como agrupacións máis ou menos fixas de palabras cunha función gramatical (nominal, pronominal, adxectiva, verbal, adverbial, prepositiva, conxuntiva ou interxectiva). A fixación non impide que as locucións presenten variantes formais e semánticas, que o dicionario recolle con precisión (*servir* (o *valer*) *lo mismo* (o *igual*) *para un roto que para un descosido*).
2. Locucións en sentido amplo. Con este nome refírense ás unidades denominadas normalmente *colocacións*, das que soamente rexistran as de alta frecuencia e acusada fixación (*prestar atención*).
3. Fórmulas oracionais, cadeas fixadas que en lugar de funcionar como palabras, que é o caso das locucións, actúan como oracións, do tipo de *No hay más cera que la que arde*, *Cuéntaselo a tu abuela* ou *Y lo que te rondaré, morena*.
4. Fórmulas expletivas propias da lingua falada (*Y todo eso, Ni narices*).

En cambio, non se inclúen locucións doutros idiomas (salvo que estean adaptadas ou sexan creacións do castelán formadas sobre material estranxeiro (*a la rúe, demasié para el body*), refráns nin o que chaman combinacións que son denominacións normais das realidades (o que noutras terminoloxías adoita denominarse *sinapsia* ou *sintema*, como *pez espada, agua de colonia, sombrero de copa, oso hormiguero*, etc.), salvo que acadasen un uso metafórico (p. ex. *todo terreno* ‘[persona o cosa] válida para cualquier situación’, *carga de profundidad* ‘ataque lanzado subrepticamente contra alguien o algo, con intención de causar un daño grave’). Tampouco se recollen locucións propias de ámbitos limitados (tecnicismos, deportes, botánica, etc.) a non ser que estean incorporadas ó léxico común (*hacer agua, fuera de juego, fuera de combate, pasarse de rosca*).

-*Documentado*. Unha das características máis salientables do DEA, diccionario de nova planta, é a de que, como o *Diccionario de Autoridades*, parte dos textos, da documentación real do uso escrito. Hoxe a existencia de córpora electrónicos facilita extraordinariamente este labor de documentación. Pero no caso que nos ocupa, a base de datos, como é sabido, foi elaborada mediante as tradicionais papeletas nun traballo hercúleo iniciado no ano 1970. Ese material foi actualizado ata o ano 2004 mediante a confección dun corpus informático elaborado *ad hoc* para este diccionario e a utilización ocasional dos córpora dispoñibles en Internet. Da exhaustividade deste corpus podemos dar fe: neste mesmo número dos *Cadernos* comprobamos que para a frase feita *a hecho* o DFDEA ofrece a correspondente cita, a mesma cantidade que se topa nos 175 millóns de formas que incorpora o CREA académico. Son as dúas únicas documentacións posteriores a 1974. Un apéndice final permite interpreta-las abreviaturas empregadas no corpo do diccionario para identifica-los textos citados (autores, obras, publicacións periódicas e electrónicas).

-*Del español actual*: Como di o refrán, o que moito abarca... Por este motivo o DFDEA reduce as súas fontes ó castelán falado en España. O método laborioso de comprobación de fontes directas impide que un equipo tan limitado se poida ocupar da lingua falada en Hispanoamérica. Con todo, os autores consideran que no nivel medio e, sobre todo no culto, as diverxencias lingüísticas son porcentualmente escasas.

En consonancia co seu carácter sincrónico, non histórico, os textos que conforman a base documental da obra foron publicados entre os anos 1955 e 2004. Isto permite describi-lo castelán actual, non só no que se refire ás unidades seleccionadas senón tamén ás definicións e explicacións que as acompañan.

Deste xeito, locucións de recente creación teñen cabida na obra. O mundo tradicional está dando paso ó das novas tecnoloxías. Estas innovacións van conformando novas unidades fraseolóxicas e así encontramos no DFDEC locucións do tipo de *cambiar el chip*, *ponerse las pilas* ou *cargar pilas*, que alternan coas antigas fórmulas vinculadas ó mundo do mar ou rural (*a todo trapo*, *harina de otro costal*, *ver las orejas al lobo*, *a ojo de buen cubero*, etc.).

O diccionario propiamente dito está precedido dunha “Guía de consulta” (1-104), listaxe a tres columnas na que figuran tódalas locucións que se recollen na obra, ordenadas alfabeticamente. Nesta listaxe cada locución leva unha palabra resaltada en negriña, a palabra clave que nos permitirá localizar esa expresión na entrada correspondente do diccionario.

A utilidade deste apartado é grande porque non sempre é doado ir directamente á palabra clave (así as seguintes locucións: *mandar a freír espárragos*, *mandar a hacer puñetas*, *mandar a la porra*, *mandar a paseo*, *mandar a tomar viento* e outras similares aparecen baixo a entrada correspondente ó verbo MANDAR, en tanto que *mandar a criar malvas*, *mandar a hacer leches*, *mandar a la calle*, *mandar al otro barrio* e outras deben ser buscadas na entrada do substantivo correspondente).

Esta “guía” ofrece outra utilidade importante: a ordenación alfabética permite agrupar expresións que doutro xeito aparecerían dispersas baixo entradas diferentes. Así, por

exemplo, podemos ver xuntas en seis columnas de sesenta expresións cada unha tódalas comparacións estereotipadas formadas con *más*: *más malo que el veneno / el sebo, la quina, la sarna / la tiña / un dolor / un pecado / un veneno; más negro que el azabache / el carbón / el hollín / la pez, etc.*).

O número de unidades fraseolóxicas recollido na listaxe aproxímase ás dezaseis mil, o que converte a este dicionario no máis amplo da lexicografía hispánica. Este dato cobra aínda maior relevancia se se ten en conta que, como se indicou máis arriba, só figuran as expresións vivas na lingua actual.

Na estrutura lexicográfica de cada artigo é onde mellor se comproba o profundo saber e experiencia dos autores nesta difícil arte da elaboración de dicionarios. Como antes dixemos, as locucións ordénanse arredor dunha palabra clave (negriña maiúscula) debaixo da que se sitúan por orde alfabética tódalas expresións (en negriña minúscula). Cada locución vai acompañada das súas variantes, acepcións e subacepcións, e dunha moi rica información: categoría funcional, nivel de uso (coloquial, popular, rural, vulgar, xerga, infantil, xuvenil, semiculto, literario), ámbito específico (administrativo, técnico, deportes, medicina, milicia, mariña...), frecuencia (*frecuente, raro, hoy raro*), extensión xeográfica e outras peculiaridades da construción. Un “Glosario de términos lingüísticos utilizados” explica o significado exacto de todos estes termos.

As definicións son precisas e intentan logra-lo desexo de todo bo lexicógrafo: que estean redactadas de tal forma que poidan substituír dentro do seu contexto a locución definida. Só en casos contados, cando non é posible este tipo de definición, se recorre á definición explicativa. Ex.: *como un energúmeno (o hecho un energúmeno). Constr. de sent. comparativo usada para ponderar la cólera o violencia de alguien.*

Evidentemente, toda obra humana é mellorable. Traballar nun campo caracterizado pola constante e imparabile creación lingüística fai que resulte imposible incorporar tódalas unidades que van xurdindo a cada momento. Por outra parte, moitas desas unidades son máis propias da lingua oral ca da escrita, polo que non sempre é doado atopar documentación na prensa ou na literatura. O que segue debe ser considerado, por tanto, só a título anecdótico. Entre as expresións formadas por deformación dun estranxeirismo non figura *estar/ pillar en orsay (off-side)* (o CREA recolle seis casos todos posteriores a 1995) nin entre os tecnicismos adoptados na lingua común *ganar/ perder enteros*. Igualmente, entre as formacións propias da lingua xuvenil non se inclúen *¡Qué pasada!* (catro casos no CREA entre 1992 e 1998) ou *¡Eso es una pasada!* (13 casos entre 1985 e 2001), a pesar de que a entrada PASADA si aparece na obra, analizada con bastante detalle. Entre as locucións que cremos mal definidas está HACER EL AVIÓN ‘fastidiar o hacer una mala pasada’ que se exemplifica coa seguinte cita de J. Martínez Reverte: – *Acaba de llamar Cabezas, el director de la revista esa a la que has llevado el artículo. Ha dicho que te digamos que el trabajo es excesivamente peligroso, que no lo va a meter en este número... –Empecé a jurar en voz alta. El muy cerdo me había hecho el avión.* A consulta con xente máis nova móstranos a unha persoa que abre os brazos e se pon a correr dando curvas para, en sentido figurado, ‘evitar, esquivar, dar unha desculpa’, que parece o significado do texto.

Evidentemente, estas mínimas observacións non quitan mérito en absoluto a unha obra senlleira na lexicografía hispánica.

Luis González García
Universidade da Coruña

Novas

Congreso Internacional de Fraseoloxía e Paremioloxía

Entre o 19 e o 22 de setembro de 2006 celebrárase na Universidade de Santiago de Compostela o Congreso Internacional de Fraseoloxía e Paremioloxía, organizado polos profesores da Universidade de Santiago de Compostela Germán Conde Tarrío e María Isabel González Rey (coordinadores) e María Álvarez de la Granja e Carmen Mellado Blanco (secretaría). Con este congreso preténdese dar continuidade a eventos similares celebrados dentro e fóra de Galicia (I Coloquio Galego de Fraseoloxía, I e II Congreso Internacional de Paremioloxía) e crear un foro de reunión e discusión para todos os interesados na Fraseoloxía e na Paremioloxía. A este respecto, os seguintes conferenciantes plenarios confirmaron xa a súa presenza no evento:

Prof. Jean-Claude Anscombe (Université Paris XIII)

Prof. Harald Burger (Universität Zürich)

Prof. Gloria Corpas Pastor (Universidad de Málaga)

Prof. Xesús Ferro Ruibal (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades - Santiago de Compostela)

Prof. Herón Pérez Martínez (Colegio de Michoacán - México)

Prof. Julia Sevilla Muñoz (Universidad Complutense de Madrid)

Prof. Alberto Zuluaga Ospina (Universität Tübingen)

O Congreso terá sete seccións: estudos metalingüísticos (terminoloxía, caracterización, historia das disciplinas...); estudos contrastivos e de tradución (problemas de equivalencia, aspectos socioculturais...); estudos lexicográficos (teoría e práctica da fraseografía e paremiografía...); estudos gramaticais (morfosintaxe, correntes gramaticais...); estudos computacionais (tratamento automático de unidades fraseoparemiolóxicas...); estudos psicolingüísticos e didácticos (adquisición, ensino e aprendizaxe da fraseoloxía e da paremioloxía, procesamento e almacenamento no lexicón mental...); estudos semánticos (semántica diacrónica, semántica sincrónica, metáfora...); estudos pragmáticos (desautomatización, fraseoloxía e paremioloxía para fins específicos).

Novas

Toda a información sobre o Congreso está dispoñible na páxina web <http://www.cifp2006.com>, que se actualiza permanentemente. Tamén poden dirixir as súas dúbidas ou preguntas á Secretaría do Congreso (María Álvarez de la Granja, fgtino@usc.es; Carmen Mellado Blanco, iacmella@usc.es).



A "Europäische Gesellschaft für Phraseologie/European Society of Phraseology/Société Européenne de Phraséologie/EUROPHRAS" é unha asociación científica internacional que ten como obxectivos a organización de Coloquios de Fraseoloxía cada tres anos; o intercambio de información verbo das actividades científicas da investigación europea por medio do Boletín anual da Sociedade, sendo as linguas de traballo o alemán, inglés e francés, aínda que para os informes se admiten outras linguas europeas a condición de achegar un resumo en alemán, inglés ou francés; o intercambio de información verbo dos Coloquios de Fraseoloxía; o estímulo do relevo científico e dos proxectos científicos no eido da fraseoloxía; o estímulo da cooperación internacional na pescuda fraseolóxica en Europa e no exterior e o contacto con outras asociacións científicas.

Esta asociación naceu en xaneiro de 1999 pero é xa un foro prestixioso, que ten a súa sede en Zürich e o seu sitio na Rede (<http://www.euophras.unizh.ch>), onde se poden consultar estatutos, membros, coloquios e publicacións. Xa tivo encontros internacionais no 2000 en Uppsala (Suecia), no 2002 en Loccum (Alemaña), no 2004 en Bâle (Suíza) e anuncia o próximo para 9-11 de xuño do 2006 en Vezsprém (Hungría). Participou tamén en diferentes graos noutros Coloquios fraseolóxicos internacionais.

PAREMIA®

En 1993 saían en Madrid o primeiro e o segundo número de *Paremia*, revista que debe o seu nacemento a Julia Sevilla Muñoz: dende entón, e cunha periodicidade anual, apareceron 13 números.

Paremia nace como unha publicación dedicada exclusivamente ao estudo do refrán, se ben dende hai algúns números acolle investigacións sobre fraseoloxía. A importancia

dos estudos que nela se presentan sobre culturas tan distantes como a galega, a vasca, a catalana, a chinesa, a mexicana, a árabe, etc., fan de *Paremia* unha publicación de gran consideración internacional, feito que vén referendado polo interese que amosan por ela numerosas universidades e centros de investigación de todo o mundo.

Hai que subliñar que *Paremia* lle ofrece tamén ao lector unha información detallada sobre as últimas investigacións fraseoparemiolóxicas, ben reseñando os libros que veñen de ver a luz, ben analizando as teses e tesinas de recente lectura.

A revista *Paremia* participou directamente na organización de reunións científicas, como poden ser o I (Madrid, 1996) e o II Congreso Internacional de Paremiología (Córdoba, 1998). Colaborou activamente na maioría dos eventos paremiolóxicos que tiveron lugar nos últimos tempos, publicando as actas dos dous congresos anteriormente citados, do Coloquio Internacional *Oralidad y escritura: literatura paremiológica y refranero* (Orléans, 1993) e das Primeras jornadas de Filología Hispánica. *Los refranes en Español* (Murcia, 1995). Cábelles, así mesmo, a honra de poñer en contacto a máis de 300 especialistas en fraseoparemioloxía e de agrupalos en diferentes equipos de investigación.

Paremia é unha axuda importante para todos aqueles que traballan na investigación fraseoparemiolóxica e é tamén unha publicación de consulta obrigada para os que se interesen polos estudos etnográficos e mesmo para os tradutores.

PROVERBIUM

Yearbook of International Proverb Scholarship

Revista editada baixo a dirección do profesor Wolfgang Mieder, *Proverbium* resulta se-la publicación con máis sona do ámbito das paremias nos países de fala inglesa. De feito, de tódolos exemplares espallados polo mundo, recíbese en 89 puntos dos Estados Unidos, 36 de Alemaña, 8 de Inglaterra e Finlandia, 7 de Xapón, España e Suíza, 6 de Canadá e Francia (e un longo etcétera). *Cadernos de Fraseoloxía Galega* iniciou tamén o intercambio con *Proverbium*. A University of Vermont (EEUU) publica anualmente *Proverbium* dende 1984, retomando o relevo doutra revista anterior, *Proverbium: Bulletin d'Information sur les Recherches Parémiologiques*, que a Society for Finnish Literature (Helsinki) iniciara en 1965 e continuara ata 1975. Aínda que a lingua dominante nesta revista é o inglés, encóntranse tamén artigos, recensións e notas doutras linguas, en concreto o francés, o alemán, o ruso e o castelán.

O 22 é o último número publicado, correspondente ó ano 2005. Consta de 534 páxinas repartidas en 22 artigos, un informe do Congreso internacional de Paremioloxía en

Novas

Vilnius, 4 recensións (unha delas do libro de Carmen Mellado que xa comentou CFG no número anterior) e dúas bibliografías preparadas polo director.

Libros e separatas recibidos na Redacción

ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (2003): *As locucións verbais galegas*. Verba, Anexo 52. Universidade, Santiago de Compostela.

Asociación Xuvenil “Os Estraloxos” (2003): *Cántigas, ditos, alcumes... da Ribeira Sacra*. Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo, Concello de Pantón.

BARROS, Vítor Fernando (2002): *Dicionário dos falares de Tras-os-Montes*. Campo das Letras, Porto.

BREUDSTEDT, W. et al. (2004): *Wörterbuch deutscher Phraseologismen: mit englischen und slawischen Äquivalenten*. Ernst-Moritz-Arndt-Universität, Greifswald.

BURGER, Harald, GAUTIER, Laurent e HÄCKI-BUHOFER, Annelies (eds.) (2001): *Phraseologieae Amor. Aspekte europäischer Phraseologie*. Phraseologie und Parömiologie, Bd. 8. Schneider Verlag Hohengehren, Baltmannsweiler.

BURGER, Harald, GRÉCIANO, Gertrud e HÄCKI-BUHOFER, Annelies (eds.) (2003): *Flut von Texten – Vielfalt der Kulturen. Ascona 2001 zur Methodologie und Kulturspezifik der Phraseologie*. Phraseologie und Parömiologie, Bd. 14. Schneider Verlag Hohengehren, Baltmannsweiler.

CANTERA ORTIZ DE URBINA, Jesús, SEVILLA MUÑOZ, Julia e SEVILLA MUÑOZ, Manuel (2005): *Refranes, otras paremias y fraseologismos en “Don Quijote de la Mancha”*. University of Vermont, Burlington.

CARBONELL BASSET, Delfin (2005): *The New Dictionary of Current Sayings and Proverbs, Spanish and English. Nuevo diccionario de dichos y refranes actuales, inglés y castellano*. Ediciones del Serbal, Barcelona.

CONCA, Maria (2000): “L’estil literari en el ‘Cicle de Cassana’ d’Enric Valor, a partir de l’anàlisi fraseològica” en COMPAGNA, Anna Maria et alii (eds.): *Momenti di cultura catalana in un millennio. Atti del VII Convegno dell’AISC (Napoli 22-24 maggio 2000)*. Liguori Editore; I, 2003, 121-138.

CONCA, Maria (2001): “Els refranys antroponímics en els reculls de Joan Carles i Amat, Miquel Burguera i Carles Ros” en *Congrés Internacional de Toponímia I Onomàstica Catalanes, València 18-21 d’abril de 2001*; Universitat de València, Editorial Denes 2002, 49-59.

CONCA, Maria e GUIA, Josep (2003): “‘Verba volant, scripta manent’: an Historical Panorama of Catalan Paremiology from its origins to the Renaissance” en *Proverbium* 20,2003,71-93.

CORPAS PASTOR, Gloria (2003): Diez años de investigación en fraseología: análisis sintáctico-semánticos, contrastivos y traductológicos. Iberoamericana, Madrid – Vervuert, Frankfurt am Main.

CORPAS PASTOR, Gloria (ed.) (2000): Las lenguas de Europa: estudios de fraseología, fraseografía y traducción. Editorial Comares, Granada.

Cuadernos de Investigación Filológica XXVII-XXVIII, 2001-2002. Servicio de Publicaciones de la Universidad de La Rioja, Logroño.

DITTLI, Beat, HÄCKLI-BUHOFFER, Annelies e HAAS, Walter (eds.) (2003): *Gömmers MiGro?: Veränderungen und Entwicklungen im heutigen SchweizerDeutschen*. Germanistica Friburgensia 18. Universitätsverlag Freiburg Schweiz.

Estudios Humanísticos. Filología 26, 2004. Facultad de Filosofía y Letras, Universidad de León, León.

Estudios Humanísticos. Filología 27, 2005. Facultad de Filosofía y Letras, Universidad de León, León.

GARCÍA-PAGE, Mario (1999): “Abreviaturas fraseológicas” en CARBONERO CANO, Pedro et alii (coords.) (1999): *Lengua y discurso. Estudios dedicados al profesor Vidal Lamiquiz*. Arco/Libros, Madrid.

GARCÍA-PAGE, Mario (1999): “Aspectos lingüísticos de la ‘comparación estereotipada’ en español e italiano” en TROVATO, Salvatore C. (ed.) (1999): *Proverbi, locuzioni, modi di dire nel dominio linguistico italiano. Atti del I Convegno di Studi dell’Atlante Paremiologico Italiano (API)*. Il Calamo, Roma; 85-95.

